

Rabelais

CUARTO LIBRO



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)

Citar como:

Rabelais: *Cuarto libro*. Tradución ao galego de Henrique Harguindey
<http://palabras desconxeladas.com>

AO MOI ILUSTRE PRÍNCIPE

E REVERENDÍSIMO

MONSEÑOR ODET

CARDEAL DE CHÂTILLON

Vós estades debidamente informado, moi ilustre príncipe¹, de cantos importantes personaxes me solicitan, requiren e importunan acotío para que eu continúe as mitoloxías² pantagruélicas, alegando que diversas persoas esmorecentes, enfermas ou por outra causa amuadas e desoladas, deran, coa lectura delas, enganado os seus anoxos, pasado ledamente o tempo e recibido alegría e consolo novo. A aqueles, adoito lles responder que, téndoas composto como lecer, non pretendía eu gloria nin louvanza ningunha, senón que só tiña o propósito e a intención de lles dar o pouco de alivio que podía aos aflixidos e enfermos ausentes, cousa que de grado fago, cando é preciso, cos presentes que se axudan coa miña arte e servizo.

Ás veces relátolles en longo discurso cómo Hipócrates -en varios lugares, e particularmente no libro sexto das *Epidemias* ao describir a educación do médico, seu discípulo- e mais Sorano Efesio, Oribasio, Claudio Galeno, Alí Abbás³ e outros autores posteriores, referiron os seus xestos, porte, mirada, tacto, actitude, finura, agarimo, limpeza de rostro, vestimenta, barba, cabelo, mans e boca (chegando mesmo a detallar as uñas), como se el tivese que representar o papel de namorado ou pretendente nalgunha insigne comedia ou baixar a campo pechado para combater contra un potente inimigo. De feito, a práctica da medicina é ben axeitadamente comparada por Hipócrates a un combate e unha farsa representada por tres personaxes: o enfermo, o médico e a enfermidade.

Lendo ás veces aquela descrición, lembreime dunha frase de Xulia a Octavio Augusto, seu pai. Un día presentárase ela diante súa con vestidos pomposos, disolutos e lascivos, e a el desagradáralle moito, aínda que calara a boca. No outro día, cambiou de roupa e vestiuse modestamente, como era o costume das castas damas romanas. Así vestida, presentouse diante súa. E el, que no día anterior non declarara con palabras o desagrado que tivera ao vela con vestidos impúdicos, non deu ocultado o pracer que experimentaba ao vela así cambiada, e díxolle:

- Canto máis acaída elouvábel é esta vestimenta para a filla de Octavio Augusto!

Ela tivo a escusa pronta, e respondeulle:

- Hoxe vestinme para os ollos de meu pai, onte fixérao para gusto de meu marido.

¹ Príncipe da Igrexa.

² Rabelais explica nunha *Breve Declaración dalgunhas voces máis escuras*, que publica como apéndice do *Cuarto Libro*, algunhas palabras e expresións. Alí caracteriza as mitoloxías como "narracións fabulosas".

³ Sorano de Éfeso foi médico en Alexandría no século II despois de Cristo, Oribasio de Pérgamo no século IV e Alí Abbás, médico árabe, no século X. Todos eles se expresaron sobre o aspecto físico do médico, mais é Galeno (século II), cos seus comentarios a Hipócrates, o que lle serve de fonte a Rabelais.

Do mesmo xeito podería o médico, así enfeitado en rostro e en roupa -e mesmo revestido con rico e agradábel saio de catro mangas como se levaba antigamente (era o chamado *Philonium* como di Petrus Alexandrinus⁴ no libro sexto das *Epidemias*) -responderlles a aqueles que considerasen que adoptaba unha estraña personificación:

- Advieime así, non para fachendear e presumir, senón para o agrado do enfermo ao que visito, o único que eu quero compracer enteiramente e en nada ofendelo nin anoxalo.

O que máis é: nun fragmento do pai Hipócrates no libro devandito, nós suamos, discutindo e intentando determinar, non se a expresión soturna, tétrica, ríspida, catoniana, desagradábel, malcontenta, severa e rabuxenta do médico contrista ao enfermo, e o seu rostro ledor, sereno, donoso, aberto e agradábel o alegre, que iso está totalmente probado e é seguro. Discutimos se tais contristacións e alegramentos proveñen da captación do enfermo ao contemplar estas cualidades no seu médico e ao conxectar por elas como será a saída e o desenlace do seu mal (a saber: polas ledas, leda e desexada, polas penosas, penosa e execrábel), ou ben da transfusión dos espíritos serenou tenebrosos, aéreos ou terrestres, alegres ou melancólicos, do médico á persoa do enfermo, como é a opinión de Platón e Averroes.

Sobre todas estas cousas os devanditos autores téñenlle feito ao médico unha advertencia particular arredor das falas, conversas, intimidades e confidencias que el debe ter cos enfermos que o chamaren. Todas elas deben apuntar a un obxectivo e tender cara a unha finalidade: alegralo sen ofensa de Deus e non contristalo de maneira ningunha. Así Herófilo critica grandemente ao médico Calianax⁵, quen a un paciente que estaba a inquirilo preguntando: "Vou morrer?", respondeu insolentemente:

Pois Patroclo ante a morte sucumbíuche tamén,
sendo moi superior a ti en home de ben⁶.

A outro que quería coñecer o estado da súa enfermidade e o interrogaba ao xeito do nobre Patelin "*E a miña urina, anúncialle que vou morrer?*"⁷ respondeulle el coma un tolo: "Non, de teres sido enxendrado por Latona, nai dos fermosos rapaces Febo e Diana". Igualmente Galeno, no libro 4 dos *Comentarios ao sexto libro das Epidemias*, vitupera fortemente a Quinto, o seu preceptor en medicina, que a certo enfermo de Roma, home honorábel, que lle dicía: "Seica xantastes, mestre, que o voso alento me ule a viño", respondeulle: "O teu úleme á febre. De cal das dúas cousas é máis delicioso o cheiro e o ulido: da febre ou do viño?"

Mais a calumnia de certos caníbales, misántropos e axelastas⁸ contra de min fora tan atroz e desvariada, que vencera á miña paciencia e estaba decidido a non

⁴ Johannes Alexandrinus (século XVI) tamén comentarista de Hipócrates.

⁵ Non é Herófilo (séc. IV a. de C.) o que critica ao seu discípulo Calímax senón Galeno.

⁶ Paráfrase dun verso da *Ilíada*.

⁷ Na *Farsa de Mestre Patelin*.

⁸ Termos cun sentido moi próximo que Rabelais emprega para caracterizar como inhumanos aos autores dos violentos ataques dogmáticos contra del. *Canibal* non é empregado non co seu sentido actual de "antropófago" (a palabra procede do Caribe e orixinalmente era *caríbal*) senón que segundo a explicación da Breve Declaración é un "pobo monstruoso de África que ten o rostro como cans e ladra en vez de rir". Rabelais é (no Prólogo de 1548) o primeiro que emprega en francés *misántropo* ("que odia os homes, que foxe da compañía dos homes" di a Breve Declaración). Canto a *axelasta*, é palabra tirada do

escribir nin un punto máis. Porque unha das menores contumelias⁹ que utilizaban era que os tais libros estaban todos inzados de diversas herexías (e mais non eran quen de mostrar só unha en lugar ningún). Ledas brincadeiras que non ofenden a Deus nin ao Rei, abondo: é o asunto e tema único destes libros. Herexías ningunha, non sendo que se interprete perversamente e contra todo uso de razón e de linguaxe común o que, so pena de mil veces morrer -se é que fose posíbel- non quixera eu ter pensado. Como quen interpretase *pedra* en troque de *pan*, *serpe* en troque de *peixe* e *escorpión* en troque de *ovo*¹⁰. Por iso, queixándome ás veces na vosa presenza, díxenvos libremente que se eu non me estimase mellor cristián que o que eles me presentan na súa parcialidade, e que se na miña vida, nos meus escritos, palabras e mesmo, de certo, pensamentos, recoñecese algún escintileo de herexía, non habían estes caír tan detestabelmente nas redes do espírito calumniador (o Διάβολος¹¹) que téndoos a eles por ministros¹² me levanta tal crime: eu mesmo, seguindo o exemplo do fénix, axuntaría a leña e prendería o lume para me queimar nel.

Entón dixéstesme vós que de tais calumnias fora o defunto rei Francisco, de eterna memoria, advertido, e que tendo coidadosamente escoitado e ouvido na voz e pronuncia do máis douto e fiel anagnoste¹³ deste reino a lectura clara destes libros meus (dígoo porque malvadamente se me imputaron outros falsos e infames), non atopara fragmento ningún sospeitoso, e tomáralle horror a algún comedor de serpes¹⁴ que fundamentaba unha herexía mortal nun N posto en vez dun M por culpa e negligencia dos impresores¹⁵.

Tamén o fixera seu fillo, o noso tan bo, tan virtuoso e abenzado polos ceos rei Henrique (que Deus teña a ben conservarnos longamente), de xeito que para min vos el outorgara privilexio e particular protección contra os calumniadores¹⁶. Esta boa nova me reiterastes despois en París pola vosa benignidade, e a maiores cando hai pouco visitastes a monseñor o cardeal Du Bellay, quen para recobrimento da saúde tras longa e penosa enfermidade se retirara a Saint Maur, lugar ou (para falar mellor e con máis propiedade) paraíso de salubridade, amenidade, serenidade, comodidade, delicias e todos os honestos praceres da agricultura e da vida rústica.

grego ("que non ri", explica a B.D.). Lembremos que, como lema da súa obra, Rabelais coloca en cabeza do *Gargantúa* un poema no que sostén que *rir é o propio do home*.

⁹ Latinismo: "inxurias".

¹⁰ Palabras de Cristo que aparecen no Evanxelio de San Lucas (11.11).

¹¹ *Diábolos* significa a un tempo "calumniador" e "díaño".

¹² Os "ministros" ou axudantes de Deus son os sacerdotes.

¹³ Termo de orixe grega: "lector". O lector do rei era o bispo Pierre du Châtel, humanista favorábel á Reforma. No capítulo 23 de *Gargantúa* aparece un paxe chamado Anagnostes que lle le as Sagradas Escrituras a Gargantúa cando na súa mocidade cambia de preceptor para recibir unha educación humanista e proveitosa.

¹⁴ A alegoría da Envexa era unha muller tragando víboras.

¹⁵ *Asne* (asno) en vez de *asme* (alma) aparece en tres ocasións nas primeiras edicións do *Terceiro Libro*, polo que é difícil pensar que non fose da autoría de Rabelais, máxime cando este xogo de palabras era bastante tradicional e aparece noutros autores. Pero os teólogos acusaban de herexía polo máis mínimo.

¹⁶ O Privilexio que Henrique II lle concede a Rabelais, en agosto de 1550, faise eco das alegacións deste segundo as que os seus libros xa publicados (en grego, latín francés e toscano) estaban inzados de erros debidos aos impresores, e que se imprimiran libros baixo o seu nome sen seren da súa autoría. En consecuencia concédelle autorización durante dez anos para reimprimir, correxidos, os xa publicados, publicar outros novos e suprimir os que non son del, prohibíndolles aos impresores e libeiros publicar libro novo ningún nin distribuír os vellos sen expresa autorización de Rabelais. Unha autorización tan ampla era algo completamente inhabitual.

Esta é a causa, Monseñor, pola que arestora, libre de calquera intimidación, poño a pluma ao vento, esperando que polo voso benigno favor habédesme ser contra os calumniadores como un segundo Hércules Galo¹⁷ en saber, prudencia e elocuencia, *Alexicacos*¹⁸ en virtudes, potencia e autoridade, do cal podo eu verdadeiramente dicir o que de Moisés, o gran profeta e capitán en Israel, di o sabio rei Salomón no *Eclesiástico*,¹⁹ 45: home temeroso e amante de Deus, agradábel a todos os humanos, benquerido por Deus e polos homes, do que é feliz a memoria. Deus na louvanza comparouno cos paladíns, fíxoo grande en terror dos inimigos; no seu favor fixo cousas prodixiosas e terríbelas; en presenza dos reis honrouno; ao pobo a través del declaroulle a súa vontade e a través del mostroulle a luz. El consagrouno en fe e magnanimidade e elixiuno entre todos os humanos. A través del quixo que se ouvisse a súa voz e que aos que estaban nas tebras lles anunciase a lei de vivífica ciencia.

De por parte, prométovos que a todos aqueles que eu atope congratulándose destes ledos escritos heinos conxurar a que vos teñan total recoñecemento e volo agradezan unicamente a vós, e a que preguen a Noso Señor pola conservación e o acrecentamento desta vosa grandeza, non me atribuíndo nada a min, fóra humilde suxeición e obediencia voluntaria aos vosos bondadosos mandatos. Porque pola vosa tan honrosa exhortación me destes coraxe e mais imaxinación, e sen vós teríame faltado forza e tería estiñado a fonte dos meus espíritos animais²⁰.

Noso Señor vos manteña na súa santa graza.

En París, neste 28 de Xaneiro de 1552.

O voso humildísimo e obedientísimo servidor

François RABELAIS, médico

¹⁷ O Hércules Galo é unha figura popular na mitoloxía nacional que se forma coa monarquía gálica arredor de Francisco I^o e Henrique II. Por unha banda, fronte ao xermanismo, entronca cunha suposta orixe troiana dos Francos; pola outra a través da raíz celta, baseándose en Luciano, cos antigos galos que, identificaban o deus da elocuencia cun Hércules, o Hércules Ogmio.

¹⁸ "Defensor, o que axuda na adversidade, o que desvía o mal. "É un dos sobrenomes de Hércules" di a Breve Declaración.

¹⁹ Atribuíase a Salomón este libro, como testemuña San Agostiño. Rabelais aplícalle a Odet de Coligny o himno a Moisés do *Eclesiástico* e Calvino denunciará publicamente en 1555 a aplicación a un personaxe mundano destes parágrafos bíblicos destinados a un precursor de Cristo.

²⁰ Os espíritos "animais" (da *ánima*) son fluídos que "surxen, nacen e practican polo sangue arterial, purificado e afinado perfectamente dentro da rede admirábel que xace baixo os ventrículos do cerebro" (*Terceiro Libro*, capítulo 13). A teoría galénica é exposta no capítulo 4 do mesmo libro, onde Rabelais di que por medio dos espíritos animais a alma "imaxina, discorre, xulga, resolve, delibera, raciocina e rememora".

Xente de ben Deus vos salve e garde! Onde estades? Non vos podo ver. Agardade a que calce as miñas lentes.

A Coresma vaise! Agora vos vexo. Entón? Seica tivestes unha boa vendima, polo que me dixeron. A min non me amolaría unha chisca. Atopastes remedio infindo contra toda sede. Obrastes virtuosamente. Vós, as vosas mulleres, fillos, parentes e familias tendes a saúde desexada? É boa cousa, está ben e apráceme. Louvemos a Deus, ao bondadoso Deus, por isto e, se tal é a súa sagrada vontade, conservádevos así longamente.

Canto a min, pola súa santa benignidade aí estou e a el me encomendo. Estou, por medio dun pouco de pantagruelismo (ben entendedes que é unha certa alegría de espírito confeitada co desprezo das cousas fortuitas), san e espelido, disposto a beber se queredes. Preguntádesme por que, xente de ben? Resposta irrefragábel: tal é o que quere Deus bondadosísimo e grandísimo, en quen eu confío, a quen eu me someto, de quen eu venero a sacrosanta palabra de boa nova, é dicir, o Evanxelio, no que se lle di (Lucas, 4) con terribel sarcasmo e sanguenta burla ao médico negligente da súa propia saúde: "Ei, médico, cúrate a ti mesmo!"

Non era por tal veneración polo que se mantiña en boa saúde Claudio Galeno - aínda que sentía certo afecto pola sagrada Biblia e coñecía e frecuentaba os santos cristiáns do seu tempo, como aparece no libro segundo de De usu partium, no capítulo 3 do libro segundo de De differentiis pulsuum, e no capítulo 2, libro 3, do mesmo²¹, e mais no libro De rerum affectibus (se é que é de Galeno)- senón que era polo temor a caír nesta vulgar e satírica burla:

Ἰητρός ἄλλων, αὐτός ἐλκεσι βρύων²².

É médico dos outros, en efecto,
mais el todo de chagas está infecto.

De modo que se gaba con moita fachenda, e non quere ser estimado médico se dende os vinteoito anos de idade ata a súa vellez ben avanzada non viviu en perfecta saúde (exceptuadas algunhas febres efémeras²³ de curta duración) aínda que polo seu natural non fose el dos máis sans e tivese o estómago evidentemente discrásico²⁴. "Porque -di no libro 5 de De sanitate tuenda- dificilmente se poderá crer que coida da saúde doutro, o médico que é negligente da súa propia."

Con máis fachenda aínda se gababa o médico Asclepiades de ter realizado coa Fortuna este pacto: que el non fose reputado médico se chegaba a estar enfermo dende o tempo en que comezou a practicar a arte ata o final da súa vellez. E chegou a ese momento enteiro e vigoroso en todos os seus membros e triunfante sobre a Fortuna. Finalmente, sen ningunha enfermidade anterior, pasou da vida á morte ao caír por descoido dende o alto duns chanzos mal asentados e podres.

²¹ Non é exactamente nos lugares citados por Rabelais onde Galeno mostra esa simpatía.

²² Verso de Eurípides comentado por Erasmo.

²³ Chamábase *febres efémeras* ás que non duraban máis dun día natural.

²⁴ "Destemperado". O adxectivo procede do termo *discrasia* "alteración dos humores" utilizado pola Medicina antiga.

Se por un desastre a saúde se afastou de vosas señorías, en calquera parte que ela estea, enriba, embaixo, diante, detrás, á esquerda, á dereita, dentro, fóra, lonxe ou perto dos vosos territorio, poidades vós atopala axiña, coa axuda do bendito Salvador! E, de atopada, reclamádeas, reivindicádeas, apañádeas e suxeitádeas²⁵ de inmediato en boa hora! As leis permítenvolo, o rei dispoño e eu aconséllovolo. Nin máis nin menos que como os lexisladores antigos autorizaban ao señor a reivindicar o seu servo fuxitivo, onde fose que o atoparen. Per Deus e per os omes²⁶! Seica non está escrito e practicado polos vellos costumes deste tan nobre, tan antigo, tan fermoso, tan florecente e tan rico reino de Francia que o morto apaña ao vivo²⁷? Mirade o que sobre iso espuxo recentemente o bondadoso, douto, sabio, tan humano, tan xeneroso e equitativo André Tiraqueau²⁸, conselleiro do grande, victorioso²⁹ e triunfal rei Henrique, segundo dese nome, no seu temidísimo tribunal do Parlamento de París. A saúde é a nosa vida, como moi ben declara Arifrón Siconio³⁰. Sen saúde a vida non é vida, non é vivíbel: ἄβιος βίος, βίος ἀβίωτος. Sen saúde a vida non é senón esmorecemento, non é senón imaxe da morte. Daquela, pois, estando vós privados da saúde (é dicir, mortos) apañade vida, que é a saúde.

Eu teño a esperanza de que Deus ha ouvir as nosas pregarías, vista a firme fe con que as facemos, e ha cumprir este noso desexo, dado que é moderado. A moderación foi polos sabios antigos denominada "áurea"³¹, é dicir preciosa, louvada por todos, agradábel en todos os lugares. Percorrede as sagradas Biblias e habedes atopar que nunca foron desatendidas as pregarías daqueles que pediron moderadamente. Por exemplo, o pequeno Zaqueo, de quen os musafís de Saint-Ayl, perto de Orléans, se gaban de ter o corpo e as reliquias, e chámamlle San Silvano³². Aquel desexaba, nada máis, ver o noso bendito Salvador arredor de Xerusalén. Era cousa moderada e que calquera podía acadar, pero el era pequeno de máis, e no medio da xente non o daba feito. Entón corríca, saltarica, afánase, arrédase e sobe enriba dun sicomoro. O bondadosísimo Deus coñeceu a súa sincera e moderada aspiración, presentouse á súa vista, e non só fixo que o vira senón tamén, a maiores diso, que o ouvira e visitou a súa casa e bendiciu á súa familia.

Ao fillo dun profeta de Israel que fendía madeira á beira do río Xordán, escapoulle o ferro da súa machada e caíulle dentro daquel río (como está escrito en 4, Reis, 6). El rogoulle a Deus que lla volvea. Era cousa moderada. E con fe firme e confianza non botou a machada atrás do mango -como con escandaloso solecismo cantan os demos censores- senón o mango atrás da machada, como con propiedade dicides vós³³. Ao socato aconteceron dous milagres: o ferro ergueuse dende a profundidade da auga, e adaptouse ao mango. Se el tivera desexado subir aos ceos nun carro flamíxero como

²⁵ Son termos e conceptos xurídicos.

²⁶ Rabelais utiliza no orixinal unha exclamación que pretende estar en francés medieval.

²⁷ Era unha frase que resumía o concepto xurídico segundo o cal o herdeiro entraba de inmediato en posesión dos bens do que morría.

²⁸ O xurista, amigo de Rabelais, André Tiraqueau era autor dun "Tractatus le mort saisit le vif", que traduce no seu título a devandita frase do latín: *Mortuus mancipat vivum*.

²⁹ Este parágrafo modificouse na propia edición de 1552, da que hai dúas versións, unha delas do mes de xaneiro, e outra posterior á entrada de Henrique II en Metz, en abril, que proseguíu con outras vitorias sobre as tropas imperiais.

³⁰ Poeta grego.

³¹ *Aurea mediocritas*. O termo que Rabelais emprega é *mediocrité* que daquela conservaba o sentido latino de "moderación" e despois, como en galego, tomou un sentido pexorativo.

³² Rabelais tratou ao señor de Saint-Ayl e poida que aluda aquí a unha comunidade de relixiosas que alí había, aínda que el é o único en facer mención das reliquias.

³³ Rabelais acusa de non saberen falar, de seren uns ignorantes, aos que atacan e critican á súa obra, aos seus censores.

Elías, multiplicar a liñaxe como Abraham, ser tan rico como Xob, tan forte como Sansón, tan fermoso como Absalón daríao obtido? Velaí unha cuestión para o debate.

A propósito de desexos moderados en materia de machadas (vós diredes cando é o momento de beber) vouvos contar o que está escrito no medio dos apólogos do sabio Esopo, o francés, é dicir frixio e troiano, como afirma Maximus Planudes, pobo do que descenderon, segundo os cronistas máis verdadeiros, os nobres franceses³⁴. Eliano escribe que el foi tracio, Agatías, seguindo a Herodoto, que era samense. A min tanto me ten.

No tempo del había un pobre aldeán, nativo de Gravot³⁵, chamado Carallote, cortador de árbores, que neste baixo oficio ía gañando carrán-carrán³⁶ a súa pobre vida. Aconteceu que perdeu a súa machada. E quen ficou todo amuado e amolado? Foi el, porque da súa machada dependía o seu ben e a súa vida; grazas á machada vivía con honra e reputación entre todos os ricos leñadores, e sen machada morría de fame. Atopándoo sen machada, a morte, seis días despois segaría coa súa gadaña e arrancaríao deste mundo.

Ante tal desfeita, comezou a berrar, a pregar, a implorar e a invocar a Xúpiter con frases moi disertadas (pois ben sabedes que a Necesidade foi inventora da Elocuencia) dirixindo a face cara os ceos, de xeonllos no chan, a testa descuberta, os brazos ergueitos no aire e os dedos das mans estarricados, dicindo a cada retrouso das súas pregarías, con voz forte, infatigábelmente:

- A miña machada, Xúpiter! A miña machada! A miña machada! Non che pido máis nada ca ela, Xúpiter! Ou cartos para mercar outra! Malpocado de min! A miña pobre machada!

Xúpiter estaba reunido en consello, tratando certos asuntos urxentes, e estaba daquela a opinar a vella Cibeles, ou ben, se vós queredes, o mozo e claro Febo. Mais tan grande foi o clamor de Carallote que o balbordo foi ouvido en pleno consello e consistorio dos Deuses.

-Quen é ese demo que está a berrar tan horribelmente aí embaixo? - preguntou Xúpiter- Polas augas estixias³⁷! Seica non estivemos ata hoxe, e estamos arestora, abondo ocupados con tantos asuntos controvertidos e importantes³⁸? Puxemos fin á

³⁴ Historiadores e poetas do século XV e XVI como Jean Lemaire de Belges, Jean Bouchet ou Ronsard contribuíron a espallar a lenda da orixe troiana dos francos -e, pois logo, dos franceses- que descenderían de Francus, fillo de Héctor. A Maximus Planudes, frade bizantino do século XV atribúeselle unha biografía de Esopo.

³⁵ Aldea de perto de Chinón, na terra de Rabelais.

³⁶ Pouco a pouco, con dificultade.

³⁷ Do Estixio, río do Inferno. Este era un xuramento moi empregado polos deuses.

³⁸ Diríase que Xúpiter é o rei de Francia, pois os asuntos que o teñen e tiveron ocupado son os da política exterior e interior francesa. Francia apoiou ao sultán Solimán 1º contra o sha de Persia e conseguiu que o sultán puxera fin á guerra para atacar aos húngaros; entrevistou no conflito entre os tártaros e os rusos dirixidos por Iván o Terrible; sostivo ao xerife ("príncipe") Mulay Mohamed que acababa de destronar ao rei de Marrocos -a pesar de estar enfrontado cos turcos, aliados de Francia- por ser aquel hostil a Carlos V e representar unha ameaza para España; aliouse co corsario Dragut Rais, que loitou contra as forzas do papa; e combateu en Parma, Magdeburgo, La Mirandola e Túnez contra as tropas hispano-papais. A alusión a Trípoli, tomado polos turcos aos cabaleiros de Malta, é unha defensa indirecta do comportamento dos franceses, que foran acusados de traición polos imperiais. Os campesiños da Aquitania -os gascóns que aparecerán de novo no capítulo 66 (ver nota nº 587)- rebeláranse contra determinados trabucos reais e a súa revolta fora duramente reprimida. Finalmente a alusión aos saxóns, estrelíns, etc. mostra como Rabelais estaba ao corrente dos segredos da diplomacia francesa pois os príncipes luteráns xermánicos opostos a Carlos V -ese *homiño tolleito* que os soxuzga e avilta (envilece,

disputa entre Preste Xoán, rei dos persas, e mais o sultán Solimán, emperador de Constantinopla. Pechamos o paso entre os tártaros e os moscovitas. Respondimos á petición do xerife. E tamén ao degoro de Golgot Rais. O estado de Parma está expedito, tamén o de Magdeburgo, de La Mirándola e de África (así lle chaman os mortais ao que nós chamamos Aphrodisium). Trípoli mudou de amo por mala garda: a súa órbita chegara ao remate. Aquí están os gascóns renegando e pedindo o restábelcemento das súas campás. Neste recuncho están os saxóns, estrelíns, ostrogodos e alemáns, pobos algún día invencibéis e hoxe aviltados e subxugados por un homiño tolleito. Eles pídennos venganza, socorro e restitución da súa primixenia razón e da súa antiga liberdade. Mais que habemos nós facer con ese Ramo e con ese Galante que, protexidos polo caparazón que forman os seus pinches, subordinados e partidarios, enzarapallan toda esta Academia de París³⁹? Provócame unha grande perplexidade, e aínda non decidín por que parte inclinarme. Fóra diso, os dous parécenme boa compañía e de collóns ben postos. Un ten escudos con sol⁴⁰, quero dicir bós e verdadeiros, o outro quixéraos ter. Un ten algunha sabenza, o outro non é un ignorante. Un ama a xente de ben, o outro pola xente de ben é amado. Un é un fino e cauto raposo, o outro fala e escribe contra os antigos filósofos coma un can que ladra. Que che parece, dime, Príapo, gran caralleiro? Moitas veces teño atopado equitativo e pertinente o teu consello, et habet tua mentula mentem⁴¹

- Rei Xúpiter -respondeulle Príapo tirando o seu capuchón, coa testa ergueita, vermella flamexante e ben firme- pois que comparades un deles cun can que ladra e o outro cun fino raposo á espreita, eu son da opinión de que, sen vos anoxardes nin alterardes máis, fagades con eles o que algún día fixestes cun can e mais un raposo.

- O que? -preguntou Xúpiter- Cando? Quen eran? Onde foi?

- Que boa memoria! -respondeu Príapo- O venerábel pai Baco, de face carmesín, que aquí vedes, para se vengar dos tebanos, fadara un raposo, de xeito que, por máis mal e dano que el fixese, non o daría pillado nin atacado animal ningún. O nobre Vulcano fabricara un can de bronce monesio⁴² e, a poder de soplar, fixera del un ser vivo e animado. El deuvo a vós, vós déstesllo a Europa, a vosa predilecta, ela deuillo a Minos, Minos a Procris e Procris, finalmente, deuillo a Céfalos. Tamén este can estaba fadado, de xeito que, igual que os avogados de agora, el daría pillado calquera animal que atopase: nada lle había escapar.

Aconteceu que ámbolos dous se atoparon. E que fixeron? O can, polo seu destino fatal debía pillar o raposo, o raposo polo seu destino non debía ser pillado.

O caso foi sometido ao voso consello. Vós prometestes non contravir os destinos. Mais os destinos eran contraditorios. A saída, o final, o resultado do enfrontamento de dúas contradicións foi declarado insolúbel por natureza. Vós suastes co acoro. Da vosa suor, ao caír na terra, naceron os repolos. Todo este nobre consistorio, por falta de resolución categórica, experimentou unha sede extraordinaria e neste consello bebéronse

abaixa, aldraxa)- acababan de se reunir con Henrique II e asinaren un tratado secreto de alianza con Francia.

³⁹ Pierre La Ramée (ou Ramus) e Pierre Galland, profesores os dous do Colexio Real creado por Francisco 1º (o futuro Collège de France), enfrontáronse nunha forte polémica encol do ensino da dialéctica.

⁴⁰ Escudos, moedas de ouro así chamadas por levaren estampada a figura dun sol enriba do escudo de Francia

⁴¹ Fácil xogo de palabras, que Rabelais reiterará, sobre o latín *mens* "mente" (diminutivo *mentula*) e *mentula* (pirola). E lóxica esta atribución a Príapo, e mais as alusións a tirar o capuchón, a testa erguida, vermella, etc

⁴² Bronce demonesio, procedente dunha illa grega.

máis de setenta e oito pipos de néctar. Seguindo o meu parecer vós convertídelos en pedras. Ao socato saístes da perplexidade; ao socato se pregoou por todo o gran Olimpo o final da sede. Sucedeu o ano dos coiós amolantes⁴³, perto de Teumeses, entre Tebas e Calcidia.

Seguindo este exemplo, son da opinión de que petrifiquedes a este can e a este raposo. A metamorfose non lles é descoñecida: ámbolos dous levan o nome de Pedro, e dado que -segundo dí un proverbio lemosino- para facer a boca dun forno son precisas tres pedras, engadirédelos a mestre Pedro o do Recuncho⁴⁴, que vós mesmo petrificastes algún día. E han figurar, dispostas en triángulo equilátero, no gran templo de París ou no no medio do adro, chantadas como pedras mortas, para que apaguen co nariz (igual que no xogo⁴⁵) as candeas, fachas, cirios, buxías e brandóns, elas que, cando vivas, acendían caralleiramente o lume da facción, da inimizade, das sectas caralleiras e do enfrontamento entre os ociosos estudantes. Para perpetua lembranza de que estas pequenas filaucias⁴⁶ caralliformes, de vós máis mereceron o desprezo que a condena. Dixen.

-Vós favorecédelos, polo que eu vexo, querido micer⁴⁷ Príapo -dixo Xúpiter- E non sodes así de favorábel para todos. Porque, dado que tanto cobizan perpetuar o seu nome e a súa memoria, sería ben mellor para eles seren así convertidos despois da súa vida en pedras duras e marmóreas que non volvérense terra e podrición. Aquí atrás, contra este mar Tirreno e lugares circumveciños do Apenino, vedes qué tumultos son excitados por certos pastóforos⁴⁸? Esta furia durará o seu tempo, como os fornos dos lemosinos, e despois ha rematar, aínda que non tan axiña. Habemos disfrutar moito nela. Mais vexo un inconveniente: é que temos pouca munición de raios dende a época na que vosoutros, co-deuses, por autorización particular miña, os botabades a eito, para vos divertirdes, sobre da nova Antioquía⁴⁹. Igual que despois, seguindo o voso exemplo, os elegantes campións que se propuxeron gardar a fortaleza da Terra de Pavos⁵⁰ contra todos os que viñesen, consumiron as súas municións a poder de disparar contra os pardais. Logo non tiveron para se defenderen, en momentos de necesidade, e cederon valentemente o lugar e se renderon ao inimigo, que xa estaba a levantar o asedio, entolecido e desesperado de todo, e non tiña pensamento máis acuciante que a retirada, acompañada pola pouca vergoña. Poñéivos ao traballo, fillo Vulcano! Acordai os vosos adormecidos cíclopes⁵¹, astéropes, brontos, arxes, esteropes, Polifemo, Piracmón! Poñein os ao labor e dailles de beber a eito. Coa xente que anda co lume non hai que aforricar viño. Imos logo atender a ese berrallón de aí embaixo. Vai saber quen é e o que pide, Mercurio!

⁴³ Xogo de palabras entre *coión* (aumentativo de *coio*) e *collón*, xogo que aparece en francés no orixinal.

⁴⁴ Pedra dun recuncho da igrexa de Notre Dame á que, polo seu aspecto grotesco, os eclesiásticos lle deran o nome dun xurisconsulto que no século XIV se opuxera ás prerrogativas do clero.

⁴⁵ Había un xogo, *foucquet*, que aparece no *primeiro libro*, na relación dos xogos de Gargantúa, consistente en apagar candeas co nariz.

⁴⁶ "Amor de sí" explica a *Breve Declaración*.

⁴⁷ Provenzalismo, tratamento de respeito que Rabelais utiliza moito neste *Cuarto Libro*.

⁴⁸ "Pontífices entre os exipcios" explica a *Breve Declaración*. A alusión ao papado é clara.

⁴⁹ Posibelmente Roma.

⁵⁰ O nome orixinal é *Dindenaroys*. Nós pensamos que, a través dun xogo baseado na tradución española do francés *dinde*, podería tratarse dunha alusión á batalla de Pavía, na que Francisco 1º foi feito prisioneiro polos españois.

⁵¹ Lista de distintos cíclopes establecida a partir de Hesíodo, Homero, Virxilio e Ovidio. Algúns deles personifican o raio, o lóstrego, o trebón ou o lume. Segundo Homero, os cíclopes non coñecían o viño.

Mercurio ponse a mirar polo portelo do ceo, por onde eles escoitan o que se di aquí embaixo, na terra, e que semella mesmamente un escotillón de navío (Icaromenipo dicía que semella a boca dun pozo), e ve que é Carallote que está a pedir a súa machada perdida. Daquela informa diso ao consello.

- Estámosche ben! -di Xúpiter- Seica non temos outra cousa que facer agora senón poñérmonos a devolver machadas perdidas! E mais hai que lla volver, está escrito no destino, ouvistes! Igual que se ela valesse o ducado de Milán. De certo que para el a súa machada ten o prezo e a estima que tería para un rei o seu reino. Veña, logo, que lle volvan a machada! Non se fale máis! Vamos agora resolver o diferendo entre o clero e a toupeirada de Landerousse⁵². Onde estabamos?

Príapo permanecía de pé rente da cheminea. E, en ouvindo o informe de Mercurio, dixo con toda cortesía e xovial comedimento:

- Rei Xúpiter, no tempo en que, por disposición vosa e particular beneficio eu era gardián nos xardíns da Terra, reparei en que este termo, machada, era equívoco, usándose para varias cousas. Significa un instrumento que serve para fender e cortar madeira. Significa tamén (polo menos noutrora significaba) o que pon á femia ben a punto e con frecuencia trompifuchicallada, e vin que todos os mozotes lles chamaban ás súas raparigas de vida alegre "fenda da miña machada". Porque con esta ferramenta (dicía isto amosando a súa machada de medio cóbado) eles féndenas con tanto xeito e espétanlles o seu mango tan ao dereito, que elas fican curadas dun medo que constitúe unha epidemia entre o xénero feminino: que as machadas esas lles caían dende o baixo ventre enriba dos calcaños a falta de tais prendedoiros. E lémbrome (porque teño a méntula -quero dicir a memoria- ben fermosa e grandabondo para encher un pote manteigueiro) ter ouvido noutrora, un día do Tubilustre⁵³, nas festas dese bon Vulcano, por maio, nun bonito palco a Josquin des Prés, Ockeghem, Obrecht, Agricola, Brumel, Camelin, Vigoris, de La Fage, Bruyer, Prioris, Seguin, de La Rue, Midy, Moulou, Mouton, Gascogne, Loyset, Compère, Penet, Fevin, Roussée, Richarfort, Rousseau,, Conseil, Constanzio Festi, e Jachet de Berchem⁵⁴ que cantaban melodiosamente:

O gran Bernal quería-se deitar
coa súa muller, que era recén casado,
e acordou sen demora ir agachar
cabo do leito un mazo ben pesado.
- Meu amigo -dille ela decontado-
E ese mazo que andades a empuñar?
- Para mellor podervos espetar.
Ponse ela entón: - Non cómpre ningún mazo
pois cando o Xan a min me ven cravar
abóndalle petar co seu cuazo⁵⁵.

Nove olimpiadas e un ano intercalar despois⁵⁶ (Que boa méntula, quero dicir memoria! Con frecuencia me engano no correcto significado e relación destas dúas

⁵² Non se sabe que lugar é este (que tamén aparecerá no capítulo 52) nin a qué alude Rabelais.

⁵³ Festa que se celebraba en Roma en honor de Vulcano.

⁵⁴ Músicos da fin do século XV e comezos do XVI.

⁵⁵ O orixinal é unha décima atribuída ao poeta Mellin de Saint-Gelais, publicada anteriormente, que musicara Clément Jannequin, autor que Rabelais menciona no segundo grupo de músicos.

palabras) ouvín a Adrian Willaert, Gombert, Jannequin, Arcadelt, Claudin, Certon, Manchicourt, Auxerre, Villiers, Sandrin, Sohier, Hesdin, Morales, Passereau, Maille, Maillart, Jacotin, Heurteur, Verdelot, Carpentras, Lhéritier, Cadéac, Doublet, Vermont, Bouteiller, Lupi, Pagnier, Millet, du Moulin, Alaire, Marault, Morpain, Gendre⁵⁷ e outros ledos músicos que cantaban nun xardín privado, baixo unha fermosa enramada, de arredor dun muro de frascas, xamóns, empanadas e diversas garelas⁵⁸ xeitosas:

Calquera ferramenta precisa empuñadura,
e para nada serve sen mango unha machada;
daquela precisamos facer empatadura
e ser eu mango e ti burato para a entrada⁵⁹.

Compría saber que tipo de machada pide ese berrón de Carallote.

Ditas esta falas, todos os venerabeis deuses e deusas escacharon a rir como un microcosmo de moscas. Vulcano, coa súa perna torta, por amor á súa amiga, deu tres ou catro bos pinchecarneiros.

- Veña, veña! -díxolle Xúpiter a Mercurio- Vaite correndiño aí embaixo e bota aos pés de Carallote tres machadas, a súa, outra de ouro, e a terceira de prata, todas tres ben macizas e do mesmo calibre. Unha vez dada a opción de escoller, se pilla a súa e se contenta con ela, dálle as outras dúas. Se colle outra que non sexa a súa, córtalle a cabeza coa súa propia. E daquí en diante fai o mesmo cos perdedores de machadas.

Ao que rematou de falar, Xúpiter, revirando a testa coma un cisne que traga pímulas, puxo unha cara tan espantosa que todo o grande Olimpo tremeu.

Mercurio, co seu chapeu bicudo, pucho, talaes e caduceo, lánzase polo portelo do ceo, fende o vacío do aire, baixa lixeiro á terra e deita aos pés de Carallote as tres machadas. Despois dille:

- Dabondo pediches para beber. As tuas pregarias son escoitadas por Xúpiter. Mira cal destas tres é a túa machada e lévaa.

Carallote levanta a machada de ouro, míraa e atópaa moi pesada. Despois dille a Mercurio:

- Madia leva! Non, esta non é a miña! Non a quero para nada, ho!

O mesmo fai el coa machada de prata, e di:

- Esta non é, déixovola para vós.

Despois colle na man a machada de pau, mira no cabo do mango e recoñece nel a súa marca. E reloucando de alegría coma un raposo que atopa un fato de galiñas perdidas, e sorrindo ata a punta do nariz, di:

-Mimá, esta si que é a miña! Se ma deixades quedar, heivos ofrecer en sacrificio unha boa ola de leite ben grandeira, toda cubertiña de amorodos polos Idus de maio (o que viña sendo o decimoquinto día).

- Cóllea, meu homiño, doucha. E dado que escolleches e desexaches a moderación tocante ás machadas, por vontade de Xúpiter douche estas outras dúas. Tes con que facerte rico, de hoxe en diante. Sé home de ben.

⁵⁶ As olimpiadas son os períodos de cinco anos, e o ano intercalar o bisesto.

⁵⁷ Músicos da xeración seguinte aos xa citados.

⁵⁸ A palabra ten o dobre sentido de "perdiz" e mais de "moza fácil"

⁵⁹ Este cuarteto, de autor anónimo, fôra publicado uns anos antes.

Carallote dálle cortesmente as grazas a Mercurio, glorifica a Xúpiter, prende a súa machada vella no seu cinto de coiro e lévaa pendurada sobre do cú como Martiño de Cambrai⁶⁰. As dúas outras, máis pesadas, cargáas riba do ombreiro. Vaise así polo país adiante, runfante e con cara de festa, polo medio dos seus parroquianos e veciños, facéndolles a pregunta de Patelín: "Teño ou non teño?"⁶¹. No outro día, vestido cun chambro branco, carga enriba do lombo as dúas preciosas machadas, trasládase a Chinón, vila insigne, vila nobre, vila antiga e mesmo a principal do mundo, segundo o xuízo e aserto dos máis doutos masoretas⁶². En Chinón, el troca a súa machada de prata por fermosos testóns e moedas brancas⁶³, e a súa machada de ouro por fermosas moedas estampadas coa Anunciación, co Agnus Dei, con cabaleiros, retratos do rei ou co sol⁶⁴. Con elas merca moitas e boas quintas, agras, leiras, cortiñas, casares e casais, pousas, prados, viñas, devesas, searas, brañas, corgas, muíños, hortas, salcedas, bois, vacas, ovellas, carneiros, cabras, cochas, porcos, burros, cabalos, pitas, galos, capóns, polos, ocas, gansos, patas, parrulos e aves miúdas. E en pouco tempo foi o home máis rico do país, mesmo máis que Malebrel o coxo⁶⁵.

Os Roque Troque e os Xan Paisano da veciñanza, ao veren esta boa fortuna de Carallote ficaron pampos, e no seu espírito a mágoa e a conmisericordia do pobre Carallote que antes tiñan mudou en envexa polas súas riquezas tan grandes e inopinadas. Así, comezaron a inquerir, a indagar e a se informar de que xeito, en que lugar, que día, a que hora, como e con que motivo, dera chegado a el ese gran tesouro. E cando souberon que fora por ter perdido a súa machada, dixeron:

- Ei! Ouviches! Só dependía da perda dunha machada podermos ser ricos? Éche unha maneira doada, e costa ben pouco. Seica é tal arestora o movemento dos ceos, a configuración dos astros e a posición dos planetas, que calquera que perda a machada se ha facer de súpeto tan rico? Ai, ouviches, miña machada, a fe que te hei perder, non che pareza mal!

Entón todos perderon as súas machadas. Do demo se quedou machada ningunha! Non había fillo de boa nai que non perdera a súa machada. Xa non se cortaban máis árbores nin se fendía leña no país por falta de machadas.

O apólogo esópico aínda di que certos pequenos pillalgos⁶⁶ de pouca monta, que lle venderan a Carallote o prado e o muíño para se poderen mostrar elegantes no desfile, sabedores de que el conseguira aquel tesouro só desa maneira, venderon as súas espadas para mercaren machadas, a fin de as perderen como facían os campesiños e recibiren por esa perda unha morea de ouro e de prata. Diriades que mesmamente fosen pequenos romípetas⁶⁷ vendendo o seu e collendo o alleo para lle mercaren beneficios a mancheas a un papa recién eleito⁶⁸. E puxéronse a berrar, rogar, laiar e invocar a Xúpiter.

- A miña machada, Xúpiter! A miña machada! A miña machada por aquí, a miña machada por alá! Ai, ai, ai, Xúpiter, a miña machada!

⁶⁰ Nome dado a unha das figuras que dan as horas no reloxo da casa do concello de Cambrai.

⁶¹ Pregunta que na *Farsa de Mestre Patelín* lle fai o avogado á súa muller indicando que conseguira facerse co pano que pretendía, aínda que non tiña cartos.

⁶² Pois claro, é a capital da terra de Rabelais!

⁶³ De prata, logo, como tamén son os *testóns*.

⁶⁴ Diversas moedas de ouro.

⁶⁵ Parece que foi el quen serviu de garantía ante o rei de Inglaterra polas sumas que lle debía o rei de Francia.

⁶⁶ Xogo de palabras por *fidalgos*.

⁶⁷ Peregrinos a Roma.

⁶⁸ Os beneficios eclesiásticos caducaban ao morrer o papa.

O aire todo de arredor ecoaba cos berros e ouveos destes perdedores de machadas.

Mercurio levoulles de contadiño machadas, afrecéndolle a cada quen a súa que perdera, outra de ouro e unha terceira de prata. Todos elixían a de ouro e recollíana, dando as grazas a Xúpiter polo seu grande donativo, mais, no momento en que a levantaban do chan, abaixados e inclinados, Mercurio cortáballes a cabeza, como ordenara Xúpiter. E o número de cabezas cortadas foi igual e correspondente ao de machadas perdidas.

Velaí o que é, velaí o que lles acontece a aqueles que con sinxeleza desexan e escollen cousas moderadas. Tomade, vós todos, exemplo niso, langráns da aldea, que dicides que nin por dez mil francos de renda habiades renunciar aos vosos desexos. E non digades de aquí para diante tan desvergoñadamente como algún día vos escoitei eu desexar: "Prouguera a Deus que eu tiver arestora cento setenta e oito millóns en ouro. Ai, ho, como había eu triunfar!" Malas frieiras vos veñan! Que máis podería desexar un rei, un emperador ou un papa?

Tamén vedes por experiencia que, despois de formulados desexos ambiciosos de máis, non vos ven senón a samaqueira⁶⁹ e o mormo, á faltriqueira nin pataco, igual que aos dous miserentos seguidores do uso de París, dos que un desexaba ter tantos fermosos escudos con sol como se teñen gastado alí para mercar e vender dende o momento en que, para edificar a cidade, se puxeron os alicerces dela ata o momento presente. E a cantidade total, calculada en taxa, venda e valor, do ano máis caro de todos os que transcorreran nese lapso de tempo. Na vosa opinión seica el estaba anoxado? Comera ameixas agres sen pelar? Cortábanselle os dentes? O outro desexaba o templo de Notre Dame cheíño de agullas de aceiro dende o enlousado ao máis alto das bóvedas, e ter tantos escudos con sol como darían entrado nos sacos todos que se desen cosido con todas e cada unha daquelas agullas ata que todas elas rompesen ou quedasen sen punta. Ai, ho, iso é desexar! E que vos parece a vós? Que foi o que aconteceu? Polo serán cada ún deles tivo en cada deda unha frieira,

*no queixelo unha espulleira,
no pulmón a tosigueira,
nas gorkas a gorgoleira
no cú unha furuncheira*

E ao díaño o carolo de pan para limpar os dentes!

Desexai, daquela, unha cousa moderada e havos ocorrer; e aínda moito mellor labourando e traballando no entanto.

-E mais é certo -dicides vós- pero Deus daríame igual setenta e oito mil que a treceava parte da metade de un, porque el é todopoderoso: un millón en ouro é para el tan pouco como un óbolo.

Oi, oi, oi! E quen vos aprendeu a discorrer e falar así do poder e da predestinación de Deus, meus pobriños? Acougade! Chsst, chsst! Humillaivos diante da súa sagrada face e recoñecei as vosas imperfeccións.

Niso fundamento eu a miña esperanza, gotosos, e creo firmemente que, se lle apraz ao bondadoso Deus, vós habedes conseguir saúde, visto que arestora non pedides

⁶⁹

Catarro bronquial.

máis nada senón saúde. Agardade aínda un pouco, con media onza de paciencia. Non fan así os xenoveses cando pola mañán, despois de teren discurrido, cavilado e decidido, dentro dos seus escritorios e gabinetes, de quen han poder eles ese día tirar diñeiro e quen ha ser corneado, embelecado, enganado e lurpiado pola súa astucia, saen á praza e saudándose entre eles din "Salute e guadagno, signore!" Non se contentan eles coa saúde, senón que a maiores desexan gaño, e mesmo os escudos de Guadagni⁷⁰. Polo que acontece que, moitas veces, non conseguen nin unha cousa nin outra.

E agora, para terdes saúde, botade unha boa tusicada, tres bos grolos, requichade ben as orellas, e escoitade falar maravillas do nobre e bondadoso Pantagruel.

⁷⁰ Banqueiro florentino establecido en Lyon, que lle prestou cincuenta mil escudos de ouro ao rei Francisco 1º, collido preso en Pavía.

CAPÍTULO 1

COMO PANTAGRUEL SE METEU AO MAR PARA VISITAR O ORÁCULO DA DIVINA BACBUC

Polo mes de xuño, no día das festas vestais⁷¹, aquel mesmo no que Bruto conquistou Hespaña e subxugou os hespañois⁷², no que tamén Craso o avaro foi vencido e derrotado polos partos, Pantagruel, tomando licenza do bon Gargantúa, seu pai, e pregando este (como eralouvábel costume na Igrexa primitiva entre os santos cristiáns) pola próspera navegación do seu fillo e de toda a súa compañía, meteuse ao mar no porto de Talasa⁷³ acompañado por Panurgo, frei Xoán das Carnespicadas, Epistemón, Ximnasta, Eustenes, Rizótomo, Carpalim e outros seus servidores e domésticos de vello, xunto con Xenómano, o grande viaxeiro e atravesador de camiños perigosos, que algúns días antes acudira á chamada de Panurgo⁷⁴. El, por motivos certos e de peso, deixáralle sinalada a Gargantúa na súa gran carta marítima universal a rota que habían seguir na visita ao oráculo da divina Botella Bacbuc⁷⁵.

O número de navíos foi o que vos espuxen no terceiro libro, nunha flota de trirremes, rambargos, galeóns e liburnas⁷⁶, en número igual, ben equipados, ben calafateados e ben abastecidos, con pantagruelión⁷⁷ en abundancia. A xuntanza de todos os oficiais, intérpretes, pilotos, capitáns, naucheiros⁷⁸, grumetes, espalderes⁷⁹ e mariñeiros fíxose na *Talamega*. Así se denominaba a gran nave principal de Pantagruel, que levaba na popa como enseña unha grande e ampla botella, cunha metade de prata ben lisa e polida e a outra metade de ouro esmaltado en cor encarnada. Diso era doado deducir que branco e clarete eran as cores dos nobres viaxeiros e que navegaban para acadaren a resposta da Botella.

⁷¹ O día nove. Tamén un 9 de xuño, o de 1534, Jacques Cartier iniciara a exploración da península do Labrador.

⁷² Décimo Xuño Bruto, cónsul de Roma, foi célebre pola súa campaña na Hispania no ano 137 antes de Cristo, na que venceu aos lusitanos e galaicos. Un episodio célebre dela foi o paso do río Limia, que os soldados, aterrorizados, se negaban a cruzar identificándoo co Leteo ou río do Esquecemento. Bruto atravesouno e púxose a chamar aos soldados polos seus nomes, infundíndolles de novo a confianza. Pola súa vitoria recibiu en Roma a denominación de *O galaico*.

⁷³ Saint-Malo, na Bretaña.

⁷⁴ Case todos estes personaxes, máis outros que irán aparecendo, acompañaron a Pantagruel nas aventuras narradas nos libros anteriores. Os nomes de orixe grega significan: Panurgo "que fai todo", Epistemón "afortunado, feliz", Ximnasta "profesor de exercicios físicos", Eustenes "forte", Rizótomo "cortador de raíces", Carpalim "rápido" e Xenómano "que sente paixón polo estranxeiro".

⁷⁵ No final do *Terceiro Libro*, Pantagruel decide de ir consultar o oráculo da Divina Botella para saber se Panurgo debe casar. Bacbuc é unha palabra que co significado de "botella" aparece na Biblia.

⁷⁶ Nomes de diferentes embarcacións. *Rambargo* procede do inglés *rowbarge*; os liburnos eran un pobo da Iliria e os romanos usaron o adxectivo para denominaren uns navíos rápidos

⁷⁷ Nos capítulos finais do *Terceiro Libro* faise unha extraordinaria louvanza, ao xeito dos historiadores antigos, desta herba maravillosa denominada a partir dun heroe como outras herbas míticas (prometeón, helenión...). O pantagruelión sería en principio o cáñamo, aínda que nel se mesturan algunhas cualidades do liño e outras fantásticas.

⁷⁸ Temoneiros.

⁷⁹ Remeiros que lles marcaban o compás ao resto nunha galera.

Sobre a popa da segunda ía izada ben alto unha linterna ao xeito antigo, feita enxeñosamente con pedra esfenxítida e especular⁸⁰, denotando que habían pasar polo país das Linternas⁸¹.

A terceira tiña por divisa unha fermosa e profunda copa de porcelana.

A cuarta, un potiño de ouro con dúas asas, como se fose unha urna antiga.

A quinta un eminente xerro, de esperma de esmeralda⁸².

A sexta, un pichel monacal, feito dos catro metais reunidos⁸³.

A sétima, un funil de ébano, todo recamado de ouro, en labor de tauxía⁸⁴.

A oitava, un gobilete de edra ben precioso, gornecido con ouro en damasquinado.

A novena un brinde⁸⁵ de fino ouro apurado.

A décima unha cunca de recendente agáloco (vós chamádeslle madeira de áloe) entretecida con ouro de Chipre en labor á persa.

A undécima un coleiro de ouro feito en mosaico.

A duodécima un pipote de ouro avellado, cuberto de follas de viña formadas por grosas perlas índicas en labor topiario⁸⁶.

De xeito que non había ninguén, por moi triste, anoxado, amuado ou melancólico que estivese (mesmo que fose Heráclito o choromiqueiro), que non se puxera ledos e non sorrisa, co bazo perfectamente⁸⁷, ao ver ese nobre conxoi de navíos coas súas divisas, e que non dixeran que os viaxeiros eran todos bebedores e xente de ben, e non considerara, con prognóstico acertado, que a viaxe -tanto na ida como na volta- había ser alegre e con plena saúde.

Na *Talamega*, entón, foi a xuntanza de todos. Nela, Pantagruel dirixiulles unha breve e santa exhortación, autorizada con citas extraídas das Santas Escrituras, sobre o tema da navegación. Rematada esta, fíxose en voz alta e clara unha pregaria a Deus, escoitada por todos os burgueses e cidadáns de Talasa, que acudiran ao peirao para veren o embarcamento.

Despois da oración foi melodiosamente cantado o salmo do rei David que comeza: *Cando Israel fóra de Exipto saíu*. Finalizado o salmo, puxeron as mesas na ponte e serviron prontamente as viandas. Os talasianos, que tamén cantaran o devandito salmo, mandaron traer das súas casas moitos víveres e viños. Todos beberon á saúde deles e eles beberon á saúde de todos. Ese foi o motivo polo que ningún dos da xuntanza nunca durante a travesía botou as tripas fóra nin tivo molestias de estómago ou de cabeza. Os ditos inconvenientes non os darían evitado máis comodamente bebendo durante varios días antes auga mariña, pura ou mesturada co viño, ou utilizando carne de marmelos, codia de limón ou zume de

⁸⁰ Plinio chama *fénxítida* a unha pedra transparente semellante á *especular*, que é a mica.

⁸¹ País das Quimeras. De todos xeitos, como veremos máis en diante, *linterna* (farol) e , maiormente o verbo derivado *linternear*, teñen tamén un significado sexual, polo que o seu emprego é moitas veces deliberadamente ambiguo.

⁸² O *prasma* ou *presma* era unha especie moi inferior. Parece que aquí Rabelais procura o simple xogo de palabras.

⁸³ O ouro, a prata, o aceiro e o cobre.

⁸⁴ Incrustación de metais nobres noutros metais.

⁸⁵ Vaso para *brindar*.

⁸⁶ Os romanos chamábanlle así á arte de tallar plantas con formas de animais. Aquí as perlas deben formar figuras vexetais.

⁸⁷ *Melancolía* significa "bile negra" pois a medicina antiga atribuíalle á acción daquela sobre o bazo tal estado de ánimo.

granadas agridoces, ou cubríndose o estómago con papel, ou facendo calquera outra cousa das que os tolos dos médicos receitan aos que se botan ao mar.

Repetida moitas veces a bebedela, cada quen se retirou á súa nave e ben cediño puxeron as velas ao vento grego levante⁸⁸, seguindo o cal trazara a rota e reglara a calamita das búxolas o piloto principal, chamado Jamet Brayer. Porque o seu parecer e mais o de Xenómano foi, visto que o oráculo da divina Bacbuc estaba perto de Catai, na India superior, non coller a rota ordinaria dos portugueses, que -pasando o Cinto Ardente⁸⁹ e o cabo de Boa Esperanza, na punta meridional de África alén a Equinoccial⁹⁰, e perdendo de vista e guía o Eixo Septentrional⁹¹- fan unha navegación enorme. Mellor seguir canto máis pertiño posíbel o paralelo da devandita India e xirar arredor daquel polo por Occidente, de maneira que, ao viraren baixo Septentrión o tivesen na mesma elevación que o porto de Olonne, sen se achegaren máis, por medo a entraren e quedaren retidos no Mar Glacial. E seguindo este desvío normal polo mesmo paralelo, que no momento de partir estaba á súa esquerda, teríano á dereita, cara ao Levante. O que lles foi de incríbel proveito. Porque sen naufraxio, sen perigo, sen perda de ningunha xente súa, en grande serenidade (excepto un día perto da illa dos Macreóns), fixeron a viaxe da India superior en menos de catro meses, viaxe que apenas darían feito os portugueses en tres anos, con mil desgustos e perigos innumerabeis. E son da opinión, salvo mellor criterio, de que tal rota de fortuna foi seguida por aqueles indios que navegaron ata Xermania e foron honorabelmente tratados polo rei dos suevos, no tempo en que Quinto Metelo Celer era procónsul da Galia, como describen Cornelio Nepote, Pomponio Mela e Plinio despois deles.

⁸⁸ Vento do Leste. A expresión, como a maior parte dos termos marítimos de Rabelais é mediterránea.

⁸⁹ "Zona tórrida" (*Breve Declaración*).

⁹⁰ O Ecuador.

⁹¹ "Polo Ártico" (*Breve Declaración*).

CAPÍTULO 2

COMO PANTAGRUEL MERCOU VARIAS COUSAS FERMOSAS NA ILLA DE MEDAMOTI⁹²

Nese día e mais nos dous seguintes non lles apareceu terra nin outra cousa nova. Porque xa noutras ocasións tiñan sulcado esta rota. No cuarto, descubriron unha illa chamada Medamoti, fermosa para a vista e agradábel a causa do gran número de faros e altas torres marmóreas das que todo o circuito, que non era menos grande que o Canadá⁹³, estaba adornado.

Pantagrue, inquirindo quen mandaba nela, enteírouse de que era o rei Filofano⁹⁴, entón ausente polo casamento de seu irmán Filoteamón⁹⁵ coa infanta do reino de Enguis⁹⁶. Daquela baixou ao ancoradoiro, contemplando, en canto que os remeiros das naves facían provisión de auga doce, diversos cadros, tapices, animais, peixes, paxaros e outras es exóticas e peregrinas⁹⁷ estradas ao longo do peirao e nos mercados do porto. Porque era o terceiro día das grandes e solemnes feiras do lugar, que anualmente congregaban os máis ricos e famosos comerciantes de África e Asia. Entre aquelas, frei Xoán mercou dous raros e preciosos cadros. Un deles tiña pintado o vivo rostro dun apelante⁹⁸, o outro o retrato dun criado que busca amo, con todas as cualidades requiridas, acenos, porte, expresión, aspecto, fisionomía e sentimento, pintado por mestre Charles Charmois, pintor do rei Mexisto⁹⁹. E el pagounos con macacadas.

Panurgo mercou un gran cadro pintado co transunto do labor feito antigamente con agulla por Filomela para lle expor e representar á súa irmá Progné como seu cuñado Tereo a desflorara e lle cortara a lingua a fin de que non descubriese o crime. Xúrovos polo mango deste farol que era unha pintura galana e mirífica. Non vaiades pensar, por favor, que fose o retrato dun home copulando enriba dunha rapaza. Iso é parvo e brután de máis. A pintura era ben distinta e máis intelxíbel. Podédela ver en Telema¹⁰⁰, á man esquerda entrando na galería alta.

Epistemón mercou outro no que estaban pintadas ao vivo as Ideas de Platón e os Átomos de Epicuro. Rizótomo mercou outro no que estaba Eco representada ao natural.

Pantagrue fixo mercar a través de Ximnasta a vida e as proezas de Aquiles en sesenta e catro pezas de tapizaría de alto lizo, de oito metros de longo por seis de ancho, todas en seda fruxia recamada de ouro e de prata. Comezaba a tapizaría nas bodas de Peleo e Tetis, seguindo o nacemento de Aquiles, a súa mocidade descrita por Estacio Papinio, as súas proezas e feitos de armas celebrados por Homero, a súa

⁹² "Ningures, en grego" (*Breve Declaración*).

⁹³ O Canadá descubrírao Jacques Cartier había pouco e entón coñecía-se unha parte pequena.

⁹⁴ "Desexoso de ver e de ser visto" (*Breve Declaración*).

⁹⁵ "Desexoso de ver" (*Breve Declaración*).

⁹⁶ "A carón" (*Breve Declaración*).

⁹⁷ Etranxeiras.

⁹⁸ Apelante en Xustiza, tras perder un pleito.

⁹⁹ "Moi grande" (*Breve Declaración*). Alusión a Francisco 1º.

¹⁰⁰ O mosteiro que Gargantúa mandou construír (*Gargantúa*, cap. 52).

morte e exequias descritos por Ovidio e Quinto Calabrés, rematando coa aparición da súa sombra e o sacrificio de Polixena descrito por Eurípides.

Tamén fixo mercar tres fermosos unicornios noviños: un macho de pelo alazán tostado e dúas femias de pelo gris apedresado¹⁰¹, e xunto con eles un tarando¹⁰² que lle vendeu un escita da terra dos xelóns.

O tarando é un animal coma un touro novo de grande e que ten a cabeza coma a dun cervo, un pouco maior, con cornos prominentes amplamente ramificados, os pezuños fendidos, o pelo longo coma o dun gran oso e a pel algo menos dura que unha coiraza. E dicía o xelón que se atopaban poucos pola Escitia, porque el muda de cor segundo a variedade dos lugares nos que paze e nos que anda. E toma a cor das herbas, árbores, arbustos, flores, lugares, pasteiros, rochas e en xeral de todas as cousas ás que se achega. Ten iso en común co polbo mariño, o pólipio, cos toes¹⁰³, cos licaóns da India e co camaleón, que é unha especie de lagarto tan admirábel que Demócrito escribiu un libro enteiro sobre a súa figura, anatomía, virtudes e propiedades na maxia.

Así foi que o eu vin mudar de cor, non só co achegamento de cousas coloridas senón en por el, segundo o medo e os sentimentos que tivese; como enriba dun tapete verde vino eu de certo verdecer, mais ao el ficar aí durante algún tempo, porse amarelo, azul, louro e violeta sucesivamente, do xeito que vedes cambiar de cor a cresta do galo das Indias segundo as súas paixóns. O que nós atopamos admirábel por riba de todo neste tarando é que non só a súa face e pel senón tamén a súa pelaxe toda tomaba a cor das cousas veciñas, calquera que esta fose. A carón de Panurgo vestido coa súa toga de burel, o pelo volvíaselle gris, a carón de Pantagruel vestido co seu manto de escarlata, o pelo e a pel arroibábanlle, e a carón do piloto, vestido á maneira dos isiacios¹⁰⁴ de Anubis, en Exipto, o seu pelo apareceu todo branco, cores estas dúas últimas que lle son negadas ao camaleón. Cando, fóra de todo medo e sentimento, el estaba no seu aspecto natural, a cor do seu pelo era tal como vedes nos burros de Meung.

¹⁰¹ Como empedrado de manchas brancas.

¹⁰² Reno.

¹⁰³ Chacais ou lobos, probabelmente.

¹⁰⁴ Sacerdotes de Isis, vestidos de liño.

CAPÍTULO 3

COMO PANTAGRUEL RECIBIU CARTA DE SEU PAI GARGANTÚA E DA ESTRANÑA MANEIRA DE SABER NOVAS BEN AXIÑA DOS PAÍSES ESTRANXEIROS E AFASTADOS

Estando Pantagruel ocupado na merca destes animais peregrinos, ouvíronse dende o peirao dez disparos de falconetes e de bersos¹⁰⁵ xunto cunha grande e leda aclamación de todas as naves. Pantagruel revírase cara ao ancoradoiro e ve que era un dos celoces¹⁰⁶ de seu pai Gargantúa, chamado *a Quelidonia*¹⁰⁷ porque sobre a popa levaba esculpida en bronce corintio unha anduriña do mar¹⁰⁸ saltaricando. É un peixe grande coma un muxo do Loira, todo carnudo, sen escamas, con azas cartilaxinosas (cal son as dos morcegos), moi longas e amplas, mediante as que eu vino moitas veces voar unha vara por riba da auga, máis dun tiro de arco. En Marsella chámanlle *lendole*. Así esta embarcación era lixeira coma unha anduriña, de sorte que máis semellaba voar por riba do mar que vogar. Nela ía Malicorne, escudeiro trinchante¹⁰⁹ de Gargantúa, enviado expresamente por el para saber o estado de ánimo e de saúde do seu fillo, o bon Pantagruel, e levarlle cartas credenciais.

Pantagruel, despois da aperta e do grácil saúdo co barrete¹¹⁰, antes de abrir as cartas nin de lle dicir a Malicorne calquera outra cousa, preguntoulle:

- Tendes aquí o gozal¹¹¹, o mensaxeiro celeste?
- Si -respondeu el- Ven neste gueipo, envolveito nunha malla.

Era unha pomba collida do pombal de Gargantúa que estaba a chocar os seus pequenos no momento en que o tal celoce ía partir. Se lle acontecera a Pantagruel fortuna adversa habería levar unhas fitas negras atadas nas patas, mais como todo tiña transcorrido con ben e prosperidade, despois de facer que lle tirasen a malla, amarroulle nas patas un tirelo de tafetán branco, e sen máis demora, deixouno decontadiño en total liberdade no aire. A pomba bótase no intre a voar, furando con incríbel rapidez, pois ben sabedes que non hai outro vó coma o da pomba cando ten ovos ou pequenos, a causa da obstinada solicitude para acorrer e socorrer os seus pombiños posta nela pola natureza. De xeito que en menos de dúas horas fixo polo aire o longo camiño que con extrema dilixencia culminara o celoce en tres días e tres noites, vogando a remos e a velas, co vento en popa de contino. E vírona meterse dentro do pombal, no niño mesmo dos seus pequenos. Daquela, sendo informado o valente Gargantúa de que traía o tirelo branco, acougou, ledou e tranquilo polo bo estado de seu fillo.

Tal era o uso dos nobres Gargantúa e Pantagruel cando querían saber prontamente novas dunha cousa que lles interesaba moito e que desexaban vehementemente, como o resultado dunha batalla, quer de mar quer de terra, a toma

¹⁰⁵ Pequenas pezas de artillaría.

¹⁰⁶ "Embarcacións lixeiras no mar" (*Breve Declaración*). Era un veleiro rápido dos romanos.

¹⁰⁷ En grego "semellante á anduriña".

¹⁰⁸ Aquí trátase dun peixe provisto de aletas que lle sirven para dar chimpos e revoar por riba da auga.

¹⁰⁹ Oficial do palacio real encargado de cortar as viandas.

¹¹⁰ Pucho.

¹¹¹ "Gozal: en hebreu pombo, pomba" (*Breve Declaración*).

ou defensa dunha praza forte, o arranxamento dun diferendo importante, o parto feliz ou infortunado dunha raíña ou gran dama, a morte ou convalecencia dos seus amigos e aliados enfermos, e outras así. Eles collían o gozal e mandábano levar de man en man polas postas ata os lugares de onde degoxaban as novas. O gozal, co tirelo branco ou negro segundo o ocorrido e acontecido, sacábaos des súas cavilacións coa volta, ao el facer nunha hora máis camiño polo aire do que fixeran por terra trinta postas nun día natural. Iso era recuperar e gañar tempo. E podedes crer como cousa certa que en todos os pombais das súas quintas se atopaban pombas a eito, enriba dos seus ovos ou dos seus pequenos, durante todos os meses e épocas do ano. O que é doado na cría de animais utilizando o salitre en rocha e a sagrada herba verbená.

Ceibado o gozal, Pantagruel leu a misiva de seu pai Gargantúa, que contiña o seguinte:

"Fillo benquerido: o afecto que naturalmente lle ten o pai a seu fillo moi amado está no meu caso tan acrecido polo respecto e reverencia ás grazas particulares postas en ti por elección divina, que dende a túa partida tiroume máis dunha vez calquera outro pensamento, deixándome unicamente no corazón ese preocupante medo de que o voso barco fose acompañado por algunha mágoa ou desgusto; ti ben sabes que ao amor verdadeiro e sincero está perpetuamente unido o temor. E dado que, segundo o dito de Hesíodo, o comezo dunha cousa é a metade do total dela, e que, segundo o refrán, ao enfornar fanse os pans tortos¹¹², eu -para baldeirar de ansiedade o meu entendemento- enviei expresamente a Malicorne para, a través del, ter certeza do teu estado nos primeiros días da viaxe. Porque se esta é próspera e como eu desexo, hame ser doado prever, prognosticar e dexergar o resto.

Recibín algúns libros ledos que che serán entregados polo portador. Halos ler cando queiras descansar dos teus estudos máis importantes. O devandito portador hache contar máis amplamente todas as novas desta corte. A paz do Eterno estea contigo. Saúda a Panurgo, frei Xoán, Epistemón, Xenómano, Ximnasta e os teus outros domésticos e bos amigos meus.

Da túa casa paterna, neste decimoterceiro día de xuño.

Teu pai e amigo

Gargantúa"

¹¹²

Refrán francés e mais galego: se se enforna mal, o pan pode saír mal.

CAPÍTULO 4

COMO PANTAGRUEL ESCRIBE A SEU PAI GARGANTÚA E LLE ENVÍA VARIAS COUSAS FERMOAS E RARAS

Despois da lectura da devandita carta, Pantagruel púxose a conversar co escudeiro Malicorne, e botou tanto tempo con el que Panurgo, interrompindo, díxolle:

- E cando habedes beber? Cando habemos beber? Cando ha beber o señor escudeiro? Non sermoneastes abondo para beber?

- Ben falado! -respondeu Pantagruel- Mandade preparar o xantar nesa hospedaría veciña que ten pendurada como emblema a imaxe dun sátiro a cabalo.

Entrementres, para o despacho do escudeiro, escribiulle el a Gargantúa a carta que segue:

"Meu bondadosísimo pai: de igual xeito que en todos os accidentes non sospeitados nin imaxinados desta vida os nosos sentidos e facultades animais padecen máis enormes e imponentes perturbacións que se tiveran sido antes presentidas e previstas (chegando a quedar moitas veces desamparada do corpo, mesmo que as tais novas fosen de contente e desexo), así me a min conmoveu e conturbou a inopinada chegada do voso escudeiro Malicorne. Porque eu non esperaba ver ningún dos vosos domésticos, nin sentir novas de vós, antes da fin desta nosa viaxe. E compraciame mainamente no doce recordo da vosa augusta maxestade, escrita, e mesmo de certo inculpada e gravada no ventrículo posterior do meu cerebro, con frecuencia representada ao vivo na súa propia e nativa figura.

Mais, pois que vos anticipastes co beneficio da vosa grácil carta, e co testemuño do voso escudeiro recreastes o meu espírito con novas da vosa prosperidade e saúde, igual que de toda a vosa real casa, teño agora por forza -o que xa con anterioridade facía espontáneamente- que louvar en primeiro lugar o abençoado Salvador, que pola súa divina bondade continúa conservándovos longamente cunha saúde perfecta; en segundo lugar, agradecervos sempiternamente este fervente e inveterado afecto que me dispensades a min, voso humildísimo fillo e servidor inútil. Outrora, un romano chamado Furnio, díxolle a Augusto César, cando este lle concedía graza e perdón a seu pai, que seguira a facción de Antonio: "Hoxe, ao me faceres este ben, reducíchesme a tal ignominia, que por forza terei, vivo ou morto, que ser reputado ingrato por insuficiencia de agradecemento". Así podería eu dicir que o exceso do voso paternal afecto me coloca en tanta angustia e necesidade, que me ha de pertencer vivir e morrer ingrato. Senón que de tal crime sexa relevado pola sentenza dos estoicos, que dicían haber tres partes no beneficio: unha o que dá, outra o que recibe, e a terceira o que recompensa; e que o que recibe, recompensa ben ao que dá cando acepta de grado o benfeito e o ten en lembranza perpetua; como, ao contrario, que o que recibe é o máis ingrato do mundo se desprezase e esquecese o beneficio.

Estando daquela oprimido por infinitas obrigas, todas creadas pola vosa inmensa benignidade, e incapaz da mínima parte de recompensa, heime salvar polo menos de calumnia, dado que a memoria daquelas nunca será abolida do meu espírito e a miña lingua non deixará de confesar e aseverar que vos dar grazas condignas é cousa que trascende as miñas facultades e posibilidades.

Polo resto, confío en que, pola conmisericación e axuda de Noso Señor, a fin desta nosa peregrinación hase corresponder co comezo e ha ser rematada na súa totalidade en alegría e saúde. Non hei eu deixar de recoller en comentarios e efemérides todo o decurso da nosa navegación, a fin de que, ao noso regreso, vós teñades o relato verídico.

Atopei aquí un tarando de Escitia, animal estraño e maravilloso a causa das variacións de cor na pel e mais no pelo, segundo a distinción das cousas próximas. Hávos agradar. É tan manexábel e doado de alimentar coma un año. Envíovos igualmente tres unicornios noviños, máis mansos e domesticados do que poderían ser uns gatiños. Xa conversei co escudeiro e lle dixen a maneira de os tratar. Non pacen no chan, por obstaculizárllelo o seu longo corno na fronte. Teñen por forza que tomar o pasto das árbores froiteiras ou de manxadoiras axeitadas, ou da man, ofrecéndolles herba, mollos, mazáns, peras, orxo, alforfón, nunha palabra, toda caste de froitas e legumes. Pásmame como os nosos escritores antigos din que son tan esguiros, feroces e perigosos e que nunca se viu ningún vivo. Se vos parece, podedes probar o contrario, e habedes atopar que están dotados do agarimo máis grande do mundo, con tal de que non os asañen con maldade

Iguamente vos envío a vida e proezas de Aquiles en tapizaría belida e industriosa. Asegúrovos que as novidades de animais, plantas, paxaros e pedrarías que poida atopar e adquirir durante a nosa peregrinaxe, heivolos levar tódolos, coa axuda de Deus Noso Señor, a quen lle pido que vos conserve na súa santa graza.

De Medamoti, neste decimoquinto de xuño.

Panurgo, Frei Xoán, Epistemón, Xenómano, Ximnasta, Eustenes, Rizótomo e Carpalim, despois do devoto bicamán, saúdanvos de novo un céntuplo.

O voso humilde fillo e servidor,

Pantagruel"

En canto que Pantagruel escribía a devandita carta, Malicorne foi festexado por todos e saudado con grandes apertas. Deus ben sabe o que tal fixeron e os cumprimentos que chovían de todas partes.

Pantagruel, despois de finalizar a carta, banqueteou co escudeiro. E deulle unha grosa cadea de ouro que pesaba oitocentos escudos e que cada sete elos levaba engastados alternativamente grandes diamantes, rubíns, esmeraldas, turquesas e perlas. Mandoulles dar a todos os seus naucheiros cincocentos escudos con sol; a Gargantúa, seu pai, envioulle o tarando cuberto cunha goldrapa¹¹³ de satén brocado en ouro, a tapizaría que representaba a vida e as proezas de Aquiles, e mais os tres unicornios con caparazóns de pano de ouro rizado. Así partiron de Medamoti, Malicorne para regresar cabo de Gargantúa, e Pantagruel para continuar a súa navegación. Este, no alto mar, mandoulle a Epistemón que lle lese os libros traídos polo escudeiro, e, como os atopou ledos e divertidos, eu heivos dar de grado unha copia deles se o solicitudes afervoadamente.

¹¹³

Cobertura longa que protexe as partes posteriores e laterais do animal.

CAPÍTULO 5

COMO PANTAGRUEL SE ENCONTROU CUNHA NAVE DE VIAXEIROS QUE VOLTABA DO PAÍS DAS LINTERNAS

No quinto día, comezando xa a rodear o polo pouco a pouco, alonxándonos da equinoccial, descubrimos un navío mercante que poñía vela a orza¹¹⁴ cara a nós. Non foi pequena a ledicia, tanto nosa como dos do mercante: nosa por ouvirmos novas do mar, súa por ouviren novas de terra firme.

Ao nos reunirmos con eles soubemos que eran franceses de Saintonge¹¹⁵. Conversando e parolando xuntos, Pantagruel ouviu que viñan do país das Linternas, polo que lle medrou aínda máis a ledicia, e o mesmo a toda a compañía. Ao preguntarmos polo estado do país e os costumes do pobo linternés recibimos a información de que cara á fin de xullo vindeiro tiña lugar a asinación do capítulo xeral das Linternas¹¹⁶, e que se chegabamos para entón (o que nos sería doado) habíamos ver a fermosa, honorábel e leda compañía das Linternas. E que alí estaban a facer grandes preparativos, como se fosen linternear¹¹⁷ profundamente. Dixéronnos tamén que en pasando o grande reino de Guebarim¹¹⁸ habíamos ser recibidos e tratados con todos os honores polo rei Ohabé¹¹⁹ que gobernaba naquela terra e falaba, igual que os seus súbditos todos, a lingua francesa da Turena¹²⁰.

Mentres que oíamos estas novas, Panurgo prendeuse en liorta cun vendedor de Taillebourg chamado Dindenault. Este foi o motivo da disputa:

O tal Dindenault, ao ver a Panurgo sen bragueta¹²¹, coas súas lentes atadas ao pucho, díxolles aos seus compañeiros referíndose a el:

- Velaí talmente unha figura de cornudo.

Panurgo, a causa das súas lentes, ouvía con moita maior claridade que de costume. Daquela, ao sentir ese comentario, preguntoulle ao vendedor:

- Como diaño podería eu ser cornudo se aínda non estou casado, cousa que che acontece a ti polo que podo deducir da túa facha malencarada?

- E mais é certo- respondeu o vendedor- estouno, e non quixera non o estar nin por todas as lentes de Europa nin por todos os anteollos de África. Porque teño en matrimonio unha das máis fermosas, máis falangueiras, máis honestas e máis recatadas mulleres que poida haber en todo o país de Saintonge, e que non lle pareza mal ás demáis. Lévolle da miña viaxe como presente unha bonita póla de coral

¹¹⁴ A babor.

¹¹⁵ Terra ao norte do esteiro do río Gironde, próxima á Turena natal de Rabelais (e por conseguinte de Gargantúa e Pantagruel).

¹¹⁶ Semella aludir a unha sexta sesión do Concilio de Trento que non se chegou a celebrar.

¹¹⁷ *Linternear*, como xa dixemos, era un verbo que podía ter tamén un significado sexual, igual que *linterna*, polo que pode haber un equívoco deliberado.

¹¹⁸ En hebreu "guerreiros".

¹¹⁹ En hebreu "amigo".

¹²⁰ A Turena, terra de Rabelais, é coñecida como "o xardín de Francia". No tempo do Renacemento floreceron tamén os castelos nesa zona, no val do Loira, algún deles -como o de Chambord- mandado construír por Francisco 1º, o monarca "pai das letras", que Rabelais transpón frecuentemente nas figuras de Gargantúa e Pantagruel.

¹²¹ A bragueta era unha prenda triangular que se levaba por riba das calzas, medias de lá que ían dende a cintura á punta dos pés. Xa en Pantagruel a bragueta de Panurgo ten un importante protagonismo.

vermello, de once pulgadas de longo¹²². E a ti que che importa? En que te metes? Quen ves sendo? De quen es? Oh, lenteiro¹²³ do Anticristo, responde se es de Deus!

- Pregúntoche eu a ti: se por consentemento e conveniencia de todos os elementos eu tivera sacuditrompiquezado¹²⁴ a túa tan fermosa, tan falangueira, tan honesta e tan recatada muller, de modo que o teso deus dos xardíns, Príapo, que vive aquí en liberdade ao decaír a suxección das braguetas atadas, lle tivera quedado dentro do corpo, co malfado de que nunca sairía del e quedaría alí para sempre non sendo que ti o tirases cos dentes que habías ti facer? Habíalo deixar alí sempiternamente? Ou habíalo tirar a poder de dentes? Responde, oh, corneiro¹²⁵ de Mafoma, pois que es de todos os demos!

- Vouche dar un espadazo nesa orella lenteira e matarte coma un carneiro - respondeu o vendedor.

E dicindo isto púxose a desembaiñar a espada, mais esta prendía na funda porque ben sabedes que no mar todos os arneses se cargan doadamente de ferruxe a causa da humidade excesiva e nitrosa. Panurgo recorreu a Pantagruel para que o valesse. Frei Xoán botoulle a man ao seu bracamarte¹²⁶, recién afiado, e sería quen de matar salvaxemente ao vendedor se non fora que o patrón da nave e outros pasaxeiros suplicáronlle a Pantagruel que non se fixese escándalo na súa embarcación. Polo que Panurgo e máis o vendedor arranxaron a súa diferenza, apertáronse as mans, e brindaron ledamente un polo outro en sinal de enteira reconciliación.

¹²² Equívoco sexual.

¹²³ O vendedor xa aludiu a *todas as lentes de Europa*, agora chámalle a Panurgo *lenteiro* de igual xeito que máis adiante fala de *orella lenteira*.

¹²⁴ Verbo creado a partir de *sacudir*, *trompicar* e *inzar*.

¹²⁵ Se o outro lle chamou *lenteiro*, Panurgo respóndelle con *corneiro* denominación de dobre sentido pois alude a que é un vendedor de *cornos* (carneiros) e mais a que é un *cornudo*.

¹²⁶ "Espada". Tamén a palabra, noutros contextos, pode ter un significado sexual.

CAPÍTULO 6

COMO, CALMADA A DISPUTA, PANURGO RELEA CON DINDENAUULT POR UN DOS SEUS CARNEIROS

Calmada totalmente esta disputa, Panurgo díxolles polo baixo a Epistemón e máis a Frei Xoán: "Arredádevos un pouquiño e divertídevos ledamente co que ides ver. Vai haber xogo abondo, se é que a corda non rompe". Logo, dirixiuse ao vendedor e brindou de volta por el cunha copa chea de bo viño linternés. O vendedor devolveullo gallardamente, con toda cortesía e cumprimento. Feito isto, Panurgo pediulle afervoadamente que fixese o favor de lle vender un dos seus carneiros. O vendedor respondeulle:

- Malpocado de min! Meu amigo, noso veciño, moito vos chufades da xente pobre! Que cliente máis bo! Valente comprador de carneiros! Éche boa! Non tedes traza ningunha de comprador de carneiros senón de cortador de faldriqueiras! San Nicolás me valla! Había ir ben xunta vós o que levase a faldriqueira ben chea no día da festa grande! A quen non vos recoñecera seguro que o habiades enganar! E velaí tedes, xente toda, como pinta o personaxe importante!

- Pacienciaña! -dixo Panurgo- Pero, a propósito, véndedeme por un favor especial un dos vosos carneiros. A canto?

- Como di, noso veciño, meu amigo? -respondeu o vendedor- Son carneiros das moedas de ouro¹²⁷. Aí foi onde Xasón colleu o vélaro¹²⁸. De aí procede a orde da casa de Borgoña¹²⁹. Son carneiros de Oriente, carneiros de alto fuste, carneiros de alta graxa.

- De acordo -dixo Panurgo- mais facei o favor de me vender un, que é de razón. Heivos pagar axiña cumpridamente en moeda de Occidente, de leño curto e de baixa graxa.

- Noso veciño, meu amigo, -respondeu o vendedor- escóitame un pouco pola outra orella.

- Ao voso mandado.

- Ides ao país das Linternas?

- Vou.

- Ver terras?

- Vou.

- Todo ledó?

- Vou.

- E non vos chaman Pinchacarneiro?

- Como vos queirades.

- Non é por vos ofender.

- Así o entendo.

- E non sodes o bufón do rei?

- Son.

¹²⁷ Varias moedas levaban a figura dun *agnus dei*.

¹²⁸ Alusión ao mito de Xasón e o vélaro de ouro.

¹²⁹ O colar da orde da *Toison d'or* ou Vélaro de ouro, instituída no século XV, leva no centro un vélaro ou vedello de ouro.

- Pillade iso! Ha, ha, ha! Ides ver terras, sodes o bufón do rei e chamádesvos Pinchacarneiro. Mirade para este carneiro, tamén lle chaman Pinchacarneiro, como a vós. Pinchacarneiro, Pinchacarneeeiro, Pinchacarneeeiro!
- Mee! Mee! Meeee!
- É unha voz ben bonita!
- Bonita e máis harmoniosa.
- Velaí un trato que imos facer entre vós e mais eu, noso veciño e amigo: vós, que sodes Pinchacarneiro, ídesvos poñer neste prato da balanza, e o meu Pinchacarneiro vai estar no outro, e apóstovos un cento destas ostras de Busch¹³⁰ que, polo peso, valor e consideración, havos lanzar ben enriba, do mesmo xeito que un día habedes estar pendurado e colgado.
- Pacienciña -dixo Panurgo-Mais habiades facer moitísimo por min e pola vosa descendencia se mo quixerades vender, ese, ou senón outro de baixo coro¹³¹, señor excelentísimo.
- Noso amigo, -respondeu o vendedor- meu veciño, co vedello destes carneiros hanse facer os finos panos de Ruán; as madeixas de fío de Limestone non son senón borra en comparanza con aquel. Coa pelica hanse facer bos marroquinos, que se venderán como marroquinos turcos ou de Montelimar, ou, como moito, de Hespaña. Coas tripas hanse facer cordas de violín e de harpa, que se venderán tan caras como se fosen cordas de Munich ou de L'Aquila. Que vos parece?
- Tede a bondade de me venderdes un -dixo Panurgo- Eu hei quedar ben obrigado ao ferrollo da vosa porta¹³². Velaí teño eu diñeiro contante. A canto?

E dicindo isto, mostraba a súa falchoca, chea de Henriques recién fabricados.¹³³

¹³⁰ Lugar da costa de Arcachon célebre polas súas ostras.

¹³¹ Ao *alto fuste* e a *alta graxa*, Panurgo opúxolles o *leño curto* e a *baixa graxa*. Do mesmo xeito - xa que o tal carneiro ten unha "voz ben bonita" segundo o vendedor- fala agora de *baixo coro*, lugar de segunda categoría na colocación dos dignitarios eclesiásticos nas catedrais.

¹³² Expresión que lembra unha cerimonia de submisión feudal.

¹³³ Os *henriques*, moedas coa efixie de Henrique II, non existían cando Rabelais escribe o *Cuarto libro*. Son falsos, logo, eses *recén fabricados*. En *Pantagruel* xa se dixo que Panurgo era amigo de utilizar moeda falsa.

CAPÍTULO 7

CONTINUACIÓN DO RELEO ENTRE PANURGO E DINDENAULT

- Meu amigo, -respondeu o vendedor- noso veciño, esta é vianda só para reis e príncipes. A súa carne é tan delicada, tan saborosa e tan gorenteira que dá gloria. Tráíooos dun país no que os porcos (Deus nos asista!) comen só mirobálanos, e ás cochas paridas (dispensando os presentes todos) só lles dan como mantenza flores de laranxeiro.

- E mais vendeime un -dixo Panurgo- Heivos pagar coma un rei, a fe de soldado. A canto?

- Noso amigo, -respondeu o vendedor- meu veciño, son carneiros que proceden da propia raza do que levou a Frixo e a Hele polo mar chamado Helesponto.

- Arrebicho! -dixo Panurgo- Vós sodes *clericus vel adiscens*¹³⁴.

- *Vide* son bacelos, -respondeu o vendedor- *supra* son cebolas. Mais Prrrrr, prrrrr! Pinchacarneiro, prrrrr, prrrrr! Vós non entendedes esta lingua! A propósito, en todos os campos onde eles mexan, medra o trigo como se mexara Deus. Non fai falta outro abono nin esterco. Xa hai de máis. Da súa urina tiran os quintaesencistas o mellor salitre do mundo. Coas súas cagallas (vostedes desimulen) curan os médicos das nosas terras setenta e oito clases de enfermidades, sendo a menor o mal de San Eutropio de Saintes¹³⁵ (Deus nos libre del!) Que vos parece, noso veciño, meu amigo? Tamén me custan ben.

- Custe o que custe -respondeu Panurgo- véndédeme un deles, que será ben pago.

- Noso amigo, -dixo o vendedor- meu veciño, considerade un pouco as maravillas da natureza que constitúen estes animais que aquí vedes, mesmo nun membro que estimariades inútil. Collédeme esas cornas e machucádeas un pouco cun mazo de ferro ou un trasfugueiro, éme o mesmo. Logo, enterrade no solleiro a porción delas que vós queirades e regádeas con frecuencia. En poucos meses, habedes ver nacer os mellores espárragos do mundo. Só exceptuaría, se cadra, os de Ravena. Víndeme dicir agora que a vosa cornamenta, señores cornudos, ten tal propiedade e tán mirífica!

- Pacienciña -respondeu Panurgo.

- Eu non sei -dixo o vendedor- se vós sodes letrado. Eu teño visto letrados abondo, quero dicir grandes letrados, cornudos. A fe que si! A propósito, se forades letrado habiades saber que nos membros máis inferiores destes animais divinos, que son os pés, hai un oso, que é o talón (o astrágalo, se preferides) co que -deste e non doutro animal do mundo non sendo o asno indio e as dorcadas¹³⁶ de Libia- se xogaba antigamente ao rexio xogo das tabas, no que o emperador Octaviano Augusto gañou un serán máis de cincuenta mil escudos. Vosoutros, cornudos, non sodes quen de gañar tantos!

- Pacienciña -dixo Panurgo- E mais, vamos rematando!

¹³⁴ "Letrado ou estudante". Pero o vendedor de carneiros demostra non selo ao non saber latín e interpretar ben torpemente (ou ridiculizando de mantenta) unha frase latina que nos transpomos en *Vide supra*.

¹³⁵ A hidropesía.

¹³⁶ Gacelas.

- E cando -dixo o vendedor- vos darei louvado dignamente, noso amigo, meu veciño, os membros internos? A espádua, as pas, o pernil, o entrecosto, as costeletas, o peito, o fígado, a paxarela, as tripas, o boche, a vexiga, coa que se xoga á pelota, as costelas, coas que se fan en Pígemea os bonitos arquiños para tirar carabuñas das cereixas contra os grous, a testa, coa que, en lle botando un pouco de xofre, se fai unha mirífica decocción para facer ralbar os cans entalados de ventre.

- Merda e remerda! -díxolle o patrón da nave ao vendedor- Xa releastes abondo! Véndello se queres, se non queres non o entreteñas máis!

- Véndollo, polo aprezo que vos teño -respondeu o vendedor- Mais ha pagar tres libras pola peza que escolla.

- Moito é -dixo Panurgo- Na nosa terra, por ese diñeiro, había ter ben cinco ou seis. Tende conta que non sexa de máis. Non sodes o primeiro que eu coñezo que, por se querer poñer rico e triunfar demasiado rápido, fixo do revés e caíu na pobreza, e mesmo ás veces partiu o pescozo.

- Así pilles unhas febres cuartás, trosma e parvo! -dixo o vendedor- Pola santa reliquia de Charroux¹³⁷, o máis ruín destes carneiros vale catro veces máis que o mellor dos que antigamente os coraxianos da Tudetania, bisbarra de Hespaña, vendían a un talento de ouro a peza! E que che parece a ti, parvo ben pago, que valía un talento de ouro?

- Bendito señor- dixo Panurgo- estádesvos alporizando, polo que eu vexo e entendo. Ben, tomade, velaí tedes o voso diñeiro!

Panurgo, despois de lle pagar ao vendedor, escolleu de todo o rebaño un carneiro grande e fermoso, e levouno berrando e meando, en canto que os outros todos meaban tamén con el e miraban para que sitio levaban ao seu compañeiro. Entrementres, o vendedor dicíalles aos seus pegureiros.

- Moi ben soubo escoller, o candongueiro! Entende do choio, o lampantín! Para falar a verdade: tíñao reservado para o señor de Cancale, que eu coñezo ben os seus gustos. Porque el ponse ledó e contente cando ten unha pa de carneiro, ben acaída e axeitada, coma unha raqueta de man esquerda, e cun coitelo que corte ben Deus sabe como espadachea!

¹³⁷ Entre as reliquias desta abadía estaba o prepucio de Cristo, que procedía, segundo dicían, do momento da circuncisión.

CAPÍTULO 8

COMO PANURGO FIXO AFOGAR NO MAR O VENDEDOR E OS CARNEIROS

De súpeto, non sei como (o caso foi repentino e non tiven tempo a consideralo), Panurgo, sen dicir máis nada, bota no medio do mar o seu carneiro que berraba e meaba. Todos os outros carneiros, berrando e meando coa mesma entoación, comezaron a se botar e a saltar ao mar atrás súa en fileira. Apiñocábanse para ser o primeiro en saltar tras o seu compañeiro. Non era posíbel privárllelo, pois sabedes que é natureza do carneiro seguir sempre ao primeiro, vaia el onde vaia. Tamén di Aristóteles no libro IX da *Historia dos animais* que este é o animal máis parvo e inepto do mundo.

O vendedor, todo arrepiado porque estaba a ver diante súa pereceren e afogaren os seus carneiros, esforzábase por impedírllelo e por reter todos cantos puidera. Mais era en van. Todos saltaban en fileira ao mar e perecían. Finalmente, el colleu un grande e forte polo vedello na ponte do barco, coidando así retelo e mais, como consecuencia, salvar o resto. O carneiro tiña tanta forza que levou con el para o mar o vendedor -que afogou- do mesmo xeito que os carneiros de Polifemo, o Cíclope chosco, levaron fóra da caverna a Ulises e os seus compañeiros. Igual fixeron os outros pastores e pegureiros, uns colléndoos polas cornas, outros polas patas, outros polo vedello. E todos eles foron igualmente parar ao mar e afogaron miserábelmente.

Panurgo, á beira do fogón, cun remo na man -mais non para axudar os pegureiros senón para lles privar de subiren ao barco e de evitaren o naufraxio- predicáballes con elocuencia, como se fose un pequeno frei Olivier Maillard ou un segundo frei Jean Bourgeois¹³⁸, mostrándolles con figuras de retórica as miserias deste mundo e o ben e a sorte da outra vida, afirmando seren máis felices os defuntos que os vivos neste val de bágoas, e prometendo de lles erixir a cada un deles un fermoso cenotafio e sepulcro no seu honor, no cumio do monte Cenís¹³⁹, ao seu regreso do país das Linternas; desexándolles malia isto, no caso de que non lles disgustase vivir aínda entre os humanos e non lles viñese á idea afogaren así, boa fortuna e o encontro dalgunha balea que despois de tres días os devolveuse sans e salvos a algún país fabuloso, seguindo o exemplo de Xonás.

Baleirado de vendedor e de carneiros o barco, dixo Panurgo:

- Queda aquí algunha alma carneiresca? Onde van as de Thibaut Cordeiriño e as de Renaud Cornado¹⁴⁰, que durmen cando os outros gardan as ovellas? Non o sei. É unha artimaña da vella guerra. Que che parece, frei Xoán?

- Todo moi ben canto a vós -respondeu frei Xoán- Non atopei mal cousa ningunha, senón que me parece que, así como antigamente, na guerra, adoitábase prometerlles dobre paga aos soldados, no día de asalto ou de batalla, e se eles gañaban a batalla xa había dabondo con que pagar, e se a perdían sería vergoña pedila

¹³⁸ Célebres predicadores da época.

¹³⁹ Nos Alpes, perto de Turín.

¹⁴⁰ O primeiro deles é un personaxe da *Farsa do Avogado Patelín*; trátase do pastor que engana ao comerciante de panos roubándolle algunhas das ovellas que tiña que gardar. O segundo non se puido identificar.

(como fixeron despois da batalla de Cerisola¹⁴¹ os Gruyères¹⁴² que fuxiron dela), tamén vós, ao final, tiñades que conservar o pago, quedándovos o diñeiro na bolsa.

- Ben cuspidos, iso dos cartos! -dixo Panurgo- Caso en tal, divertínme por máis de cincuenta mil francos! Retirémonos, o vento é propicio. Frei Xoan, escoita isto: endexamáis home ningún me puxo contente sen recompensa, ou polo menos recoñecemento. Eu non son ingrato e nunca o fun nin o hei ser. E endexamáis home ningún me puxo descontente sen que se arrepentira, neste mundo ou no outro. Eu non son tan fato.

- Estaste a condenar coma un vello diaño -dixo frei Xoán- Está escrito: *Mihi vindictam*¹⁴³, etc. Materia de breviario.

¹⁴¹ Batalla das guerras en Italia entre os franceses e os españois que tivo lugar en abril de 1544. As tropas de Carlos V foron vencidas polas de Francisco 1º.

¹⁴² As tropas suizas do conde de Gruyère terían fuxido da batalla porque non lles pagaran o prometido e, despois, terían reclamado a paga.

¹⁴³ Cita dunha epístola de San Pablo que defende o perdón das ofensas ("Porque nós sabemos quen foi o que dixo: *A vinganza pertéceme a min*").

CAPÍTULO 9

COMO PANTAGRUEL CHEGOU Á ILLA DE ENASOS E DAS ESTRANHAS ALIANZAS DO PAÍS

Céfiro seguía connosco, acompañado dun pouco de garbino¹⁴⁴, e xa pasáramos unha xornada sen dexergarmos terra. No terceiro día, ao mencer das moscas¹⁴⁵, apareceunos unha illa triangular, moi semellante canto á forma e configuración a Sicilia. Chamábanlle a Illa das Alianzas.

Os homes e as mulleres asemellan aos pictevinos vermellos¹⁴⁶, non sendo que todos, homes, mulleres e rapaces, teñen o nariz en figura dun as de trevo. Por esta causa, o nome antigo da illa era Enasos¹⁴⁷. Todos estaban emparentados e aliados entre eles, do que se gababan. E díxonos cortésmente o rexedor do lugar:

- Vosoutros, xentes do outro mundo, tedes por cousa admirábel que dunha familia romana (os Fabios) un día (o trece de febreiro) por unha porta (a porta Carmental, antigamente situada ao pé do Capitolio, entre a Rocha Tarpea e o Tíber, chamada dende entón Criminosa), contra certos inimigos de Roma (os etruscos de Veies) saísen trescentos seis guerreiros, todos parentes, con outros cinco mil soldados, todos seus vasalos, que resultaron aniquilados todos eles (foi cabo do río Cremera, que sae do lago de Bracciano)¹⁴⁸. Pois deste país, en caso de necesidade, han saír máis de trescentos mil, todos parentes e dunha familia.

Os seus parentescos e alianzas eran ben estraños porque, sendo así parentes todos e aliados uns dos outros, atopámonos con que ningún deles era pai ou nai, irmán ou irmá, tío ou tía, curmán ou sobriño, xenro ou nora, padriño ou madriña doutro. Non sendo, de certo, un vellote nacho a quen eu vin chamarlle a unha cativiña de tres ou catro anos de idade "*meu pai*" e a cativiña chamarlle a el "*miña filla*."

O parentesco e alianza entre eles era que un chamáballe a unha muller "*miña robaliza*" e a muller chamáballe a el "*meu arroaz*".

- Estes -dicía frei Xoán- deben cheirar ben á maré despois de fregaren xuntos os touciños.

Un chamaba a unha moceta garrida sorrindo "*Bo día, miña estriga!*" e ela volveulle o saúdo dicindo "*Boa xeira, meu restrelo!*"¹⁴⁹

-Oi, oi! -exclamou Panurgo- Vinde ver unha estriga e un restrelo! E mais non se restrelan as estrigas? A esta estriga veludosiña débenvola restrelar ben!

Outro saudou á súa rapariga dicindo "*A mais ver, miña mesa!*" e ela respondeulle "*O mesmo digo, meu preito!*"

- Vállame San Ringán! -dixo Ximnasta- Ese preito debe andar sempre enriba da mesa.

Un chamáballe a outra "*meu vai*" e ela chamáballe seu "*ven*".

¹⁴⁴ O céfiro é o vento do oeste e o garbino do suroeste

¹⁴⁵ Cara ao mediodía, cando as moscas comencan a picar a causa da calor.

¹⁴⁶ Os *pictavos* foron pobos célticos da Galia que habitaban a zona do Poitou, a rexión de Poitiers. Os *pictos* (chamados así por pintaren o corpo) foi un pobo precéltico da Escocia.

¹⁴⁷ De *e-naso*, é dicir "sen nariz".

¹⁴⁸ Historia contada por Tito Livio e mais Ovidio.

¹⁴⁹ A *estriga* era un feixe de liño que se fregaba contra o *restrelo* -unha especie de táboa con púas- para separar a fibra, no proceso de elaboración do fió.

- Haivos vaivén, aí -dixo Eustenes.

Outro saudou a unha súa aliada dicindo "*Bon día, miña vasoira!*" e ela respondeu "*E mais ti, meu mango!*"

- Pardiola! -exclamou Carpalim- Como mangan esa vasoira? Como vasoiran ese mango? E non vos será o *mangar* que lles gusta ás cortesás romanas? Ou a *manga* dalgún franciscano?

Andando un pouco, vin un langrán que ao saudar á súa aliada chamoulle "*meu colchón*" e ela chamoulle "*meu cobertor*". E, en efecto, el tiña pinta de manta.

Un chamáballe a outra "*miña miga*" e ela chamáballe "*miña codia*". Un a outra chamáballe súa "*pa*" e ela chamáballe seu "*zoscadoiro*"- Un a outra chamáballe "*miña chinela*" e ela chamáballe "*miña pantufa*". Un a outra chamáballe "*miña zoca*" e ela chamáballe seu "*galorcho*". Un a outra chamáballe súa "*luva*" e ela chamáballe "*meu guante*". Un a outra chamáballe "*miña pelica*" e ela chamáballe seu "*lardo*". Había entre eles parentesco de pelica de lardo.

En semellante alianza, un chamáballe a unha súa "*miña tortilla*" e ela chamáballe "*meu ovo*", estando aliados como tortilla de ovos. Coa mesma, outro chamaba a unha súa "*miña tripa*" e ela chamáballe seu "*calleiro*". E endexamais puiden saber que parentesco, alianza, afinidade ou consanguinidade houbo entre eles, non sendo que nos dixeron que ela era tripa dese calleiro. Outro, ao saudar a unha súa dicía "*Saudiña, miña cuncha!*" e ela respondeu "*E a vós, miña ostra!*".

- É unha ostra na cuncha -dixo Carpalim

Outro saudaba igualmente a unha súa dicindo "*Boa vida, miña casula!*" e ela respondeu "*Moi longa a vós, meu chícharo!*"

- É un chícharo na casula -dixo Ximnasta

Outro agradábel alto e esfameado, montado enriba de altos zancos de madeira, ao atopar unha moza grasa, grosa e baixota, díxolle "*Deus garde o meu trompo, o meu peón, a miña buxaina!*" e ela respondeulle toda fachendosa "*De parte a parte, miña piola!*"

- Sandioliña! -dixo Xenómano- Será el piola axeitada para facer bailar esa buxaina?

Un profesor doutor ben peiteado e toucado, despois de conversar un pouco tempo cunha alta damisela, díxolle ao se despedir "*Moitas grazas, risas!*". E ela díxolle a el "*Moitas grazas a vós, choras!*"

- Das risas ás choras -dixo Pantagruel- non é alianza inadecuada.

Un home maduro, ao pasar, díxolle a unha moceta "*Oi, oi, oi! Hai ben tempo que non vos vexo, Musa!*" e ela respondeulle "*Encantada de vos ver, Corna!*".

- Acopládeos e soprádelles no cú -dixo Panurgo- e ha resultar unha cornamusa.

Outro chamoulle a unha súa "*miña porca*" e ela chamoulle "*meu gran*". Daquela veume ao pensamento que esa porca volvía con gusto por aquel gran.

Vin un pillabán algo chepudo saudar cabo de nós a unha súa aliada dicindo "*Adeus. meu buraco!*" e ela volveulle o saúdo dicíndolle "*Deus vos axude, miña caravilla!*". Frei Xoán dixo:

- Eu coido que ela é todo buraco, e igualmente el todo caravilla. Agora cómpre saber se ese buraco pode ser enteiramente entupido por esa caravilla.

Outro saudou a outra súa dicindo "*Adeus, miña silveira!*" e ela respondeu "*Bos días, meu paxariño!*".

- Eu coido -dixo Ponocrates- que este paxariño anda moito na silveira.

Un langrán, parolando cunha moza galana, dicíalle "*Lembrádevos, bufa!*" e ela respondeulle "*Heime lembrar, peido!*"

- Vos chamádeslles parentes a ester? -díxolle Panurgo ao rexedor- Eu penso que son inimigos e non aliados entre eles, porque el chamoulle a ela *bufa*. Na nosa terra non dariades aldraxado máis a unha muller en chamándolle así.

- Boa xente do outro mundo -respondeu o rexedor- tendes vós poucos parentes tan próximos como son este Peido e esta Bufo. Os dous saíron invisíbelmente dun buraco nun instante.

- O vento de Galerna¹⁵⁰ déralle unha boa abaneadura á súa nai -dixo Panurgo

- De que nai falades? -dixo o rexedor- Ese é un parentesco do voso mundo. Eles non teñen pai nin nai. Esa é cousa da xente de alén a auga, xente calzada con palla.

O bon Pantagruel vía e escoitaba todo, pero ante estas afirmacións coidou perder a paciencia.

Despois de termos considerado con moita curiosidade a posición da illa e os costumes do pobo enaso, entramos nunha taberna para nos refrescarmos un pouco. Nela estíbese facendo unha boda segundo o uso do país. Había festa rachada. Presentes nós, fíxose o ledo casamento dunha pera, muller ben gallarda na nosa opinión (inda que os que a tiñan apalpado dicían que era molanqueira), cun queixo noviño de peluxe roxelo. Eu tiña sentido outras veces falar disto, e noutras partes tiñáanse feito varios destes casamentos. Aínda se di nas nosas aldeas que nunca nada tan ben casou como a pera co queixo.

Noutra estancia vin que estaban casando unha bota vella cun borceguín novo e flexíbel. E díxéronlle a Pantagruel que o borceguín novo tomaba como muller a bota vella porque era de coiro resistente, moi experimentada e engraxada de a feito, mesmo que fose para un pescador.

Noutra estancia baixa, vin un escarpín mociño casar cunha pantufa vella. E díxéronnos que non era pola beleza ou as grazas dela, senón por avaricia e cobiza de ter os escudos que levaba cosidos.

150

Vento do noroeste.

CAPÍTULO 10

COMO PANTAGRUEL DESCEU NA ILLA DE CHELI NA QUE REINABA O REI SAN PANIGÓN

O garbino soprábanos á popa cando, deixando eses pouco agradabeis alianceiros co seu nariz de as de trevo, nos metimos ao alto mar. Sobre a declinación do sol fixemos escala na illa de Cheli¹⁵¹, illa grande, fértil, rica e populosa na que reinaba o rei San Panigón. Este, acompañado dos seus fillos e príncipes da súa corte, trasladárase ata o ancoradoiro para recibir a Pantagruel e conduciuno ata o seu castelo. Rentes da entrada do torreón presentouse a raíña, acompañada das súas fillas e das damas da corte. Panigón quixo que ela e todo o seu séquito bicasen a Pantagruel e á súa xente. Tal era a cortesía e costume do país. E así se fixo, non sendo tocante a Frei Xoán, que se ausentou e arredou no medio dos oficiais do rei.

Panigón quería a toda costa reter a Pantagruel ese día e mais o seguinte. Pantagruel escusouse baseándose no tempo sereno e no vento favorábel, que é moito máis desexado polos viaxeiros do que é atopado, e que cómpre aproveitar cando aparece porque non aparece en todas as ocasións que un quere. Perante esta obxección, despois de beber vintecinco ou trinta veces cada home, Panigón despediunos.

Pantagruel, ao regresar ao porto e non ver a Frei Xoán, preguntou por que parte andaba e por que non estaba xunto aos compañeiros. Panurgo non sabía como escusalo e quería voltar ao castelo para chamalo cando surxíu Frei Xoán todo ledo e exclamou con gran alegría de corazón:

- Viva o nobre Panigón! Caso en tal, fai achas na cociña! Veño dela e todo corre a potes! Esperaba poder encher ben alí o molde do meu hábito, como é uso e proveito monástico!

- Entón, meu amigo! -dixo Pantagruel- Sempre nas cociñas!

- Unha galiña me valla! -respondeu Frei Xoán- Coñezo mellor o uso e ceremonial delas que o de tanta garatuxa con esas mulleres: tralarín-tralarán, dobre reverencia, repetición, rodear co brazo o colo, rodear o van, bico a man de vosa graza, de vosa alteza, sede benvido, patatín e patatán. Merda! Canta cagaricada e mexaricada¹⁵²! Arredemontre! Non digo que non sería quen de botar un grolo para poder insinuarme, pero esa merdallada das reverencias moléstame máis que un longo xexún. San Bieito nunca mentiu

Vós falades de bicar as damas? Polo digno e sagrado hábito que levo, de boa gana me arredo diso, non sexa que me aconteza o que lle aconteceu ao señor de La Guerche¹⁵³!

- O que? -preguntou Pantagruel- Eu coñezoo, é un dos meus mellores amigos.

- El estaba convidado -dixo Frei Xoán- a un suntuoso e magnífico banquete que daba un seu parente e veciño, ao que igualmente estaban convidados todos os fidalgos, damas e damiselas da veciñanza. Estas, sabedoras da súa chegada, disfrazaron os paxes da xuntanza e vestíronos de damiselas ben pimpantes e

¹⁵¹ A palabra *cheli* proviría do hebreu "*paz*".

¹⁵² Xogo de palabras, en vez de *mexericada*, inducido por *cagaricada*.

¹⁵³ Señorío que existía perto de Tours.

compostas. Os paxes adamiselados presentáronse a el por onde a ponte levadiza. El bicounos a todos con gran cortesía e magníficas reverencias. Cara ao final, as damas, que estaban a agardalo na galería, escacharon a rir e fixéronlles acenos aos paxes para que quitasen os seus adovíos. Vendo isto o nobre señor, por vergoña e despeito, non se dignou a bicar a aquelas damas e damiselas auténticas, alegando que, de igual xeito que lle disfrazaran os paxes, agora habían ser os criados máis finamente disfrazados.

Caso en tal! (dispensando) Por que mellor non trasladamos as nosas humanidades á fermosa cociña de Deus e non consideramos nela o acaneo dos espetos, a harmonía das gramalleiras, a posición dos touciños, a temperatura dos potaxes, os preparativos da sobremesa ou a orde do servizo do viño? *Beati immaculati in via*¹⁵⁴. É materia de breviario.

¹⁵⁴

Comezo dun salmo.

CAPÍTULO 11

POR QUE OS FRADES GUSTAN DE ESTAR NA COCIÑA

- Agora falastes como un verdadeiro frade -dixo Epistemón- Quero dicir frade fradeante e non frade fradeado¹⁵⁵. Traédesme de certo á memoria o que vin e ouvín en Florencia hai uns vinte anos. Eramos un grupo de persoas estudiosas, amantes das viaxes e degoxosas de visitar a xente douta, as antigüidades e as singularidades de Italia. Estabamos a contemplar daquela atentamente a configuración e a beleza de Florencia, a estrutura do domo, a suntuosidade dos templos e palacios magníficos, e entráramos en contenda a quen as exaltaría máis adecuadamente por medio de louvanzas condignas, cando un frade de Amiens, chamado Bernard Lardón¹⁵⁶, como se estivese todo amolado e fose vítima dunha conxura, díxonos:

- Non sei que diante atopades aquí para gabar tanto. Tamén o eu contemplei coma vós e non son máis cego do ca vós. E logo? Que é? Son casas bonitas. Mais nada. Pero, vállame Deus e o señor San Bernardo, noso patrón, en toda esta cidade aínda non levo visto asadoiro ningún, e fun mirando e observando atentamente! Mesmo vos digo que fun apropiando, disposto a contar, tanto á dereita como á esquerda, de que lado habíamos atopar máis asadoiros asadoiriños. En Amiens, na cuarta parte do camiño, ou na terceira, do que levamos feito nas nosas contemplacións, poderíavos eu mostrar máis de catorce asadoiros antigos e recendentes. Eu non sei o pracer que tedes ao verdes os leóns e as africanas (así lles chamades vós, paréceme, ao que eles chaman tigres) rentes da torre, e igualmente vendo os porco-espiños e as avestruces no palacio do señor don Filippo Strozzi. A fe que eu quería mellor ver nun espeto un bo parrulo ben gordecho, meus fillos! Eses pórfidos e eses mármoreos son bonitos, non vou eu dicir mal deles, pero os doces de Amiens son mellores ao meu gusto. Esas estatuas están ben feitas, de acordo, mais as mocetiñas das nosas aldeas son mil veces máis falangueiras vállame San Ferreol de Abbeville!

- Que poderá significar e querer dicir -preguntou Frei Xoán- o atopades sempre frades nas cociñas e mais non atopades nunca reis, papas nin emperadores?

- Seica existe algunha virtude latente e algunha propiedade específica escondida nas potas e as gramalleiras- respondeu Rizótomo- que atrae os frades coma o imán o ferro, e non atrae emperadores, papas nin reis? Ou é unha indución e inclinación natural dos hábitos e capuchóns a que leva e empurra os bos relixiosos á cociña aínda que non fixeran a elección nin tomaran a determinación de iren aló?

- Quere dicir, formas que siguen a materia -responden Epistemón- Así as nomea Averroes.

- Pois claro, pois claro -dixo Frei Xoán.

- Vovos dicir unha cousa -repuxo Pantagruel- sen responder ao problema proposto, porque é algo rabuxento e a pouco que vos meterades nel habiadesevos espiñar. Lembro ter lido que Antígono, rei de Macedonia, entrando un día na cociña do seu campamento e encontrando alí ao poeta Antágoras, que estaba a rustir un

¹⁵⁵ Parodia da filosofía escolástica, que distingue entre "natura naturante" e mais "natura naturada" (*natura naturans* e *natura naturata*).

¹⁵⁶ Nome seguramente paródico, se temos en conta o apelido Lardón, "torresmo", que ven de "lardo".

congro e sostiña el mesmo a tixola, preguntoulle con moita rexouba: "Seica Homero rustría congros cando estaba a describir as proezas de Agamenón?". "E mais ti, rei, - respondeu Antágoras- pensas que Agamenón, cando estaba a facer esas proezas, tiña curiosidade por saber se alguén da súa acampada estaba a rustrir congros?" Ao rei semelláballe indecente que na súa cociña o poeta fixese o tal rustrido e o poeta obxectáballe que cousa máis aberrante era atopar o rei na cociña.

- Aínda vou eu superar esta, -dixo Panurgo- contándovos o que Breton Villandry¹⁵⁷ lle respondeu un día ao señor duque de Guisa. A súa conversa era sobre algunha batalla do rei Francisco contra o emperador Carlos Quinto na que Breton (que estaba elegantemente armado, mesmo con grevas e escarpíns¹⁵⁸ de aceiro, e levaba unha boa montura) malia todo non fora visto no combate. "A fe que estiven - respondeu Breton-e hame ser doado de probar! Mesmo estiven nun lugar no que vós non ousariades atoparvos". O señor duque, tomando a mal estas palabras, como proferidas de xeito demasiado bravo e temerario, xa alzaba o tono cando Breton o calmou facilmente con grandes risadas dicíndolle: "Estaba detrás das bagaxes; nese lugar non iría Vosa Excelencia esconderse, como eu facía".

Con estas miudezas chegaron aos seus navíos. E non fixeron máis longa estadía nesa illa de Cheli.

¹⁵⁷ Claude Breton, señor de Villandry, foi secretario de Francisco 1º.

¹⁵⁸ Pezas da armadura para as pernas e mais para os pés.

CAPÍTULO 12

COMO PANTAGRUEL PASOU PROCURACIÓN E DO ETRAÑO XEITO DE VIVIR ENTRE OS NOTIFIQUEIROS

Continuando a nosa rota, no día seguinte pasamos Procuración¹⁵⁹, que é un país todo chatado e esborrachado. Non din recoñecido nada. Alí estaban os procuradeiros e os notifiqueiros¹⁶⁰, xente cuberta de pelo. Non nos convidaron a beber nin a comer. Só, con longa multiplicación de douts reverencias, dixéronnos que estaban todos ás nosas ordes mediante pago. Un dos nosos intérpretes contoulle a Pantagruel como este pobo gañaba a súa vida de xeito ben estraño e diametralmente oposto aos romícolas. En Roma innumerábel xente gaña a súa vida envenenando, batendo e matando, en canto que os notifiqueiros gáñana deixando que lles batan. De modo que se durante un longo período de tempo permaneceran sen que os batesen, habían morrer de fame, eles, súas mulleres e mais seus fillos.

- É -dixo Panurgo- coma aqueles que, segundo informa Claudio Galeno, non dan ergueito o nervo cavernoso cara ao círculo ecuador¹⁶¹ se non os xostran ben. Vállame San Teobaldo¹⁶²! Polo contrario, o que me así xostrase habíame deixar ben desmontado! Arredemo!

- Velaí a maneira -dixo o intérprete- Cando un frade, crego, usureiro ou avogado lle quere mal a un fidalgo da súa terra, envíalle un destes notifiqueiros. O notifiqueiro vaino citar, sinalarlle comparecencia, aldraxalo e inxurialo insolentemente, segundo o que leve escrito no rexistro e instrucións, tanto que o fidalgo, se non está paralítico dos sentidos e máis aparvado que unha ra xirina¹⁶³, hase ver obrigado a lle zorregar uns bos paus e golpealo coa espada na testa, ou darlle pancadas nas sofraxes, ou mellor aínda, lanzalo polas ameas e fiestras do seu castelo. Feito isto, velaí tedes o notifiqueiro rico para catro meses, coma se os paus fosen a súa colleita natural. Porque el ha de apañar do frade, do usureiro ou do avogado, un bo salario, e do fidalgo unha reparación ás veces tan grande e excesiva que este ha perder nela toda a súa facenda, con perigo de apodrecer miserábelmente na prisión como se tivese agredido ao rei¹⁶⁴.

- Contra tal inconveniente- dixo Panurgo- sei eu un remedio moi bo, que utilizaba o señor de Basché¹⁶⁵.

- Cal? -preguntou Pantagruel.

- O señor de Basché -dixo Panurgo- era un home valente, virtuoso, magnánimo e cabaleiroso. Ao el voltar de certa longa guerra na que o duque de Ferrara, coa axuda dos franceses, se defendera ardidamente contra as furias do papa Xulio segundo, cada

¹⁵⁹ *Pasar procuración* é frase xurídica ("outorgar poder para ser representado"). Neste capítulo Rabelais dirixe de novo a súa sátira contra un dos seus obxectivos favoritos, o mundo da Xustiza, aquí representado fundamentalmente polos *notifiqueiros*.

¹⁶⁰ Naturalmente, son os procuradores e os notificadores.

¹⁶¹ Viría sendo a cintura do corpo humano.

¹⁶² Santo que se flaxelaba duramente. Parece que tamén era o patrón dos cornudos.

¹⁶³ Cabezolo ou cágado.

¹⁶⁴ Eran numerosísimas as agresións aos notificadores e oficiais de Xustiza segundo se desprende dos moitos procesos dos que se conserva documentación. Por tal motivo tratouse de penalizalas severamente.

¹⁶⁵ Lugar da rexión de Tours.

día recibía citación, sinalábanlle comparecencia e era notificado, a gusto e capricho do groso prior de Saint-Louand¹⁶⁶.

Un día, almorzando coa súa xente (como home sinxelo e xeneroso que era), mandou buscar o seu panadeiro, chamado Loire, e mais a súa muller, xunto co cura da parroquia, chamado Oudart, que lle servía de copeiro como daquela era costume en Francia, e díxolles en presenza dos fidalgos da súa casa e dos outros domésticos:

- Meus fillos, ben vedes o moito que me abouran a diario eses loubáns dos notifiqueiros. Cheguei a un punto en que, se vós non me axudades, estou decidido a abandonar o país e porme ao servizo do Sultán. Por todos os demos! De agora en diante, ao que veñan aquí, vós, Loire, e mais vosa muller, estái preparados para vos presentardes no meu salón principal coa vosa fermosa roupa nupcial como se fose a vosa boda, tal como casastes de primeiras. Tomai: velaí cen escudos de ouro, que vos dou para preparardes os vosos fermosos enfeites. Vós, meu señor Oudart, non deixedes de comparecer coa vosa fermosa sobrepeliz¹⁶⁷ e a vosa estola, e coa auga bendita, como para os casar. De igual xeito, vós, Trudon (así lle chamaban ao seu tamborileiro), presentaivos alí coa vosa flauta e mais o voso tambor. Ditas as palabras e bicada a noiva ao son do tambor, vós todos darédesvos os uns aos outros a lembranza da boda: unhas cotenadiñas co puño. Inda vos ha abrir o apetito. Mais cando lle chegue a vez ao notifiqueiro, malláí nel coma en centeo verde, non teñades reparos: petái, batéi e zoupái, por favor. Tomái, arestora douvos estes guantes de loita, cubertos de pel de cabrito. Daille golpes sen contalos, a torto e a dereito. O que mellor lle zoupe hase ver recoñecido co meu maior afecto. Non teñades medo de que vos leven diante da Xustiza: eu respondo por todos. Os golpes cómpre dalos rindo, segundo o costume observado en todas as bodas¹⁶⁸.

- De acordo: pero como habemos recoñecer ao notifiqueiro? -preguntou Oudart- Porque á vosa mansión chegan a diario xentes de todas partes.

- Xa eu dei orde -respondeu Basché- Cando a esta porta chegue algún home, quer a pé, quer moi mal montado, que leve un anelo de prata, groso e ancho¹⁶⁹, ha ser un notifiqueiro. O porteiro, despois de o introducir cortesmente, ha tocar a campaiña. Daquela preparaivos e vide ao salon representardes a traxicomedia que vos espuxen.

Ese mesmo día, quixo Deus que chegase un vello, gordo e rubio notifiqueiro. Ao chamar á porta, o porteiro recoñeceuno polas súas grandes polainas cheas de graxa, pola súa besta tan ruín, por un saco de pano cheo de informes atado á súa cintura e nomeadamente polo groso anelo de prata que el levaba no pulgar esquerdo. O porteiro foi cortés con el, introduciuno amabelmente e repinicou ledamente a campaiña. Ao son desta, Loire e a súa muller vestiron a súa fermosa roupa e presentáronse no salón poñendo moi boa cara. Oudart revestiu a sobrepeliz e a estola e ao saír do seu cuarto atopa o notifiqueiro; convídao ao seu cuarto a beber a oito en canto que todos os outros puñan os guantes, e dille:

- Non podiades ter chegado en momento máis oportuno: o noso amo está de boas. Imos facer festa rachada de aquí a un pouquiño. Todo vai ir a potes. Estamos de boda, na casa. Tomade, bebede, póñede vos ledos.

¹⁶⁶ Lugar, tamén, da rexión que xa apareceu citado en *Gargantúa*

¹⁶⁷ Especie de mantelete que revestían os cregos.

¹⁶⁸ Parece que era costume nalgunha rexión de Francia, coma o Poitou.

¹⁶⁹ Seguramente para utilizalo como selo.

En canto que o notifiqueiro estaba a beber, Basché, vendo no salón toda a súa xente co equipamento requerido, manda buscar a Oudart. Oudart vai, portando a auga bendita e o notifiqueiro ségueo. Ao entrar no salón non lle esqueceu facer numerosas e humildes reverencias e comunicoulle a citación a Basché. Este recibiu co máis grande agarimo do mundo e deulle un anxelote¹⁷⁰, rogándolle que asistise ao contrato e o casamento. O que así se fixo.

Contra a fin, comezaron a aparecer as puñadas, mais, ao que chegou a vez do notifiqueiro, fixéronlle a festa a grandes quantazos, de maneira que rematou atordado e macelado de a feito, cun ollo todo nunha bocha anegrada, oito costelas partidas, o esterno afundido, as omoplatas en catro anacos e a queixada en tres trincos. Todo se fixo con moitas risadas. Deus ben sabe como traballaba Oudart, acochando coa manga da súa sobrepeliz o grande guante aceirado forrado de armiño, porque era un ribaldo¹⁷¹ de coidado.

Velaí vos vai de volta para L'Isle Bouchard¹⁷² o notifiqueiro, adoviado á tigresca¹⁷³, e, con todo, ben satisfeito e contente do señor de Basché. E mediante o socorro dos bos cirurxiáns da bisbarra viviu tanto como queirades vós. Dende aquela non se volveu falar del. A súa lembranza expirou co son das campás que repinicarón no seu enterro.

¹⁷⁰ Moeda de ouro que levaba a figura do arcanxo San Miguel.

¹⁷¹ Rufián.

¹⁷² Localidade perto de Chinón.

¹⁷³ Porque leva o corpo cheo de negróns ou porque semella que o atacou un tigre.

CAPÍTULO 13

COMO, SEGUINDO O EXEMPLO DE MESTRE FRANÇOIS VILLON, O SEÑOR DE BASCHÉ LOUVA A SÚA XENTE

Ao que saíu o notifiqueiro do castelo e montou de novo na súa egua orba¹⁷⁴ (así lle chamaba el á súa besta chosca), Basché, baixo a parra do seu xardín privado, mandou chamar a súa muller e damas, a toda a súa xente, e fixo levar viño de colación acompañado de moitas empanadas e xamóns, froitas e queixos. Bebeu con eles en grande alegría e logo díxolles:

"Mestre François Villon¹⁷⁵, en chegando a vello, retirouse a Saint-Maixent, no Poitou, acollido polo favor dun home de ben, abade do devandito lugar. Alí, para lle proporcionar lecer ao pobo, propúxose facer representar a Paixón¹⁷⁶ en linguaxe poictevina e segundo a tradición do país. Distribuídos os papeis, escollidos os actores, preparado o teatro, díxolles ao alcalde e concelleiros que o Misterio podería estar listo para o remate das feiras de Niort¹⁷⁷; restaba só atopar vestimenta axeitada para os personaxes. O alcalde e concelleiros deron instrucións para que se solucionase o asunto. El, para vestir a un paisano vello que representaba a Deus Pai, solicitou de frei Estebo Batecú, sacristán dos franciscanos da localidade, que lle prestase unha capa e unha estola. Batecú negouse, alegando que polos seus estatutos provinciais estaba rigorosamente prohibido ceder nin prestar nada para as representacións¹⁷⁸. Villon replicou que o estatuto referíase só ás farsas, momarías e xogos disolutos, e que así o el vira practicar en Bruxelas e noutras partes. Batecú, malia isto, díxolle rotundamente que fora buscar noutro sitio, se lle parecía, e que non esperase nada da súa sacristía porque non había levar cousa ningunha. Villon informou aos actores con grande abominación, engadindo que Deus había facer axiña venganza e castigo en Batecú.

No sábado seguinte, Villon foi avisado de que Batecú, enriba da poldra do mosteiro (así lle chamaban eles a unha besta aínda sen cubrir) fora pasar a boeta a Saint-Ligaire¹⁷⁹ e que había estar de volta contra as dúas da tarde. Entón, organizou o desfile dos demos pola vila e o mercado¹⁸⁰. Os seus demos estaban todos embrullados en pelicas de lobo, de cuxo e de ovella agulletadas en cabezas de carneiro, cornas de boi ou grandes espetos de cociña, e cinguidos con grosas correas das que pendían grandes chocallos das vacas e axóuxeres de mulos cun ruído horríbel. Algúns levaban

¹⁷⁴ Do latín *equa orba*.

¹⁷⁵ De François Villon, o gran poeta francés do século XV, perdeuse a pista cando tiña 32 anos, despois de ser desterrado de París ao lle conmutaren a pena de morte, tras unha mocidade axitada e marxinal.

¹⁷⁶ No teatro medieval francés desenvolveuse, dentro do drama relixioso, o subxénero dos *misterios*, que representaban escenas bíblicas, e nomeadamente momentos da vida de Cristo. A Paixón desenvolveuse extraordinariamente, chegando a súa representación a ocupar varias xornadas e estando ao cargo de confrarías específicas que proliferaron por toda Francia.

¹⁷⁷ Vila do Poitou.

¹⁷⁸ É certo que estaba prohibido, aínda que había algunha colaboración oficiosa co teatro relixioso. Os actores e actrices estaban moi mal vistos e tiñan que enfrontarse a todo tipo de dificultades por parte da Igrexa e do Poder, como non seren enterrados no sagrado, nos cemiterios.

¹⁷⁹ Fora facer o petitorio, pedir esmola para o mosteiro. Saint-Ligaire é unha localidade veciña a Niort.

¹⁸⁰ Destas *es*, tradicionais na Idade Media, permanece aínda en Cataluña a tradición dos *dimonis*.

na man estadullos negros cheos de foguetes, outros portaban longos tizóns acesos, enriba dos que botaban, en cada encrucillada, presadas de resina en pó, que cichaba lume e fume estarrecedor. Despois de telos conducido así, entre o contente do pobo e o gran pavor dos meniños, levounos a xantar a unha quinta, pasada a porta que atravesa o camiño de Saint-Ligaire. Ao chegaren á quinta, dexergou el ao lonxe a Batecú, que voltaba de pasar a boeta e díxolles en versos macarrónicos:

*Hic est de patria natus de gente esmoleira
Qui solet antiquo codelos levare falchoca¹⁸¹*

-Caso en tal! -dixeron daquela os demos- El non lle quixo prestar a Deus pai unha ruín capa! Vamoslle meter un bo susto!

- Ben falado -respondeu Villon- mais ímonos agachar ata que el pase. Cargade os vosos foguetes e tizóns!

De que Batecú chegou ao sitio, todos saíron ao camiño diante del, cun enorme balbordo, cichando lume dende todos lados contra el e mais a súa poldra, batendo os seus chocallos e berrando de diaño:

- Aú, aú, aú, aú! Burrumbún, burrumbún, burrumbún! Aúuuu, aúuuu! Frei Estebo: seica non facemos ben os demos?

A poldra, arrepiada, saíu ao trote, botando peidos e dando pinchos, e ao galope, escouciñando, rinchando, alancando e estrabuxando. Tanto que guindou a Batecú polo chan, aínda que el se aferrou á albarda con todas as súas forzas. Levaba as estribeiras de corda, e polo lado contrario ao de montar encerellouselle tan fortemente a sandalia aberta que non a deu tirado. Así foi, a esfolá-cús, ás arrastras da poldra que a cada paso multiplicaba os couces contra del e co medo se arredaba polo rego, polas silveiras e polas sebes. De xeito que lle escanifrou a cabeza toda e os miolos caéronlle rente da cruz hosaneira¹⁸², logo os brazos en anacos, un aquí, outro acolá, igual que as pernas, e despois fixo unha grande carnaxe cos boches, de sorte que en chegando a poldra ao mosteiro, non levaba del senón o pé dereito coa sandalia encerellada.

Vendo Villon que acontecera o que el previra, díxolles aos seus demos:

- A fe que habedes representar ben o voso papel, señores demos, a fe que habedes. Habedes representalo ben de a feito! Desafío eu aos demos de Saumur, de Doué, de Montmorillon, de Langeais, de Saint-Espin, de Angers, e mesmo -Deus me asista!- de Poitiers co seu parladoiro¹⁸³, a ver se poden compararse a vós. Habedes representalo ben de a feito!"

- Así tamén eu dexergo -dixo Basché- que vós, meus amigos, habedes representar ben de hoxe en diante esta tráxica farsa, visto que na primeira mostra e ensaio con tanta habelencia batestes, mallastes e zorregastes no notifiqueiro. Arestora, dóbrovos a todos o que vos prometera. Vós, miña amiga, -díxolle á súa muller- facéi os honores como queirades. Sodes dona e conservadora dos meus tesouros. Canto a min, de primeiras vou beber á saúde de vós todos. Velaí: está bo e

¹⁸¹ "Este naceu de patria de xente esmoleira, que adoita levar codelos nunha vella falchoca".

¹⁸² Chamada deste xeito porque no día de Ramos cantábase un himno que comezaba: *Hosanna, filio David*".

¹⁸³ Todas son localidades do Poitou, da Turena e das terras do Loira. O *parladoiro* era un salón do Concello de Poitiers onde se celebraban sesións e actos públicos.

fresquiño! En segundo lugar, vós, meu mordomo, tomái esta bandexa de prata: dóuvola. Vós, escudeiros, tomái estas dúas copas de prata dourada. Que non lles xostren aos vosos paxes en tres meses. Miña amiga, dáilles as miñas fermosas plumaxes brancas con palliñas de ouro. Meu señor Oudart, douvos este frasco de prata. Estoutro doulo aos cociñeiros; aos covilleiros doulles esta cestiña de prata; aos palafreiros, esta barquiña de prata dourada; aos porteiros, estes dous pratos; aos muleiros, estes dez garfelos. Trudon, tomái todas estas culleres de prata e esta bomboneira. Vós, lacaios, tomái este saleiro grande. Servídeme ben, meus amigos, que eu heivolo recompensar, convencido firmemente -así Deus me salve!- de que quería mellor aturar na guerra cen mazazos sobre o elmo, en servizo do noso tan bondadoso rei, antes que ser citado unha vez por eses mastíns dos notifiqueiros, para diversión do tal gordo prior.

CAPÍTULO 14

CONTINUACIÓN DOS NOTIFIQUEIROS MALLADOS NA CASA DE BASCHÉ

Catro días despois, outro notifiqueiro mozo, alto e fraco, foi citar a Basché a requeremento do gordo prior. Á súa chegada, foi recoñecido de contadiño polo porteiro, que repinicou a campaña. Ao son desta, toda a xente do castelo entendeu o misterio. Loire estaba a amasar, súa muller a peneirar a fariña, Oudart a facer as contas, os fidalgos a xogaren á raqueta, o señor de Basché ao trescentos tres¹⁸⁴ coa súa muller, as damas aos pelouros, os oficiais á imperial, e os paxes á morra, con boas cotenadas. Todos entenderon de contadiño que chegara o notifiqueiro. Daquela, Oudart foise revestir, Loire e súa muller foron coller os seus fermosos traxes, Trudon tocar a flauta e bater no tamboril. Todos a rir, todos a se preparar e veñan as luvas!

Basché baixa ao primeiro patio. Alí o notifiqueiro, ao atopalo, púxose de xeonllos diante súa, rogoulle que non tomase a mal se, de parte do gordo prior, el o citaba, e argumentou con elocuente arenga como era persoa pública, servidor da fradaría, meiriño¹⁸⁵ da mitra abacial, disposto a facer outro tanto para el (e mesmo para o menos importante da súa casa) no lugar en que lle apracesse dispoñer e ordenar.

- A fe que non me habedes citar -dixo Basché- sen beberdes denantes do meu viño do Quinquenais¹⁸⁶ e asistirdes ao casamento que estou a celebrar arestora. Meu señor Oudart, daille ben de beber e un bo refrixerio e despois traéino ao meu salón. Benvido sexáis!

O notifiqueiro, ben fartucado e pifado, entra con Oudart no salón, no que estaban todos os personaxes da farsa en orde e ben preparados. Ao que el entrou, cada quen comezou a sorrir. O notifiqueiro ría para os acompañar, cando Oudart pronunciou sobre os noivos palabras misteriosas, lles tocou as mans, bicou á noiva e espaxeou auga bendita por riba de todos. En canto que traían viño e confeitados, comezaron a trotar as puñadas. O notifiqueiro deulle numerosas a Oudart. Este agachara baixo a sobrepeliz o seu guantelete e calzouno coma unha manopla. E a mallar no notifiqueiro! E a zorregar no notifiqueiro! E as zoupadas dos guanteletes mozos a choveren de todos lados enriba do notifiqueiro!

- Lembranza do casamento! -dicían eles- Lembranza do casamento! Lembranza do casamento!

Deixárono tan ben adoviadiño que o sangue lle saía pola boca, polo nariz, polas orellas, polos ollos... Resumindo: esmelendrados, franxidos e lañados testa, nuca, lombo, peito, brazos e todo. Podedes crer que en Aviñón, no tempo do Antroido, nunca máis melodiosamente os mozos xogaron á rapa¹⁸⁷ do que se xogou riba do

¹⁸⁴ Probabelmente, o xogo do "trescentos tres" é algún xogo de cartas no que se trata de acadar eses puntos; os "pelouros" é un xogo de rapazas, moi espallado e antigo, que se pode xogar con pelouros ou osos (as tabas); o "imperial" era un xogo de cartas de orixe italiana, e a "morra", xogo tamén da mesma orixe e aínda moi popular, consiste en adiviñar o número de dedos que estrican o adversario e o xogador ao abriren a man.

¹⁸⁵ Antigo oficial de xustiza.

¹⁸⁶ Aldea situada fronte ao castelo de Chinón. A familia Rabelais tiña probabelmente nela algunha finca.

¹⁸⁷ Non se deu identificado este xogo, no orixinal "*la raphe*". Pode que se tratara da *rapa* (ou similar), que se xoga cunha pirinola que ten unha letra por cada cara (*r* de *rapa*, *t* de *tira*, *d* de *deixa* e *p* de *pon*) que indica o que ten que facer cada xogador segundo a posición en que aquela cae.

notifiqueiro. Finalmente cae a rolos polo chan. Botáronlle viño a eito por riba da cara, atáronlle á manga do seu perponto unha fermosa librea amarela e verde¹⁸⁸ e montárono no seu faco mormoso. Non se sabe se, de volta en L'Isle Bouchard, foi ben curado e tratado tanto pola súa muller como polos físicos¹⁸⁹ da bisbarra. Dende aquela, non se volveu falar máis del.

No outro día, aconteceu un caso semellante, porque no bolso e a alforxa do notifiqueiro fraco non se atopara a execución. O prior gordo enviou un novo notifiqueiro a citar o señor de Basché, con dúas testemuñas para seguranza del. O porteiro, ao repinicar a campaña, alegrou á familia toda, que comprendeu que o notifiqueiro estaba alí. Basché estaba na mesa, xantando coa súa muller e fidalgos. Manda buscar o notifiqueiro, faino sentar ao seu carón, e as testemuñas a carón das damas, e xantaron moi ben e ledamente. Pola sobremesa, o notifiqueiro érguese, en presenza e audiencia das testemuñas, e cita a Basché. Basché amabelmente pídelles copia da súa comisión. Estaba xa preparada e el levanta acta da execución. Ao notifiqueiro e as súas dúas testemuñas déronlles catro escudos con sol. Cadaquén se retirara para a farsa.

Trudon comeza a tocar o tamboril. Basché rógalle ao notifiqueiro que asista ao casamento dun seu oficial e que recolla o contrato deste, pagándolle ben e contentándoo. O notifiqueiro foi cortés, desembaiñou o seu escritorio e dispuxo o papel axiña, coas súas testemuñas ao seu carón. Loire entrou no salón por unha porta, súa muller coas damas por outra, con vestidos de boda. Oudart, revestido sacerdotalmente, cólleos polas mans, inquire encol das súas vontades, e dálles a súa benzón sen aforrar auga bendita. Pásase o contrato e redáctase a minuta. Por unha banda traen viños e confeitados; pola outra, librea a mazo, branca e loura; pola outra, aparecen en segredo os guanteletes.

188

As cores dos tolos.

189

Denominación antiga dos médicos.

CAPÍTULO 15

COMO OS NOTIFIQUEIROS REINSTAURAN OS ANTIGOS COSTUMES DOS CASAMENTOS

O notifiqueiro, despois de golechar unha boa cunca de viño bretón, díxolle ao señor:

- E logo como é, señor? Seica aquí non dan o casamento? Polo preciosísimo sangue, pérdense os bos costumes todos! Xa non se atopan lebres nos tobos. E acabáronse os amigos. Mirade como en moitas igrexas se abandonou o antigo brinde aos benditos santos O, O, do Nadal¹⁹⁰. O mundo toleou. Estalle chegando a fin. Veña logo! Casamento, casamento, casamento!

E dicindo isto, púxose a bourar en Basché e a súa muller, e despois nas damas e mais en Oudart.

Entón os guanteletes executaron o seu mandato, e tanto zouparon que o notifiqueiro quedou coa cabeza rompida en nove sitios, unha das testemuñas co brazo dereito esnocrado e a outra coa mandíbula superior desmanchada, de xeito que lle cubría a metade do queixelo, con esfoladura da úvula e eminente perda de dentes molares, masticatorios e caninos.

Ao trocar o son do tamboril a entoación, agacharon eles os guanteletes sen que os deran visto e multiplicaron de novo as confeituras con nova alegría, brindando os bos compañeiros uns polos outros e todos polo notifiqueiro e as súas testemuñas. Oudart arrenegaba alporizado das bodas, alegando que unha das testemuñas lle desincornifistibulara¹⁹¹ o outro ombreiro todo; malia iso, brindaba por el ledamente. A testemuña desmandibulada xuntaba as mans e tacitamente pedíalle perdón, porque falar non podía. Loire queixábase de que a testemuña desbrazada¹⁹² lle dera tal lostregazo no outro cóbado que lle escachifallatrencatronfuracheara o calcaño.

- E mais -dicía Trudon taparuxando o ollo esquerdo co pano do nariz e amostrando o tamboril afundido por un lado- que mal lles fixera eu? Non lles foi dabondo con me morrambostafuchicallantapetarruallosaquetorrapipastambullar tan fortemente o meu pobre ollo, que inda por riba tiveron que afundir o meu tamboril. Habitualmente, nas bodas, bátese no tamboril non no tamborileiro, que todo o mundo lle fai moita festa. Póñao o demo de sombreiro!

- Irmán, -díxolle o notifiqueiro manco- heiche eu dar unha boa e grande carta real¹⁹³ que levo eu aquí, na miña correaxe, para remendares ti o teu tamboril. E perdón, por Deus! Vállame Nosa Señora de Rivière¹⁹⁴, a Virxe Santa, non coidaba facerche mal!

¹⁹⁰ Non existen estes santos. Nas igrexas, pola novena do Nadal, cantábase a antífona, que comezaba sempre pola exclamación latina *O* (*O Sapientia*, *O Adonai*, *O Radix*, etc.).

¹⁹¹ Empeza a utilización de verbos e substantivos burlescos creados polo autor mediante a acumulación de sílabas expresivas e palabras preexistentes. A maior parte dos elementos destas creacións verbais son recoñecíbelas, polo que obviámos maior explicación.

¹⁹² Sen brazo, logo.

¹⁹³ Que se escribían en pergamiño, en pel de carneiro.

¹⁹⁴ Santuario que está perto de Chinón.

Un dos escudeiros, coxeando e trenqueando, arremedaba ao bo e nobre señor de La Roche-Posay¹⁹⁵ e dirixiuse á testemuña que tiña a queixada por babeiro¹⁹⁶, dicíndolle:

-Sodes arrichado, arreitado ou arrotado? Non vos abondaba con nos ter descontocarranbicofodiscrebulsafociñoespapondrichado os membros superiores todos a patadóns sen nos dardes tan grandes mordiproluspiacexantecrouqueleitrangallestrondoboureamentos nas pernas a biqueiradas de zocos? Chamádeslle a isto un xogo de mozos? A fe que xogo non o é!

A testemuña, xuntando as mans, semellaba solicitar perdón, moumeando coa lingua "Món, món, món, brelón, bón, bón" coma un macaco.

A recién casada chorando ría e rindo choraba porque o notifiqueiro non se contentara, ao lle zoupar, con non escoller nin elixir os membros senón que, a maiores, despois de a ter despeluxado toda, tripantempentellorificiangumiñosperrecháralle as partes vergoñentas a traizón.

- Éche cousa do demo! -dixo Basché- Seica era necesario que o señor do Rei (os notifiqueiros chámanse así¹⁹⁷) me dese tantas lombeiradas nas miñas queridas costas? Con todo, non llas gardo: veñen sendo cariciñas nupciais. Mais decátome perfectamente de que me citou coma un anxo¹⁹⁸ e me zoscou como un demo. Ten un non sei qué co frade sineiro. Brindo por el de moi bo corazón, e mais tamén por vós, señores testemuñantes.

- E a propósito de qué e por qué disputa me fixo el tantas e tantas festas a poder de puñazos? -dicía a súa muller- Que o leve o demo é o que eu quero! Non, con todo non quero, madia leva¹⁹⁹! Mais o que digo del é que ten os cotenos máis duros que na vida sentín no carrello.

O mordomo levaba o brazo esquerdo á estribeira, coma quen que estaba todo faniquencroquescachado.

- Foi o demo o que me fixo asistir a esta boda -dixo el- Polos cravos de Cristo! Teño os brazos todos engulescarallamazados! Chamádeslle casamento a isto? Eu chámolle cagamento de merda. Deus me asista! É o verdadeiro banquete dos lapitas descrito polo filósofo samosatense²⁰⁰.

O notifiqueiro non daba falado. As testemuñas desculpáronse dicindo que ao zouparen dese xeito non tiveran intención maligna e que, polo amor de Deus, que os perdoasen.

Coa mesma, marchan. A media legua de alí o notifiqueiro atopouse algo mal. As testemuñas chegan a L'Isle Bouchard dicindo públicamente que endexamáis tiñan visto máis grande home de ben que o señor de Basché nin casa máis honorábel que a

¹⁹⁵ Nobre que foi mordomo de Francisco 1º e mais Henrique II e que quedara coxo a raíz dun disparo de mosquete na batalla de Pavía.

¹⁹⁶ Aínda que non distorsiona a comprensión, cumpre dicir que o *babeiro* é aquí unha peza do casco que protexe o pescozo.

¹⁹⁷ Son Oficiais do Rei. Véxase cap. 12 e nota 164.

¹⁹⁸ A orixe da palabra *anxo* está no grego "enviado, mensaxeiro".

¹⁹⁹ Resulta ben curioso que Rabelais empregue no orixinal a expresión *ma Dia!*, practicamente descoñecida en francés, que el explica na *Breve Declaración* coas seguintes palabras: "É unha maneira de falar vulgar na Turena; é sen embargo grega: *Μα δια*, non, por Xúpiter, como *Ne Dea*, *Νη Δια*, si, por Xúpiter". Nós empregamos na tradución o *madia* galego pois, aínda que semella non haber relación de filiación lingüística entre as dúas, entendemos que teñen a mesma funcionalidade estilística.

²⁰⁰ Luciano de Samosata no seu *O banquete ou Os lapitas* describe un xantar de casamento que remata en loita coma o dos lapitas ao recibiren, polo casamento do seu rei Piritoo, os centauros.

súa. E, de por parte, que nunca na vida estiveran en bodas coma aquelas. Pero que toda a culpa era deles, que foran quen comezaran as cotenadas. E viviron, aínda, non sei cantos días máis.

De alí en diante tívose como cousa certa que o diñeiro de Basché éralles aos notifiqueiros e testemuñas máis pestilente, mortal e pernicioso do que antigamente foi o ouro de Toulouse²⁰¹ e o cabalo seiano²⁰² a aqueles que os posuíron. Dende entón tivo acougo o devandito señor e o casamento de Basché foi proverbialmente coñecido²⁰³.

²⁰¹ Segundo explica Rabelais na *Breve Declaración* baseándose en varios autores latinos "este ouro foilles malfadado aos que o levaron, a saber Quinto Cepio, cónsul romano, e todo o seu exército, que todos, como sacrílegos, pereceron desgrazadamente".

²⁰² Tamén explica a *Breve Declaración*, seguindo a Aulo Xelo que o cabalo seiano -de Cneo Seio- "foilles malfadado a todos os que o posuiron".

²⁰³ Sen dúbida existiu un refrán ou unha frase feita, hoxe perdido, que lle serviu a Rabelais para tecer a historia do señor de Basché e os notifiqueiros.

CAPÍTULO 16

COMO FREI XOÁN PROBA A NATUREZA DOS NOTIFIQUEIROS

- Esta narración -dixo Pantagruel- semellaría leda, de non ser que perante os nosos ollos cómpre ter continuamente o temor de Deus.

- Mellor sería ela -dixo Epistemón- se a chuvia destes guanteletes mozos caíra enriba do gordo prior. El despendía o diñeiro para a súa diversión, parte en anoxar a Basché, parte en ver os seus notifiqueiros zorregados. As puñadas terían sido un bo adovío para a súa testa rapada, dada a enorme concusión²⁰⁴ que hoxe vemos entre os xuíces pedáneos de baixo o olmo²⁰⁵. Seica ofendían estes pobres diaños dos notifiqueiros?

- Lémbrame -dixo Pantagruel a propósito disto- dun antigo fidalgo romano chamado Lucio Neracio.

Era de nobre e rica familia no seu tempo, mais aniñaba nel o irresistíbel comportamento de, ao saír do seu palacio, mandar encher con moedas de ouro e de prata as alforxas dos seus criados, e, ao atopar pola rúa a algúns mariolas emperiquitadiños de a feito, sen que estes o ofendesen en nada, para se divertir, zoupáballes unhas boas puñadas na cara. E despois, de contadiño, para os calmar e evitar que o denunciasen perante a Xustiza, repartíalles tantos cartos que os deixaba contentes e satisfeitos, segundo o estipulado nunha lei das Doce Táboas²⁰⁶. Así despendía a súa riqueza, mallando na xente ao prezo do seu diñeiro

- Pola sagrada bota de san Bieito²⁰⁷! -dixo frei Xoán- Arestora hei eu saber a verdade!

Entón baixou el a terra, botou man da súa falchoca, e tirou dela vinte escudos con sol. Despois dixo con voz moi alta, en presenza e audiencia dunha grande turba de pobo notifiqueirense:

- Quen quere gañar vinte escudos con sol levando unha malleira de diaño?

- Io. io, io²⁰⁸! -responderon todos- Ídesnos facer reloucar cos paus, señor, iso seguro. Mais hai un bo gaño.

E todos acorreron en multitude, tentando de ser o primeiro en chegar para ser tan preciosamente mallado.

Frei Xoán, de toda a tropa, escolleu un notifiqueiro de fociño rubio, que no pulso da man dereita levaba un groso e largo anelo de prata, que tiña encaixado no engaste unha gran pedra de sapo²⁰⁹.

De que el o escolleu, vin eu que todo ese pobo murmuraba e sentín un notifiqueiro alto, mozo e fraco (hábil e bo letrado e, segundo a opinión do común,

²⁰⁴ A palabra *concusión* significaba "axitación, conmoción" mais tamén comezaba a empregarse como "percepción ilegal de diñeiro por un funcionario público"

²⁰⁵ Os xuíces *pedáneos* (é dicir, que ían *a pé* dun lugar a outro, que eran ambulantes e non tiñan adscripción fixa) representaban aos señores feudais e tiñan moita menor garantía que a Xustiza ordinaria, a que dependía do rei. Estes xuíces administraban Xustiza ao aire libre, en xeral baixo un olmo do recinto da igrexa.

²⁰⁶ Antigas leis romanas.

²⁰⁷ Xa no capítulo 39 de *Gargantúa* aparece outra alusión á *bota de San Bieito*, que realmente era un tonel do mosteiro dos frades bieitos de Bolonia.

²⁰⁸ No orixinal aparece así, en italiano.

²⁰⁹ Coidábase que estas pedras proviñan da cabeza dos sapos, mais son fósiles de dentes dun peixe.

home estimado na curia eclesiástica) queixarse e murmurar que o fociño rubio lles arrebatara as prácticas todas, e que, se no territorio había só trinta fungueirazos que gañar, el empetaba sempre vinteito e medio. Mais todas estas queixas e murmuracións non procedían senón da envexa.

Frei Xoán mallou tanto e retanto en Fociño Rubio, lombo e bandullo, brazos e pernas, testa e todo, que eu coidei que morrera coa tolina. Despois entregoulle os vinte escudos, e velaí tendes o meu vilán de pé, contente coma un rei ou dous. Os outros dicíanlle a frei Xoán:

- Señor frei Diaño, facede o favor de nos mallar a algúns outros por menos cartos. Estamos todos á vosa disposición. Nós todíños, bolsos, papeis, plumas e todo.

Fociño Rubio berrou con eles dicindo a grandes voces:

- Corpo cristián, galafates! Vindes colleitar na miña leira? Querédesme arrebatara os meus seareiros e levalos convosco? Quedades citados ante o xuíz episcopal para a semana, Rabana, Rebeca, Susana²¹⁰! Vouvos empapelar como o demo maior!

Logo, virándose cara a frei Xoán, coa face sorrinte e leda, díxolle:

- Reverendo padre endiañado, excelentísimo señor, se atopastes que son pano de calidade e vos aprace aínda mallar en min para o voso lecer, heime contentar coa metade, como prezo xusto. Rógovos que non teñades reparo por min. Estou todíño todo á vosa disposición, excelentísimo señor diaño: testa pulmóns, boches e todo. Dígovolo de corazón.

Frei Xoán interrompeu as súas falas e arredouse para outra parte. Os outros notificqueiros dirixíronse cara a Panurgo, Epistemón, Ximnasta e demais suplicándolles fervorosamente que batesen neles por un prezo baixiño: outramente estaban en perigo de longo xexún. Mais ninguén quixo ouvílos.

Despois, buscando auga fresca para a tripulación dos navíos, atopamos a dúas vellas notificqueiras do lugar, que estaban a chorar e a laiar xuntas desconsoladamente. Pantagruel permanecera no navío e xa facía dar o son de partir. Nós, temendo que elas fosen parentes do notificqueiro que levara os fungueirazos, preguntámoslles polo motivo de tanto dó. Responderon elas que tiñan un motivo ben fundado para chorar, dado que nese momento as dúas mellores persoas que había en toda a notificaría acababan de ser penduradas polo pescozo na forza.

- Os meus paxes -dixo Ximnasta- penduran polos pés aos seus compañeiros que dormen. Pendurar polo pescozo sería aforcar e esganar a persoa.

- E mais é certo, ho! -dixo o frade- Falades coma o que di que con pan ou sen pan, o que non morra vivirá por San Xoán²¹¹.

Preguntadas polos motivos deste aforcamento, responderon elas que aquelas persoas roubaran as ferramentas da misa e as agacharan baixo o mango da parroquia²¹².

- Velaí unha explicación terriblemente alegórica -dixo Epistemón.

²¹⁰ Rabelais fai no orixinal (*huyctaine, mirelaridaine*) un xogo a base dun retrouso de cancións. Nós utilizamos a rima dun dito popular.

²¹¹ No orixinal, Rabelais fai unha alusión ás *lapalissades* francesas, ou constatacións dunha evidencia inxenua, que nós trasladamos a un refrán galego.

²¹² Explica a *Breve Declaración* que é un xeito de falar das aldeas do Poitou: as *ferramentas da misa* son os ornamentos e o *mango da parroquia* é a torre da igrexa.

CAPÍTULO 17

COMO PANTAGRUEL PASOU AS ILLAS DE TOHÚ E BOHÚ, E DA ETRAÑA MORTE DE NAFRESFUNGANTES, ENGULIPADOR DE MUÍÑOS DE VENTO

Ese mesmo día pasou Pantagruel as dúas illas de Tohú e Bohú²¹³, nas que non atopamos cousa que papar: Nafresfungantes, o gran xigante, engulipara as tixelas, frixadeiras, cazolas, potas, tarteiras e marmitas todas do país, a falta de muíños de vento cos que se alimentaba de ordinario. Polo que acontecera que, pouco antes do día, á hora da dixestión, caíra el en grave enfermidade por certa acidez de estómago causada porque, como dicían os médicos, a virtude concoctiva²¹⁴ do seu estómago, apto por natureza para dixerir muiños de vento brandindo as pás, non dera consumido perfectamente as tixolas e cazolos, segundo eles dicían coñecer polas hipóstases²¹⁵ e os eneoremas²¹⁶ de catro pipos de urina que el botara esa mañán en dúas veces.

Para socorrelo, usaron diversos remedios da arte médica, pero o mal foi máis forte ca os remedios. E falecera o nobre Nafresfungantes aquela mañán de xeito tan estraño que non resulta máis sorprendente a morte de Esquilo²¹⁷. Este, como os vaticinadores lle prediciran fatalmente que certo día había morrer polo impacto de algo que cairía sobre del dende enriba, o día predestinado afastárase da cidade, de todas as casas, árbores, penedos e outras cousas que puidesen caír derriba del e mancalo co seu impacto. E permaneceu no medio dun gran prado depositando a súa confianza no ceo limpo e aberto, convencido de estar en total seguridade, non sendo que o ceo caise, o que coidaba imposíbel. E mais disque as cotovías temen grandemente a caída do ceo, porque se o ceo caíse pillaríaa a todas.

Tamén a temían en tempos os celtas veciños do Rin, que son os nobres, valentes, cabaleirescos, belicosos e triunfantes franceses. Preguntados eles por Alexandro o Magno que cousa temían máis neste mundo -esperando que a única excepción que habían facer sería a del, vistas as súas grandes proezas, vitorias, conquistas e triunfos- respondéronlle que non temían nada senón que caíse o ceo, sen por iso rexeitaren entrar en liga, confederación e amizade cun tan arrizado e magnánimo rei. Se credes a Estrabón, no libro VII, e Arriano, no libro I.

Tamén Plutarco no libro que fixo *Sobre a face que aparece no corpo da Lúa* cita a un tal Fenacio²¹⁸, que temía grandemente que a Lúa caíse enriba da Terra e tiña conmiseración e piedade polos que viven debaixo dela, como os etíopes e os taprobanienses²¹⁹, se unha masa tan grande caía enriba súa. Do ceo e da terra tiña el

²¹³ Palabras hebraicas que significan "deserta" e mais "non cultivada" e que forman parte da expresión *tohú ubuhú* "o caos", coa que no comezo do Xénese se describe o estado da Terra antes do alento creador de Deus. Rabelais contribuíu sen dúbida, coa popularización dos nomes destas illas, á creación da expresión francesa *un tohu-bohu* "un caos, un desorde extremo, un balbordo ou moi forte barullo".

²¹⁴ Dixestiva.

²¹⁵ Sedimentos da urina.

²¹⁶ Veos algodónosos suspendidos na urina.

²¹⁷ Rabelais utiliza diversas fontes da Antigüidade greco-latina, aínda que algunhas veces non o fai directamente senón ao través de Erasmo.

²¹⁸ Nalguns casos, as versións utilizadas por Rabelais contiñan erros; de aí que fale de *Fenacio* en troque de *Farnacio*, do mesmo xeito que no capítulo anterior falou de *Neracio* en troque de *Veracio*.

²¹⁹ Naturais de Ceilán, hoxe Sri Lanka.

medo semellante, de non estaren debidamente fulcrados²²⁰ e apoiados sobre das columnas de Hércules, como opinaban os antigos segundo o testemuño de Aristóteles no libro V da *Metafísica*.

Esquilo, malia a iso, resultou morto polo impacto da caída dunha cuncha de tartaruga que, ceibándose das poutas dunha águia dende o alto dos aires, lle caíu enriba da testa e lle fendeu os miolos.

E mais Anacreonte, poeta, que morreu esganado cunha pevida de uva. E mais Fabio, pretor romano, que morreu asfixiado cun pelo de cabra ao tomar unha cunca de leite. E mais aquel vergoñoso que, por reter o seu vento e evitar un peido ruidoso, morreu de súpeto, en presenza de Claudio, emperador romano. E mais aquel que está enterrado na via Flaminia, en Roma, que no seu epitafio se laia de que morreu porque lle trabou unha gata no dedo maimiño. E mais Quinto Lecanio Basso, que morreu de súpeto dunha picadiña tan pequena de agulla no pulso da man esquerda que apenas se daba visto. E mais Quenelault, médico normando, que faleceu de súpeto en Montpellier por se ter tirado tortamente, cun tallaplumas²²¹, un inzón²²² da sarna na man. E mais Filomene, a quen seu criado lle preparara para o entrante da cea uns figos novos. En canto que ía polo viño, entroulle no cuarto un carallán dun burro perdido que se puxo a comer relixiosamente nos figos pousadiños. De regreso Filomene, enxergando con curiosidade a graza do asno sicófago²²³, díxolle a seu criado que estaba de volta:

- É razón que, poisque lle abandonaches os figos a este devoto burro, ti lle sirvas para beber dese bon viño que trouxeches.

Dito isto, entrou el nunha alegría do espírito tan extrema, e escachou a rir tan enormemente e tan continuadamente, que o movemento da paxarela lle tolleu toda respiración e morreu de súpeto.

E mais Espurio Saufeio, que morreu zugando un ovo mol á saída do baño. E mais aquel que di Boccacio que morreu de súpeto por se escarrapear os dentes cunha arestiña de sarxa. E mais Philippot Placut, que, estando san e teso, morreu de súpeto ao pagar unha vella débeda sen ter denantes outra enfermidade ningunha. E mais Zeusis, o pintor, que morreu de súpeto coa risa ao considerar a expresión e o retrato dunha muller por el representada en pintura. E mais mil outros que vos digan, quer Verrio, quer Plinio, quer Valerio, quer Baptista Fulgoso, quer Bacabery o vello²²⁴.

O bo do noso Nafresfungantes (malpocado!) morreu esganado ao comer unha nisca de manteiga fresca na gorxa dun forno quente, segundo a prescrición dos médicos.

Alí contáronnos, a maiores, que o rei de Cullant²²⁵ derrotara aos sátrapas do rei Mechlot²²⁶ en Bohú e saqueara as fortalezas de Belima²²⁷.

Despois pasamos as illas de Lusco e de Fusco²²⁸. Tamén as illas de Teleniabín e Gueneliabín²²⁹, ben fermosas e frutíferas en materia de lavativas. Tamén as illas de

²²⁰ Sustentado.

²²¹ Canivete para tallar as plumas de ave para a escrita.

²²² Arador.

²²³ Helenismo: "comedor de figos".

²²⁴ Autor descoñecido, probabelmente imaxinario.

²²⁵ É o nome dunha aldea francesa.

²²⁶ En hebreu "enfermidade".

²²⁷ En hebreu "nada".

²²⁸ O orixinal francés utiliza outros nomes cun xogo parecido.

²²⁹ Segundo a *Breve Declaración* "expresións árabes que significan "maná" e "mel rosado".

Enig e Evig, das que procedera anteriormente a navallada para o landgrave de Hesse²³⁰.

²³⁰ Palabras xermánicas que significan *sen* e máis *con*. Debido a un cambio na redacción do tratado polo que o landgrave de Hesse se rendera ao emperador Carlos V, aquel pasou varios anos preso (*con* prisión) en vez quedar en liberdade (*sen* prisión) como se acordara.

CAPÍTULO 18

COMO PANTAGRUEL CAPEOU UNHA FORTE TEMPESTADE NO MAR

No outro día atopamos a estribor nove urcas²³¹ cargadas de frades²³²: dominicos, xesuítas, capuchinos, eremitas, agostiños, bernardos, celestinos, teatinos, egnacinos, amadenses, franciscanos, carmelitas, mínimos e outros santos relixiosos que ían ao concilio de Chesil para peneiraren os artigos de fe contra os novos herexes. Panurgo, ao velos, entrou en extrema ledicia, como convencido de ter a mellor fortuna para ese día e mais os consecutivos en longa fileira. E, antes de ter saudado cortesmente os beatos padres e encomendado a salvación da súa alma ás súas devotas pregarías e rezos, mandou botar nos seus navíos setenta e oito ducias de xamóns, caviar a oito, decenas de botargas²³³ e dous mil fermosos anxelotes polas almiñas dos defuntos.

Pantagruel mantíñase soturno e melancólico. Frei Xoán dexergouno e preguntoulle de onde lle viña aquel desacougo non acostumado, cando o piloto, considerando as reviravoltas do pendón da popa e prevendo unha garruada colosal e unha nova turboada, ordenounos a todos estarmos alerta, tanto naucheiros, mariñeiros e grumetes como nosoutros, os viaxeiros. Mandou arriar as velas²³⁴, de mesana e contramesana, fortuna cadrada e maior, cebadeira e de bauprés; fixo calar os xoanetes das gaviás e os trinquetes, baixar o gran artimón, e de todas as vergas deixar só as enfrechaduras e o cordame.

De súpeto o mar comezou a escachoar e bruar dende o fondo do abismo; as fortes vagas a bater contra as bandas dos nosos navíos; o mistral -acompañado por un temporal desenfreado, pedrazo fusquenllo, terríbel rodopíos e mortais borrascas- a asubiar ao traveso das nosas entenas; o ceo a atroar dende o alto, a lostregar, relampar, chover e sarabiar; o aire a perder a súa transparencia e porse opaco, tebegoso e escurecido, tanto que non nos chegaba outra luz senón a dos lóstregos, lampos e esgazaduras das lapreantes nubes; os catéxidos²³⁵, tielos, lélapos e présteros a inflamar todo, ao noso arredor, cos psoloentes²³⁶, árxeos, elicios e outras exaculacións etéreas; os nosos aspectos²³⁷ astrais todos a se dispersar e se perturbar; os terroríficos tifóns a suspender as montuosas vagas da corrente. Crédeme que nos semellaba o antigo caos, no que estaban o lume, o aire, o mar e a terra, os elementos todos, en refractaria confusión.

²³¹ Tipo de navío de transporte.

²³² Omitimos os detalles sobre estas ordes, mesmo se algunhas delas son pouco coñecidas. O Concilio de Chesil (palabra de orixe hebreu que significa "tolo") sería o de Trento.

²³³ Ovas de peixe seco, sorte de caviar mediterráneo.

²³⁴ Este capítulo, igual que os seguintes, está inzado de termos específicos da navegación e de nomes de aparellos e de partes das embarcacións. Rabelais emprega habitualmente a terminoloxía marítima mediterránea (catalano-provençal e italiana). Dado o elevado número destas palabras, remitimos a lectores e lectoras ás enciclopedias xerais e monografías marítimas

²³⁵ Rabelais utiliza aquí cultismos tirados do grego: catéxidos (ventos violentos), tielos (borrascas), lélapos (torbeliños) e présteros (meteoros ardendo)

²³⁶ Novos helenismos : psoloentes (lamos), árxeos (raios) e elicios (lóstregos).

²³⁷ Posición dos astros entre eles nun momento dado.

Panurgo, despois de encher ben os peixes escatófagos²³⁸ co contido do seu estómago, estaba encrevenado na ponte, todo coitado, todo magoado e medio morto, e púxose a invocar a axuda de todos os santiños e santiñas do ceo, prometeu confesarse en tempo e lugar, e despois berrou estarrecido, dicindo:

- Mordomo, oi, meu amigo, meu pai, meu tío, tráeme unha pouquiña carne salgada, que de contadiño imos beber de máis, polo que vexo! Comer pouco e beber moito vai ser de agora en diante o meu lema. Prouguer a Deus e mais á abençoada, digna e sagrada Virxe, que agora, quero dicir neste momento, estivese eu en terra firme ben ao xeitiño!

Tres ou catro veces felices son os que plantan verzas! Oh, Parcas! Por que non me fiastes para plantador de verzas? Que pequeno é o número dos que Xúpiter favoreceu en os destinando a plantar verzas! Porque eles sempre teñen un pé riba da terra e o outro non está lonxe del. Discuta quen queira sobre a felicidade e o ben soberano, pero eu declaro arestora benaventurado, polo meu decreto, ao que planta verzas. E fágoo con máis razón canto que Pirro, ao se atopar en igual perigo que o que nós estamos e dexergar un porco a carón da ribeira comendo un pouco de orxo estrado polo chan, o declarou dobremente benaventurado, a saber, porque tiña orxo a eito e, de por parte, porque estaba en terra.

Ah, para mansión divina e señorial non hai coma o cortello das vacas! Esta vaga vainos levar, Deus do Ceo! Meus amigos, un pouquiño de vinagre! Estou suando a fío, co acoro! Ai! Romperon as vetas, o cabo de proa está en anacos, os anelos das cordas escachan, a árbore da cesta de vixía mergúllase no mar, a carena está ao sol e os calabres romperon case todos! Ai, ai, ai! Onde van as velas das gaviás? Cristo me valla, todo está esmendrellado! Velaí o noso trinquete a aboiar! Ai! A quen lle han pertencer os restos estes? Amigos, traede aquí atrás, para me eu amparar, un deses castelos da proa! Rapaces, a vosa sirga caíu! Ai! Non soltar o timón nin o portante! Sinto renxer a agulla: partíu? Deus bendito, temos que fincar na cana, non vos preocupar da amarra! Bu, u, u, u! Por favor, mestre Astrófilo, mirade na calamita da vosa búxola de onde ven esta turboada! A fe que teño medo abondo! Bu, bu, bu, bu! Acabouse Panurgo! Cago por min co mal raio do medo que teño! Bu, bu, u, u! Ou, ou, ou, ou! Ah, ah, ah, ah! Buú, buú, buú! Afogo! Afogo! Morro! Meus amigos, afogo!

238

Que se alimentan de excrementos.

COMO SE COMPORTARON PANURGO E FREI XOÁN DURANTE A TEMPESTADE

Pantagruel, despois de implorar previamente a axuda do gran Deus Salvador e de facer oración pública con afervorada devoción, por consello do piloto, termaba forte e firmemente do mastro. Frei Xoán puxérase en cóis para axudar os naucheiros. Tamén estaban Epistemón, Ponócrates e os outros. Panurgo seguía co cú riba da ponte, chorando e laiando. Frei Xoán dexergouno ao pasar polo corredor e díxolle:

- Pardiola, Panurgo cuxiño, Panurgo choromicas, Panurgo berrón, ben mellor habías facer en nos axudando que chorando aí coma unha vaca, sentado enriba dos teus collóns coma un macaco!

- Bi, bi, bu, bu, bu! -respondeu Panurgo- Frei Xoán, meu amigo, meu padre bondadoso, afogo, afogo, meu amigo, afogo! Acabouse Panurgo, meu pai espiritual, meu amigo, acabouse! Desta non me daría salvado o voso bracamarte²³⁹! Ai, ai, ai!! Estamos por riba da nota máis alta, estamos fóra da escala! Bi, bi, bo, bu, bu! Ai! Agora estamos por baixo da nota máis baixa! Afogo, meu pai, meu tío, meu todo! A auga éntrame nos zapatos dende o pescozo! Bu, bu, atsch, bu, u, u, u, ai, ai, ai, ai! Afogo! Ai! Ai! Ai!! U, u, u, u, u! Bi, bi, bu, bu, buuu, buuu, oi, oi, oi, oi! Ai, ai, ai! Agora si que fago ben o pino, cos pes enriba e a cabeza embaixo! Prouguera a Deus que arestora eu estivese dentro da urca dos bos e beatos padres concilípetas que atopamos esta mañán, tan devotos, tan gordos, tan ledos, tan dondos e amistantes! Ui, ui, ui, ui! Ai, i, i, i! Esta vaga de todos os demos... *mea culpa, Deus...* quero dicir: esta vaga de Deus vai afundir o noso barco. Ai! Frei Xoán, meu pai, meu amigo, confesión! Velaquí estou a xeonllos! *Confiteor!* A vosa santa bendición!

- Ven, pendurado do demo! -dixo Frei Xoán- Ven aquí axudarnos! Por trinta lexións de demos!... Virá el ou non?

- Non xuremos nesta hora, meu pai, meu amigo! -dixo Panurgo- Mañán, tanto como vós queirades. Ui, ui, ui! Éntranos auga no barco Eu afogo! Ai, i, i, i! Bi, bi, bi, bi! Bu, bu, bu, bu! Agora estamos no fondo! Ai, ai, ai! Doulle un millón de escudos de renda a quen me poña en terra, todo esforricado e merdento como estou, que nunca así un home chegou a estar na miña patria de merda. *Confiteor!* Ai! Unhas palabriñas de testamento, ou un codicilo polo menos!

- Mil diaños chimpan ao corpo deste cornudo! -dixo Frei Xoán- Polos cravos de Cristo! Poste a falar de testamento cando estamos en perigo e cómpre esforzarnos máis ca nunca? Ves, ou, demontre? Comitre²⁴⁰, meu bonitiño, fustrigador garimoso, por aquí! Ximnasta, no esteo de popa! Polos cravos de Cristo, desta vez imos aviados! Apagóusenos o fanal. Isto vaise para onde todos os millóns de diaños!

- Ai, ai, ai! -dixo Panurgo- Ai! Bu, u, u, u, u! A, i, i, i! Era aquí, daquela, onde tiñamos predestinado morrer? Ui, ui, ui, meus amigos, eu afogo, morro! *Consummaturum est.* Acabouse Panurgo!

²³⁹ Espada.

²⁴⁰ Encargado de dirixir a remada dos galeotes, xostrando nos forzados a chicotazos se fose necesario.

- Booof! -dixo frei Xoan- Uf, que feo está o choromiqueiro de merda! Arredemo, tatelote, coidado na popa! Mancácheste? Polos cravos de Cristo, amarra a unha destas bitas! Aí, o demo me valla! Dalle! Así, rapaz.

- Ah, frei Xoán, -dixo Panurgo- meu pai espiritual, meu amigo, non xuremos! Estadés a pecar. Ai, ai, ai, ai! Bibibibú, u, u, u! Afogo, morro, meus amigos! Perdono a todo o mundo! A Deus *in manus*! Bú, u, u, u, u! San Miguel de Aure e San Nicolás²⁴¹, desta vez e nunca máis! Fágovos aquí a promesa e a Noso Señor, de que se me axudades nesta, quero dicir se me poñedes en terra fóra deste perigo, heivos construír unha bonita capeliña grandeira ou dúas

*Entre Montsaureau e Candes
e nela non han pacer
vacas pequenas nin grandes*²⁴²

- Ai, ai, ai! Entráronme na boca máis de dezaioito sellas ou dúas²⁴³. Bou, bou, bou, bou, que amarga e salgada!

- Vállame o sangue, a carne, o ventre e a testa! -dixo frei Xoán- Se te sinto chiar aínda, cornudo do diaño, fágoche dar máis voltas ca un lobo de mar. Polos cravos de Cristo, non sei como non te botamos á auga, aínda! Espalder, compañeiríño, así, meu amigo! Aguantade, aí enriba! De certo que estamos ben alustrados e ben atroados. Paréceme que todos os diaños se desencadearon hoxe ou que Proserpina está de parto. Todos os demos están a bailar coa música dos axóuxeres²⁴⁴.

²⁴¹ En Aure, na rexión dos Pirineos tiña San Miguel unha capela, e San Nicolás outra en Montsoreau, por terras de Rabelais.

²⁴² As poboacións de Candes e Montsoreau son limítrofes. Tomando ao pé da letra este refrán (que no orixinal francés asegura "*non pacerá vaca nin cuxo*") están tan pegadas que non habería sitio para construír a capela que Panurgo promete.

²⁴³ Panurgo repite o *ou dúas* da capela, remarcando o efecto humorístico.

²⁴⁴ Igual que se fose un desfile de demos ou *diablerie* como o que aparece no capítulo XIII.

CAPÍTULO 20

COMO OS NAUCHEIROS ABANDONAN O NAVÍO NO FORTE DA TEMPESTADE

- Ah! -dixo Panurgo- Estadés a pecar, frei Xoán, meu antigo amigo! E chámovos antigo porque presente non o temos nin eu nin vós. Dóeme ter que volo dicir. Porque penso que xurar así faivos moito ben á paxarela, como a un que fende leña faille moito alivio o que a cada golpe berra a carón del "Ahán!" e como a un que xoga aos birlos lle alivia extraordinariamente, cando non lanzou a bola dereita, se alguén enxeñoso a carón del se debruza e canga a medias a testa e o corpo cara ao lado para o cal a bola, se fose ben lanzada, daría batido contra os birlos. Pero vós pecades, meu doce amigo. E mais se arestora comeramos algunha caste de cabirtos estaríamos protexidos desta treboada? Teño lido que no mar, no momento da tempestade, nunca tiñan medo e sempre estaban seguros os ministros dos deuses cabiros tan celebrados por Orfeo, Apolonio, Ferécides, Estrabón, Pausanias e Herodoto.

- Tresvaría, o pobre diaño -dixo frei Xoán- Milleiros, millóns e centos de millóns de diaños leven ao cornudo cornado do diaño! Axúdanos aquí, ou, tigre²⁴⁵! El ven ou como é? Aquí, a babor! Pola Santa Cabeza chea de reliquias! Que epístola do lobo andas a moumear entre dentes²⁴⁶? Este demo de mariño tolo é causa da tempestade e mais é o único que non axuda á tripulación. Pardiola, se vou eu aí, heivos mazar coma un diaño tempestativo! Aquí, grumete, bonitiño, suxeita forte en canto que eu fago un nó grego. Que mariñeiriño máis bo! Deus quixera que foses abade de Talemouze²⁴⁷, e o que arestora o é fose gardián en Croulay²⁴⁸! Ponócrates, meu irmán, aí vaste mancar! Epistemón, coidado coa celosía, eu vin caír un raio nela!

- Iza!

- Ben falado Iza, iza, iza! A barca, veña! Iza! Polos cravos de Cristo, o que é iso! O testeiro partiu en anacos. Troade, diaños, botade peidos, arrotos e cagallóns! Merda para a vaga! Polos cravos de Cristo, estivo a piques de me levar baixo a corrente! Coido que todos os millóns de diaños se reuniron aquí en capítulo provincial ou ou están a pelexar pola elección de novo rector.

- Babor!

- Ben falado. Coidado co cadernal! Ei, grumete, polo diaño! Ai!

- Bibibubú, bu, bu, bu -dixo Panurgo- bu, bu, bi, bi, bi, bu, u. Afogo! Non vexo ceo nin terra. Ai, ai, ai, ai! Dos catro elementos non nos queda aquí senón lume e auga. Bubububú, bu, u! Prouguéralle á digna virtude divina que arestora estivese eu no horto de Seuilly²⁴⁹, ou en casa de Inocente, o pasteiro, diante da adega pintada, en Chinón, so pena de me poñer en chaleque para cocer os pasteliños! Noso homiño saberíades me botar en terra? Dis que vós sabedes tanta cousa boa! Douvos todo o señorío de Caldococido e a miña grande caracoleira se pola vosa industria atopo un día

²⁴⁵ Naturalmente, se vai dirixida a Panurgo é unha denominación irónica.

²⁴⁶ No orixinal caracterízase ese moumeo como *oración do simio* porque os macacos parecen rezar ao moveren a boca como se tremelicara. Nós empregamos unha expresión baseada no recitado tradicional galego *A epístola do lobo*.

²⁴⁷ Cruce de *Talemont*, nome dunha abadía da Turena, con *talmouse*, nome dun doce.

²⁴⁸ Mosteiro franciscano perto de Chinón.

²⁴⁹ O mosteiro no que estaba frei Xoán (V. capítulo 27 de *Gargantúa*).

terra firme²⁵⁰. Ai ,ai, ai! Afogo! Arré, queridos amigos, se non podemos dirixirnos a bo porto, poñámonos ao abeiro, non sei onde! Botade as áncoras todas. Saíamos do perigo, por favor. Benquerido noso, suplicovos, botade o escandallo e os chumbos! Que saibamos a profundidade. Benquerido noso, meu amigo, botade a sonda, por Noso Señor! Que saibamos se poderíamos beber aquí de pé, sen baixarmos. A min parécemo.

- Ei, relinga! -berrou o piloto- Relinga! A man no estrinque. Amarra a relinga! Riza, relinga, coidado coa vela! Ei, amura! Amura abaixo! Ei, relinga! Picando sobre a vaga! Desmonta a cana! Capea!

- Chegamos a esa situación? -dixo Pantagruel- O bon Deus salvador nos axude!

- Ei, capea! -exclamou Jamet Brayer, piloto maior- Capea! Cada quen que pense na súa alma e se poña a rezar, sen esperar axuda non sendo un milagre do ceo!

- Fagamos algunha promesa solemne e piadosa -dixo Panurgo- Ai, ai, ai, ai! Bu, bu, bibibú, u, u, u! Ai, ai, ai! Mandemos un peregrino!²⁵¹ Veña, iso, que cada quen tire da bolsa os seus cartiños!

- Ei, de acá, por todos os díaños! -dixo frei Xoán- A estribor! Capea, Cristo bendito! Ei, desmonta a cana! Capea! Capea! Ei, bebamos! Digo do mellor e máis dixestivo. Ouvide, aí enriba! Mordomo, comparecede e mostrade! Isto vaise tamén con todos os millóns de demos! Ei, paxe, traéme o meu estimulante (así lle chamaba el ao seu breviario²⁵²). Tira, meu amigo, así! Polos cravos de Cristo, velaí sarabiar e lostregar ben, de certo! Aguantade ben, aí enriba, facede o favor! Cando habemos ter a festa de todos os santos? Porque coido que hoxe é a infesta²⁵³ festa de todos os millóns de díaños.

- Malpocado! -dixo Panurgo- Frei Xoán estase condenando con seguridade. Que bo amigo perdo eu! Ai, ai, ai, agora a cousa está peor ca nunca! Imos de Escila para Caribdis²⁵⁴, oi, meus amigos, eu afogo! *Confiteor*²⁵⁵! Unha palabriña de testamento, frei Xoán, meu pai! Señor extractor²⁵⁶, meu amigo, meu Acates! Xenómano, meu todo! Malpocado, eu afogo! Dúas palabras de testamento. Veña, aquí, enriba desta colchoneta!

²⁵⁰ Pantagruel, en recompensa pola súa amizade e axuda, fixera a Panurgo *casteleiro de Caldococido* (V. *Pantagruel*, capítulo 32), que lle producía unha importante renda en caracois (*Terceiro Libro*, cap. 2).

²⁵¹ Rabelais, como Erasmo, critica as peregrinacións ás que chama "odiosas e inútiles viaxes" (*Gargantúa*, capítulo 46). Aquí a súa ironía medra, pois non só se trata dunha promesa producida polo medo e non pola fe, senón de lle pagar a alguén para que peregrine no seu lugar.

²⁵² Como xa dixemos en nota ao *Gargantúa* (Vid. nota do capítulo 41), hai que entender que o *breviario* de frei Xoán era unha botella en forma de libro.

²⁵³ Latinismo: "hostil, contraria".

²⁵⁴ A locución, baseada na mitoloxía grega, significa "escapar dun perigo para caír noutro peor".

²⁵⁵ A oración de arrepentemento.

²⁵⁶ Os dous primeiros libros (*Gargantúa* e *Pantagruel*) asináraos Rabelais co pseudónimo de Alcofribas Nasier (anagrama do seu verdadeiro nome), presentado como "extractor de quintaesencia".

CAPÍTULO 21

CONTINUACIÓN DA TEMPESTADE E BREVE DISCURSO SOBRE TESTAMENTOS FEITOS NO MAR

- Facer testamento -dixo Epistemón- agora que cómpre esforzarnos e axudarmos á nosa tripulación so pena de naufragarmos, paréceme unha acción tan inoportuna e mal a propósito como a dos gardas de corpo e mariolas de César²⁵⁷ ao entraren na Galia, que se divertían en facer testamentos e codicilos, se laiaban da súa fortuna e choraban a ausencia das súas mulleres e amigos romanos, cando por necesidade lles compría correr ás armas e esforzarse contra Ariovisto, seu inimigo. É unha parvada semellante á do carreteiro a quen lle emborcara o carro por causa do restroballo e imploraba de xeonllos a axuda de Hércules sen aguilloar os bois nin botar a man para erguer as rodas. De que vos ha servir facer testamento aquí? Porque: ou damos escapado deste perigo ou afogamos todos. Se escapamos, non vos ha servir de nada; os testamentos non son válidos nin autorizados se non é por morte dos testadores. E se afogamos non vai tamén el afogar coma nós? Quen o ha levar aos executores?

- Algunha xenerosa vaga hao levar á beira como fixo con Ulises -respondeu Panurgo- e algunha filla de rei, brincando ao sereno, hao atopar, e logo hao facer executar perfectamente e hame facer erixir cabo da ribeira un magnífico cenotafio, como lle fixo Dido ao seu marido Siqueo, Eneas a Deifobo na ribeira de Troia cabo de Roete, Andrómaca a Héitor na cidade de Butrot, Aristóteles a Hermias e mais a Eubulo, os atenienses ao poeta Eurípides, os romanos a Druso na Xermania e a Alexandro Severo -seu emperador- na Galia, Arxenteiro a Calescro, Xenócrito a Lisídices, Timares ao seu fillo Teleutagores, Eupolis e Aristódica a seu fillo Teótimo, Onestes a Timocles, Calímaco a Sópolis (fillo de Dióclides), Catulo a seu irmán, Estacio a seu pai e Xermán de Brie a Hervé, o naucheiro bretón²⁵⁸.

- Seica soñas? -díxolle frei Xoán- Axuda aquí, por cincocentos mil millóns de carretadas de diaños! Axuda! Inda che veña o chancro ao bigote con tres varas de bochas para che facer un calzón e unha bragueta nova! Encallou a nosa nave? Polos cravos de Cristo como a imos remolcar? Velaquí reunidos todos os diaños de cachóns do mar! Se damos escapado, que todos os demos me leven!

Entón sentiuse unha piadosa exclamación de Pantagrue, que dicía en voz alta:

- Señor, sálvanos, que perecemos! Fágase porén a túa santa vontade, e non aconteza segundo os nosos desexos!²⁵⁹

- Deus e mais a Virxe bendita nos amparen! -dixo Panurgo- Oi, ei, afogo! Bibibibú, bi, bi, bu, bu! *In manus*. Santo Deus, envíame algún golfiño para me eu salvar

²⁵⁷ No século XVI, Xulio César tiña sona de homosexual, como recolle Brantôme no seu libro *As damas galantes*, escrito algún tempo despois do *Cuarto Libro*. O historiador latino Suetonio afirmara que na súa época César tiña "a máis triste reputación de sodomía e de adulterio" e era "o marido de todas as mulleres e a muller de todos os maridos".

²⁵⁸ Os exemplos da Antigüidade están tomados de diversos autores gregos e latinos. Germain de Brie foi un teólogo amigo de Erasmo que escribiu un poema no que louvaba a acción de Hervé de Primauguet (ou de Porzmoguer), navegante bretón que en 1512 preferiu afundirse co seu barco en chamas antes de se render aos ingleses.

²⁵⁹ Reprodución de frases do Evanxeo.

á terra coma un xeitoso Arionciño. Hei tocar moi ben a harpa, se é que non está desmontada.

- Lévenme os diaños todos... -exclamou frei Xoán.

- Deus nos ampare! -dicía Panurgo entre dentes.

- ...se baixo aí, heiche amosstrar de xeito evidente que os teus collóns penden no cú dun cuxo cornudo, cornado, encornado! Ñan, ñan, ñan! Ven axudarnos aquí, cuxo choromicón, por trinta millóns de diaños que che salten ao corpo! Ves, ou, cuxo mariño? Pof, que feo é, o choromico!

- Sempre repetides o mesmo!

- Veña, meu ledó estimulante, vou te debullar a contrapelo!:

*Beatus vir qui non abiit*²⁶⁰.

Sei todo isto de chapatoria. Vexamos a lectura do señor San Nicolás²⁶¹:

*Horrida tempestas montem turbavit acutum*²⁶²

"*Tempestade*" foi un grande xostrador de escolares no colexio de Montaigu. Se os profesores se condean por xostraren os pobres rapaciños, inocentes escolares, estou certo de que el se encontra na roda de lxión xostrando o can rabón que a move, e se por xostraren rapaces inocentes aqueles se salvan, débese atopar por riba dos...

²⁶⁰ Efectivamente, Frei Xoán toma a contrapelo a primeira parte dun salmo que di : "*Benaventurado o home que non marchou ... á xuntanza dos sen-Deus senón que día e noite fai cantar na súa cabeza a Lei de Deus*".

²⁶¹ No Breviario (na data do 6 de decembro) figura como San Nicolás, camiño de Palestina, calmou unha tempestade moi perigosa, salvando así aos seus compañeiros.

²⁶² "*Unha horribel tempestade turbou Montaigu*", verso dun poema paródico dos escolares do colexio de Montaigu, colexio criticado xa por Rabelais no capítulo 37 de *Gargantúa*. Pierre Tempeste ("Tempestade") foi director del, e o seu comportamento foi brutal cos alumnos.

CAPÍTULO 22

FIN DA TEMPESTADE

- Terra! Terra! -exclamou Pantagruel- Vexo terra! Rapaces, ovelliñas medoñentas, non estamos lonxe dun porto! Vexo o ceo, pola banda da estrela do Norte, que comeza a desanubiar! Coidado co siroco!

- Ánimo, rapaces -dixo o piloto- a corrente foi a menos! Ao trinquete da gabia! Iza, iza! Aos xoanetes de contramesana! Iza, iza! O cablel ao guindastre! Vira, vira, vira! A man no estrinque! Iza, iza, iza! Planta a cana! Terma ben da boza! Aparella as drizas! Aparella as escotas! Aparella as bolinas! Amura a babor! Barra a sotavento! Porta a escota de estribor, fillo de puta!

- Estarás contente, home de ben -díxolle frei Xoán ao mariñeiro- de sentires noticias de túa nai.

- Ven de barlovento! A vela chea! A toda cana!

- Está a toda -respondían os mariñeiros.

- Corta xa! Proa cara á embocadura! Os ollais, vamos! Drizar boneta Iza, iza!

- Ben dito e ben pensado -dixo Frei Xoán- Veña, veña, veña, rapaces, axiña! Ben! Iza, iza!

- A estribor!

- Ben dito e ben pensado. Paréceme que a tormenta vai cedendo e que vai rematar logo. Polo tanto, Deus sexa louvado! Os nosos díaños empezan a liscar de aquí.

- Arría!

- Ben e sabiamente falado. Arría, arría! Aquí, pardiola, Ponócrates, godallento! Non ha facer senón fillos machos, o baldreu! Eustenes, bo mozo, ao trinquete de proa!

- Iza, iza!

- Ben dito. Iza, pardiola, iza!

- Hoxe non teño medo ningún

porque o día é especial:

*Nadal, Nadal!*²⁶³

- Este canto de acompañamento non deixa de vir a conto- dixo Epistemón- e gústame porque o día é especial.

- Iza, iza, ben!

- Ou! -exclamou Epistemón- Esperade un pouquiño que estou vendo alá pola dereita a Castor²⁶⁴.

- Bi, bi, bu, bu, bu! -dixo Panurgo- Inda non sei se será a bandalleira de Helena.

- É realmente Mixarcaievas -respondeu Epistemón- se prefires a denominación dos arquivos²⁶⁵. Ei, ei, vexo terra, vexo porto, vexo moita xente no ancoradoiro! Vexo lume enriba dun obelisco-faro.

²⁶³ Ao parecer, a frase en cursiva era o retrouso dun canto de Nadal do Poitou.

²⁶⁴ Castor e Pólux eran as denominacións antigas para os fogos de Santelmo e San Nicolás que se poden observar nas vergas e mastros dos navíos debido á electricidade atmosférica. Interpretábanse como bos agoiros, mais se aparecía un terceiro fogo era o de Helena, a irmá daqueles, e era un mal agoiro pois anunciaba naufraxio ou morte.

²⁶⁵ Segundo Plutarco, esta ("*o bastardo que guía coa súa luz aos mariñeiros*") era a denominación que os gregos lle daban a Castor.

- Ei, ei! - dixo o piloto- Esquiva a punta e os baixos!
 - Esquivados! -responderon os mariñeiros.
 - Imos navegando -dixo o piloto- E as outras da flota tamén. Hai que mollalo.
 - San Xoán me valla! -dixo Panurgo- Aí falaches! Que palabra tan bonita!
 - Ña, ña ña! -dixo frei Xoán- Se dás lambido unha pinga, que me lamba a min o diaño! Oiches, carallán do diaño? Tomade, benquerido amigo, enchede un pichel co melloriño. Ou, Ximnasta, trae as cántaras e mais esa animalada de pastel encarnado ou carnoso, eme o mesmo! Coidado non ires de fociños.

- Ánimo! -exclamou Pantagruel- Ánimo, rapaces! E sexamos amabeis. Mirade aí, á beira da nosa nave, dous faluchos, tres bateas, cinco esquifes, oito pinazas, catro góndolas e seis fragatas enviados en socorro noso polas boas xentes desta illa veciña. Mais quen é ese Ucalegón²⁶⁶ de aí embaixo que tanto berra e se desconforta? Non termaba eu da árbore coas mans en toda seguranza, manténdoa máis dereitiña do que a sosterían douscentos calabres?

- É o pobre diaño de Panurgo -dixo frei Xoán- Ten febre polo engulo. Cando está bébedo ponse a tremar de medo.

- Se tivo medo durante este horríbel temporal e esta perigosa treboada -dixo Pantagruel- non vou eu por esa razón estimalo nin un peliño menos, con tal que no resto se esforzase. Porque, do mesmo xeito que estar temeroso en todo combate é indicio de corazón groseiro e covarde (era o que lle acontecía a Agamenón e por ese motivo Aquiles lle dicía nos seus reproches, como ignominia, que tiña ollos de can e corazón de cervo²⁶⁷), tamén non ter temor ningún cando o caso é dun risco evidente é signo de pouco ou ningún siso. Orabén, se nesta vida hai cousa máis de temer, fóra ofender a Deus, non quero eu dicir que sexa a morte. Non quero entrar na polémica de Sócrates e os académicos: se a morte non é en por ela má, se a morte non é en por ela de temer. Eu afirmo que, ou esta morte por naufraxio é de temer, ou non existe cousa ningunha que o sexa. Porque, como sentencia Homero, cousa árdua, arrepiente e contranatura é perecer no mar²⁶⁸. En efecto, Eneas, no medio da tempestade que sorprendeu o convoi dos seus navíos perto de Sicilia, laiábase de non ter morto pola man do forte Diomedes e dicía que eran tres ou catro veces afortunados aqueles que morreran na conflagración de Troia²⁶⁹. Aquí non morreu ninguén. Deus salvador sexa louvado eternamente! Mais de certo que temos a casa en gran desorde. Ben, teremos que reparar todo o que rompeu. Coidado non irmos contra a costa

²⁶⁶ En grego "*o que non axuda*", nome dun troiano citado por Homero na *Iliada*.

²⁶⁷ Nova alusión á *Iliada*.

²⁶⁸ Desta vez a alusión é á *Odisea*.

²⁶⁹ E, agora, alusión á *Eneida*.

CAPÍTULO 23

COMO, REMATADA A TEMPESTADE, PANURGO FAI QUE É BO COMPAÑEIRO

- Ei, ei! -exclamou Panurgo- Todo vai ben. Deixádeme ser o primeiro en baixar, pídovalo por favor. Teño un gran desexo de me ocupar un pouco dos meus asuntos. Axúdvos algo máis, aí? Botade acá ese cabo, que xa o eu enrosco. Teño valentía abondo, eu. Medo ben pouco. Botade iso, meu amigo. Non, non, nin chisca de temor. Certo é que esa vaga decimante que varreu de proa a popa me alterou un pouquiño a arteria.

- Vela abaixo!

- Ben falado! Como? Vós non facedes nada, frei Xoán? É este o momento de beber? Que sabemos nós se o fámulo de San Martiño²⁷⁰ non está a nos amasar outra tormenta? Vouvos axudar algo máis por esa banda? Arré Pésame ben -pero xa é tarde- non ter seguido a doutrina dos bos filósofos que din que pasear á beira do mar e navegar á beira da costa é cousa moi segura e deliciosa, tanto como ir camiñando cando un leva o cabalo pola brida. Ah, Ah, Ah, por Deus, todo vai ben! Axúdvos algo máis, aí? Botade para acá, que o fago eu, léveme o demo senón.

Epistemón tiña a palma dunha man toda esfolada e ensanguentada por ter aguantado dun dos calabres no medio daquela grande violencia, e, en ouvindo o discurso de Pantagruel, dixo:

- Podedes crer, señor, que eu non tiven menos medo e terror que Panurgo. Pero, o que! Non me safei de ir en axuda. Considero que se morrer é unha necesidade fatal e inevitábel (como de certo é), a hora e a maneira de morrer dependen da santa vontade de Deus. Por tanto, cómpre implorar, invocar, pregar, requerir e suplicar a el sen cesar. Mais non podemos facer diso o punto final. Cómpre tamén esforzármonos nós, pola nosa parte, e, como di o santo enviado²⁷¹, sermos cooperadores con el. Vós sabedes o que dixo o cónsul Caio Flaminio cando pola astucia de Aníbal se viu encerrado a rente do lago de Perugia chamado Trasimeno. "Rapaces, -díxolles el aos seus soldados- cómpre que non esperedes saír daqui grazas ás promesas e imploracións aos deuses. Cómpre evadírmonos a poder de esforzo e virtude, e a forza de espada abrírmonos camiño polo medio dos inimigos". Igualmente, en Salustio, di Marco Porcio Catón que a axuda dos deuses non se impetra con promesas ociosas e con laios propios de mulleres. Vixiando, traballando e esforzándose, todas as cousas acontecen segundo o desexado e chegan a bo porto. Se perante a necesidade e o perigo o home se mostra negligente, desvirilizado e preguiceiro, en van implora os deuses, pois eles están irritados e indignados.

- Que o demo me leve -dixo frei Xoán-

- Case me levou a min -dixo Panurgo.

- ...se o horto de Seuilly non quedaba todo destruído e vendimado se eu non fago senón cantar *Contra hostium insidias* (materia de breviarío) -como facían os

²⁷⁰ O demo seguía a san Martiño, como se fose seu criado, para tentar de facer mal despois de que aquel lle fixera ben á xente.

²⁷¹ San Paulo.

outros diaños de frades- sen defender a viña a golpes de varal da cruz contra os rapiñeiros de Lerné²⁷².

- Voga, rapaz! -dixo Panurgo- Todo vai ben. Frei Xoán non fai nadiña. Agora chámase frei Xoán Lacazán e mira como eu estou a traballar e a suar axudando a este bon home. Ei, mariñeiro-xefe, benquerido amigo! (E perdón pola pregunta, que non vos quero molestar) De que espesor son as táboas desta nave?

- Teñen ben dous dedos cumpridos, -dixo o piloto- non teñades medo.

- Polos cravos de Cristo! -dixo Panurgo- Daquela estamos de contino a dous dedos da morte. Seica este é un dos nove gozos do matrimonio²⁷³? Ah, noso amigo benquerido, facedes ben en medirdes a ameaza por varas de medo! O que son eu, non teño chisca de medo, chámome *Guillherme sen medo*²⁷⁴! Valentía, si, e ben dela. Non digo valentía de ovella senón valentía de lobo, sangue frío de criminal. E non teño medo de nada, non sendo dos perigos.²⁷⁵

²⁷² Alusión ao capítulo 27 do "primeiro libro" (*Gargantúa*).

²⁷³ Unha obra satírica da Idade Media, *Os quinze gozos do matrimonio* -título que parodiaba *Os quinze gozos* (ou *Os nove gozos*) de *Nosa Señora*- ironizaba sobre a vida matrimonial, presentándoa como chea de perigos e de torturas para o home.

²⁷⁴ Seguramente alusión a Guillherme de Orange, heroe dunha canción de xesta.

²⁷⁵ Frase que no *Monólogo do Arqueiro Franco de Bagnolet*, do século XV, pronuncia o protagonista, un arqueiro fanfarrón que deixa translucir a cada paso o seu medo, como nesta frase que se fixo proverbial.

CAPÍTULO 24

COMO FREI XOÁN DECLARA QUE PANURGO TIVO MEDO SEN MOTIVO DURANTE A TORMENTA

- Bo día, señores! -dixo Panurgo- Bo día a todos! Estadades todos ben? Grazas a Deus! E vós? Ben chegados sexades! Baixemos. Ei, espalderes, botade a pontella! Achega esa gamela! Axúdvos algo máis, aí? Teño unha fame de lobo de botar man e traballar como catro bois. De certo que este é un bo sitio e a xente é ben boa. Rapaces necesidades máis axuda miña? Non vos preocupar da suor do meu corpo, vállame Deus! Adán -quer dicir, o home- naceu para laborar e traballar igual que o paxaro para voar. Entendedes? Noso Señor quere que comamos o pan coa suor dos nosos corpos e non sen facermos nada, coma ese pingallo de frade que aí vedes, frei Xoán, que bebe e morre co medo. Velaquí o bo tempo. Arestora recoñezo o verdadeira e ben fundada en razón que é a resposta de Anacarsis, o nobre filósofo, cando, preguntado que navío lle parecía máis seguro, respondeu: "O que estea no porto".

- Mellor aínda -dixo Pantagruel- Cando, interrogado sobre cal era máis grande, se o número dos mortos ou o dos vivos, preguntou el: "E en cal contades os que navegan polo mar?", significando sutilmente que os que navegan polo mar están tan perto do contino perigo de morte que viven morrendo e morren vivindo. Así Porcio Catón dicía arrepentirse só de tres cousas, a saber: se algunha vez revelara un segredo a unha muller, se algunha vez pasara ocioso unha xornada, e se por mar viaxara a un lugar outramente accesíbel por terra.

- Polo digno hábito que eu levo! -díxolle frei Xoán a Panurgo- Meu amigo carallán, durante a tempestade ti tiveches medo sen motivo e sen razón. Porque o teu destino fatal non é pereceres na auga. Seguramente ti has ser pendurado no aire, ben alto, ou queimado viviño coma un Padre. Señor queredes un bo gabán contra a chuva? Deixádeme eses manteos de lobo e de teixugo. Mandái esfolar a Panurgo e cubrídevos coa súa pel. Non vos acheguedes ao lume nin pasedes por diante das fraguas dos ferreiros, Deus me valla! Nun momento habiadela ver reducida a cinza. Mais á chuva expondevos tanto como queirades, e mais á neve e á sarabia. E mesmo, vállame Deus!, mergulládevos dentro do máis profundo da auga, que emporiso nunca habedes estar mollado. Facede con ela botas para o inverno e endexamais han coller auga. Facede nasas para lles aprender aos mociños a nadar e han aprender sen perigo.

- Daquela -dixo Pantagruel- a súa pel viría sendo coma a herba chamada Cabelo de Venus, que nunca está mollada nin húmeda senón sempre seca, mesmo que estivese no profundo da auga tanto tempo como vós quixerades; por iso é que lle chaman "*adiantum*"²⁷⁶.

- Panurgo, meu amigo, -dixo frei Xoán- non teñas nunca medo da auga, por favor: a túa vida ha ser rematada por elemento contrario.

- E mais si -respondeu Panurgo- Pero os cociñeiros dos diaños por veces andan soñando e erran no seu oficio, e poñen en moitas ocasións a ferver o que se destinaba a asar. Igual que na cociña de aquí os cociñeiros xefes lardean en moitas ocasións perdices, pombos e pombas bravas coa intención verosímil de os poñer a asar, e mais acontece que poñen a ferver, as perdices con verzas, os pombos con porros, e as

²⁷⁶

Adjanthos en grego "que non se molla"

pombas bravas con nabos. Escoitade, meus amigos, prometo diante desta nobre compañía que a capela prometida ao señor San Nicolás entre Candes e Montsoreau ha ser unha capela de auga de rosa

e nela non ha pacer ningunha vaca
porque eu heina botar ao fondo da auga²⁷⁷

- Velaí un home de palabra! -dixo Eustenes- De palabra e media! Cúmprese ben o proverbio lombardo:

*Passato el pericolo, gabato el santo*²⁷⁸

²⁷⁷ A capela que Panurgo prometera edificar (V. nota 242) resulta non ser senón unha capela ou *capacete* de alambique para destilar, cambio que, unha vez salvado do perigo, el tenta xustificar co exemplo dos cociñeiros.

²⁷⁸ "Pasado o perigo, enganado o santo", refrán que lembra o noso "*Pasou o día, pasou a romaría*".

CAPÍTULO 25

COMO DESPOIS DA TEMPESTADE PANTAGRUEL BAIXOU ÁS ILLAS DOS MACREÓNS

No instante baixamos ao porto dunha illa que se chamaba illa dos macreóns²⁷⁹.

A boa xente do lugar fíxonos os honores. Un vello macrobio²⁸⁰ (así denominaban eles o seu concelleiro maior) quixo levar a Pantagrue a casa común da vila para repousar a vontade e tomar a refección. Pero el non quixo marchar do peirao ata que toda a súa xente non estivese en terra. Despois de os ter recoñecido, mandou que todos mudasen de roupa e que pousasen polo chan as vituallas todas que había nas naves para que todos os remeiros puidesen comer a fartar. O que se fixo de inmediato. E Deus sabe o que tal se bebeu e a festa rachada que houbo. Todos os moradores do lugar aportaban víveres en abundancia. Os pantagruelistas dábanlles aínda máis. Certo é que as súas provisións estaban algo estragadas pola precedente tempestade. Rematado o xantar, Pantagrue rogoulles a todos que se aviaran e se puxesen ao traballo de reparar os danos. O que axiña fixeron ledamente. A reparación foilles doada porque todos os moradores da illa eran carpinteiros e artesáns tal e como vedes no estaleiro de Venecia, e a illa grande só estaba habitada en tres portos e dez parroquias, sendo o resto bosque de altas árbores, e tan deserto como a foresta das Ardenas.

A instancia nosa, o vello macrobio mostrou o que a illa tiña de admirar e de importante. E pola foresta umbrosa e deserta descubriu varios vellos templos en ruínas, varios obeliscos, pirámides, monumentos e sepulcros antigos, con inscricións e epitafios diversos, uns en letras xeroglíficas, outros en linguaxe xónica, outros en lingua arábiga, agarena, eslavónica e outras. Epistemón tomou copia delas coidadosamente. Entrementres, díxolle Panurgo a frei Xoán:

- Esta é a illa dos macreóns. Macreón, en grego, significa vedraño, home que ten moitos anos.

- E que queres que lle eu faga? -dixo frei Xoán- Queres que o desfaga? Eu non estaba no país cando o bautizaron así.

- A propósito -respondeu Panurgo- coido que o nome de *merca-dons* procede de aí, porque é ás vellas a quen se lles mercan os dons das novas facendo de alcaiotas; as mozas o que fan é darlle ao cú. Polo tanto, habería que pensar que esta fose a illa Merca-dons²⁸¹, modelo e prototipo da que está en París. Vamos pescar ostras na súa cuncha.

²⁷⁹ Segundo a *Breve Declaración* "xentes que viven longamente". O nome está formado sobre o grego.

²⁸⁰ Segundo a *Breve Declaración* "home de longa vida". A palabra tamén está formada sobre o grego.

²⁸¹ O xogo de palabras que Rabelais utiliza no orixinal é entre *macreón* e *maquerelle* ("alcaiota"). Non se ve moi ben por que esa "Illa das Alcaiotas" podería ser o modelo "da que está en París". Esta é a *Île des Cygnes* ("Illa dos cisnes"), chamada antigamente *Île Maquerelle*, que se atopa no Sena, hoxe limitada polas pontes de Passy e de Grenelle, e nela atópase a réplica, en tamaño pequeno, da estatua da Liberdade que o pobo de París regalou ao de Nova-Iorque. Os especialistas en historia parisiense explican que a denominación de *Maquerelle* se debe a unha alteración que o pobo de París fixo da denominación primitiva (*Île du Mât* ou de *Querelle*, ou ben *Île de mâle-querelle*). Panurgo fai outra insinuación malévola das súas.

O vello macrobio, en linguaxe xónica, preguntáballe a Pantagruel como e mediante que industria e labor dera chegado ao seu porto aquel día, no que houbera tais turbóns no aire e tan horrorosa tempestade no mar. Pantagruel respondeulle que o alto Salvador tivera en consideración a sinxeleza e o sincero afecto da súa xente, que non viaxaba por gaño nin trafego de mercadoría. Unha única causa os metera ao mar, a saber, o fervente desexo de ver, aprender, coñecer, visitar o oráculo de Bacbuc e teren a resposta da Botella sobre algunhas dificultades propostas por algún dos acompañantes. Con todo, non fora sen unha grande aflición e evidente perigo de naufraxio. Despois preguntoulle cal lle parecía a causa desa espantosa treboada e se os mares adxacentes a esta illa estaban tan suxeitos á tempestade como no mar Océano están a marola de Saint Mathieu²⁸² e mais Maumusson²⁸³ e, no mar Mediterráneo o golfo de Adalia²⁸⁴, Montargentan²⁸⁵, Piombino²⁸⁶, o cabo Malia²⁸⁷ en Laconia, o estreito de Xibraltar, a foz de Mesina e outros.

²⁸² Na Bretaña.

²⁸³ No litoral atlántico francés, entre a costa de Royan e a illa de Oléron.

²⁸⁴ Na Asia Menor.

²⁸⁵ Porto di Telamone, na Toscana.

²⁸⁶ Fronte á illa de Elba.

²⁸⁷ No Peloponeso.

CAPÍTULO 26

COMO O BON MACROBIO LLE NARRA A PANTAGRUEL A PERMANENCIA E A PARTIDA DOS HEROES

Entón respondeu o bon macrobio:

- Amigos estranxeiros, esta é unha das illas Espóradas -non das vosas Espóradas que están no mar Carpacio²⁸⁸ senón das Espóradas do Océano²⁸⁹- algún día rica, frecuentada, opulenta, comerciante, populosa e suxeita ao dominador de Bretaña²⁹⁰, e hoxe, polo lapso do tempo e a declinación do mundo, pobre e deserta como vedes.

Nesta escura foresta que vedes, de máis de setenta e oito mil parasangas²⁹¹ de longo e amplo, está a morada dos dáimons e dos heroes²⁹², que se foron facendo vellos, e cremos que -dado que xa non loce agora o cometa que se nos apareceu durante os tres días anteriores enteiros- debeu morrer algún deles, e co seu falecemento se excitou esa horríbel tempestade que padecestes. Porque, en vivindo eles, todo ben abonda neste lugar e as outras illas veciñas, e no mar hai bonanza e serenidade continua. Mais cando un deles falece, de ordinario nós sentimos pola foresta grandes e conmoventes laios, e vemos en terra pestes, derramos e desgrazas, no aire turbóns e tebras, e no mar tempestade e treboada.

- Ten sentido o que dicides -respondeu Pantagruel- Porque, igual que a antorcha ou a candeia, durante todo o tempo que está viva e arde, reloce nos asistentes, alumea todo de arredor, deleita a todos e a todos lles ofrece o seu servizo e a súa claridade sen facer mal nin desagradar a ninguén, no instante en que se extingue, co seu fume e cheiro torna o aire infecto, prexudica aos asistentes e a todos desagrada. O mesmo acontece con estas almas nobres e insignes. Durante o tempo que elas viven nos seus corpos, a súa estadía é pacífica, útil, deleitosa e honorábel, e á hora da súa partida, xeralmente ocorren nas illas e no continente grandes turbóns no aire, tebras, lóstregos e sarabia, en terra concusión²⁹³, tremores e abalos, no mar treboada e tempestade, acompañados de laio dos pobos, mudanza das relixións, transporte²⁹⁴ dos reinos e eversión²⁹⁵ das repúblicas.

- Nós -dixo Epistemón- temos visto a experiencia non hai tanto no pasamento do arrizado e douto cabaleiro Guillaume du Bellay²⁹⁶, en vida do cal Francia era tan feliz que todo o mundo a envexaba, todo o mundo se aliaba a ela e todo o mundo a

²⁸⁸ O mar da illa de Cárpatos, unha das Espóradas, arquipélago de illas gregas no mar Exeo.

²⁸⁹ Plutarco menciona estas illas.

²⁹⁰ A actual Gran Bretaña.

²⁹¹ Antiga medida dos persas equivalente a trinta estadios gregos, sendo, polo tanto duns seis mil metros.

²⁹² O *dáimon* grego era un xenio mediador entre os homes e os deuses. *Heroe* tamén está usado no sentido orixinal grego de semideus, mortal divinizado despois da súa morte.

²⁹³ Conmoción.

²⁹⁴ Cambio.

²⁹⁵ Reviramento.

²⁹⁶ Rabelais acompañou a Guillaume du Bellay -señor de Langeais, virrei do Piemonte e irmán do cardeal Jean du Bellay, protector de Rabelais- cando Guillaume du Bellay foi enviado por Francisco I a Italia, asistíndoo na hora da súa morte.

temía. De sócato, despois do seu falecemento, foi ela desprezada por todo o mundo longamente.

- Igualmente, -dixo Pantagruel- morto Anquises en Trapani, en Sicilia, a tempestade produciulle terríbel sufrimento a Eneas. E pode que fose a causa pola que Herodes, o tiránico e cruel rei de Xudea, véndose perto dunha morte de natureza horríbel e espantosa (porque morreu dunha ftiríase²⁹⁷, comesto polos vermes e os piollos, como denantes morreran Lucio Sila, Ferécides o Sirio, preceptor de Pitágoras, o poeta grego Alcman e outros) e prevendo que á súa morte os xudeus habían facer lumeradas de festa, mandou reunir no seu serrallo todos os nobres e maxistrados de todas as vilas, burgos e castelos de Xudea baixo o motivo e pretexto fraudulento de ter cousas importantes que lles comunicar para o goberno e tutela da provincia. De chegados e comparecidos eles en persoa, mandounos encerrar no hipódromo do serrallo. E despois díxolle á súa irmá Salomé e o seu marido Alexandre: "Estou seguro de que os xudeus se han alegrar da miña morte, pero, se queredes ouvir e executar o que vos vou dicir, as miñas exequias serán honrosas e haberá nelas pública lamentación. No instante en que eu morra, mandade -polos arqueiros da miña garda aos que lles eu din orde expresa- matar a todos eses nobres e maxistrados que están encerrados aquí dentro. Ao facer isto, toda Xudea ha estar malia ela en dó e lamento, e aos estranxeiros halles parecer que é por causa do meu pasamento, como se falecera unha alma heroica".

Outro tanto pretendía un tirano desesperado cando dixo: "En eu morrendo, que a terra se mesture co lume", é dicir que pereza o mundo todo. Frase que o truán de Nerón cambiou dicindo: "En eu vivindo", como testemuña Suetonio. Estas detestabeis palabras, das que falan Cicerón no libro 3 *De Finibus* e Séneca no libro 2 *De Clementia* son atribuídas por Dion de Nicea e máis por Suidas ao emperador Tiberio.

²⁹⁷

Doenza da pel provocada pola parasitación de piollos.

CAPÍTULO 27

COMO RAZOA PANTAGRUEL SOBRE A PARTIDA DAS ALMAS HEROICAS E DOS HORROROSOS PRODIXIOS QUE PRECEDERON O TRÁNSITO DO FINADO SEÑOR DE LANGEAIS

- Eu non quixera -dixo Pantagruel continuando- non ter padecido a tormenta mariña, que tanto nos escarneceu e traballou, para non ouvir o que nos dí este bon macrobio. Mesmo inclínome a crer doadamente o que el nos dixo do cometa que se viu no aire durante uns días antes de tal partida. Porque algunhas almas son tan nobres, preciosas e heroicas, que do seu desaloxo e tránsito énos dado anuncio dos ceos uns días antes. E , do mesmo xeito que o médico prudente, vendo polos signos prognosticadores entrar o seu cliente no decurso da morte, advirte algúns días antes á muller, aos fillos, aos parentes e amigos, do falecemento inminente do marido, pai ou próximo, a fin de que nese tempo que lle resta por vivir eles o induzan a deixar en orde a súa casa, exhortar e bendicir os seus fillos, encamiñar a viuvez da súa muller, aclarar o necesario para o coidado dos pupilos, e que non sexa sorprendido pola morte sen testar e pór en orde a súa alma e a súa casa, igualmente tamén os ceos benévolos, como ledos pola inmediata recepción destas beatas almas, antes do seu falecemento semella que fan lumeradas de festa con tais cometas e aparicións meteóricas, enviados polos ceos aos humanos como prognóstico certo e verídica predición de que en poucos días aquelas venerabeis almas van deixar os seus corpos e a terra.

Nin máis nin menos que antigamente en Atenas os xuíces areopaxitas, ao emitiren a súa decisión no xuízo dos criminais presos, utilizaban certas notas segundo a variedade das sentencias. Con Q significaban a condena a morte, con T a absolución, e con A a ampliación, é dicir cando o caso non está aínda rematado. Expostas estas publicamente, libaban de desacougo e de cavilacións aos parentes, amigos e demais, desexosos de saberen cal sería a sorte e o xuízo dos malfeitores detidos en prisión. Así, con tais cometas, como con notas etéreas, din os ceos tacitamente: "Homes mortais, se destas felices almas queredes algunha cousa saber, aprender, ouvir, coñecer ou prever, sexa tocante ao ben e a utilidade pública ou privada, sede dilixentes en vos presentardes a elas e en terdes delas resposta, porque o fin e o desenlace da comedia se achega. E pasado este, en van vos arrepentiredes".

Aínda fan máis: para declararen que a terra e a xente terrena non é digna da presenza, compañía e fruición de tais almas insignes, atordóana e estarrécena con prodixios, portentos, monstros e outros signos precursores formados contra toda orde da natureza. O que vimos varios días antes do partimento da tan ilustre, xenerosa e heroica alma do douto e arrizado cabaleiro de Langeais, do que vós falastes.

- Lémbrome diso -dixo Epistemón- e aínda se me arrepía e estremece o corazón dentro da súa cápsula cando penso nos prodixios tan diversos e horrorosos que vimos nidiamente cinco e seis días antes da súa partida. De modo que os señores de Assier²⁹⁸, Chemant, Mailly o Chosco, Saint-Ayl, Villeneuve-la-Guyart, mestre Gabriel (médico de Savillan), Rabelais, Cohuau, Massuau, Maiorici, Bullou, Cercu

²⁹⁸ Amigos, familiares e persoas do séquito de Guillaume du Bellay, señor de Langey. Entre eles figura o propio Rabelais, que o acompañou, como xa temos visto, na campaña de Italia e o atendeu na hora da morte.

(chamado Burgomestre), François Proust, Ferron, Charles Girard, François Bourré e tantos outros amigos, domésticos e servidores do defunto, todos arrepiñados, mirábanse os uns aos outros en silencio, sen diciren palabra ningunha coa boca, mais pensando e prevendo todos ben no seu entendemento que en breve Francia había verse privada dun cabaleiro tan perfecto e necesario para a súa gloria e protección e que os ceos estaban a reclamálo como se estivese a eles destinado por propiedade natural.

- Polo caperuzo do hábito! -dixo frei Xoán- Cando sexa vello quero ser letrado! Mesmo teño bastante boa entendedeira.

Pregúntovos preguntante
coma o rei ao axudante
e a raíña ao seu infante:

Estes heroes e semideuses dos que falastes acaban morrendo? A Virxe me valla! Eu pensaba panzativo²⁹⁹ que fosen inmortais coma anxos fermosos, Deus me perdoe. Mais este reverendísimo macrobio di que finalmente morren.

- Non todos -respondeu Pantagruel- Os estoicos dicían que todos son mortais excepto un, que é, el só, inmortal, impasíbel³⁰⁰ e invisíbel.

Píndaro di nidiamente que para as deusas hamadriadas non había máis fío fiado pola roca e a fiazza dos destinos e das inicuas parcas (é dicir máis vida) que o que había para as árbores por elas gardadas. Son os carballos, dos que elas naceron segundo a opinión de Calímaco e de Pausanias en *Fócida*, cos que coincide Martianus Capella. Canto aos semideuses -pans, exipáns, ninfas, heroes e dáimons- houbo quen, baseándose na suma total das diferentes idades calculadas por Hesíodo, concluíu que as súas vidas tiñan nove mil setecentos vinte anos, número obtido pasando a unidade á cuaternidade, e a cuaternidade enteira catro veces en si dobrada, e despois todo multiplicado cinco veces por sólidos triángulos³⁰¹. Consultade a Plutarco no libro do *Cesamento dos oráculos*.

- Isto non é materia de breviarío -dixo frei Xoán- Eu non creo do asunto senón o que a vós vos apraza.

- Eu creo que todas as almas intelectivas -dixo Pantagruel- están exentas da tesoura de Átropos³⁰². Todas son inmortais, tanto as dos anxos, as dos demos e as humanas. Vouvos contar, malia todo, a propósito diso, unha historia ben estraña, mais escrita e asegurada por varios doutos e sabios historiógrafos.

²⁹⁹ Simple xogo de palabras por paronomasia.

³⁰⁰ Que non está sometido aos sentimentos, que non os padece.

³⁰¹ Esta revirada explicación, que resulta un tanto críptica, foi expresada dende o punto de vista matemático por algún especialista actual do xeito seguinte: $(4 \times 20 + 1) \times 3 \times 8 \times 5 = 9.720$.

³⁰² Nome da *moira* grega -equivalente á *parca* latina- que cortaba coa súa tesoura o fío da vida.

CAPÍTULO 28

COMO PANTAGRUEL CONTA UNHA CONMOVEDORA HISTORIA TOCANTE AO PASAMENTO DOS HEROES

"Navegando Epitersis, pai de Emiliano o retórico, de Grecia a Italia dentro dunha nave cargada de diversas mercadorías e moitos viaxeiros, contra o serán, ao cesar o vento rente das illas Equínadas³⁰³, que están entre Morea e Túnez, foi a nave levada ao carón de Paxos³⁰⁴. Estando alá ancorada, durmindo algúns dos viaxeiros, outros despertos e outros bebendo e xantando, sentiuse unha voz de alguén que dende a illa de Paxos chamaba moi forte: "*Tamos!*". Co berro, todos ficaron estarecidos. Ese Tamos era o piloto, natural de Exipto mais de nome descoñecido, non sendo para uns pouquiños viaxeiros. Por segunda vez sentiuse aquela voz que chamaba por Tamos con berros horrorosos. Ao non responder ninguén, senón ficaren todos en silencio e trepidación, por terceira vez se sentiu aquela voz, máis terríbel que dantes. Polo que Tamos respondeu: "Aquí estou. Que queres de min? Que queres que eu faga?" Daquela sentiuse a voz aínda máis forte, dicíndolle e ordenándolle que cando estivese en Palodes³⁰⁵ pregoase e anunciase que Pan, o gran deus, morrera.

Dicía Epitersis que, ouvidas estas palabras, todos os naucheiros e viaxeiros ficaron asombrados e totalmente arrepiados. E, ao consultaren entre eles o que sería mellor facer, se calar ou pregoar o que fora ordenado, Tamos dixo que a súa opinión era que se ao chegaren tivesen vento en popa, pasasen por diante sen dicir nada, e se o mar estivese en calma, comunicasen o que ouviran. Entón, cando estiveron cabo de Palodes aconteceu que non tiveron vento nin corrente. Daquela Tamos, subindo á proa e proxectando a súa vista contra a costa, anunciou, como lle fora ordenado, que o gran Pan morrera. Aínda non acabara el a derradeira palabra cando se puideron escoitar grandes saloucos, laios e brados en terra, e non dunha persoa só senón de moitas xuntas.

A noticia disto, dado que moitas persoas estiveran presentes, divulgouse decontado en Roma. E Tiberio César, entón emperador romano, mandou en procura de Tamos. Despois de o sentir falar concedeu-lle creto ás súas palabras. E, inquirindo entre a xente douta, que entón era numerosa na súa corte e máis en Roma, sobre quen era aquel Pan, soubo a través dela que fora fillo de Mercurio e de Penélope³⁰⁶.

Así o escribiran denantes Herodoto e Cicerón no terceiro libro *Da natureza dos deuses*. Con todo, eu interpretaríao coma se se tratase do gran Salvador dos fieis, que foi morto ignominiosamente en Xudea pola envexa e a inicuidade dos pontífices, doutores, sacerdotes e frades da lei mosaica. E non me semella a interpretación trabucada, porque ben pode el en lingua grega ser chamado Pan³⁰⁷, visto que é o noso Todo; todo o que nós somos, todo o que vivimos, todo o que temos, todo o que esperamos é el, é del, é grazas a el e está nel. É o bon Pan, o gran pastor que, como testemuña o bondadoso pegureiro Coridón³⁰⁸, non só lles ten amor e agarimo ás súas

³⁰³ Atópanse na entrada do golfo de Corinto.

³⁰⁴ Illa que se atopa ao sur de Corfú.

³⁰⁵ Porto da rexión do Epiro.

³⁰⁶ Esta é unha das varias atribucións da paternidade e maternidade de Pan que se orixinaron.

³⁰⁷ En grego significa "todo".

³⁰⁸ Nas *Bucólicas* de Virxilio.

ovellas senón tamén aos seus pegureiros. E na morte del houbo choros, saloucos, brados e laios por toda a máquina do universo, ceos, terra, mar e infernos. Con esta miña interpretación concorda a época, porque aquel bondadosísimo e grandísimo Pan, o noso único Salvador, morreu cabo de Xerusalén reinando en Roma Tiberio Cesar".

Rematadas estas palabras, Pantagruel ficou en silencio e profunda contemplación. Pouco tempo despois vimos as bágoas escorreren dos seus ollos, grosas coma ovos de avestruz. Deus me leve se eu conto niso algunha mentira.

CAPÍTULO 29

COMO PANTAGRUEL PASOU A ILLA DAS AGACHADAS NA QUE REINABA CHOQUEIRO DE CORESMA

Reparadas e arranxadas as naves do ledó conxoi, renovadas as vituallas, máis que contentes os macreóns polo gasto que Pantagruel fixera e máis ledos os nosos que de ordinario, no día seguinte, entre gran alegría, despregamos velas coa serena e deliciosa airexiña. Contra o alto do día, Xenómano mostrou ao lonxe a illa das Agachadas, na que reinaba Choqueiro de Coresma, de quen Pantagruel sentira falar algunha vez e que gustaría de ver, se non fose que Xenómano o desanimou, tanto polo grande desvío do camiño como polo magro lecer que, dixo, hai en toda a illa e corte do señor.

-Alí veredes -dixo el- como prato único, un gran papador de chícharos secos, un gran caracoleiro, un gran apañador de toupas, un gran enfeixador de herba, un medio xigante de peluxe roxelo e dobre tonsura, orixinario do país das Linternas, moi gran linterneador³⁰⁹ el, gonfaloneiro³¹⁰ dos ictiófagos³¹¹, dictador dos mostardenses³¹², frustrigador de rapaciños, calcinador de cinza³¹³, pai e nutridor dos médicos, acugulado de perdóns, indulxencias e peregrinaxes, home de ben, bo católico e de gran devoción. Pasa a chorar as tres partes do día. Nunca se atopa nas bodas³¹⁴. É certo que el é o máis industrioso fabricante de lardeadeiras e de espetos³¹⁵ que se poida encontrar en corenta reinos. Vai para seis anos que, ao eu pasar pola illa das Agachadas, collín doce ducias delas e llelas din aos carniceros de Candes. Eles estimáronas moito, e non sen motivo. Ao que esteamos de volta, heivos mostrar dúas atadas á fachada principal³¹⁶. Os alimentos dos que se mantén son lorigas, cascos, morrións e capacetes, todos eles salgados. Por iso ás veces padece unhas fortes purgacións. A súa roupa é alegre, tanto de feitío como de cor, porque vai de gris e frío, nada por diante e nada por tras, e as mangas o mesmo.

- Habédesme compracer ben -dixo Pantagruel- se, do mesmo xeito que me relatades os seus vestidos, os seus alimentos, a súa maneira de se comportar e os seus leceres, me relatades tamén a forma e o aspecto de todas as partes do seu corpo.

- Fai o favor, caralludiño, -dixo frei Xoán- que o atopei no meu breviarío pero anda a me escapar seguindo as festas móbiles.

- Con moito gusto -respondeu Xenómano- Posíbelmente sintamos falar máis amplamente del ao pasarmos a illa Fera, na que mandan as androllas³¹⁷ reboiadas, as súas mortais inimigas, contra as que está en guerra sempiterna. E se non fose pola axuda do nobre Martes de Antroido, o protector e bo veciño delas, ese gran linterneador de Choqueiro de Coresma teríaa exterminado xa na súa morada.

³⁰⁹ Ver nota 117.

³¹⁰ Porta-estandarte.

³¹¹ "Comedores de peixe", menú da Coresma.

³¹² A mostarda tamén formaba parte do menú da Coresma

³¹³ Alusión ao "mércores de cinza".

³¹⁴ Na Coresma non se podían facer casamentos.

³¹⁵ Alusión, se cadra, ás fogueiras da Inquisición.

³¹⁶ Son as dúas frechas do campanario da igrexa de Candes.

³¹⁷ Aínda que a *androlla* galega non leva o mesmo recheo que a *andouille* francesa, mantemos a palabra galega pois os dous nomes teñen a mesma sonoridade e a mesma orixe.

- Sonvos -preguntou frei Xoán- femias ou machos? Mortais ou anxos? Doncelas acaso?

- Pois son -respondeu Xenómano- femias por sexo, mortais por condición, algunhas doncelas e as outras non.

- Doume ao demo se non estou a prol delas! -dixo frei Xoán- Que desorde hai na natureza cando se fai guerra contra as mulleres! Voltemos. Exterminemos ese vilán.

- Combater contra Choqueiro de Coresma! -dixo Panurgo- Por todos os demos, non son eu tan tolo e tan afoutado ao tempo! *Quid iuris*³¹⁸ se nos topamos envoltos entre as androllas e Choqueiro de Coresma, entre a bigorna e os martelos? Un chancro! Liscade de aquí! Vámonos axiña! Eu dígovos adeus, Choqueiro de Coresma! Encoméndovos as androllas! E non esquezaades os botelos³¹⁹!

³¹⁸ Formula xurídica: "*Quén ten razón?*".

³¹⁹ Tampouco o noso *botelo* se corresponde co *boudin* francés, como acontecía coa androlla, xa que tamén existe diferenza no recheo, pero mantemos o noso nome xa que a parella *andouille/boudin* ten en paralelo a de *androlla/botelo*.

CAPÍTULO 30

COMO XENÓMANO ANATOMIZA E DESCRIBE A CHOQUEIRO DE CORESMA

- Canto ás partes internas, -dixo Xenómano- Choqueiro de Coresma ten (ou polo menos tiña no meu tempo) o cerebro semellante en tamaño, cor, substancia e vigor ao collón esquerdo dun arador da sarna³²⁰.

Os ventrículos coma un tirafondo.

A excrescencia vermiforme coma un pau de xogar á porca.

As membranas coma o capuchón dun frade.

O funil coma un covo³²¹ de canteiro.

A bóveda coma un pucho de muller.

A glándula pineal coma unha gaita.

A rede admirábel coma unha testeira.

Os aditamentos mamilares coma un zoco.

A caixa do tímpano coma un muíño pequeno.

Os osos petrosos coma un plumeiro.

A nuca coma un farol.

Os nervios coma unha billa.

O pinguel coma unha cerbatana.

O padal coma unha manopla.

As glándulas salivares coma unha canela³²².

As amígdalas coma lupas.

O istmo coma un coleiro

O gargueiro coma un cesto vendimo.

O estómago coma unha correaxe.

O píloro coma unha forcada de ferro.

A arteria áspera coma un coiteliño.

A gola coma unha bola de estopa.

O pulmón coma unha almocela³²³.

O corazón coma unha casula³²⁴.

O mediastino coma un cunquelo.

A pleura coma un bico de corvo³²⁵.

³²⁰ Rabelais inicia aquí unha especie de "antibrasón". O *brasón* era un xénero poético moi en voga na primeira metade do século XVI que ía nomeando laudatoriamente as partes e as cualidades dun ser ou dun obxecto. Moi coñecidos son os brasóns do corpo feminino, nomeadamente o de Clément Marot, poeta ligado á corte de Francisco 1º. No *Terceiro Libro*, Rabelais xa construíra varios brasóns paródicos. Aquí, o albo do ferrete rabelesíán é este choqueiro que representa a Coresma. Non entramos a explicar as denominacións das partes do corpo, que proceden de varias fontes: a medicina antiga, as denominacións populares e a terminoloxía dos especialistas contemporáneos. Sabido é que Rabelais, médico que foi un dos primeiros en practicar a disección no seu tempo, tiña un grande coñecemento nesa materia. Aquí, xunto coa parodia carnavalesca que presenta un choqueiro de Antroido armado cos adovios máis variopintos, vai unha crítica ao método da medicina de Galeno, que parte das comparacións do corpo humano.

³²¹ Pequeno depósito feito con táboas de madeira en ángulo para levar ao lombo coa masa.

³²² Lanzadeira de tear.

³²³ Capiña curta ou peregrina, con capucha, que podían revestir as dignidades eclesiásticas.

³²⁴ Vestimenta sacerdotal.

As arterias coma unha capa bearnesa³²⁶.
 O diafragma coma un pucho en crista de galo.
 O fígado coma unha tenaza de corte.
 As veas coma un bastidor³²⁷.
 A paxarela coma un chamariz de paspallás.
 Os boches coma un tramallo.
 O fel coma unha aixola.
 A corada coma un gantelete
 O mesenterio coma unha mitra abacial.
 O intestino xexuno coma un alicate.
 O intestino cego coma unha coiraza.
 O colon coma un brinde³²⁸.
 O boche cular coma un pichel monacal.
 Os riles coma unha paleta.
 Os lombos coma un cadeado.
 Os poros uréteres coma unha gramalleira.
 As veas emulxentes coma dous cichotes.
 Os vasos espermáticos coma un pastel de masa en folla.
 A próstata coma un depósito de plumas.
 A vexiga coma un tiracoios.
 O colo desta coma un badal.
 O abdome coma un chapeo albanés³²⁹.
 O peritoneo coma un brazal.
 Os músculos coma un fol.
 Os tendóns coma unha luva de falcoeiro.
 Os ligamentos coma unha falchoca.
 Os osos coma costradas³³⁰.
 A médula coma unha alforxa.
 Os cartílagos coma unha tartaruga do mato.
 As adenas coma unha serpe.
 Os espíritos animais coma moquetazos.
 Os espíritos vitais como longas cotenadas.
 O sangue fervente coma múltiples palmos de narices.
 A urina coma un papafigos.
 A xenitura coma un cento de craviños de ripas. E contábame a súa ama de leite
 que cando casara coa Media Coresma enxendrara só unha manchea de
 adverbios de lugar e algúns xexúns dobres³³¹.
 A memoria tíña coma unha esmoleira³³².
 O sentido común coma un bordón.

325 Ou *bico de loro*, nome dunha ferramenta, tenaza rematada en forma curva a xeito de bico desa

ave.

326 Feita con lá branca groseira, con capuchón e sen mangas, que chega case á metade da perna.

327 De bordar.

328 Ver nota 85.

329 De abas amplas rematado en punta.

330 Tipo de doce.

331 Na metade da Coresma facíase excepción á prohibición de casar nesa época. O dos adverbios de lugar pode ser polas preguntas que se facían con eles para saber onde.

332 Falchoca para meter a esmola, ao pedir.

A imaxinación coma un repinique de sinos.
Os pensamentos coma un vó de estorniños.
A conciencia coma un revoar de garzas.
As deliberacións coma un saqueto de orxo.
O arrepentimento coma o equipo dun canón dobre.
A iniciativa coma a saburra³³³ dun galeón.
O entendemento coma un breviario rachado.
A intelixencia coma limachas ao saíren dos amorodos.
A vontade coma tres nozes nunha escudela.
O desexo coma seis feixes de esparcela
O siso coma un calzador.
A discreción coma unha manopla³³⁴
A razón coma un tamboril.

³³³ Area que se levaba nun navío para servir de lastre.
³³⁴ Aparece por segunda vez neste "antibrasón".

CAPÍTULO 31

ANATOMÍA DE CHOQUEIRO DE CORESMA CANTO ÁS SÚAS PARTES EXTERNAS

- Canto ás partes externas, -dixo Xenómano- Choqueiro de Coresma estaba un pouco mellor proporcionado, non sendo as sete costelas que tiña a maiores da forma común dos humanos.

As dedas tíñaas coma unha espineta con órgano.

As unllas coma un trado.

Os pés coma unha guitarra.

Os calcaños coma unha moca.

A planta coma un cruxol.

As pernas coma un engado³³⁵.

Os xeonllos coma un escabel.

As coxas coma unha balesta.

Os cadrís coma un berbequí.

A barriga de bazuncho, abotoada á moda antiga e cinxida polo antebusto.

O embigo coma unha zanfona.

O pentello coma un flan

O membro coma unha pantufa.

Os collóns coma frascos.

Os xenitores coma un legón.

Os cremasteres coma unha raqueta.

O perineo coma un pífano.

O ollo do cú coma un espello de cristal.

As nádegas coma unha grade.

Os riles coma unha cunca para manteiga.

O sacro coma un pau para empurrar bolas.

O lombo coma unha balestra de asedio.

Os espónkilos coma unha cornamusa.

As costelas coma unha roda de fiar.

O esterno coma un baldaquino.

As omoplatas coma un morteiro.

O peito coma un xogo de flautas.

Os mamilos coma un corno de caza.

Os sovacos coma un dameiro.

Os ombros coma unha padiola.

Os brazos coma un caperuzo.

Os dedos coma trasfogueiros dunha confraría.

Os osos do pulso coma dous zancos.

Os cotobelos coma cotarelos.

Os cóbados coma angazos.

As mans coma unha rascadeira.

O pescozo coma unha almofia.

A gorxa coma un filtro de hipocrás³³⁶.

³³⁵

Pano de cor que se move para atrer os paxaros.

O nó coma un barril do que pendían dous galoxos³³⁷ de bronce ben fermosos e armónicos, en forma dun reloxo de area.
 A barba coma unha linterna.
 O mentón coma un cabazo.
 As orellas coma dous mitóns.
 O nariz coma un borceguín enxertado cun brasón.
 As ventas coma un carapuchiño.
 As cellas coma unha pingadeira³³⁸.
 Enriba da cella esquerda tiña un signo de forma e tamaño dun urinal.
 As pálpebras coma un rabel.
 Os ollos coma o estoxo dun pente.
 Os nervios ópticos coma un esqueiro.
 A fronte coma un gávedo³³⁹.
 As tempas coma un billote³⁴⁰.
 As fazulas coma dúas zocas.
 As queixadas coma un gobilete.
 Os dentes coma unha azagaia. Deses seus dentes de leite habedes atopar un en Coulanges-les-Royaux, no Poitou, e dous en La Brousse, en Saintonge, enriba da porta da adega.
 A lingua coma unha harpa.
 A boca coma unha goldrapa.
 O rostro, labrado coma unha angarella de mulo.
 A testa contorneada coma un alambique.
 O cranio coma unha capacha.
 As costuras coma un anelo de pescador.
 A pel coma un tabardo.
 A epiderme coma un bortel.³⁴¹
 Os cabelos coma un cepillo do calzado.
 O pelo tal como quedou dito.

336 Viño azucarado no que se mesturan diversas especies como a canela e o cravo.
 337 Bocios.
 338 Bandexa para recoller o pingo ou graxa debaixo dun espeto.
 339 Recipiente de panza ancha.
 340 Billa para transvasar o viño do tonel.
 341 Peneira.

CAPÍTULO 32

CONTINUACIÓN DAS ACTITUDES DE CHOQUEIRO DE CORESMA

- Caso admirábel na natureza -dixo Xenómano continuando- é ver e ouvir o estado de Choqueiro de Coresma.

Se cuspía, eran paneladas de cardos.

Se se soaba, eran meixóns salgados.

Se choraba, eran parrulos en salsa de cebola.

Se tremía, eran grandes pastelóns de lebre.

Se suaba, eran bacallaos en manteiga fresca.

Se arrotaba, eran ostras en cuncha.

Se espirraba, eran pipos cheíños de mostarda.

Se tusía, eran caixas de doce de marmelo.

Se saloucaba, eran mancheas de agrións.

Se bocexaba eran potadas de ervillas pisadas.

Se suspiraba, eran linguas de boi afumadas.

Se asubiaba, eran cestadas de macacos verdes.

Se roncaba eran pucheiros de fabas esmagadas.

Se regañaba, eran pezuños de porco en baña.

Se falaba, era groso burel da Auvernia; tan lonxe estaba de ser seda carmesín, coa que Parisatis quería que estivesen tecidas as palabras dos que lle falaban ao seu fillo Ciro, rei dos persas.

Se sopraba, eran boetas para as indulxencias.

Se chiscaba os ollos eran melindres e obleas.

Se roñaba, eran gatos de Marzo.

Se abaneaba a cabeza, eran carretos ferrados.

Se amuaba, eran redobres de tambor.

Se moumeaba, eran escenificacións da xente da curia.

Se espernexaba, eran demoras e aprazamentos de quinquenios.

Se recuaba, eran biosbardos de mar.

Se bababa, eran fornos de leva.

Se estaba rouco, eran danzas mouriscas.

Se botaba peidos, eran polainas de vaca teixa.

Se botaba bufas, eran botiñas de cordobán.

Se se rañaba, eran ordenanzas novas.

Se cantaba, eran chicharos na casula.

Se ciscaba, eran cabazos e cogumelos.

Se fungaba, eran verzas con aceite, alias *caules amb olif*.

Se discorría, eran neves de antano³⁴².

Se se preocupaba, era touciño e soá³⁴³.

Se daba algo, outro tanto era para o bordador.

³⁴² Cita do retrouso dun célebre poema de Villon. As *neves de antano* veñen sendo os tempos pasados.

³⁴³ No orixinal, a referencia é a un vello refrán francés, equivalente ao galego *Tanto dá touciño como soá*.

Se soñaba, eran nabos voando e agatuñando por unha muralla.
Se deliraba, eran rexistros de rendas.

Caso estraño: traballaba non facendo nada e non facía nada traballando³⁴⁴. Velaba durmindo e durmía velando, cos ollos abertos como fan as lebres da Champaña, temendo algún ataque nocturno das androllas, súas vellas inimigas. Ría mordendo e mordía rindo. Nada non comía xexuando e xexuaba nada non comendo. Rillaba por sospeitas e bebía por imaxinación. Bañábase enriba dos altos campanarios e secábase dentro das lagoas e os ríos. Pescaba no aire e nel pillaba camaróns enormes. Cazaba no profundo do mar e alí atopaba cervos, corzos e gamos. A todas as choias collidas ás agachadas de ordinario lles pinchaba os ollos. Non había cousa á que temese non sendo a súa propia sombra e os berros dos cabritos gordechos. Algúns días dáballes ao zoco. Burlábase das reliquias das antas. Batía co puño no canto do martelo. Escribía en pergamiño veloso, co seu gordo porta-plumas, prognósticos e almanaques.

- Velaí o galán -dixo frei Xoán- Ese é o meu home. É o que eu busco. Voulle mandar unha carta de desafío.

- Velaí unha estraña e monstruosa membrura de home, -dixo Pantagruel- se é que lle debo chamar home. Traédesme á memoria a forma e a actitude de Desmesura e Discordancia.

- E que forma tiñan? -preguntou frei Xoán- Nunca sentín falar delas, Deus me perdoe.

- Vouvos contar -respondeu Pantagruel- o que lin sobre elas nos apólogos antigos. Fisis (é dicir a Natureza), na súa primeira xestación, enxendrou a Beleza e Harmonía sen copulación carnal, pois xa en por ela é extraordinariamente fecunda e fértil. Antifisis, que toda a vida foi a adversaria da Natureza, de contadiño tivo envexa deste fermoso e nobre parto, e, levando a contraria, enxendrou a Desmesura e Discordancia pola copulación con Telumón³⁴⁵.

Tiñan estas a cabeza totalmente esférica e redonda, coma un globo, e non suavemente comprimida polos dous lados como é a forma humana. Tiñan as orellas requichadas para arriba, grandes coma orellas de burro; os ollos fóra da cabeza, chantados enriba duns osos semellantes aos talóns, sen cellas, duros coma os dos cangrexos; os pés redondos coma pelotas; os brazos e as mans revirados contra atrás, cara aos ombreiros, e camiñaban sobre das súas cabezas, en roda e acaneándose de contino, co cú por cima da cabeza e os pés contra arriba. E, tal como vós sabedes que ás macacas os seus macaquiños lles parecen máis fermosos que cousa ningunha do mundo, tamén Antifisis louvaba e se esforzaba en probar que a forma dos seus fillos era máis bonita e xeitosa que a dos fillos de Fisis. Decía que ter así os pés e a cabeza esféricos e camiñar así en círculo, acaneándose, era a forma competente e o movemento perfecto e acaído a unha porción de divindade, que dá esta configuración aos ceos e a todas as cousas eternas. Ter os pés no aire e a cabeza embaixo era imitación do Creador do Universo, visto que os cabelos son no home como raíces e as pernas como pólas, porque as árbores están máis cómodamente chantadas na terra

³⁴⁴ Iníciase a relación dunha serie de accións contradictorias, paradóxicas, ridículas e mesmo imposíbeis, moitas veces consistentes en tomar ao pé da letra unha frase feita ou facer un simple xogo de palabras.

³⁴⁵ Divinidade romana que personificaba a potencia xeradora da Terra.

sobre das súas raíces do que poderían estar sobre das súas pólas. Con esta demostración, alegaba que moito máis feitos e moito mellor conformados eran os seus fillos, coma unha árbore dereita, que os de Fisis, que eran coma unha árbore do revés. Canto aos brazos e as mans, probaba que é máis razoábel estaren revirados cara aos ombreiros, porque esta parte do corpo non debe quedar sen defensas, dado que a dianteira estaba completamente gornecida polos dentes e a persoa pode, non só utilízalos mascando sen axuda das mans, senón tamén defenderse por medio deles contra as cousas nocivas.

Así, co testemuño e exemplo das bestas salvaxes, tiraba a todos os tolos e insensatos para a opinión dela e era admirada por todas as xentes sen miolos e desprovistas de bo xuízo e de sentido común. Dende entón, ela produciu os caroqueiros³⁴⁶, beateiros e papasantos, os maníacos pistoletes, os demoníacos calvinos, impostores de Xenebra, os enrabiados poios herbosos, alláparos, aduanantes, soinamoinas, caníbales e outros monstros deformes e contrafeitos a despeito da Natureza.

³⁴⁶ Rabelais lanza a súa diatriba -como en libros anteriores- contra os hipócritas, beatóns e mentireiros que o hostigaron de contino a el e a todos aqueles que tomaron o partido da Liberdade e da Tolerancia. Alude directamente a Gabriel de Puy-Herbault (*Poio Herboso*) e a Calvino, que en varias publicacións acababan de lle dirixir violentos ataques persoais.

CAPÍTULO 33

COMO PANTAGRUEL DEXERGOU UN MONSTRUOSO FISETERIO PERTO DA ILLA FERA

Contra o altor do día, ao se achegaren á illa Fera, Pantagruel dexergou ao lonxe un grande e monstruoso fiseterio³⁴⁷ que viña dereito cara a nós, bruando, urrando, inchado, máis elevado en altura que as galias dos navíos, e que lanzaba ao aire, diante súa, auga pola boca coma se fose un caudaloso río que caise dende unha montaña. Pantagruel amosoullo ao piloto e a Xenómano. Por consello do piloto fixeron resoar as trompetas dando o toque de estar alerta e de se achegar.

A este son, todos os navíos, galeóns, rambargos e liburnas, segundo fose a súa disciplina naval, puxéronse en orde e figura tal como é o Y grego, letra de Pitágoras³⁴⁸, tal como vedes formar aos grous no seu vó, tal como se atopa nun ángulo agudo. No cono e base dela estaba a devandita *Talamega* en disposición de combater valentemente. Frei Xoán subíu, gallardo e moi decidido, ao castelo de proa cos bombardeiros. Panurgo comezou a berrar e a laiar máis ca nunca.

- Bababibibúúú -púxose el- Endexamáis cousa peor vin. Lisquemos! Caso en tal, é o Leviatán descrito polo nobre profeta Moisés na vida do santo home Xob. Vainos tragar todíños, xentes e navíos, coma pímulas. Na súa enorme gorxa infernal nós non imos avultar máis ca unha chisquiña de ferraña na gorxa dun burro. Velaí o ven! Lisquemos, poñámonos en terra! Coido que é o mesmo monstro mariño que antigamente foi destinado a devorar Andrómeda. Estamos perdidos, todos! Mágoa non estar aquí para aniquilalo algún intrépido Perseo!

- *Per se* o habedes ver morto, que eu heino traspasar! -respondeu Pantagruel- Non teñades medo.

-Polos cravos de Cristo! -dixo Panurgo- Facede que desaparezan os motivos do medo. Cando queredes que eu teña medo senón cando o perigo é evidente?

- Se tal é o voso destino fatal -dixo Pantagruel- como algún día espuxo frei Xoán, debes ter medo de Pireis, Eous, Aetón e Flegón, célebres cabalos flamívoros do Sol, que botan lume polas ventas. Dos fiseterios, que non botan máis ca auga polos ouvidos e pola boca, non debes ter medo ningún. Nunca pola súa auga habedes estar en perigo de morte. Por este elemento, antes vos habedes ver protexido e preservado que molestado ou afectado.

- Éche boa! -dixo Panurgo- Desta man non levades trunfos³⁴⁹. Que o remo³⁵⁰ me non coma! Seica non vos espuxen dabondo a transmutación dos elementos e a estreita relación que hai entre asado e fervido, entre fervido e asado? Malpocado de min! Velaí o ven! Voume esconder aí embaixo! Desta morremos todos! Estou vendo enriba da gavia a Átropos, a traidora, coas súas tesouras recén afiadas, disposta a nos cortar a todos o fío da vida. Coidado! Velaí o ven! Es ben horríbel e abominábel, ho! Xa tes afogado a moitos outros que non se gabaron do asunto. Arredemo! Se botase un

³⁴⁷ Palabra de orixe grega que significa "soprador" e que foi empregada en latín por Plinio para se referir á balea ou o cachalote

³⁴⁸ Pitágoras atribuíalle a esta letra un valor simbólico pois era o trazado do camiño da vida cara ao vicio ou a virtude.

³⁴⁹ Alusión ao xogo de cartas.

³⁵⁰ Exclamación eufemístico-humorística.

bo viño branco ou tinto, gorenteiro e delicioso, en lugar desa auga amarga, cheirenta e salgada, aínda sería tolerábel, aínda podería pasar, como lle aconteceu a aquel milord inglés convicto de crimes, ao que lle ordenaron que escollese a forma de morrer e escolleu morrer afogado dentro dun tonel de malvasía³⁵¹ Velaí o ven! Fou! Fou! Demoníaco Satanás! Leviatán! Non podo verte, de tan noxento e detestábel que es! Vaite para a audiencia! Vaite onde os notifiqueiros!

³⁵¹ Segundo o historiador francés Commynes acontecelle a George, duque de Clarence, a quen seu irmán, Eduardo IV, fixo perecer en 1478.

CAPÍTULO 34

COMO O MONSTRUOSO FISETERIO FOI DERROTADO POR PANTAGRUEL

O fiseterio, ao entrar dentro dos caneiros e ángulos dos navíos e galeóns, lanzaba toneis de auga contras os primeiros, como se fosen as cataratas do Nilo, en Etiopía. Dardos, azagaias, venablos, chuzos, córsicas³⁵² e alabardas chovían sobre del de todas partes. Frei Xoán empregábase a fondo. Panurgo morría co medo. A artillaría atroaba e lostregaba de moito demo, e facía o seu deber de dar sen rir. Mais de pouco servía, porque os grandes bolóns de ferro e de bronce, ao penetraren na súa pel, vistos de lonxe, semellaban fundirse como as tellas baixo o sol. Entón Pantagrue, considerando a ocasión e a necesidade, abriu os seus brazos e mostrou o que sabía facer.

Vós dicides, e está escrito, que o loubán de Cómodo, o emperador de Roma, tan destramente tiraba co arco que dende ben lonxe pasaba as frechas entre os dedos dos rapaciños que levantaban a man no aire, sen os ferir nadiña.

Tamén nos contades dun arqueiro indio do tempo no que Alexandre o Grande conquistou a India, que tan experto era en tirar que de lonxe pasaba as súas frechas polo interior dun anelo, mesmo tivesen elas tres cóbados de longo e o seu ferro fose tan groso e pesado. E que con elas furaba espadas temperadas, escudos espesos, coirazas de aceiro e absolutamente todo canto tocaba, por máis firme, resistente, duro e robusto que puiderades dicir.

Faládesnos tamén maravillas da industria³⁵³ dos antigos franceses, que eran preferidos a todos na arte saxitaria e que na caza de bestas pardas e rubias³⁵⁴ fregaban o ferro das súas frechas con elébore para que a carne do animal así ferido fose máis gorenteira, salubre e deliciosa, facendo, con todo, un cerco e baleirando todo de arredor a parte así atinxida.

Igualmente narrades dos partos que tiraban cara a atrás máis enxeñosamente do que o facían outras nacións cara a adiante. Tamén celebrades esta destreza nos escitas, dos que antigamente un embaixador enviado a Darío, rei dos persas, lle ofreceu un paxaro, unha ra, un rato e cinco frechas, sen dar fala ningunha. Interrogado sobre o que significaban tais presentes, e se tiña a encomenda de dicir algo, respondeu que non. Polo que ficou Darío golpeado de estupor e co entendemento paralizado, se non fose que un dos sete capitáns que mataran aos magos³⁵⁵, chamado Gobrio, llo explicou e interpretou, dicindo: "Con estes dons e ofrendas dinvos tácitamente os escitas: se os persas non voan para o ceo coma paxaros, ou non se agachan no centro da terra coma ratos, ou non se acochan na profundidade dos estanques e das lagoas coma ras, han ser, todos, exterminados pola potencia e as setas dos escitas".

O nobre Pantagrue era sen comparanza o máis admirábel na arte de lanzar hastas e dardos. Porque cos seus terríbeis venablos e arpóns (que propiamente

³⁵² Tipo de alabarda ou chuzo empregado pola infantaría corsa.

³⁵³ A palabra ten aquí o significado antigo de "enxeño".

³⁵⁴ Distinguíanse, na caza, as bestas pardas (porco bravo, lobo, raposo e lontra) das bestas rubias (cervo, corzo, gamo e lebre)

³⁵⁵ Á morte de Cambises, dous magos impostores que tomaran o poder foron derrocados por sete capitáns que nomearon rei dos Persas a Darío.

semellaban pola longura, grosor, peso e ferraxe as grosas trabes que sosteñen as pontes de Nantes, Saumur, Bergerac e as pontes do Cambio e dos Muiñeiros³⁵⁶ en París) abría a mil pasos de distancia as cunchas das ostras sen lles tocar os bordes, sacudía a mecha dunha candeia sen apagala, batíalles ás pegas nun ollo, tiraba a sola das botas sen as estragar, separaba o forro dos caperuzos sen estropear nada, e pasaba as follas do breviario de frei Xoán, unha após doutra, sen a menor rachadela.

Con tais dardos, dos que había gran provisión na súa nave, ao primeiro golpe ferrou ao fiseterio na fronte, de xeito que lle traspasou as dúas queixadas e a lingua, polo que non volveu abrir a boca nin a zugar nin a lanzar auga. Ao segundo golpe creboulle o ollo dereito, e ao terceiro, o ollo esquerdo. E, con gran xúbilo de todos, viuse o fiseterio levar estes tres cornos na fronte, pendendo un pouco por diante, en figura de triángulo equilátero, e revirarse para un lado e outro, cambaleando descarreirado, como atordado, cego e a pé da morte.

Non contente disto, Pantagruel arreboloulle outro dardo sobre o rabo, igualmente inclinado cara a atrás, e despois outros tres sobre o lombo, en liña perpendicular, a igual distancia, repartida exactamente tres veces entre o rabo e o bico.

Finalmente, lanzoulle sobre os flancos cincuenta dun lado e cincuenta do outro. De maneira que o corpo do fiseterio semellaba a quilla dun galeón de tres galias coas súas trabes competentemente entalladas, como se foran os anelos das cordas da carena. Era cousa moi grata de ver.

Entón, morrendo, o fiseterio deborcouse panza arriba como fan todos os peixes mortos, e así deborcado, coas trabes contra abaixo, no mar, semellaba unha escolopendra, serpente que ten cen pés, como a describe Nicandro, o sabio da antigüidade.

³⁵⁶

Antigas pontes de París.

CAPÍTULO 35

COMO PANTAGRUEL BAIXA Á ILLA FERA, VELLA MORADA DAS ANDROLLAS

Os espalderes da nave linterneira levaron o fiseterio amarrado á costa da illa veciña, chamada Fera, para lle facer a anatomía³⁵⁷ e recoller a graxa dos riles, pois dicían que era moi útil e necesaria para a curación de certa enfermidade que lle chamaban *falta de cartos*³⁵⁸. Pantagruel non se interesou niso, pois xa tiña visto outros semellantes, e mesmo máis enormes aínda, no oceano gálico. Con todo, para que se puidesen secar e restaurar algúns dos seus homes mollados e lixados polo malvado fiseterio, condescendeu en baixar á illa Fera, nun portiño deserto do sur situado cabo dunha touza alta, fermosa e agradábel da que saía un delicioso regato de auga doce, clara e arxentina. Alí, debaixo dunhas boas tendas, ergueron as cociñas sen repararen en gasto de leña. Cada quen mudou de roupa ao seu gusto e frei Xoán tocou despois a campaña. A este toque, levantáronse as mesas e servíronse axiña.

Xantando Pantagruel ledamente cos seus, ao traeren o segundo prato dexergou unhas androlliñas mansas que gaveaban e subían sen dicir palabra a unha árbore alta perto de onde estaba o viño a refrescar. E preguntoulle a Xenómano pensando que fosen esguiros, donosiñas, martuxas ou armiños:

- Que animais son estes?

- Son androllas -respondeu Xenómano- Esta é a illa Fera, da que vos eu falaba esta mañán. Entre elas e Choqueiro de Coresma, seu maligno e vello inimigo, hai unha guerra a morte dende hai moito tempo. E coido que polos canonazos tirados contra o fiseterio teñen algo de medo e de dúbida de que o seu inimigo estea aquí coas súas forzas para as sorprenden ou facer dano na súa illa, como xa varias veces intentara en van e sen proveito por mor do coidado e a vixilancia das androllas. A estas -como lles dicía Dido aos compañeiros de Eneas que querían atracar en Cartago sen o seu coñecemento e licenza- a malignidade do seu inimigo e a veciñanza das súas terras obrigábanas a estar en garda e a vixiar.

- Abofé, meu amigo, -dixo Pantagruel- se vedes que a través dalgunha maneira honrada podemos nós poñer fin a esta guerra e reconcilialos aos dous, facédema saber. Eu heime empregar nela de todo corazón e non aforrar esforzo ningún para atemperar e moderar a controversia entre as dúas partes.

- Nestes momentos non é posíbel -respondeu Xenómano- Hai arredor de catro anos que, ao pasar por aquí e as Agachadas, púxenme eu ao labor de tratar a paz entre eles, ou polo menos unha longa tregua, e agora habían ser bos amigos e veciños se tanto un coma outro se tivesen despojado do seu apaixonamento só un puntinho. Choqueiro de Coresma non quería comprender no tratado de paz os botelos salvaxes nin os salchichóns montíxenos³⁵⁹, bos compañeiros e confederados daquelas de vello. As androllas reclamaban que a fortaleza dos Cascos³⁶⁰ fora rexida e gobernada pola súa discreción, como é o castelo do Salgadoiro³⁶¹, e que dela se expulsase a non sei

³⁵⁷ Disección.

³⁵⁸ A caza da balea era unha actividade importante e moi productiva.

³⁵⁹ Parece que estas son alusións aos protestantes da Selva Negra (máis en diante fálase dos *botelos silváticos*) e de Suíza.

³⁶⁰ Cascos de fustalla, como aqueles nos que se puñan os arengues afumados.

³⁶¹ Pío para salgar a carne.

que cheirentos, malvados, asasinos e bergantes que a tiñan. Sobre o que non houbo acordo, e semellaban inxustas as condicións para unha e mais a outra parte.

Así, non se chegou ao arranxo. Con todo, ficaron inimigos menos severos e máis leves do que eran no pasado. Mais dende a denuncia do concilio de Chesil³⁶², pola que elas foron abesulladas, abouradas e conminadas -e pola que tamén Choqueiro de Coresma foi declarado embostado, enlamado e bacallaosalgado no caso de que con elas fixese alianza ou arranxo ningún- agriáronse, envenenáronse, indignáronse e obstináronse terríbelmente os seus corazóns, e non é posíbel remedialo. Antes dariades vós reconciliado entre eles os gatos e os ratos ou os cans e as lebres.

³⁶² O concilio de Trento reafirmara en 1547 a obriga do xexún da Coresma e lanzara anatemas contra os que se opuñan a el.

CAPÍTULO 36

COMO AS ANDROLLAS FERAS PREPARAN UNHA EMBOSCADA CONTRA PANTAGRUEL

Mentres que Xenómano contaba isto, frei Xoán dexergou no ancoradoiro vintecinco ou trinta androllas mozas de talla mediana que se retiraban a paso lixeiro cara a súa vila, cidadela, castelo e forte das Chemineas, e díxolle a Pantagruel:

- Vai haber couces, chéirame a min. Estas venerabeis androllas poderíanvos, se cadra, tomar por Choqueiro de Coresma, aínda que non lle asemelledes en nada. Deixemos esta paparota e poñámonos en medida de lles resistir.

- Non estaría mal facelo -dixo Xenómano- As androllas sempre son androllas, dobres e traidoras.

Entón érguese Pantagruel da mesa para ollar fóra da touza, e volve de contadiño asegurándonos que descubrira pola esquerda unha emboscada de androllas repoludas e pola banda da dereita, a unha media legua de alá, un gran batallón doutras potentes e xigantescas androllas, ao longo dun outeiriño, que marchaban furiosas en batalla cara a nós, ao son de gaitas e chifres, vinchas e boches, ledos pífaros e tambores, claríns e trompetas. Polo cálculo das setenta e oito enseñas que el contaba, estimabamos que o seu número non baixaba de corenta e dúas mil. A orde que mantiñan, o seu firme xeito de camiñar e os seus rostros decididos faciánnos pensar que non eran carniña fresca senón androllas veteranas de guerra. Nas fileiras de diante, ata perto das enseñas, ían todas armadas de alto aparello³⁶³, con picas que - polo que nos parecía de lonxe- eran pequenas pero ben aceiradas e puntiagudas. Ían flanqueadas nas alas por un grande número de botelos silváticos, de chouláns macizos e de salchichóns a cabalo, todos eles de boa estatura, xente insular, bandoleira e fera.

Pantagruel preocupouse profundamente, e non sen motivo, aínda que Epistemón lle argumentase que podía ser uso e costume do país agasallar así e recibir en armas aos seus amigos estranxeiros, do mesmo xeito que os nobres reis de Francia son recibidos e saudados polas boas cidades do reino con ocasión da súa primeira entrada tras do seu coroamento e acceso ao trono.

- Poida -diciá- que sexa a garda ordinaria da raíña do lugar que, advertida polas androllas mozas da patrulla que vistes subir á árbore, de como arribaba a este porto o bonito e pomposo convoi dos vosos navíos, pensou que debía ser algún rico e poderoso príncipe e venvos visitar en persoa.

Non satisfeito con isto, Pantagruel reuniu o seu consello para escoitar rapidamente o seu parecer sobre o que debían facer nesta situación de incerta espera e evidente temor.

Entón argumentoulles brevemente como tal modo de recibir en armas, baixo a aparencia de agasallo e amizade, ocasionara a miúdo mortal prexuízo.

- Así -diciá el- o emperador Antonino Caracalla unha vez matou aos alexandrinos e outra derrotou ao exército de Artabán, rei dos persas, baixo aparencia e finximento de querer casar coa súa filla. O que non ficou impune, porque pouco despois el perdeu a vida alí. Así os fillos de Xacob, para vengaren o rapto da súa irmán Dina exterminaron aos siquemeos. Desta maneira hipócrita foron derrotados dentro de Constantinopla os guerreiros polo emperador romano Galeno. Así, baixo aspecto

³⁶³

Armadura enteira

de amizade, Antonio atraeu a Artavasdes, rei de Armenia, e despois mandouno atar con grosas cadeas de ferro, e finalmente mandouno matar. Outras mil historias semellantes atopamos nos antigos monumentos³⁶⁴. E con moita razón se louva ata os nosos días a grande prudencia do rei Carlos VI de Francia, que, ao regresar á súa boa cidade de París tras da vitoria sobre os flamengos e os ganteses, cando sentíu no lugar de Le Bourget, da Illa de Francia³⁶⁵, que os parisienses saíran da súa cidade en escadróns nun total de vinte mil combatentes coas súas mazas (por iso foron alcumados como *mazadores*³⁶⁶), non quixo entrar nela (aínda que lle argumentasen que levaban esas armas para recibilo con máis honores, sen outra intención oculta nin animosidade) antes que eles se retirasen desarmados para as súas casas.

³⁶⁴ Manuscritos, documentos.

³⁶⁵ *France* ("Francia"), e máis tarde *Île de France* ("Illa de Francia") era o nome da rexión parisiense e arredores (orixinalmente "terra dos Francos"). Despois denominou o territorio dos reis de París, reino que se foi agrandando progresivamente

³⁶⁶ En 1383 a poboación de París, armándose con mazas (en francés *maillets* ou *maillotins*), revoltouse contra os impostos. Máis tarde déuselles aos sublevados o nome de *maillotins*.

CAPÍTULO 37

COMO PANTAGRUEL MANDOU EN PROCURA DOS CAPITÁNS RAPANDROLLAS E TALLABOTELOS, CUN NOTÁBEL DISCURSO SOBRE OS NOMES PROPIOS DOS LUGARES E DAS PERSOAS

A resolución do consello foi que estarían vixiantes ante toda circunstancia. Entón Carpalim e Ximnasta, por mandato de Pantagruel, chamaron aos guerreiros que estaban nas naves Brindeira³⁶⁷ (dos que o coronel era Rapandrollas³⁶⁸) e Coleireira (dos que o coronel era Tallabotelos o mozo)

- Vou aliviar a Ximnasta desta carga -dixo Panurgo- E mais tamén precisades que el estea aquí convosco.

-Polo hábito que eu levo! -dixo frei Xoán- Ti o que queres é escapar do combate, carallán, e a fe que non pensas voltar! Non é moita perda. Non había este facer senón chorar, laiar, berrar e desanimar aos bos soldados.

- De certo que hei voltar axiña, frei Xoán, meu pai espiritual -dixo Panurgo- Dade só a orde de que esas molestas androllas non gabeen ás naves. Entrementres que vós combatedes, eu hei pregar a Deus pola nosa vitoria, seguindo o exemplo do cabaleiroso capitán Moisés, conductor do pobo israelítico.

- A denominación destes dous vosos coroneis Rapandrollas e Tallabotelos -díxolle Epistemón a Pantagruel- prométenos neste conflito seguranza, sorte e vitoria, se por acaso estas androllas nos quixeren aldraxar.

- Entendédelo ben -dixo Pantagruel- e apréceme que polos nomes dos nosos coroneis poidades prever e prognosticar a nosa vitoria. Tal maneira de prognosticar por nomes non é moderna. Antigamente foi ela celebrada, e relixiosamente observada, polos pitagóricos. E foi de proveito para moitos grandes señores e emperadores da antigüidade. Octavio Augusto, segundo emperador de Roma, atopando un día un paisano chamado Eutiquio, é dicir "Ben afortunado", que levaba un burro chamado Nicón (o que é "Vitorioso" en lingua grega), movido pola significación dos nomes tanto do burro como de quen o levaba, ficou seguro da total prosperidade, felicidade e vitoria. Vespasiano, igualmente emperador de Roma, estando un día en oración, completamente só, no templo de Serapis, ao ver chegar inopinadamente un seu servidor chamado Basílides (é dicir "Real") que el deixara doente nun lugar lonxe de alí, tirou esperanza e seguridade de obter o imperio romano. Non foi Rexiliano elixido emperador polos guerreiros por outra causa ou ocasión senón o significado do seu propio nome. Mirade o *Cratilo* do divino Platón...

- Pola miña sede! -dixo Rizótomo- Heino ler: téñovos ouvido citalo ben veces.

- ...Mirade como os pitagóricos, por razón dos nomes e dos números, chegan á conclusión de que Patroclo tiña que morrer a mans de Héctor, Héctor de Aquiles, Aquiles de Paris e Paris de Filoctetes. Déixame atónito pensar na invención admirábel de Pitágoras, quen polo número par ou impar das sílabas do nome propio de calquera, expuña de que lado eran as persoas coxas, lombudas, choscas, gotosas, paralíticas,

³⁶⁷ As naves "brindeira" e "coleireira" fóronnos presentadas no capítulo I: son as que levan por enseña un brindes e mais un coleiro.

³⁶⁸ No capítulo 29 de *Pantagruel*, un capitán de Lobishome recibe o mesmo nome.

pleuríticas e outras eivas na súa natura: a saber, asignando o número par ao lado esquerdo do corpo e o impar ao dereito.

- Certamente -dixo Epistemón- eu puiden velo por experiencia en Saintes, nunha procesión xeral, estando presente o tan bon, tan virtuoso, tan douto e tan equitativo presidente Briand Vallée, señor de Douhet³⁶⁹. En pasando un coxo ou unha coxa, un chosco ou unha chosca, un lombudo ou unha lombuda, informábanos do seu nome propio. Se as sílabas do nome eran de número impar, de inmediato, sen ver as persoas, el dicía que eran eivadas, choscas, coxas ou lombudas do lado dereito. Se eran de número par, do lado esquerdo. E así era de certo, nunca atopamos excepción ningunha.

- Por esta invención -dixo Pantagruel- afirmaron os doutos que Aquiles, cando estaba axeonllado, foi ferido pola frecha de Paris no talón dereito, porque o seu nome é impar en sílabas (cómpre dicir aquí que os antigos se axionllaban co pé dereito). E que Venus foi ferida diante de Troia por Diomedes na man esquerda, pois o seu nome en grego ten catro sílabas. E pola mesma razón era Vulcano coxo do pé esquerdo, e Filipo, rei de Macedonia, e mais Aníbal, choscos do ollo dereito. Aínda poderíamos particularizar canto aos ciáticos, hernias e hemicranias³⁷⁰ con este razoamento pitagórico.

Mais, volvendo aos nomes, considerade como Alexandre o Grande, fillo do rei Filipo de quen xa falamos, pola interpretación dun só nome acadou a súa empresa. Estaba el sitiando a cidade de Tiro e levábaa batendo con todas as súas forzas dende había varias semanas, mais todo era en van porque nada daban feito as súas máquinas e enxeños de demolición: todo era de inmediato reparado e reconstruído polos tirios. Polo que comezou a cavilar en levantar o asedio, con gran melancolía³⁷¹, ao ver nesa marcha unha eminente mingua da súa reputación. En tal lideira e desacougo, adormeceu. Ao dormir, soñou que un sátiro estaba dentro da súa tenda, bailando e saltaricando cos súas patas de castrón. Alexandre quería pillar mais o sátiro escapáballes sempre. Finalmente, ao perseguilo por un paso estreitiño, o rei acañouno. Nese momento acordou, e consultándolles o soño aos filósofos e sabios da súa corte, escoitou que os deuses lle prometían vitoria e que Tiro había ser tomada axiña, porque esa palabra *Satyros*, dividida en dúas, é *Sa Tyros*, que significa *Túa é Tiro*³⁷². E efectivamente, ao primeiro asalto que fixo tomou a cidade pola forza e cunha grande vitoria subxugou ese pobo rebelde.

Á inversa, considerade como polo significado dun nome se desesperou Pompeio. Estando vencido por César na batalla da Farsalia, non tivo outro xeito de se salvar senón mediante a fuxida. Fuxindo por mar chegou á illa de Chipre. Perto da cidade de Pafos dexergou na ribeira un belido e suntuoso palacio. Ao lle preguntar ao piloto como lle chamaban a ese palacio, escoitou que lle chamaban Kakobasileia, é dicir *Malrei*. Ese nome produciulle tal terror e abominación que entrou na desesperación, como seguro de ser inevitábel que había perder a vida decontado. De modo que os asistentes e naucheiros sentiron os seus berros, saloucos e laios. E

³⁶⁹ Xa no capítulo 10 de *Pantagruel* gaba Rabelais a este xurista, seu amigo e amigo dos humanistas.

³⁷⁰ Xaquecas.

³⁷¹ Estado de tristura e amuamento que na medicina antiga atribuíase á *bile negra* (en grego *melancolía*).

³⁷² En grego, naturalmente.

efectivamente, pouco tempo despois un tal Aquilas, paisano descoñecido, cortoulle a cabeza.

Aínda poderíamos a propósito disto citar o que lle aconteceu a Lucio Paulo Emilio cando foi elixido polo senado romano emperador, é dicir xefe do exército que enviaban contra Perseo, rei de Macedonia. Ese día, cara ao serán, voltando á súa casa para preparar o traslado, ao bicar a unha súa filliña chamada Tracia, decatouse de que ela estaba algo triste. "Que foi, miña Traciña?" preguntoulle el- "Por que estás así, tristeira e amuada?" "Meu pai -respondeulle ela- morreu Persa" (Así lle chamaba ela a unha cadelíña á que quería con delicia). Con esas palabras ficou Paulo seguro da vitoria contra Perseo.

Se o tempo permitise que puidésemos percorrer as sagradas biblias dos hebreus, atoparíamos cen pasaxes eminentes que nos mostran de xeito evidente a observancia e a fe na que tiñan os nomes propios cos seus significados.

Cara á fin deste discurso chegaron os dous coroneis, acompañados polos seus soldados, todos ben armados e decididos. Pantagruel fíxolles unha breve alocución para que se mostrasen esforzados no combate se por un caso eran obrigados (pois aínda non podía crer que as androllas fosen tan traidoras) coa prohibición de comenzaren o enfrontamento e púxolles a expresión *Martes de Entroido* como contraseña.

CAPÍTULO 38

COMO CÓMPRE NON MENOSPREZAR AS ANDROLLAS ENTRE OS HUMANOS

Vós chufádesvos disto, bebedores, e non credes que sexa en verdade así como vos eu conto. Non sei eu o que lle había facer. Crédeo se é que queredes, e se non queredes ídeo ver. Eu ben sei o que vexo. Foi na illa Fera. Estou a vola nomear. Relembrede a forza dos xigantes antigos, que se propuxeron colocar o alto monte Pelión enriba do Osa e envolver o umbroso Olimpo co Osa para combateren aos deuses e desaniñalos do ceo³⁷³. Non era unha forza vulgar nin mediocre. E mais aqueles non eran senón androllas na metade do corpo, ou serpes, non quero mentir.

A serpe que tentou a Eva era andróllica. Con todo, dela está escrito que era máis fina e cautelosa que todos os outros animais. E aínda sosteñen en certas universidades que esa tentadora era a androlla chamada Itífalo, na que outrora foi transformado o bon micer Príapo, gran tentador das mulleres nos paraísos (en grego) que son os xardíns (en francés). Qué sabemos nós se os suízos, pobo agora ardido e belicoso, non eran algún tempo salchichas? Non quixera eu poñer a man no lume. Os himantópodos, pobo ben insigne da Etiopía, son androllas e non outra cousa, segundo a descrición de Plinio.

Se este discurso non satisfai a incredulidade das vosas señorías, arestora (quero dicir, despois de beber) visitade no Poitou Lusignan, Parthenay, Vouvent, Mervent e Pouzaugues. Alí habedes atopar vellas testemuñas de renome e de boa forxa que vos han xurar sobre o brazo de san Rigomé³⁷⁴ que Melusina³⁷⁵, a súa primeira fundadora, tiña corpo feminino ata a bolsa do nabo, e que dalí para abaixo era androlla serpentina ou ben serpe andróllica. E mais tiña un nobre e galante andar, que hoxe é imitado polos danzantes bretóns ao bailaren o seu triori³⁷⁶ cantarolado.

Cal é a causa pola que Erictonio foi o primeiro en inventar as carrozas, liteiras e palanquíns? Foi porque Vulcano enxendraráo con pernas de androllas e, para as esconder, el quixo mellor ir en liteira que de a cabalo. Porque aínda no seu tempo non eran as androllas reputadas. Do mesmo xeito a ninfa escítica Ora tiña medio corpo de muller e medio de androlla. E mais semelloulle tan belida a Xúpiter que se deitou con ela e tivo un fermoso fillo chamado Colaxes.

Deixade, por tanto, de vos chufar e crede que non hai nada tan certo coma o Evanxelio.

³⁷³ Segundo a mitoloxía, os xigantes Oto e Efialtes, para poderen escalar ao Olimpo, puxeron o monte Pelión enriba do monte Osa

³⁷⁴ As reliquias de San Rigomé conservábanse en Maillezais e a súa devoción consérvase ata hoxe.

³⁷⁵ Jean d'Arras narrou no século XIV a historia de Melusina, a quen as lendas atribúen numerosas fundacións de castelos e pegadas no Poitou

³⁷⁶ Danza bretoa de ritmo moi vivo que se acompaña cantarolando.

CAPÍTULO 39

COMO FREI XOÁN SE XUNTA COS COCIÑEIROS PARA COMBATER AS ANDROLLAS

Vendo frei Xoán esas furiosas androllas avanzaren todas dispostas, díxolle a Pantagruel:

- Ha ser un bo combate de palla³⁷⁷, polo que eu vexo. Ai, ho, habemos recibir grandes honores e louvanzas magníficas pola nosa vitoria! Eu quixera que vós quedarades dentro da nave como simple espectador deste enfrontamento, e que no resto me deixaredes facer a min coa miña xente.

- Que xente? -preguntou Pantagruel.

- Materia de breviario -respondeu frei Xoán- Por que Putifar, cociñeiro maior das cociñas do faraón, o que mercou a Xosé e o que Xosé puido facer cornudo se quixera, foi xefe da cabalaría de todo o reino de Exipto? Por que Nabuzardán, cociñeiro maior de Nabucodonosor, foi elixido entre todos os outros capitáns para asediar e poñer en ruínas Xerusalén?

- Dicide -respondeu Pantagruel.

- O buraquiño da señora! -dixo frei Xoán- Atreveríame a xurar que noutro tempo eles combateran as androllas, ou a xente tan pouco estimada coma as éndrollas, e por telas batido, combatido, domeado e afundido son eles sen comparanza cociñeiros moitísimo máis idóneos e suficientes que todos os soldados e guerreiros do mundo, de a pé ou de a cabalo.

- Traédesme á memoria -dixo Pantagruel- o que está escrito nas graciosas e alegres respostas de Cicerón. Polo tempo das guerras civís de Roma entre César e Pompeio, el inclinábase máis por natureza cara ao partido pompeiano, inda que César procurábao e favorecíao grandemente. Un día, escoitando que os pompeianos en certo encontro tiveran unha elevada perda de xente, quixo visitar o seu campamento. Nel descubriu pouca forza, menos valentía e moito desorde. Entón, prevendo que todo acabaría mal para eles (como así foi despois) comezou a chufarse e burlarse, ora dos uns ora dos outros, con ferretes agres e picantes, do estilo que el ben sabía. Algúns capitáns, querendo pasar por agudos, dixéronlle, pódose moi seguros e decididos: "Non vedes cantas águas" -que eran as enseñas dos romanos en tempo de guerra- "temos aínda?". "Habíanvos vir ben se estiverades en guerra contra as pegas" respondeu Cicerón. Daquela, visto que temos que combater contra as androllas, vós deducides que é unha batalla culinaria e querédesvos xuntar cos cociñeiros. Facede segundo entendedes. Eu hei quedar aquí, agardando a saída desa fanfarria.

Frei Xoán vai a escape ás tendas das cociñas e dilles ledamente e con amabilidade aos cociñeiros: "Rapaces, hoxe quérovos ver a todos con honores e triunfos. Habedes facer grandes feitos de armas aínda nunca vistos pola nosa memoria. Bandullo contra bandullo! Ou seica non contan os valentes cociñeiros? Vamos combater esas baltroteiras das Androllas! Eu hei ser o voso capitán. Bebamos, amigos! Veña, ánimo!

³⁷⁷ Caracterización carnavalesca. "De risa, sen ser de certo". Como os que se facían con monecos de palla, con espantallos.

- Capitán -respondéronlle os cociñeiros- Tendes razón. Estamos ás vosas ordes. Baixo o voso mando queremos vivir e morrer.

- Vivir si -dixo frei Xoán- Morrer non, iso é para as androllas. Poñámonos, pois, en formación. A vosa contraseña vai ser *Nabuzardán*³⁷⁸

³⁷⁸ Xeneral e intendente de palacio (encargado, por tanto, tamén das cociñas) de Nabucodonosor.

CAPÍTULO 40

DE COMO FREI XOÁN ERGUE A PORCA E DOS ARRIZADOS COCIÑEIRO PECHADOS NO INTERIOR DESTA

Entón, por orde de frei Xoán, os enxeñeiros ergueron a gran porca³⁷⁹ que estaba no interior da nave picheleira. Era un enxeño extraordinario, feito en tal disposición que, polos canóns pedreiros colocados en fileiras todo de arredor, lanzaba grosas bolas e proxectís forrados de aceiro, e no espazo interior podían doadamente combater e permanecer a cuberto douscentos homes e máis. Estaba feito seguindo o modelo da porca de La Réole, por medio da cal os ingleses tomaron Bergerac, cando reinaba en Francia o rei Carlos VI, que daquela era mozo³⁸⁰.

Séguese o número e o nome dos arrizados e valentes cociñeiros que, como no interior do cabalo de Troia, entraron no interior da porca³⁸¹:

Mollopicante	Mestre Lordento
Furafollas	Bochegordo
Gabacho	Pisamorteiro
Cocainas	Chapaviño
Corricho	Ervillada
Cochón	Cabritada
Pezuño	Carbonada
Compango	Tripallada
Pousafoles	Caldeirada
Cullereiro	Picaracha
Salmoira	Escachado
Caradefillós	Guisote

Todos estes nobres cabaleiros levaban nos seus escudos de armas en campo de goles unha lardeadeira de sinople riscada por un chaveirón arxenteo pendendo á esquerda

Touciñiño	Arquitouciño
Touciñazo	Antitouciño
Gordotouciño	Ripatouciño
Trabatouciño	Atatouciño
Tiratouciño	Rañatouciño
Grantouciño	Marcatouciño
Levatouciño	

³⁷⁹ Un tipo de artefacto militar.

³⁸⁰ Os ingleses tomaron a vila de Bergerac en 1378 (reinando Carlos V de Francia e non Carlos VI) e utilizaron unha *porca* que fixeran traer de La Réole, localidade situada na rexión do río Gironde.

³⁸¹ É imposible comentarmos os nomes dos cociñeiros que emprega Rabelais. Son en xeral termos de cociña, de pratos, utensilios, alimentos e accións relacionadas con ela. As denominacións humorísticas e festivas -por veces creación léxica do autor- xogan moitas veces con ese sentido culinario, de xeito que, mesmo sen que semelle a primeira vista, existe unha relación entre a palabra orixinal e un significado dialectal ou expresivo que o liga á cociña. Este significado é o que predominaba na súa época. Por esta razón nós abandonamos nalgúns casos a literalidade para optarmos pola evocación culinaria. Un só exemplo: a palabra *maindegourre*, mandrágora, era certamente un nome da planta, pero tamén evocaba *main de gourre*, man de porco, por iso nós traducímola por *pezuño*.

Estouciño, nativo de Rambouillet, co seu nome transformado por síncope xa que era Estetouciño, do mesmo xeito que dicides idólatra por idolólatra.

Rillatouciño	Botouciño
Autotouciño	Novotouciño
Docetouciño	Agretouciño
Mascatouciño	Rolatouciño
Pillatouciño	Chiscatouciño
Durotouciño	Pesatouciño
Furatouciño	Foldetouciño
Moscatouciño	Miratouciño

Nomes descoñecidos entre os *marranos* e os xudeus.

Caralludo	Salsaverde
Ensaladeiro	Picaespeto
Porraldagrións	Termapotes
Raspanabos	Fendepotes
Porqueiro	Crebapotes
Peldecoello	Fregapotes
Agrazo	Tremelicas
Pastelada	Gorxasalgada
Lardorrado	Caracolada
Chuladoce	Caldoseco
Mostardeiro	Sopamarza
Viñote	Soá
Potaxe	Presoiro
Xoldeiro	Mazapán
Boafé	Falchoco

Faragullas, este foi tirado da cociña á cámara, para servizo do nobre cardeal Le Veneur,

Derramasados	Costelán
Escovón	Lombelo
Carapuchiño	Pernileiro
Esgarabellador	Leitemazado
Pichiño	Corremontes
Picholo	Sopraemboche
Pichel	Estruga
Pichón	Afartacáns
Pichorro	Bazuncho
Pichoco	Rabisaco
Espicho	Louzán

Carrapicho
Repichado

Escachado³⁸²
Enfarruscado

Mondam, que foi o inventor da salsa *Madame*, e por tal invención puxéronlle a el o nome en linguaxe escoceso-francesa³⁸³.

Chascadentes
Fociñado
Miralinguas
Bicodarcea
Enxaguapotas
Uropipinga
Cotroso
Bacallas

Barquilleiro
Zafrañoso
Malamañado
Pasmón
Nabeiro
Rabanudo
Botelada
Ranchiño

Roberto, que foi o inventor da salsa *Roberto*, tan salubre e necesaria para os coellos asados, parrulos, porcos frescos, ovos escalfados, bacallao salgado e mil outras viandas tais,

Anguía-fría
Raíarrubia
Escacho
Papaxouvas
Lapabroas
Fendetestas
Esguiro
Carneasada
Caldococido
Lisquiñas
Arengueafumado
Boleardo
Bicogordo
Lambecazolas
Lobeón
Cardoasneiro

Salpicado
Fritentixola
Trafugueiro
Batente
Nabizo
Cagarrizo
Garrafón
Ciscoso
Mormoso
Matacochas
Bandullo
Biobardo
Conacho
Papán
Mamote
Bragado

Dentro da porca entraron estes nobres cociñeiros varudos, galanos, lizgairos e prestos para o combate. Frei Xoán, coa súa gran cimitarra, entrou o derradeiro e pechou as portas dende dentro co ferrollo.

³⁸² Repetido tamén no orixinal.

³⁸³ Parece que os gardas escoceses da Corte pronunciaban *mondam* a palabra *madame*.

CAPÍTULO 41

COMO PANTAGRUEL LLES MAZOU A COTENA ÁS ANDROLLAS

Tanto se achegaron aquelas androllas que Pantagruel dexergou como elas despregaban os brazos e comezaban xa a baixar as lanzas. Daquela envía a Ximnasta para ouvir o que elas querían dicir e por que motivo de disputa querían elas sen desafío ningún loitar contra os seus vellos amigos, que nada fixeran nin dixeran en contra delas.

Ximnasta, de diante das primeiras fileiras, fixo unha grande e profunda reverencia e exclamou tan alto como puido:

- Vosos, vosos, vosos somos nós todos, e estamos ás vosas ordes. Todos seguimos a Martes de Antroido, o voso vello aliado.

Algúns, despois, contáronme que el dixo *Marte dea en todo* e non *Martes de Antroido*. Fose como fose, a estas palabras un gran chanfaino salvaxe e reboludo, anticipándose diante da fronte do seu batallón, quixo pillalo pola gorxa.

- Así Deus me salve! -dixo Ximnasta- Non has entrar nela non sendo en talladas, que enteiriño non darías podido.

Entón saca a súa espada *Bícame o cu* (que así lle chamaba el) coas dúas mans, e tronzou o chanfaino en dous anacos. Santo Deus, que cheo de graxa estaba! Lembreime do gordo Touro de Berna, que resultou morto na batalla de Marignan cando da derrota dos suízos³⁸⁴. Podédesme crer que non tiña menos de catro dedos de touciño na andorga.

Escachanfallado o chanfaino, correron as androllas riba de Ximnasta e brutalmente tiraron con el polo chan, onde se atopaba cando Pantagruel acudiu ás alancadas coa súa xente para socorrela. Entón comezou o combate marcial, todos revoltos. Rapandrollas rapaba androllas e Tallabotelos tallaba botelos. Pantagruel mazaba a cotena ás androllas. Frei Xoán estaba caladiño dentro da súa porca, observando e considerando todo, cando os chouláns, que estaban emboscados, saíron todos con moito arrepío enriba de Pantagruel.

Entón, ao Frei Xoán ver o desarranxo e tumulto, abre os portelos da súa porca e sae cos seus bos soldados, uns levando espetos de ferro, outros trasfugueiros, gramalleiras, tixolas, pas, potes, grellas, atizadoiros, tenazas, pingadeiras, vasoiras, marmitas, morteiros e pisóns, todos na mesma formación que se fosen queimadores de casas³⁸⁵, berrando e oubeando todos xuntos espantosamente: *Nabuzardán! Nabuzardán! Nabuzardán!* Con tais berros e abalo bateron nos chouláns e atravesaron os salchichóns. As androllas ao socato se decataron deste novo reforzo e fuxiron a escape como se acabaran de ver a todos os díaños. Frei Xoán, a poder de bolas de pedra, derrubábaas a mancheas coma moscas, e os seus soldados non quedaban atrás. Daba mágoa. O campo estaba todo cuberto de androllas mortas ou escontromiñadas. E o conto di que se Deus non chega a pór remedio, a xeración

³⁸⁴ Alusión a un suceso xa citado no capítulo 1 de *Pantagruel*. Na batalla de Marignan (1515) na que os franceses venceran aos suízos, un bernés -tocador de corno de touro- inutilizou varios canóns franceses antes de ser finalmente morto.

³⁸⁵ É dicir, en ben pouca formación.

andróllica tería toda ficado exterminada. Mais aconteceu un suceso maravilloso. Vós habedes crer o que queirades.

Da banda da estrela do Norte apareceu voando un grande, graso, groso e gris porco que tiña unhas ás longas e amplas coma as aspas dun muíño de vento. E o seu penuxe era vermello carmesín coma o dun fenicóptero, que en Godcitania³⁸⁶ é chamado flamengo. Tiña os ollos vermellos e flamexantes coma un píropo³⁸⁷, as orellas verdes coma unha esmeralda prasina³⁸⁸, os dentes amarelos coma un topacio, o rabo longo, negro coma un mármore luculiano³⁸⁹, os pés brancos, diáfanos e transparentes coma un diamante, e anchamente palmeados, como son os das ocas e como antigamente en Tolosa levaba a raíña Pedauca³⁹⁰. E tiña un colar de ouro ao pescozo, arredor do que había unhas letras gregas das que só din lido dúas palabras: ΥΣ ΑΘΗΝΑΝ, porco que lle dá leccións a Minerva³⁹¹.

O tempo era fermoso e claro. Mais á chegada deste monstro sentiuse unha treboada tan forte pola banda da esquerda que todos quedamos abraiados. As androllas, tan axiña como o viron, tiraron coas súas armas e paus, e axeonlláronse todas no chan, erguendo dereitas as súas mans xuntas, sen diciren palabra, como se o adorasen.

Frei Xoán, coa súa xente, seguía a bater e a espetar androllas. Mais por orde de Pantagruel tocouse retirada e cesaron todas as armas. O monstro, despois de voar e revoar varias veces entre os dous exércitos, lanzou vinteseite pipos de mostarda riba do chan, e logo desapareceu voando polo aire e berrando sen cesar:

- Martes de Antroido! Martes de Antroido!

³⁸⁶ O orixinal xoga con *goth* ("godo") – seguramente en alusión a Carlos V, emperador de Alemaña, que era de Flandes (flamengo) e roxo do pelo- transformando Languedoc en *Langueth*. Coa mesma, nós transformamos Occitania en *Godcitania*.

³⁸⁷ Carbúnculo

³⁸⁸ *Prasino* ("verde") é un adxectivo que procede do grego e que xa emprega Plinio en latín para denominar unha determinada pedra preciosa.

³⁸⁹ Mandado traer de Exipto por Lúculo, político e militar romano que se distinguíu polo seu gusto do luxo, a suntuosidade e os excelentes manxares.

³⁹⁰ A raíña Pedauca ("pe de oca") é unha figura lexendaria da rexión occitana do val do Garona, e en Tolosa (Toulouse) había unha ponte que levaba o seu nome.

³⁹¹ A frase grega ("Porco de Atenea") pasou ao latín *Sus Minervam* e era proverbial para denominar un parvo fachendoso

COMO PANTAGRUEL PARLAMENTA CON NIFLESETH, RAÍÑA DAS ANDROLLAS

Non aparecendo máis o devandito monstro e permanecendo os dous exércitos en silencio, Pantagruel pediu parlamentar con dona Nifleseth³⁹² (así lle chamaban á raíña das androllas) que estaba a carón das enseñas, dentro da súa carroza. O que foi doadamente concedido.

A raíña baixou ao chan e saudou afectuosamente a Pantagruel recibíndoo de grado. Pantagruel laiousse desta guerra. Ela presentoulle as súas desculpas cortesmente, alegando que cometeran o erro debido a informes falsos e que os seus espías denunciáranlle que Choqueiro de Coresma, o seu vello inimigo, desembarcara en terra e pasaba o tempo en observar a urina dos fiseterios. Despois rogoulle que tivera a ben perdoarlle esa ofensa, alegando que nas androllas dase atopado merda antes que fel, e que se así o fixer, ela e todas as Nifleseth sucesoras súas, por sempre habían manter toda a illa e o país en vasalaxe e alianza del e dos seus sucesores, habían obedecer en todo e en calquera lugar os seus mandados, habían ser amigas dos seus amigos e inimigas dos seus inimigos, e cada ano, en recoñecemento desta fidelidade, lle habían enviar setenta e oito mil androllas reais para que lles servisen de entrante na mesa durante seis meses do ano.

O que ela fixo, pois envioulle no outro día en seis grandes bergantíns o devandito número de androllas reais a Gargantúa baixo o mando de Nifleseth a nova, infanta da illa. O nobre Gargantúa enviounas como presente ao gran rei de París. Pero co cambio de aire, e mais por falta de mostarda (bálsamo natural e restaurador de androllas), morreron case que todas. Por disposición e vontade do gran rei foron enterradas en montiños nun lugar de París que ata agora é chamado *rúa do enlousado de androllas*³⁹³.

A petición das damas da corte real foi salvada Nifleseth a nova, e tratada con todos os honores. Despois casárona en bo e rico lugar e fixo moitos fermosos fillos. Louvado sexa Deus por isto!

Pantagruel deulle as grazas afectuosamente á raíña, perdoou toda a ofensa, rexeitou a oferta que ela fixera e regaloulle un fermoso coiteliño de Perche³⁹⁴. Logo preguntoulle con curiosidade sobre a aparición do devandito monstro. Ela respondeulle que era a idea³⁹⁵ de Martes de Antroido, o seu deus tutelar en tempo de guerra, primeiro fundador e orixe de toda a raza andróllica. Por esta razón asemellaba el a un porco, pois que as androllas foron extraídas do porco. Pantagruel preguntou por que motivo e con que intención curativa lanzara en terra tanta mostarda. A raíña

³⁹² En hebreu "membro viril" di a *Breve Declaración*. A forma correcta naquela lingua debería ser *mipleseth*, seica.

³⁹³ Existía en París esa rúa, na antiga montaña de Santa Xenoveva, no Barrio Latino. Hoxe é a Rue Séguier.

³⁹⁴ A bisbarra de Perche, entre París e a Normandía, é coñecida polas súas mazáns e a súa sidra, e máis polos seus cabalos de carga (percheróns). Rabelais tena citado en varias ocasións. Agora alude á práctica habitual dos colonizadores de todos os tempos ante os *indíxenas* de lles regalar chilindradas rechamantes (normalmente en troco do espolio). Jacques Cartier, o descubridor normando do Canadá, distribuía tamén esta pacotilla entre os nativos.

³⁹⁵ Emprega aquí Rabelais *idea* no sentido da filosofía de Platón: a verdadeira imaxe, a única realidade.

respondeulle que a mostarda era para elas santo grail e bálsamo celestial, que poñendo un pouquiño del nas feridas das androllas derrubadas, en pouquechiño tempo as escontromiñadas sandaban e as mortas resucitaban.

Non tivo máis conversa Pantagruel coa raíña e retirouse á súa nave. Tamén o fixeron todos os bos compañeiros coas súas armas e a súa porca.

CAPÍTULO 43

COMO PANTAGRUEL BAIXOU NA ILLA DE RUAKH

Dous días despois chegamos á illa de Ruakh³⁹⁶, e xúrovos polo setestrello que atopei o estado e a vida do pobo máis estraños do que vos digo. Non viven senón de vento. Non beben nin comen cousa ningunha senón vento. Por casa non teñen senón cataventos. Nas súas hortas non sementan senón as tres especies de anémonas³⁹⁷; a ruda e outras herbas carminativas arríncanas coidadosamente. O pobo común, para se alimentar, usa abanos de plumas, de papel ou de tecido segundo a súa facultade e potencia. Os ricos viven de muíños de vento. Cando fan algún festín ou banquete, poñen a mesa baixo un ou dous daqueles muíños. Alí fartúcanse coma nun casamento, e durante o xantar discuten sobre a bondade, excelencia, salubridade e rareza dos ventos de igual xeito que vós, bebedores, nos banquetes filosofades en materia de viños. Un louva o siroco, outro o lebeche³⁹⁸, outro o garbino, outro o sieiro, outro o céfiro, outro a galerna, e así os máis. Outro, o vento da camisa, para os repolistrados e os namorados. Para os enfermos usan os ventos que se coan polas regandixas nas casas, como tamén na nosa terra se coan os alimentos dos enfermos.

- Oh! -díciame un inchadiño- Quen puidera ter unha vincha dese ventiño de Gothcitanía que lle chaman cercio! O nobre médico Schyron³⁹⁹, ao pasar un día por este país, contábanos que é tan forte que é quen de revirar os carros cheos. Moito ben lle había facer á miña perna edipódica.⁴⁰⁰ As gordas non son as mellores.

- Éo unha gorda pipa dese viñiño da Gothcitanía que medra en Mirevaux, Canteperdrix e Frontignan! - dixo Panurgo.

Alí vin un home de boa aparencia, moi semellante ao aldrope, encarraxado amargamente contra un seu gordo e grande criado e un paxiño, aos que zoscaba de moito diaño baténdolles cunha chinela. Ignorando a causa da carraxe, pensei que fose por consello dos médicos, como cousa salubre para o amo o encarraxarse e bater, e para os criados que lles batan. Mais sentín que lle reprochaba aos criados teren roubado a metade dun odre de vento garbino que el gardaba coidadosamente, como vianda rara, para o final do outono.

Nesta illa non ciscan, nin mexan, nin cuspen. En compensación botan copiosos peidos, bufas⁴⁰¹ e arrotos. Padecen toda caste e especie de enfermidades. E toda enfermidade nace e procede da ventosidade, como expón Hipócrates no libro *De flatibus*. Pero a máis epidemia é o cólico ventoso. Para lle pór remedio usan amplas ventosas e tiran grandes ventosidades. Todos morren hidrópicos timpaníticos, os homes botando peidos e as mulleres bufas. Así lles sae a alma polo cu.

Despois, paseándonos pola illa, atopamos tres gordos cabezas de vento que gozaban do lecer de miraren as píl-laras, que abundan alá e viven da mesma dieta. Eu decateime de que así como vós, bebedores, ao andardes terras adiante, levades

³⁹⁶ En hebreu "espírito, sopro, vento"

³⁹⁷ O nome procede do grego *anemos* "vento"

³⁹⁸ Vento mediterráneo.

³⁹⁹ Médico e profesor da Facultade de Medicina de Montpellier que apadriñou a Rabelais nos seus estudos naquela facultade.

⁴⁰⁰ "Inchada, grossa como as tiña Edipo, o adiviñador, que en grego significa *pé inchado*" di a *Breve Declaración*.

⁴⁰¹ Peidos calados.

frascas, botos e botellas, do mesmo xeito cada un deles levaba un fol. Se por un caso o vento lles faltaba, eles fabricábano fresquiño con estes foles, por expulsión e atracción recíproca, pois ben sabedes vós que o vento, en definición esencial, non é outra cousa senón aire flutuante e ondeante.

Nese momento, foinos ordenado polo seu rei que en tres horas non acolleramos nos nosos navíos home nin muller ningún do país. Porque lle roubaran un odre cheo do propio vento que antigamente lle deu a Ulises o bo roncador de Eolo para guiar a súa nave en tempo calmo, e que o rei gardaba relixiosamente como un novo santo grial. Con el curaba moitas enormes enfermidades, só con ceibar e espaxer nos enfermos tanto como fose necesario para fabricar un peido virxinal: é o que as santimoniais⁴⁰² chaman un *soneto*⁴⁰³

⁴⁰² "Arestora son chamadas monxas" explica a *Breve Declaración*.

⁴⁰³ Xoga aquí Rabelais co diminutivo de *son* que denominaba tres cousas : un tipo de canción así chamada xa dende a Idade Media, a denominación da estrofa de orixe italiana que comezaba a utilizarse en Francia, e mais o significado de 'peido'.

CAPÍTULO 44

COMO CHUVIA PEQUENA DERRUBA GRANDE VENTO⁴⁰⁴

Pantagruel louvou a súa organización e o seu xeito de vivir, e díxolle ao seu rexedor Hipanemio⁴⁰⁵.

- Se aceptades a opinión de Epicuro, que di que o ben soberano consiste no deleite (quero dicir, o deleite doado e non custoso), considérovos moi felices. Porque o voso vivir do vento non vos custa nada ou ben pouco. Non se precisa senón soprar

- E mais é certo! -respondeu o rexedor- Pero nesta vida ninguén acada a felicidade plena. Moitas veces, cando estamos na mesa, alimentándonos con algún gran ventiño de Deus como maná celeste, vivindo como abades, ven algunha chuva pequena, que nolo leva e derruba. Así se perden moitos xantares ao se derramaren as vituallas.

- Igual lle pasou a Jenin de Quinquenais⁴⁰⁶ -dixo Panurgo- que ao lle mexar enriba das nádegas a Quelot, súa muller, espaxotou o vento fétido que saía delas como dunha maxistral eolópila⁴⁰⁷. Hai tempo eu fixen unha xeitosa décima sobre o caso:

Cataba unha noitiña Jenin o viño novo,
que aínda estaba avolto e na pipa fervía,
e pediulle a Quelot que fixese algún ovo
por darse unha encherola na cea daquel día.
Así preparou ela, e sen melancolía,
xa ceados se deitan, trebellan, e no leito
Quelot queda dormida mais el non o dá feito:
a muller cos seus peidos volve o aire fedorento.
Mexa entón riba dela e di: "Velaí o xeito
como chuvia pequena derruba grande vento".

- De por parte -dixo o rexedor- nós temos unha calamidade anual ben grande e danosa. E é que un xigante chamado Nafresfungantes, que vive na illa de Tohú, por consello dos seus médicos trasládase aquí anualmente na primavera para se purgar e devóranos un gran número de muíños de vento como pílulas, e igual fai cos foles, que lle saben moito. O que nos provoca gran miseria, obrigándonos ao xexún tres ou catro coresmas cada ano se non facemos certas rogativas e oracións.

- E non podedes evitalo? -preguntou Pantagruel.

⁴⁰⁴ *Petite pluie abat grand vent* é un refrán francés que no tempo de Rabelais tiña -dende a Idade Media- un sentido puramente meteorolóxico. Mais tarde tomou un sentido figurado, o de que cousiñas pequenas poden solucionar problemas importantes.

⁴⁰⁵ Nome creado a partir do grego ("que vive baixo o vento").

⁴⁰⁶ Quinquenais é unha aldea perto de Chinón.

⁴⁰⁷ Palabra creada a partir do grego ("porta de Eolo"). Na *Breve Declaración* Rabelais explica: "É un instrumento de bronce chouso, no que hai un furadiño polo que, se botades auga e o achegades ao lume, veredes saír vento continuamente. Así son enxendrados os ventos no aire e as ventosidades nos corpos humanos, por quentamento ou conccoción comezada e non rematada, como expón Claudio Galeno. Lede o que escribiu arredor del o noso gran amigo o señor Philander sobre o primeiro libro de Vitrubio".

- Por consello dos nosos mestres mezarims⁴⁰⁸ -respondeu o rexedor- puxemos dentro dos muíños, no tempo que el adoita vir aquí, unha chea de galos e de galiñas. A primeira vez que os tragou, houbo morrer: cantábanlle dentro do corpo e voábanlle a través do estómago, polo que caía en lipotimia, dor cardíaca e convulsión horrible e perigosa, como se lle tivera entrado pola boca unha serpe ao interior do estómago.

- Velaí unha comparación mal ao caso e incongruente -dixo frei Xoán- Porque en tempos sentín dicir que se unha serpe entra no estómago non provoca repugnancia ningunha, e que volve para fóra de contadiño se penduran polos pés ao paciente e lle sitúan pertiño da boca un barreñón cheo de leite quente.

- Vós sentístelo dicir -replicou Pantagruel- e tamén o sentiran os que volo contaron. Mais tal remedio nunca foi visto nin lido. Hipócrates, no libro quinto das *Epidemias*, escribe que o caso se dera no seu tempo e que o paciente morrera subitamente en espasmo e convulsión.

- A maiores -seguíu o rexedor- entráronlle pola gorxa todos os raposos do país perseguindo as galiñas, e púñase á morte a cada paso. Bo foi que, por consello do badoco dun encantador, no momento crítico, botou os fígados como antídoto e contraveneno. Despois daquilo pensouno mellor, e agora remédiao cunha lavativa que lle poñen, feita coa decocción de grans de trigo e de paínzo -que atraen as galiñas- ao que se lle engaden miúdos de parrulos, que atraen os raposos. Tamén con pímulas que toma pola boca, feitas de lebréis e de cans cazadores de raposos. Velaí a nosa desgraza.

- Non teñades medo de agora en diante, boas xentes -díxolle Pantagruel- Ese gran Nafresfungantes, tragador de muíños de vento, morreu. Asegúrovolos. E morreu asfixiado e esganado ao comer unha nisca de manteiga fresca na gorxa dun forno quente, segundo a prescrición dos médicos.

⁴⁰⁸ Aínda que non é seguro, parece que esta palabra tería orixe hebrea e significaría "ventos do norte".

CAPÍTULO 45

COMO PANTAGRUEL BAIXOU Á ILLA DOS PAPÍFIGAS

Na mañán seguinte atopamos a illa dos papífigas que antigamente eran ricos e libres e chamábanlles gallardetes mais arestora eran pobres, desgrazados e sometidos aos papímanos. A cousa acontecera así:

Un día da festa da procesión anual, o burgomaestre, os síndicos e os grandes rabinos gallardetes foran pasar o tempo e ver a festa a Papimanía, illa próxima. Un deles, ao ver o retrato papal (pois era louvável costume mostralo públicamente nos días de procesión solemne), fíxolle a figa⁴⁰⁹, que neste país é signo de desprezo e de bulra manifesta. Para vengala, os papímanos, uns días despois, sen diciren nada, puxéronse todos en armas, sorprendéron, saquearon e arruinaron toda a illa dos Gallardetes, pasando polo gume da espada a todo home barbado⁴¹⁰. Perdoaron as mulleres e mociños coa mesma condición que o emperador Federico Barbarroxa utilizara antigamente cos milaneses.

Os milaneses, na súa ausencia, rebeláranse contra deste e botaran fóra da cidade a emperatriz, súa muller, ignominiosamente montada enriba dunha mula vella chamada Thacor⁴¹¹ cabalgando co diante para atrás, é dicir o cú virado contra a testa da mula e a cara contra a grupa.

Federico, á súa volta, despois de os ter sometido e apresado, obrou con tal dilixencia que recuperou a célebre mula Thacor. Entón, no medio da praza maior, por orde súa, o verdugo puxo entre as partes vergoñentas de Thacor un figo, en presenza e vista dos cidadáns prisioneiros. Despois gritou en nome do emperador, acompañado do son de trompa, que calquera que quixera fuxir da morte debería arrancar publicamente o figo cos seus dentes, e despois volvelo pór no mesmo lugar sen axuda das mans. Calquera que rexeitase, sería ao socate pendurado e estrangulado. Algúns deles tiveron vergoña e horror de faceren tan abominábel castigo e déronlle preferencia sobre o medo a morreren, polo que foron pendurados. Nos outros o medo da morte dominou sobre tal vergoña. Estes, despois de tiraren o figo a poder de dentes, mostrábanllo ao verdugo abertamente, dicindo: *Ecco lo fico*⁴¹².

Con ignominia parella foron preservados e salvados da morte o resto dos pobres e desolados gallardetes. Fixéronos escravos e tributarios e impuxéronlles o nome de *papífigas* porque lle fixeran a figa ao retrato papal. Dende ese momento, aquela pobre xente non dera prosperado. Todo os anos sufrían sarabia, tempestade,

⁴⁰⁹ A expresión *facen a figa* ou *poñer a figa*, que denomina o xesto de tender o puño introducindo o dedo gordo entre o índice e o medio, procede do italiano *fare la fica*, lingua na que *fica* é unha das denominacións populares da vulva. O xesto, pois, ten un carácter obsceno. A súa utilización contra o demo e os espíritos malignos, fixo que despois se utilizara como amuleto e medio de esconxuro contra meigallos.

⁴¹⁰ Hai quen vé nos *papífigos* os valdenses de Mérindol e Cabrières, que foron masacrados por *herexes* en 1545. Os Du Bellay defendían a tolerancia e intentaron que se respeitase esta comunidade, instalada dende había dous séculos na Provenza pero impuxéronse as teses do seu rival o cardeal de Tournon.

⁴¹¹ Nome de procedencia hebrea e que a *Breve Declaración* explica como "figo no fundamento" o que podería interpretarse como tumor hemorroidal. En todo caso é un encadeamento entre a *figa* e o figo que se introduce no parágrafo seguinte.

⁴¹² En italiano: "Eis o figo, velaí o figo".

peste, fame e todas as desgraças, como pena eterna polo pecado dos seus antepasados e parentes.

Ao vermos a miseria e calamidade do pobo non quixemos penetrar máis en diante. Só para collermos auga bendita e nos encomendarmos a Deus entramos nunha capeliña rente do porto, que estaba en ruínas, desolada e sen teito, como está en Roma o templo de San Pedro⁴¹³. Ao entrarmos na capela e tomarmos auga bendita, dexergamos dentro da pía un home vestido de estolas e todo tapado pola auga, coma un parrulo cando se mergulla, non sendo que botaba o nariz un pouquiño fóra para respirar. De arredor del había tres cregos ben rapados e tonsurados a leren no grimorio e esconxuraren os diaños.

Pantagrúel atopou o caso ben estraño, e ao preguntar a que xogo estaban a xogar, explicáronlle que dende había tres anos reinara na illa unha pestilencia tan horríbel que máis da metade do país ficara deserto e as terras sen amos. Pasada a pestilencia, ese home que se escondía dentro da pía estaba a arar un campo grande e vizoso e a sementalo de alforfón no día e hora en que un demiño (que aínda non sabía facer treboadas nin sarabia senón de riba do perixel e das verzas, e mais tampouco aínda non sabía ler nin escribir) obtivera de Lucifer o poder vir recrearse e ter lecer nesta illa dos papífegas onde os diaños tiñan gran familiaridade cos homes e mulleres e adoitaban ir pasar moito tempo.

Chegado este diaño ao lugar, dirixiuse ao labrador e preguntoulle o que facía. O pobre do home respondeulle que estaba a sementar o campo de alforfón para axudarse a vivir o ano seguinte.

- Moi ben -díxolle o demo- mais o campo non é teu, que é meu, pertéceme a min. Porque dende o punto e hora que lle fixestes a figa ao papa, todo este país nos foi adxudicado, atribuído e abandonado. Con todo, sementar trigo non é o meu oficio. Polo tanto, déixoche o campo, mais a condición de que partamos o proveito.

- De acordo -respondeu o labrador.

- Co que tiremos de proveito, imos facer dous lotes -dixo o diaño- Un co que medre por riba da terra, e o outro co que quede cuberto por ela. Hei ser eu quen escolla, porque son un diaño que procede dunha nobre e antiga raza e ti non es máis ca un aldeán. Eu escollo o que quede dentro da terra, e ti has levar o de enriba. Cando será a colleita?

- A mediados de xullo -respondeu o labrador.

- Pois non hei faltar de vir -dixo o diaño- Ti fai o teu deber. Traballa, aldeán, traballa! Eu vou ir tentar co xeitoso pecado da luxuria ás nobres monxas de Peidoseco e mais tamén aos papasantos e soinaquinas. Das súas querenzas estou máis que seguro. Ao se xuntaren comezará o combate.

⁴¹³ As obras de construción da basílica duraron 120 anos, de 1506 a 1626. Cando Rabelais estivo en Roma a construción aínda non ía moi avanzada e carecía de teito, de cúpula.

CAPÍTULO 46

COMO UN LABRADOR DE PAPIFIGARIA ENGANOU AO DEMIÑO

De que chegaron mediados de xullo, o demo volveuse presentar no lugar, acompañado por un escadrón de demachiños aprendices. E, atopando alí o labrador, díxolle:

- E logo, aldeán? Como che foi des que eu marchei? É tempo de facermos as partes.

- Tes razón - respondeulle o labrador.

Entón empezou o labrador coa súa xente a segar o trigo. Coa mesma, tamén os demachiños arrincaban do chan os restollos. O labrador mallou o seu trigo na eira, aventouno, meteuno en sacos e foino vender á feira. Os demachiños fixeron o mesmo e, na feira, sentáronse pertiño do labrador para venderen os seus restollos. O labrador vendeu moi ben o seu trigo e cos cartos encheu un zoco vello que levaba pendurado ao cinto. Os demachiños non venderon nada senón que, polo contrario, os paisanos todos da feira chufáronse deles.

Rematada a feira, díxolle o demo ao labrador:

- Ouviches, aldeán, desta vez enganáchesme, pero doutra non me has enganar.

- Señor diaño -respondeulle o labrador- Como vos eu daría enganado, se vós escollestes primeiro? É certo que coa vosa escolla pensabades me enganar, esperando que non saíse nada da terra para a miña parte e atopardes debaixo enteiriño o gran que eu sementara. Con el habiades tentar a xente arregueixada, beateira e avarenta, e coa tentación facela caír no voso ichó. Pero sodes novo de máis no oficio. O gran que vistes en terra morreu e apodreceu, e o apodrecemento deste foi a xerazón do outro que me vistes vender. Así escollestes o peor. Por iso fostes malditos no Evanxelio.

- Abonda de parola -dixo o demo- De que pensas sementar o noso campo para o ano que ven?

- Para tirar ben proveito -respondeu o labrador- compría sementalo de nabos.

- Es un aldeán agudo! -dixo o diaño- Sementa nabos a oito, que eu gardareinos da treboada e non lles hei botar a sarabia enriba. Pero escóitame ben: eu quedo coa parte do que está por riba da terra e ti has levar o de baixo. Traballa, aldeán, traballa! Eu vou tentar os herexes: son almas moi gorenteiras, preparadas en carbonada. O señor Lucifer anda de cólico e hanlle prestar moito.

Chegado o tempo da colleita, apareceu o demo no lugar cun escadrón de demachiños axudantes. E, atopando alí o labrador coa súa xente, comezou a cortar e a recoller as follas dos nabos. Atrás del, o labrador sacaba e tiraba os grandes nabos e metíaos en sacos. Coa mesma, vanse xuntos para a feira. O labrador vendeu moi ben os nabos, e o demo non vendeu nada. Peor aínda: chufáronse del públicamente.

- Ben vexo, aldeán, que me enganaches -púxose entón o demo- Quero rematar con isto de partirmos o campo entre ti e eu. Ímonos rabuñar un ao outro, e o primeiro que se rinda perde a súa parte do campo. Vai quedar enteiro para o vencedor. Ha ser de hoxe en oito días. Ai, aldeán, heite rabuñar de diaño! Pensaba de ir tentar os rapiñantes notifiqueiros, disfrazadores de preitos, notarios falseadores e avogados prevaricadores, pero mandáronme dicir por un intermediario que eran enteiriños de

meu. Tamén a Lucifer lle anoxan as almas deles, e de ordinario pásallas aos demos vasculladores das cociñas, non sendo que estean salpimentadas. Vós dicides que non hai almorzo coma o dos estudantes, xantar coma o dos avogados, merenda coma a dos vendimadores, cea coma a dos comerciantes, sobrecea coma a das criadas, nin comida calquera coma a dos trasnos⁴¹⁴. É certo: de feito, o señor Lucifer, pápavos trasnos como entrante de todas as súas comidas. E adoitábovos almorzar estudantes. Mais -coitado!- non sei por que desgraza, dende hai algúns anos, eles engadíronlles aos seus estudos a Santa Biblia. Por esta causa non damos tirado un para o demo. E coido que se os camanduleiros non nos axudan, quitándolles con ameazas, inxurias, forza, violencia e lume o seu San Pablo de entre as mans, non imos dar rillado máis ningún aí embaixo⁴¹⁵.

Avogados adulteradores do dereito e rapiñadores dos pobres, almórzaos de ordinario e non lle faltan. Pero un anóxase de comer sempre o mesmo pan. Non hai moito dixo en pleno capítulo que lle prestaría comer a alma dun camanduleiro que esquecera no seu sermón de se encomendar a el, e prometeu dobre paga e importante retribución a aquel que lle levase unha quentiña do forno. Puxémonos todos á procura, mais sen proveito ningún. Todos eles están a aconsellar as nobres damas, e contan con as persuadiren⁴¹⁶.

De merendar abstívose dende que tivo ese forte cólico, causado porque nas bisbarras boreais aldraxaran dun xeito ben ruín aos seus provedores de alimentos, víveres, carnes curadas e carbóns⁴¹⁷. Cear, cea moi ben comerciantes usureiros, boticarios falsarios, alteradores de moedas, adulteradores de mercadorías. E ás veces, cando está de boas, sobrecea criadas que despois de lles beberen o viño aos seus amos enchen o pipo con auga choca.

Traballa, aldeán, traballa! Eu vou tentar os estudantes trapisondistas para que abandonen pais e nais, renuncién ás regras comúns da sociedade, desobedezan os edictos do seu rei, vivan en infernal liberdade, desprezen a todos, de todos fagan bulra e, pondo o belido e ledó carapuchiño da inocencia poética, se fagan todos xeitosos trasnos⁴¹⁸.

⁴¹⁴ As veces Rabelais alude co nome de *trazos* aos franciscanos. Lembremos que el foi frade franciscano no mosteiro de Fontenay onde -seguindo as directrices dos teólogos da Sorbona que prohibiran o estudo do grego por considerar que era un portelo para a herexía- os superiores lle confiscaran os seus libros.

⁴¹⁵ Novo posicionamento arriscado de Rabelais en favor do Evanxelismo.

⁴¹⁶ Novo ataque aos beateiros hipócritas e frades corruptos, dobrado por un xogo de palabras que os acusa de buscaren os favores sexuais das damas ás que pretendían aconsellar.

⁴¹⁷ Desta vez, a alusión parece dirixida contra os luteranos.

⁴¹⁸ Vese que o ataque vai contra os que estudan para *trazos*.

CÓMO UNHA VELLA DE PAPAFIGARIA ENGANOU AO DEMO

O labrador, ao volver á súa casa, estaba triste e pensativo. En o vendo así, a súa muller coidaba que lle roubaran na feira. Mais, ao escoitar a causa da súa melancolía, e tamén ao ver a súa faldriqueira chea de cartos, confortouno agarimosamente e aseguroulle que desta rabuxeira non lle había vir mal ningún. Só con que se apoiase nela e traballase como ela quería, que xa ela tiña pensado como lle entrar.

- No peor dos casos -dicía o labrador- non hei levar senón un rabuñazo, porque me hei render ao primeiro golpe, abandonándolle o campo.

- Nadiña! -díxolle a vella- Apóiate en min e traballa como eu quero. Ti déixame facer. Dixéchesme que é un demiño: eu hei facer que sexa el o que se renda e o campo ha quedar para nós. Se fose un demo grande inda habería que pensalo.

O día en que chegamos á illa era o día sinalado. Pola mañán cediño, o labrador confesara moi ben, comungara como bo católico e, por consello do cura, mergullárase tapado na pía, no estado en que nós o atopamos.

No momento en que nos contaban esta historia tivemos novas de que a vella enganara ao demo e gañara o campo. Esta foi a maneira:

O demo achegouse á porta do labrador e, petando, dixo:

-Ei, aldeán! Veñan esas poutas!

E despois, entrando na casa, galano e decidido, e non atopando o labrador, dexergou a súa muller que estaba a chorar e laiarse.

- Que é isto? -preguntou o demo- Onde vai el? Que anda a facer?

- Ai! - púxose a vella- Onde vai o ruín! O verdugo! O bandido! Fíxome reloucar, estou perdida, morro coa dor que me meteu!

- Como? -dixo o demo- Que foi? Ha levar ben que rañar, de contadiño!

- Ai! -púxose a vella- O verdugo, o tirano, o rabuñador dos demos, díxome que hoxe estaba citado para se rabuñar convosco, e para probar as unllas rabuñoume un pouquiño só, co dedo maimiño, aquí entre as pernas, e fíxome reloucar toda. Estou perdida! Endexamáis hei curar! Mirade! E aínda foi á casa do ferrador para que lle aguice e lle afíe as poutas! Estadese perdido, meu amigo señor demo! Sálvadevos! Non vai parar! Retirádevos, facede o favor!

Entón descubriuse ata o queixelo na forma en que antigamente as mulleres pérsidas se presentaron aos seus fillos que fuxían da batalla e mostroulle o seu *cómo lle chaman*⁴¹⁹. O díaño, ao ver a enorme solución de continuidade en todas as súas dimensións, exclamou:

- Mafoma, Demiurgo, Mexera, Alecto, Perséfone⁴²⁰! A min non me pilla! Voume a todo coso! Veña, déixolle o campo!

Ao escoitarmos o desenlace e final da historia, retirámonos á nosa nave. E non volvemos facer alí outra estadia. Pantagruel meteu na boeta da fábrica da igrexa dezaioito mil moedas de ouro en consideración á pobreza do pobo e á calamidade do lugar.

⁴¹⁹ Xa no *Pantagruel* Rabelais utilizou este eufemismo.

⁴²⁰ Na Idade Media, era corrente porlle aos demos nome de deuses pagáns e representacións do paganismo.

CAPÍTULO 48

COMO PANTAGRUEL DESCENDEU Á ILLA DOS PAPÍMANOS

Abandonando a illa desolada dos papífigas, navegamos por un día en serenidade e total pracer, cando se ofreceu á nosa vista a bendita illa dos papímanos. Tan axiña como botamos as nosas áncoras no porto, antes de termos tempo de amarrar os calabres, viñeron cara a nós nunha barquiña catro personaxes vestidos cada un dun xeito diferente⁴²¹: un de frade con hábito, todo emporcallado e calzado con botas, outro de falcoeiro, cun engado e luvas para paxaros, outro de solicitador de preitos, cun gran saco na man, cheo de informes, convocatorias, notificacións e citacións, e outro de vendimador de Orléans, con belidas polainas de pano e un cesto e un podón á cintura. Des que estiveron ao carón da nosa nave, exclamaron todos xuntos en voz alta preguntando:

- Vístelo, viaxeiros? Vístelo?
- A quen? - preguntou Pantagruel.
- A aquel -responderon eles.
- Quen é el? Arrecontra, heino mallar a paus! -dixo frei Xoán pensando que preguntasen por algún ladrón, criminal ou sacrílego.
- Como, estranxeiros? -dixeron eles- Vós non coñecedes o Único?
- Meus señores -díxolles Epistemón- nós non entendemos tais termos. Mais, explicádenos, por favor, a quen vos referides e nós dirémosvos a verdade sen desimulo.
- É aquel que é -dixeron eles- Vístelo algunha vez?
- Aquele que é, -respondedeu Pantagruel- na nosa doutrina teolóxica é Deus. Con esta frase se definiu el a Moisés. De certo que nunca o vimos, é invisible para os ollos corporais.
- Nós non estamos a falar daquel alto Deus que domina nos ceos -dixeron eles- Estamos a falar do Deus que está na Terra⁴²². Vístelo algunha vez?
- A fe que se refiren ao papa! -dixo Carpalim.
- Si, si, meus señores -respondedeu Panurgo- Si tal. Eu vin tres⁴²³, e non me foi de moito proveito telos visto.
- Como? -dixeron eles- As nosas sacras Decretais⁴²⁴ proclaman que nunca hai vivo senón un.
- Quero dicir uns despois dos outros -respondedeu Panurgo- Outramente dito: non vin senón un de cada vez.

⁴²¹ Alegoría dos catro estados ou estamentos da sociedade: o clero, a nobreza, a toga e o campesiñado.

⁴²² Os canonistas empregaban a expresión *Deus na terra* nun sentido xurídico referíndoo á "plenitude da potencia" política que facía do papa "o único verdadeiro Monarca universal, espiritual e temporal" cousa á que se opuña o galicanismo, que inspira esta sátira rabelesíá dos papímanos.

⁴²³ Rabelais nas súas viaxes a Roma vira sucesivamente a Clemente VII, Paulo III e Xulio III.

⁴²⁴ O *Corpus iuris canonici*, establecido segundo o modelo do *Corpus iuris civilis*, comprendía dúas partes: unha, o *Decreto* de Graciano, anterior a 1150, que era admitida polos galicanos, e outra posterior, formada polos cinco libros de *Decretais*, de Gregorio IX (1234), o *Sexto*, de Bonifacio VIII (1298), as *Clementinas*, de Clemente V (1313), e as *Extravagantes*, de Xoán XXII (promulgadas en 1325) e chamadas así por estaren fóra do *corpus* e non formaren parte del ata o século XVI. Esta segunda parte era duramente atacada polos xuristas franceses por ser expresión e instrumento do poder temporal dos papas sobre a soberanía dos reis.

- Oh, xente tres e catro veces feliz! -puxéronse eles- Sodes ben e moito máis que ben vidos!

Entón axeonlláronse diante nosa e quixeron nos bicar os pés. O que non quixemos permitirillo, facéndolles reparar en que, se por fortuna o papa en persoa viñese alí, non poderían eles facerlle cousa maior⁴²⁵.

-Fariamos, si -responderon eles- Xa o temos decidido entre nós. Bicariamoslle o cú sen folla, e os collóns igualmente. Porque ten collóns, o Padre Santo, atopámolo nas nosas fermosas Decretais, outramente non había ser papa⁴²⁶. De sorte que en sutil filosofía decretalina é necesaria esta consecuencia: é papa, logo ten collóns. E se no mundo faltasen os collóns, non habería no mundo papa.

Pantagruel preguntoulle entrementes a un grumete desa barquiña quen eran estes tres personaxes e el respondeu que eran os catro estados da illa, engadindo de por parte que seríamos ben recibidos e ben tratados, pois que viramos ao papa. Pantagruel comunicoullo a Panurgo, que lle dixo en segredo:

-Fago votos a Deus, iso é! Todo acaba chegando para o que sabe agardar. Ver o papa nunca nos fixera proveito ningún, e arestora -por todos o díaños!- hanos aproveitar, segundo eu vexo.

Entón baixamos a terra e veu diante nosa, como en procesión, todo o pobo do país, homes, mulleres e rapaces. Os nosos catro estados dixeron en voz alta:

- Eles vírono! Eles vírono! Eles vírono!

Tras esta proclamación, todo o pobo se axeonllou diante nosa, erguendo as mans xuntas ao ceo e gritando:

- Oh, xente feliz! Oh, benaventurados!

E esta grita durou máis dun cuarto de hora. Despois acudiu o mestre de escola, acompañado por todos os seus preceptores, párvulos e escolares, xostrándoos maxistralmente, como se adoitaba xostrar nas nosas bisbarras cando penduraban algún malfeitor, a fin de que lles lembrase. Pantagruel enfadouse e díxolles:

- Meus señores, se non deixades de xostrar a eses rapaces, voume de aquí!

O pobo ficou abraiado en ouvindo a súa voz estentórea, e eu vin un lombudiño de longos dedos que lle preguntaba ao mestre de escola:

-Vállanme as *Extravagantes*! Os que ven o papa vólvense tan grandes coma ese que nos ameaza? Ai, moito me tarda velo, para poder medrar e volverme tan grande coma el!

Tan grandes foron as exclamacións deles que acudiu alí Homazo⁴²⁷ (así lle chaman eles ao seu bispo) enriba dunha mula sen rédeas engoldrapada de verde⁴²⁸, acompañado polos seus coordinados (como eles dicían) e mais dos seus subordinados, que portaban cruces, bandeiras, gonfalóns, baldaquinos, fachos e pías de auga bendita. E tamén el quixo nos bicar os pés a toda custa (como lle fixo ao papa

⁴²⁵ Bicábase a chinela do papa en sinal de sumo respecto. Nótese a ironía de Rabelais, máis en diante, ao presentar a Homazo montado nunha mula, pois a chinela do papa era chamada *a mula do papa*.

⁴²⁶ Alusión á historia da papisa Xoana, unha muller que -segundo unha tradición que recolleron distintas obras- tería chegado ao pontificado co nome de Xoán VIII, morrendo de parto nunha procesión. Dis que por este motivo, posteriormente os futuros papas eran sometidos a unha observación dos seus órganos sexuais antes de seren proclamados. A idea da existencia desta papisa estivo tan asentada que, ao parecer, durante dous séculos, a partir de 1400, o seu busto figurou na catedral de Siena entre os dos demais papas.

⁴²⁷ Parece que este personaxe é unha caricatura do papa Xulio III.

⁴²⁸ Cor dos arcebispos, dos bispos... e mais dos tolos.

Clemente o bo de Christian Valfinier⁴²⁹) dicindo que un dos seus hipofetas⁴³⁰, desengrasador e glosador das súas santas Decretais deixara escrito que, así como o Mesías, tan e tanto tempo agardado polos xudeus, finalmente se lles presentara, do mesmo xeito algún día o papa viría a aquela illa. Na espera dese ledó día, se chegara alí alguén que o tivera visto en Roma ou en calquera outra parte, que o festexasen ben e o tratasen con reverencia. Con todo, nós desculpámonos educadamente de que o fixese .

⁴²⁹ Personaxe e episodio descoñecido.

⁴³⁰ Explica a *Breve Declaración* "os que falan das cousas pasadas como os profetas falan das cousas futuras".

CAPÍTULO 49

COMO HOMAZO, BISPO DOS PAPIMANOS, NOS MOSTROU AS URANÓPETAS⁴³¹ DECRETAIS

Despois, díxonos Homazo:

- As nosas santas Decretais prescíbennos e ordénannos visitar antes as igrexas que as tabernas, polo tanto, non nos desviando deste belido precepto, vamos á igrexa; logo iremos ao banquete.

- Home de ben, -dixo frei Xoán- ide vós diante e nós habemos vos seguir. Falastes como unha persoa de siso e como un bo cristián. Abofé que había tempo que non atopabamos alguén así. Moito se alegra o meu corazón e penso que por isto hame prestar máis a comida. Boa cousa é atopar homes de ben.

Ao nos achegarmos á porta do templo, dexergamos un gran libro dourado, todo cuberto de finas e preciosas pedras, rubíns, esmeraldas, diamantes e perlas máis espléndidas que as que Octaviano consagrou a Xúpiter Capitolino, ou cando menos tanto. E pendía no aire atado con dúas grosas cadeas de ouro ao friso do pórtico. Nós contemplámolo con admiración. Pantagrúel colleuno coas mans e deulle a pracer voltas e máis voltas, pois podía tocalo doadamente. El asegurounos que ao tocar aquelas sentía un doce proído polas unllas e cóchegas polo brazos, xunto con, no sentido, unha vehemente tentación de lle bater a un alguacil ou dous, con tal de que non tivesen tonsura⁴³².

Entón. díxonos Homazo:

- Antigamente Moisés entregoulles aos xudeus a lei escrita polos propios dedos de Deus. En Delfos, diante da fachada do templo de Apolo, atopouse esta sentenza escrita pola divindade ΓΝΩΘΙ ΣΕΑΥΤΟΝ⁴³³. E , transcorrido certo lapso de tempo, viuse ΕΙ⁴³⁴, igualmente escrita pola divindade e transmitida polos ceos. A efíxie de Cibele foi enviada polos ceos a Frixia a un campo chamado Pesinonte. Tamén o foi a Táuride a efíxie de Diana, se credes a Eurípides. A oriflama⁴³⁵ foi enviada polos ceos aos nobres e moi cristiáns reis de Francia para combater os infieis. Reinando en Roma Numa Pompilio, segundo rei dos romanos, viuse descer do ceo o escudo cortante chamado Ancilo. Na Acrópole de Atenas antigamente caíu do ceo empíreo a estatua de Minerva. Do mesmo xeito, aquí vedes as sagradas Decretais escritas pola man dun anxo querubín... Vós, xentes transpontinas⁴³⁶ non o habedes crer...

- Ben pouco - respondeu Panurgo.

- ... e enviadas aquí a nós dende o Ceo dos Ceos, do mesmo xeito que Homero, pai de toda filosofía (exceptuadas sempre as divinas Decretais), denomina *diípeta*⁴³⁷ o río Nilo. E pois que tedes visto o papa, evanxelista destas e seu protector sempiterno,

⁴³¹ "Procedente do ceo", palabra formada a partir do grego.

⁴³² Os eclesiásticos non podían ser xulgados por tribunais civís senón eclesiásticos e as Decretais ameazaban coa excomuñón a aqueles que os agrediran ou castigaran, mesmo que fosen reis.

⁴³³ "Coñécete a ti mesmo".

⁴³⁴ Sería en grego "Ti es".

⁴³⁵ Estandarte que se atopaba dende o século XII na igrexa de Saint-Denis e que os reis de Francia levaban como enseña protectora nas campañas importantes, pois dicíase que fora enviado polo Ceo

⁴³⁶ "Da outra banda do mar".

⁴³⁷ "Que procede de Zeus".

nós habemos vos permitir velas e bicalas polo interior, se desexades. Mais, antes, teredes que xexuar tres días e confesardes regularmente, debullando coidadosamente e inventariando os vossos pecados tan polo miúdo que non se perda nin unha circunstancia, como divinamente nos cantan as divinas Decretais que estades a ver. Para iso, cómpre tempo.

- Home de ben -respondeu Panurgo- Xa temos visto abondo Decotrais⁴³⁸, quero dicir Decretais, fose en papel, en pergamiño linternado⁴³⁹, en vitela, escritas a man e mais impresas en molde⁴⁴⁰. Non é preciso que pasedes o traballo de nos mostrar estas: contentámonos coa boa vontade e agradecemosvolo igual.

- Éche boa! -dixo Homazo- Estas, anxelicalmente escritas, non as tedes visto nunca. As do voso país non son senón transcripción das nosas, como atopamos sinalado por un dos nosos antigos escoliastas⁴⁴¹ decretalinos. Alén diso, rógovos que non pensedes no traballo que eu pase. Considerade só se queredes facer o conato⁴⁴² de confesar e xexuar os tres díñas de Noso Señor.

- Moi ben o do conato -dixo Panurgo- Ora ben, o do xexún, vennos mal a xeito, porque na travesía xexuamos tanto que as arañas teceron as súas arañeiras na nosa boca. Velaí tedes o bo de frei Xoán das Carnespicadas...

Ao escoitar estas palabras, Homazo deulle unha apertíña garimosa.

- ...medroulle o musgo na gorxa por falta de mover e exercitar o queixelo e os fociños.

- E mais é certo! -respondeu frei Xoán- A poder de tantísimo xexún acabei todo lombudo.

- Entremos daquela na igrexa -dixo Homazo- e perdoade se neste momento non vos cantamos a fermosa misa de Deus. Pasou xa a hora do mediodía, despois da que as nosas sagradas Decretais nos prohiben cantar misa, quero dicir misa alta e lexítima. Pero heivos dicir unha baixa e seca⁴⁴³

- Gustaríame máis unha ben mollada por un viñiño de Anjou -dixo Panurgo- Adiante, logo, con ela! Brava e tesa!⁴⁴⁴

- Vállame esa! -dixo frei Xoán- Desgústame moito que o meu estómago estea aínda en xexún. Porque, en tendo almorzado ao estilo monacal, se por ventura el nos cantase ese *Requiem* xa eu levaba comigo o pan e o viño do pasamento⁴⁴⁵. Paciencia! Sacai, petai, metei, pero rapidiño, que non se enferruxe! E mais tamén por outro motivo, facei o favor!

⁴³⁸ Lapsus voluntario de Panurgo que se burla das Decretais alterando a denominación (*de cotra*)

⁴³⁹ Posibelmente o pergamiño que se empregaba nas linternas ou farois.

⁴⁴⁰ Letras de molde, a imprenta, logo.

⁴⁴¹ Anotadores, comentaristas.

⁴⁴² Empregamos o latinismo *conato* ("esfuerzo") para intentarmos trasladar o xogo de palabras de índole sexual que fai Rabelais.

⁴⁴³ Misa reducida e sen comunión.

⁴⁴⁴ Frase ambigua de dobre sentido, tamén sexual, como máis adiante *Sacai, petai...*

⁴⁴⁵ Novo xogo de palabras: *pasamento* é "a acción de pasar, de tragar ao comer" e máis "falecemento". Na misa de difuntos, os fieis facíanlles unha ofrenda de pan e viño.

CAPÍTULO 50

COMO HOMAZO NOS MOSTROU O ARQUETIPO DUN PAPA

Finalizada a misa, Homazo tirou dunha arca, rente do altar maior, un gran mañuzo de chaves coas que abriu trinta e dous pechos e catorce cadeados dunha fiestra de ferro ben protexida con barrotes que estaba situada enriba do devandito altar. Despois, con gran misterio, cubriuse cun saco mollado e, correndo unha cortina de satén carmesí mostrounous unha imaxe (bastante mal pintada na miña opinión), tocouna cunha variña longa e mandounos bicar a punta que a tocara⁴⁴⁶. Despois, preguntounos:

- Que vos parece esta imaxe?

- É a representación dun papa -respondeu Pantagruel- Recoñézoo pola tiara, o capuz, o roquete e a pantufa.

- Dicides ben -declarou Homazo- É a idea daquel Deus de bondade na terra, do que nós agardamos devotamente a chegada e a quen esperamos ver neste país unha vez. Que día tan feliz e desexado! E que esperado! E vós, felices e benaventurados, que tan favorableis tivestes os astros que vistes fronte a vós, en vivo e realmente, aquel bon Deus na terra, de quen abonda con vermos o retrato para gañarmos a plena remisión de todos os nosos pecados lembrados, e máis da terceira parte, con dezaioito cuarentésimas⁴⁴⁷, dos pecados esquecidos! Tamén non a vemos senón na festa grande do ano!

Entón Pantagruel dixo que era unha obra tal como as facía Dédalo⁴⁴⁸. Aínda que fose deforme e mal feita, había malia todo, latente e oculta nela, unha enerxía divina en materia de indulxencias.

- Iso é como dunha vez en Seuilly, -dixo frei Xoán- cando un día de festa estaban os tunantes no hospicio, ceando e gabándose, un de ter gañado aquel día seis brancas⁴⁴⁹, outro dous soldos, outro sete carolus. Un esmoleiro groso gabábase de ter gañado tres boas moedas de prata. "Tamén ti tes unha perna de Deus", respondéronlle os compañeiros. Como se unha divindade estivese escondida nunha perna toda esfacelada⁴⁵⁰ e podre.

- Cando contedes esas cousas -dixo Pantagruel- lembrádevos de me traerdes unha tina: pouco faltou para que non botase as tripas. Utilizar así o sagrado nome de Deus en cousas tan porcallentas e abominabeis! Fou! Dá noxo! Se dentro da vosa fradaría facedes tal abuso das palabras que utilizades, deixádeo alá, non o trasladades fóra dos claustros.

- E mais os médicos din que nalgunhas enfermidades hai unha participación certa da divindade -dixo Epistemón- De igual xeito, Nerón louvaba os cogumelos e,

⁴⁴⁶ Ao parecer, Rabelais alude a un retrato de Cristo que había no *sancta sanctorum*, a capela papal do palacio de Letrán. Ese retrato era coñecido coa denominación de *aqueropoeta* (é dicir "feito por anxos"). Estaba protexido por reixas e cuberto por suntuosos panos, e só se expuña ao público unha vez no ano, a víspera da Asunción. Aquí, os papímanos, como noutras ocasións, aparecen substituíndo a Cristo polo papa, o *Deus na terra*.

⁴⁴⁷ A ironía de Rabelais contra as indulxencias é aquí mordaz.

⁴⁴⁸ Atribuíase a Dédalo a arte de traducir o movemento en escultura.

⁴⁴⁹ Brancas, soldos e carolus eran diferentes moedas.

⁴⁵⁰ Anegrada e cuberta de chagas.

con expresión grega, denominábaos "vianda dos deuses", porque con eles envenenara ao seu predecesor, o emperador romano Claudio.

- Paréceme que este retrato falla tocante aos nosos últimos papas, porque eu téñolles visto levar na cabeza non capuz senón casco, estampado cunha tiara persa, e -estando en paz e silencio todo o imperio cristián- eles sós faceren guerra traizoeira e moi cruel.

- Porque era contra os rebeldes, herexes e protestantes para os que non hai esperanza, ao non obedeceren a santidad deste bon Deus na terra. Iso non só lle está permitido e lle é lícito, senón ordenado polas sagradas Decretais, e ten o deber de pasar a ferro e fogo emperadores, reis, duques, príncipes e repúblicas tan axiña como eles transgrediren só unha vírgula dos seus mandados, espolialos dos seus bens, desposuílos dos seus reinos, proscribilos, anatematizalos, e non só matar os seus corpos e os dos seus fillos e parentes, senón tamén condenar as súas almas á profundidade da máis quente caldeira que haxa no Inferno⁴⁵¹.

-Por todos os demos! -dixo Panurgo- Aquí non hai herexes como Raminagrobis⁴⁵² ou como hai nas Alemañas e Inglaterra. Vós sodes cristiáns ben peneirados.

- Somos, de certo -dixo Homazo- Tamén nos habemos salvar todos. Vamos tomar auga bendita, logo iremos xantar.

⁴⁵¹ A seguir, Rabelais condena as guerras do papa Xulio II, que chegou a pensar nunha cruzada contra Francia, como tamén alude, a continuación, aos cismas luterano e anglicano. De todos xeitos, na obra rabelesíá abundan as condenas do dogmatismo e da imposición relixiosa a ferro e fogo en toda parte e todo momento. Unha páxina ben negra destas persecucións contra os "herexes" foi a aniquilación dos cátaros ou albixenses do sur de Francia a comezos do século XIII. Enviado polo papa Inocencio III, Simón de Montfort fixo aniquilar os vinte mil habitantes (homes, mulleres e meniños) da cidade de Béziers e, ante os reparos dalgúns dos seus que argumentaban que no medio habería inocentes, pronunciou a célebre e sinistra frase: "Matádeos a todos, Deus ha recoñecer os seus".

⁴⁵² Alusión a un personaxe do *Terceiro Libro*.

FALARES QUE SE TIVERON NO XANTAR EN LOUVANZA DAS DECRETAIS

Reparade, bebedores, en que durante a misa seca de Homazo tres sacristáns da igrexa, cada un cunha bandexa na man, paseaban por entremedias do pobo, dicindo en voz alta:

- Non esquezaades a xente feliz que o viu de fronte!

Ao saír do templo, entregáronlle a Homazo as súas bandexas, cheiñas de moeda papímana. Homazo díxonos que era para facermos festa, e que desta contribución e gabela, unha parte sería empregada en ben beber e outra en ben comer, seguindo unha mirífica glosa agachada en certo recunchiño das súas santas Decretais.

O que fixemos, e foi nunha boa taberna que tiraba moito á de Guillot en Amiens⁴⁵³.

Podedes crer que a papatoria foi copiosa e as bebidas numerosas. Neste xantar reparei en dúas cousas memorabeis: unha, que non houbo carne que trouxesen, fose cal fose (cabritos, capóns, porcos -que se atopan a oito en Papimania-, pombos, coellos, lebrachos, galos de Indias ou outra) na que non houbese un abundante recheo maxistral⁴⁵⁴; e outra, que todo o servizo e a recollida da mesa estivo ao cargo das raparigas doncelas casadeiras do lugar, fermosas -asegúrovolos- gorenteiriñas, rubechiñas, amorosiñas e ben xeitosas, que vestidas con longas, brancas e delicadas albas de dobre cintura, coa cabeza descuberta e o cabelo incrustado de tiriñas e fitiñas de seda violeta e sementado de rosas, caraveis, ourego, fiuncho, herba madroa e outras floriñas cheirosas, a cada pausa invitábannos a beber con sabias e lindas reverencias. E toda a asistencia mirábaas con agrado. Frei Xoán botáballes olladas de esguello, coma un can que leva na boca unha ala de pita.

Ao retiraren o primeiro prato, cantaron elas melodiosamente un épodo en louvanza das sacrosantas Decretais.

Ao serviren o segundo, Homazo, todo ledado e contente, dirixiuse a un dos mestres copeiros dicíndolles:

- *Clerice*⁴⁵⁵, esclarece!

A estas palabras, unha das raparigas presentoulle prontamente unha gran copa chea de viño extravagante⁴⁵⁶. El sostívoo na man e, sospirando profundamente, díxolle a Pantagruel:

⁴⁵³ Xa no capítulo XI Rabelais aludiu aos asadoiros de Amiens. Un deles, famoso en toda Europa, era o de Guillaume Artus.

⁴⁵⁴ Rabelais emprega a palabra *farce* ("recheo") palabra que xa nese momento resulta ambigua en francés porque tamén denomina á farsa, xénero teatral, e daí pasa a significar *broma*, *impostura*, *falcatría*. Ben sabido é que o nome do xénero teatral (*farce*) provén do de "recheo" (*farce*) pois o entreacto cómico medieval, intermedio de recheo no descanso das longas pezas relixiosas, foise desenvolvendo e deu orixe a este xénero cómico. Por outra parte o *recheo maxistral/farsa maxistral* dirixe de novo o ferrete da súa ironía contra os teólogos da Sorbona (*magistri nostri*) xa ridiculizados en distintas ocasións como no capítulo 7 de *Pantagruel*, no catálogo dos libros da Biblioteca de Saint-Victor.

⁴⁵⁵ Palabra latina, vocativo de *clericus*. Rabelais aprotéitao para facer un xogo de palabras.

⁴⁵⁶ Xogo de palabras co dobre sentido de *extravagante*, o primitivo, que alude ás disposicións do papa Xoán XXII (ver nota 419) e o posterior de "excesivo, desarraxado, demente, estraño".

- Señoría, e vós, nobres amigos, bebo por vós todos de moi bo corazón. Sede moi benvidos!

E, ao que rematou de beber e lle volveu a copa á rapariga xeitosa, exclamou ben forte:

- Oh, divinas Decretais! Vós facedes atopar tan bó o bo viño!

- Inda non foi o peor! -dixo Panurgo

- Mellor fora que por elas o mal viño se fixese bo -dixo Pantagruel

- Oh, seráfica *Sexta*! -dixo Homazo proseguindo- Que necesaria sodes para a salvación dos pobres humanos! Oh, querúbicas *Clementinas*! Como está en vós propiamente contida e descrita a perfecta institución do verdadeiro cristián! Oh, *Extravagantes* anxélicas! Como sen vós habían perecer as pobres almas, que aquí embaixo erran en corpos mortais neste val de miseria! Ai! Cando será dado aos humanos ese don de graza particular, que desistan de todo outro estudo e negocio para vos leren, entenderen, saberen, usaren, practicaren, incorporaren, sanguificaren e incentricaren⁴⁵⁷ nos profundos ventrículos dos seus cerebros, nas internas médulas dos seus osos, nos intrincados labirintos das súas arterias? Oh, que feliz daquela o mundo, e non antes nin doutro xeito!

A estas falas ergueuse Epistemón e díxolle ao dereito a Panurgo:

- A falla de cadeira furada obrigame a marchar de aquí. Este recheo desentaloume o boche cular. Non hei tardar.

- Oh, daquela, que ausencia de sarabia, de lazo, de xeada e de turbóns! -dixo Homazo- Oh, daquela, que abundancia de todos os bens na terra! Oh, daquela, que paz obstinada e infranxíbel⁴⁵⁸ no Universo! Que cesación de guerras, de pillaxes, de asoballos, de esbullos e de asasinatos, non sendo contra os herexes e rebeldes malditos! Oh, daquela que ledicia, alegría, contente, solaz, gozo, pracer e delicia en toda a natureza humana! Oh, que grande doutrina, inestimábel erudición, preceptos deíficos chantados polos divinos capítulos destas eternas Decretais! Oh, como con só ler medio canon delas, un parágrafo pequeniño, unha frase só destas sacrosantas Decretais, sentides vós inflamarse nos vosos corazóns a chama do amor divino, da caridade para co voso próximo (con tal que non sexa herexe), desprezo firme de todas as cousas superfluas e terrenais, extática elevación dos vosos espíritos -mesmo ata o terceiro ceo- e contente certo de todos os vosos degoros!

⁴⁵⁷ Levado polo verbo *incorporar* (creado sobre *corpo*), Rabelais crea *sanguificar*, formado sobre *sangue* e cunha certa ambigüidade pola semellanza fonética con *santificar*, a mais de remitirnos ao corpo e sangue de Cristo. Tamén *incentricar* ("facen entrar no centro") é un seu neoloxismo.

⁴⁵⁸ Latinismo: "irrompíbel, increbábel".

CAPÍTULO 52

CONTINUACIÓN DOS MILAGRES CAUSADOS POLAS DECRETAIS

- A música éche boa -dixo Panurgo- mais eu créochelle o menos que podo. Porque xa me aconteceu un día en Poitiers, co Escocés Doutor Decretalipotens⁴⁵⁹, de ler un capítulo delas. E que o demo me leve se, ao lelo, non quedei tan entalado do ventre que por máis de catro e mesmo de cinco días, non dei botado senón unha cagalliña! Sabedes como era? Tal como Catulo⁴⁶⁰ dí que eran as de Furio, o seu veciño:

En todo un ano non botas dez cagallas
e por moito que coas mans fregues decote
nunca nelas os dedos te emporcallas
pois son máis duras que faba ou que cachote

- Ha! Ha! -púxose Homazo- San Xoán me valla, meu amigo! Por ventura estabades vós en estado de pecado mortal.

- Ese é de distinto pau -dixo Panurgo.

- Un día, en Seully, -dixo frei Xoán- limpara eu o cú cunha folla dunhas ruíns *Clementinas* que Jean Guimard, o noso ecónomo, guindara no patio do claustro. Doume aos demos todos se non me viñeron unhas fístulas e hemorroides tan horríbeis que o meu pobre ollo de atrás quedou todíño chosco!

- San Xoán me valla! - dixo Homazo- Foi evidente castigo de Deus, en vinganza polo pecado que vós fixerades ciscando neses sagrados libros que debíades bicar e adorar, con adoración de latría ou de hiperdulía⁴⁶¹ cando menos, digo eu. O Panormitano⁴⁶² nunca mentiu niso.

- Xan Paxarolo⁴⁶³ -dixo Ponócrates- mercarálles en Montpellier aos frades de Saint-Olary unhas fermosas Decretais escritas en bo e grande pergamiño de Lamballe⁴⁶⁴ para amortecer con elas o ouro ao batelo en follas. Por un estraño malfado, nunca unha peza se bateu que se dera aproveitado. Todas saíron aburacadas e escalazadas.

- Castigo e vinganza divina -dixo Homazo.

⁴⁵⁹ Trátase probablemente de Robert Ireland, profesor de Dereito na Universidade de Poitiers. Lembremos que no capítulo 5 de *Pantagruel*. Rabelais conta o periplo deste polas universidades de Francia, deténdose particularmente na de Poitiers, o que sen dúbida ten alicerces autobiográficos.

⁴⁶⁰ Catulo: *Carmina*, XXXIII, 20-23.

⁴⁶¹ O culto de *latría* é o que se lle profesa a Deus e o de *dulía* aos santos. Homazo esixe, cando menos o de *hiperdulía* para as Decretais, é dicir para o papa.

⁴⁶² Nicolas Tedesco, canonista italiano do século XV.

⁴⁶³ Personaxe inexistente e proverbial. Os máis dos personaxes que aparecen neste capítulo son de importancia menor para a comprensión do texto ou son descoñecidos.

⁴⁶⁴ Tiñan moita sona os pergamiños de Lamballe (Bretaña).

- En Le Mans -dixo Eudemón- François Cornu, boticario, empregara como cartuchos unhas *Extravagantes* engurradas: o demo non me asista se todo o que foi empacuetado nelas non ficou de sutaque envenenado, apodrecido e derramado: incenso, pementa, cravo, cinamomo, azafrán, cera, especias, canafístula, ruibarbo, tamarindo... todo en xeral: drogas, gogas e xenogas⁴⁶⁵

- Venganza e castigo divino -dixo Homazo- Abusar en cousas profanas destas tan sagradas escrituras!

- En París -dixo Carpalim- o alfaiate Groignet empregara unhas vellas *Clementinas* en patróns e medidas. Oh, estraño caso! Todas as pezas de roupa cortadas sobre tais patróns e deseñados sobre tais medidas estragáronse e perdéronse: vestidos, capas, manteos, saios, chupas, casaquiños, coletes, perpontos, cotas, gonelas, verdugadas... Groignet, coidando cortar unha capa, cortaba a forma dunha bragueta. En lugar dun saio cortaba un chapeo de ameixas chuchadas⁴⁶⁶. Sobre a forma dun casaquiño cortaba unha peregrina. Sobre o patrón dun perponto saíalle un corte carapuceiro. Os seus criados, despois de o coseren, dábanlle uns cortes por baixo e tiraba cara a un puceiro de asar castañas. Para un colete, facía unha chinela. Sobre o patrón dunha verdugada cortaba un caperuzo. Pensando facer un manteo facía un tamboril de suizo. De tal xeito que o home foi condenado en xustiza a pagar o pano de todos os seus clientes e agora está en bancarrota.

- Castigo e venganza divina -dixo Homazo.

- En Cahussac -dixo Ximnasta- fíxose unha partida de tiro ao branco entre os señores de Estissac e o visconde de Lausun. Perotou despezara a metade dunhas boas Decretais do bon cóngo La Carte e coas follas recortara o albo do fito. E eu doume, véndome, propóñome aos demos todos se endexamais un bésteiro do país (que son excelentes en toda a Güiena) deu metido unha frecha dentro! Todas foron para as beiradas. Nada do sacrosanto branco esborrachado foi desflorado nin encertado. E mais Sansornin o vello, que estaba a vixiar o que se apostaba, xurábanos por *Figs dourou* (o seu xuramento preferido) que vira claramente, visíbelmente e manifestamente a seta de Carquelin, cando entraba dereitiña no círculo negro do medio do albo a punto de tocalo e afundirse nel, arredarse unha vara contra a beira cara onde estaban os fornos.

- Milagre! -exclamou Homazo- Milagre! Milagre! *Clerice*, esclarece. Bebo á saúde de todos! Vós semelládesme bós cristiáns!

A estas palabras, as raparigas comezaron a troulear entre elas. Frei Xoán regañaba o fociño como se fose rinchar coma un faco ou ornear coma un burro e cubrilas como a miseria cobre aos pobres.

- Paréceme que naqueles brancos había un estar máis seguro do tiro da frecha do que algún tempo estivo Dióxenes -dixo Pantagrue.

- O que? - preguntou Homazo- Como? Seica el era decretalista?

- Esa foi ben botada! -dixo Epistemón voltando dos seus asuntos.

⁴⁶⁵ Drogas son as substancias usadas na medicina antiga, gogas e xenogas son termos da medicina antiga formados a partir do sufixo grego -agogo/a (condutor) e denominaban ao parecer certos purgantes.

⁴⁶⁶ Se cadra pola súa forma ou polos seus adornos.

- Querendo Dióxenes ter lecer un día -respondeu Pantagruel- foi ver os arqueiros que estaban a tirar ao branco. Entre estes, había un tan faltoso, imperito e pouco destro, que cando era a súa vez de tirar, todos os espectadores se arredaban, por medo a que el os ferira. Dióxenes, despois de telo visto lanzar un tiro tan ao torto que a frecha caíu máis dun estadal⁴⁶⁷ lonxe do fito, no segundo disparo, cando todo o público se arredaba botándose lonxe por unha banda e mais pola outra, foi correndo e mantívose ao carón do albo, afirmando que este era o lugar máis seguro e que o arqueiro antes había de dar en calquera outro lugar distinto do branco, único sitio seguro ante o tiro.

-Un paxe do señor de Estissac chamado Chamouillac -dixo Ximnasta- dexergou o encantamento. Polo seu consello, Perotou mudou o branco e empregou agora os papeis do preto de Pouillac⁴⁶⁸. Entón tiraron ben os uns e mais os outros.

- En Landerousse -dixo Rizótomo- no casamento de Jean Delif, o banquete nupcial foi notábel e suntuoso, como era daquela o costume do país. Despois da cea, representáronse varias farsas, comedias e rexoubas, danzáronse varias mouriscas con axóuxeres e pandeiros, presentáronse diversas clases de máscaras e momarías. Meus compañeiros de escola e mais eu, para honrarmos canto puidésemos a festa (porque pola mañán a todos nos agasallaran con belidas fitas brancas e violeta⁴⁶⁹), contra o final, fixemos unha leda barbadoría⁴⁷⁰ cun eito de cunchas de San Miguel⁴⁷¹ e bonitas caracolas de coscos. A falta de colocasia⁴⁷², bardana, personata e papel, coas follas dun *Sexto* vello que estaba alí abandonado fixemos as nosas caras falsas, cortándoas un pouco no sitio dos ollos, do nariz e da boca. Maravilloso caso! Rematadas as nosas bailadelas e os nosos puerís leceres, ao tirarmos as nosas caras falsas, aparecimos máis feos e noxentos que os demachiños da paixón de Doué⁴⁷³, de tan estragadas que tiñamos a cara nos lugares que tocaran as devanditas follas. Un tiña as bexigas negras, outro o mormo, outro a sífilis, outro o sarampelo, outro grandes furunchos. Resumindo, que aquel de nós que tiña menos era aquel ao que lle caíran os dentes.

- Milagre! -exclamou Homazo- Milagre!

- Aínda non é tempo de rir -dixo Rizótomo- As miñas dúas irmáns, Catherine e Renée, meteran dentro dese fermoso *Sexto* como en prensas (porque as súas cubertas estaban feitas con grosas táboas e ferradas como para andar por riba do lazo) as súas toucas, gorgueiras e manguitos recén lavadiños, ben branquiños e almidonadiños. Así Deus me salve como...

- Agardade! -dixo Homazo-A que Deus vos referides?

- Non hai senón un -respondeu Rizótomo

- Ben, si, nos ceos -dixo Homazo- Mais, na terra, non temos outro?

⁴⁶⁷ Medida de lonxitude equivalente a doce pés.

⁴⁶⁸ Non se sabe a que proceso alude a frase.

⁴⁶⁹ Fitas coas cores do noivo, que este distribuía como agasallo en lembranza do casamento.

⁴⁷⁰ Mascarada no que os participantes se disfrazaban e puñan unha barba postiza.

⁴⁷¹ Os peregrinos que ían ao Mont Saint-Michel, entre a Normandía e a Bretaña, tamén levaban cunchas coma os de Santiago, aínda que máis pequenas, fosen estas da mesma especie (vieira) ou doutras próximas como a volanteira e a zamburiña

⁴⁷² As follas destas tres plantas son amplas e permiten confeccionar máscaras con elas. A colocasia e a personata son plantas acuáticas.

⁴⁷³ Aos demachiños desta localidade da Turena xa se aludiu no capítulo XIV ao citar diferentes *paixóns*.

-Arre, adiante! -dixo Rizótomo- A fe que non pensaba niso. Daquela: así Deus Papa terra me salve como as súas toucas, gorgueiras, peiteiras, cofias e outros lenzos se puxeron máis negros que o saco dun carboeiro

- Milagre! -exclamou Homazo- *Clerice*, esclarece e anota estas fermosas historias.

Frei Xoán preguntou:

- E logo, como é que din isto?:

Desque o Decreto mudou ao lle engadir o tal⁴⁷⁴,
o soldado nunha arca trocou o seu morral
e o frade anda a cabalo, contra o que é natural,
neste mundo de noso abundou todo mal

- Xa entendo -dixo Homazo- Son andrómenas dos novos herexes

⁴⁷⁴ Converteuse logo en *Decretal*. Este dito era moi popular e aparece xa antes de Rabelais en diferentes sátiras antipapais.

CAPÍTULO 53

COMO POLA VIRTUDE DAS DECRETAIS TIRAN SUTILMENTE O OURO DE FRANCIA A ROMA

- Mellor quixera ter pagado unha ola de tripas para larpar -dixo Epistemón- e que puidésemos colacionar⁴⁷⁵ co orixinal os terroríficos capítulos *Execrabilis, De multa, Si plures, De annatis per totum, Nisi essent, Cum ad monasterium, Quod dilectio, Mandatum*⁴⁷⁶ e certos outros, que tiran cada ano de Francia para Roma catro centos mil ducados e aínda máis.

- E seica é moito, iso? -dixo Homazo- Pois a min paréceme pouquiño, dado que a moi cristiá Francia⁴⁷⁷ é a única que alimenta a corte romana. Mais, atopádeme no mundo libros -sexan de filosofía, de medicina, de matemáticas, de letras humanas ou mesmo, o meu Deus me valla!, da Santa Escritura- que poidan tirar tanto como eles. Nadiña! Nin res! Non habedes atopar ningún con esta auríflua enerxía, asegúrovolos eu! E mais estes diaños de herexes non os queren aprender e saber. Queimái, trincái, atenazái, afogái, aforcái, empalái, crebái, desmembrái, destripái, decotá, asái, enfornai, torái, crucificái, escaldái, apachocái, descuartizái, esmendrellái, esnocrái, esturrái eses malvados herexes decretalífugos, decretalícidias, peores que homicidas, peores que parricidas, decretalíctones⁴⁷⁸ do diaño!

Vosoutros, xentes de ben, se queredes ser chamados e reputados verdadeiros cristiáns, suplicovos coas mans xuntas de non crerdes outra cousa, outra cousa non pensardes, nin dicirdes, nin emprenderdes, nin facerdes, senón únicamente o que conteñen as nosas santas Decretais e as súas engádegas: ese fermoso *Sexto*, esas fermosas *Clementinas*, esas fermosas *Extravagantes*. Oh, libros deíficos! Así seredes con gloria, honor, exaltación, riquezas, dignidades e prelacións reverenciados por todos neste mundo, temidos por cada quen, preferidos a todos e elixidos e escollidos antes que todos. Porque non existe baixo a capa do ceo estamento no que atopedes xentes máis idóneas para facer e manexar todo senón o daqueles que, por divina prescencia e eterna predestinación, se teñen adicado ao estudio das santas Decretais.

Queredes escoller un valente emperador, un bo capitán, un digno xefe e condutor dun exército en tempo de guerra, que saiba prever ben todos os inconvenientes, evitar todos os perigos, conducir ben as súas xentes ao asalto e ao combate con alegría, non arriscar nada, vencer sempre sen perda dos seus soldados e ben usar a vitoria? Collédeme un decretista. Non, non, quero dicir un decretalista!⁴⁷⁹

- Éche bo engano -dixo Epistemón.

⁴⁷⁵ Dobre sentido da palabra *colacionar*: comparar co orixinal un texto e mais tomar a *colación*.

⁴⁷⁶ Constitucións tiradas das Decretais, e mais disposicións papais diversas, que regulan a acumulación de beneficios eclesiásticos, aspectos da vida monástica, dispensas de casamento entre parentes, establecen pagos ao papado por diferentes beneficios, etc. Os reis de Francia opuñañse a estas disposicións non só por evitaren a fuxida de diñeiro cara a Roma senón por limitaren o poderío do papa.

⁴⁷⁷ Os reis de Francia tomaron o título de *Moi Cristián Rei, Súa Maxestade Moi Cristiá*.

⁴⁷⁸ Na oratoria latinizante e empolada de Homazo -que contrasta co emprego dos termos populares no inquisitorial parágrafo anterior que pide a exterminación dos herexes- aparece a palabra *decretalíctones* ("matadores de Decretais") que Rabelais critica na Breve Declaración chamándolle "voz monstruosa, composta dunha palabra latina e outra grega".

⁴⁷⁹ O "lapsus" de Homazo é importante porque os decretistas eran os xuristas expertos no Decreto de Graciano, que os galicanos respectaban (ver nota 424).

- Queredes en tempo de paz atopar un home apto e capacitado para ben gobernar o estado dunha república, dun reino, dun imperio ou dunha monarquía, manter a Igrexa, a nobreza, o senado e o pobo na riqueza, a amizade, a concordia, a obediencia, a virtude e a honradez? Collédeme un decretalista.

Queredes atopar un home que pola súa vida exemplar, boas falas e santas admonicións en pouco tempo, sen efusión de sangue humano, conquiste a Terra Santa e convirta á santa fe os malcrentes dos turcos, xudeus, tártaros, moscovitas, mamelucos e sarabaítas⁴⁸⁰? Collédeme un decretalista.

Que é o que volve en moitos países o pobo rebelde e destragado, os paxes cobizosos e maos e os estudantes pasmóns e burráns? Os seus gobernantes, os seus escudeiros e os seus profesores non eran decretalistas.

E mais quen -en conciencia- estableceu, confirmou e autorizou estas fermosas ordes relixiosas que ornan, decoran e ilustran todos os recantos da Cristiandade como o firmamento as súas claras estrelas? As Divinas Decretais.

Quen fundou, alicerzou e construíu, quen mantén, quen sustenta, quen nutre os devotos relixiosos cos conventos, mosteiros e abadías sen os continuos rezos dos cales -diurnos e nocturnos- estaría o mundo en perigo evidente de retornar ao antigo caos? As Sagradas Decretais.

Quen orixina e diariamente aumenta, con abundancia de todos os bens temporais, corporais e espirituais, o famoso e célebre patrimonio de San Pedro? As Santas Decretais.

Quen fai á Santa Sede apostólica de Roma tan temíbel en todo tempo e na actualidade no Universo enteiro, que cómpre -gústelles a eles ou non- que todos os reis, emperadores, potentados e señores dependan dela, estean suxeitos a ela, por ela sexan coroados, confirmados, autorizados e vaian alá para bicaren, prosternados, a mirífica pantufa da que vistes o retrato? As fermosas Decretais de Deus.

Quérovos revelar un gran segredo. As Universidades do voso mundo, nos seus escudos de armas e divisas levan en xeral un libro, unhas aberto e outras pechado. Que libro pensades que poida ser?

- De certo que non sei -respondeu Pantagruel- nunca nel lin.

- Son as Decretais -dixo Homazo- sen as que perecerían os privilexios de todas as Universidades. Debédesme esta! Ha, ha, ha! Ha, ha, ha!

Aquí comezou Homazo a arrotar, peidear, rir, babar e suar, e entregou o seu gordo e graso bonete de catro braguetas⁴⁸¹ a unha das raparigas, que o pousou de riba da súa fermosa cabeciña con gran alegría, depois de o bicar amorosamente, como prenda e seguranza de que había ser a primeira en casar.

- *Vivat!* -exclamou Epistemón- *Vivat! Fifat! Pipat! Bibat!*⁴⁸² Oh segredo apocalíptico!

⁴⁸⁰ Monxes exipcios dos primeiros tempos do monacato que vivían en grupos de dous ou tres sen regra ningunha nin abade ou outra autoridade e que se guiaban só pola realización dos seus gustos e praceres. O termo xa foi empregado por Rabelais en *Pantagruel* como sinónimo de “baldreus”

⁴⁸¹ A sátira do bonete ten unha continuación nos bicos da rapariga.

⁴⁸² A partir do *Vivat!* aparece a mesma palabra con pronunciacións xermánicas e española. Ao tempo *Viva!* convértese en *Beba!*

- *Clerice* -dixo Homazo- *Clerice*, esclarece con dobre linterna. A froita, doncelas! Dicia eu, daquela, que adicándovos así ao estudo único das sagradas Decretais, habedes vós ser ricos e colmados de honores neste mundo. Digo, en consecuencia⁴⁸³, que no outro habedes estar infalibelmente a salvo no bendito reino dos Ceos, do que as chaves son entregadas ao noso bon Deus decretaliarca. Oh, meu bon Deus que eu adoro e non vin nunca, por graza especial ábrenos, polo menos no artigo da morte, este sagrado tesouro da nosa santa madre Igrexa, do que ti es o protector, conservador, promecondo⁴⁸⁴, administrador e dispensador! E dá orde de que esas preciosas obras de supererogación⁴⁸⁵, esas fermosas indulxencias non nos falten na necesidade, para que os demos non atopen o que morder nas nosas pobres almas e que a gorxa horrorífica do Inferno non nos engola! Se cómpre pasarmos polo Purgatorio paciencia! No teu poder está, e arbitra de nos liberar del cando ti queiras.

Aquí comezou Homazo a verquer grosas e quentes bágoas, a bater no peito e a bicar os seus pulgares cruzados.

⁴⁸³ Ao contrario da incompatibilidade evanxélica entre a riqueza e o reino dos Ceos, a relixión de Homazo asocia claramente o poder terrenal co seu "ceo".

⁴⁸⁴ Latinismo que Rabelais explica na Breve Declaración como "despenseiro, celeireiro, gardián que coida e distribúe o ben do señor".

⁴⁸⁵ Penitencias e obras suplementarias (por riba da *rogación*, da oración) como misas cantadas, ofrendas etc. cos que moitos (maiormente ricos) pretendían suplir a devoción verdadeira.

CAPÍTULO 54

COMO HOMAZO LLE DEU A PANTAGRUEL PERAS DE BON CRISTIÁN

Epistemón, frei Xoán e Panurgo, ao veren este penoso desenlace, comezaron a berrar, a cuberto detrás dos seus panos de mesa, "Miáaaa! Miáaaa! Miáaaa!" facendo no entanto arremedo de secaren os ollos, como se tivesen chorado. As raparigas demostraron estar ben aprendidas e a todos lles presentaron copas cheas de viño clementino con abundantes confeitados. Así se volveu alegrar de novo o banquete.

Ao final da comida, Homazo deunos un gran número de grosas e boas peras, dicindo:

- Tomade, amigos: son peras singulares que non habedes atopar noutra parte. Non todas as terras producen todo. Só a India produce o negro ébano. De Saba procede o bo incenso. Da illa de Lemnos a terra esfraxítida⁴⁸⁶. Só aquí, nesta illa, nacen estas fermosas peras. Facede alcoubos delas nas vosas bisbarras, se vos parece ben.

- E como lles chamades? -preguntou Pantagruel- A min parécenme moi boas e de boa auga. Se as coceran en cazolas, cortadiñas en cuarteiróns cun pouco de viño e azucre, penso que había ser vianda ben salubre, tanto para os enfermos como para os sans.

- Non pode ser doutro xeito -respondeu Homazo- Nós somos xente sinxela porque a Deus lle apraz. E chamámoslles aos figos, figos, ás ameixas, ameixas, e ás peras, peras.

- De certo -dixo Pantagruel- cando eu estea na miña casa (ha ser, se Deus quere, axiña) heinas plantar e enxertar na miña horta da Turena, á beira do río Loira, e hanse chamar peras de bon cristián⁴⁸⁷. Porque nunca vin cristiáns mellores que estes bos papímanos.

- A min gustárame igual que el nos dera dúas ou tres carradas das súas raparigas -dixo Panurgo.

-Para facer o que? -preguntou Homazo.

- Para as sangrar dereitiño entre as dedas con certas navallas de moi bo toque -respondeu frei Xoán- Ao facer isto, enxertariamos nelas fillos de bon cristián e a raza deles multiplicaríase nas nosas bisbarras, onde non son alá moi bos.

- De certo que non habemos facer tal! -dixo Homazo- Habiádeslles meter a tolemia dos mozos. Coñézovos polo voso nariz e mais nunca vos eu vira⁴⁸⁸. Veña! Veña! Sodes bo rapaz queredes condenar a vosa alma? As nosas Decretais prohíbeno. Ben quixera eu que as aprenderades.

⁴⁸⁶ Tipo de terra vermella utilizada na pintura e mais na medicina antiga, que só se vendía cun selo ou carimbo (en grego σφάγις). Explica Rabelais na Breve Declaración: "os boticarios chámanlle *terra sigillata*".

⁴⁸⁷ A denominación desta variedade de peras como *de bon chrestien* (que do francés pasou a outras linguas como o portugués) procede dunha "etimoloxía popular" a partir do latín *poma panchresta* que á súa vez provén do grego *pankhréston* "froito útil para todo". A tradición atribuíalle a introdución destas peras na Turena a San Martiño de Tours. Rabelais, como noutras ocasións, *refunda* historias e tradicións "enxertándoas" na epopea dos seus xigantes.

⁴⁸⁸ Xa no capítulo 40 de *Gargantúa*, Rabelais aludiu á crencia na proporcionalidade entre o nariz e outro órgano saínte do corpo masculino.

- Paciencia! -dixo frei Xoán- Pero *si tu non vis dare, praesta, quesumus*. É materia de breviario⁴⁸⁹. Non teño medo de home que teña barba⁴⁹⁰, mesmo que fose doutor de cristalino (digo Decretalino) con triple borla⁴⁹¹.

Rematado o xantar, tomamos licenza de Homazo e de todo o bo pobo, dándolles a grazas humildemente e, como retribución de tantos bens, prometéndolles que, de chegados a Roma, fariamos tanto co Padre Santo que en breve había ir velos en persoa. Despois regresamos á nosa nave. Pantagrue, por liberalidade e recoñecemento do sagrado retrato papal, deulle a Homazo nove pezas de pano bordado en ouro, rizo sobre rizo. para seren postas diante da fiestra ferrada, fixo encher a boeta da reparación e fábrica toda con dobres escudos con zoco⁴⁹², e mandou entregarlle a cada unha das raparigas que serviran a mesa durante o xantar novecentos saúdos de ouro para casalas no momento oportuno⁴⁹³.

⁴⁸⁹ Nas oracións do breviario, o que realmente figura é a frase *Præsta quæsumus, Domine* ("Concédenos, Señor, pedímoscho").

⁴⁹⁰ O papa Xulio III, entre outros, levaba barba.

⁴⁹¹ En *de cristalino* hai un xogo de palabras (quizais a partir de *Cristo*). A borla simple (non existía dobre nin triple) ornaba o chapeo dos doutores.

⁴⁹² Moeda inexistente e paródica. Sobre o modelo dos existentes "escudos con sol", Rabelais crea estes "escudos con zoco", no que podemos ver unha alusión á chinela do papa.

⁴⁹³ O saúdo de ouro si é unha moeda verdadeira. Rabelais fai aquí outra alusión paródica, desta vez á distribución anual polo papa, no día da Anunciación, de corenta escudos ás raparigas da confraría da Annunciata.

CAPÍTULO 55

COMO MAR AFORA PANTAGRUEL OUVIU DIVERSAS PALABRAS DESCONXELADAS⁴⁹⁴

No medio do mar, estando nós xantando, rillando, parolando e facendo fermosos e cortos discursos, Pantagruel ergueuse e ficou en pé para explorar o arredor. Despois, díxonos:

- Compañeiros non ouvides nada? Paréceme que estou a ouvir xente que fala no aire e mais non vexo ninguén. Escoitade!

Tras esta súa orde todos nos puxemos atentos e zugabamos o aire coas orellas, como fermosas ostras abrindo a súa cuncha, para escoitarmos se algunha voz ou algún son se espaxiaba por alí. E para non perdermos nada, a exemplo do emperador Antonino⁴⁹⁵, algúns puñamos a palma da man detrás das orellas. Con todo, asegurabamos non sentir voz ningunha.

Pantagruel continuou, afirmando ouvir no aire diversas voces⁴⁹⁶ tanto de homes como de mulleres, cando nós decatámonos de que ou estabamos tamén a ouvilas ou nos cantaban as orellas. Canto máis perseverabamos a escoitar, máis dexergabamos as voces, ata sentirmos palabras enteiras. O que nos aterrou grandemente, e non sen motivo, ao non vermos ninguén e sentirmos voces e sons tan diversos de homes, de mulleres, de rapaces e de cabalos, de xeito que Panurgo exclamou:

⁴⁹⁴ O célebre episodio das palabras desconxeladas ten a súa orixe en Plutarco. O tema aparece, antes que en Rabelais, en Celio Calcagnini e Baltasar de Castiglione. Rabelais faise eco, probabelmente, dun suceso que aconteceu en 1517 cando nun bosque romano ouvironse "tanto no aire como en terra, moitas xentes armadas combatérense, e semellaban ser arredor de seis ou sete mil homes: e ouviuse como soaban as culebrinas e bombardas e as armas chocaban unhas contra outras, batalla que durou ben unha hora ou máis, e con todo non se viu nada". Nós coñecemos un relato doutros sucesos extraordinarios, posteriores a este, que teñen certa concomitancia: un opúsculo de 1652 narra como, no ano anterior, en Holanda, uns mariñeiros que saíran co seu barco puideron dexergar no ceo, aterrorizados, escadróns de infantaría e cabalaría, batallas de armadas de navíos, un león e diferentes animais.

⁴⁹⁵ Quen, ao parecer, tiña numerosos espías, que trataban de "poñer a orella" a todo o que se falaba.

⁴⁹⁶ A escolástica distinguía entre *son* e *voz*. O *son* é un ruído, en canto que unha *voz* é emitida por un ser vivo (algúns autores limitan as *voces* aos seres humanos). A *voz*, pola súa parte, podería ser *non significativa*, cando non "representa" nada, e mais *significativa*, cando "representa" algo. Neste caso distinguíase tamén as voces significativas que representan algo *naturalmente* (por exemplo un laio de dor ou unha risa de alegría) e as que representan *por pracer*, por convención: así cando dicimos *cabalo*, os membros dunha determinada comunidade lingüística entendemos, por convención, que evocamos ese animal.

-Caso en tal! Fan bulra de nós? Estamos perdidos. Lisquemos! É unha emboscada. Frei Xoán, estás aí, meu amigo? Tente cabo de min, suplícocho. Tes o teu bracamarte? Coida de que non quede pegado á baíña. Ti non lle desenferruxas a metade. Estamos perdidos! Escoitai! Deus me asista, son canonazos! Lisquemos! Non digo cos pés e as mans, como dicía Bruto na batalla da Farsalia⁴⁹⁷, digo con velas e remos. Lisquemos! Eu non son valente no mar. Na adega e outros lugares sono canto se queira. Lisquemos! Salvémonos! Non o digo polo medo que eu teña, porque eu só temo os perigos como digo sempre. Tamén o dicía o Arqueiro Franco de Bagnolet Daquela, non nos aventuremos, non vaia ser que teñamos desventuras. Lisquemos! Volve a cara! Vira a cana⁴⁹⁸, fillo de puta! Prouguera a Deus que arestora estivese eu no Quinquenois, so pena de non casar nunca! Lisquemos! Nós non somos para eles. Son dez contra un, asegúrovolos. Por parte, eles están no seu estrume e nós non coñecemos o país. Hannos matar. Lisquemos! Non ha ser unha deshonra para nós. Demóstenes di que o home que foxe ha volver combater. Retirémonos, cando menos. A babor! A estribor! Trinquete! Velas das gaviás! Estamos mortos! Lisquemos, por todos os díaños, lisquemos!

Pantagruel, sentindo o escándalo que formaba Panurgo, dixo:

- Quen é ese que quere fuxir? Vexamos primeiro qué xente é ela. Pode que sexan dos nosos. Aínda non vexo ninguén e mais estou a mirar cen millas arredor. Pero escoitemos. Lin que un filósofo chamado Petróon era da opinión de que había varios mundos que se tocaban os uns aos outros en figura de triángulo equilátero, e dicía que no seu pé e centro estaba a morada da Verdade e a vivenda das Palabras, as Ideas, os Exemplares e retratos de todas as cousas pasadas e futuras, e que arredor destas estaba o Século⁴⁹⁹. E que certos anos, en longos intervalos, unha parte deles caía enriba dos humanos como secrecións catarrosas e como caíu o orballo riba do guedello de Xedeón, e outra parte ficaba reservada para o porvir, ata a consumación do Século⁵⁰⁰.

Lémbrome tamén que Aristóteles mantén que as palabras de Platón revoan, dan reviravoltas e se moven, e por conseguinte están animadas.

De por parte, Antífanes dicía que a doutrina de Platón canto ás palabras era semellante, e que elas, nalgunha bisbarra, no tempo do inverno forte, cando son proferidas, conxélanse, xeadas no lazo, e non son ouvidas. Polo mesmo motivo, o que Platón lles ensinaba ao rapaces pequenos apenas o daban estes escoitado cando ían vellos.

Agora sería cousa de filosofar e de pescudar se por gran fortuna sería este o lugar no que tais palabras se desconxelan. Quedaríamos ben asombrados se fosen a cabeza e a lira de Orfeo. Porque despois de que as mulleres tracias despedazaron a Orfeo botaron a súa cabeza e a súa lira ao río Hebros. Estas baixaron polo río ao mar Póntico ata a illa de Lesbos, sempre nadando xuntas polo mar. E da cabeza saía continuamente un canto lúgubre, como lamentando a morte de Orfeo. A lira, co impulso dos ventos que a movían, harmonizaba os seus acordes co canto. Miremos se as vemos de arredor de aquí.

⁴⁹⁷ Panurgo, levado polo nerviosismo, confunde as cousas: non foi na batalla da Farsalia senón na de Filipos cando Bruto, ante a derrota, invitaba aos seus homes a fuxir da tiranía de César, e non cos pés senón coas mans, é dicir a suicidárense antes que se renderen.

⁴⁹⁸ Do timón.

⁴⁹⁹ O mundo en xeral.

⁵⁰⁰ Rabelais parte da concepción platónica e cristianízaaa.

CAPÍTULO 56

COMO ENTRE AS PALABRAS CONXELADAS PANTAGRUEL ATOPOU PALABRAS COLORADAS

Respondeu o piloto:

- Señor, non vos asustedes de nada! Aquí é o confín do mar glacial, onde tivo lugar, a comezo do inverno pasado, unha longa e dura batalla entre os arismapianos e os nefelibatos⁵⁰¹. Entón conxeláronse no aire as palabras e os berros dos homes e mulleres, os croazos das mazas, as zoupadas das armaduras e das carapazas⁵⁰², o rincar dos cabalos e todo o restante balbordo do combate. Arestora, pasado o rigor do inverno, chegada a serenidade e a mornura do bo tempo, fúndense e son ouvidas.

- Deus me valla! -dixo Panurgo- Créoo ben, mais poderíamos ver algunha delas? Lémbrome ter lido que, dende a aba da montaña na que Moisés recibiu a lei dos xudeus, o pobo vía as voces de xeito sensíbel.

- Tomade, tomade! -dixo Pantagruel- Velaí tedes algunhas que aínda non están desconxeladas.

Entón botounos enriba da cuberta mancheas de palabras conxeladas, que semellaban graxeas perladas de diversas cores. Vimos palabras vermellas, palabras verdes, palabras azuis, palabras negras, palabras douradas⁵⁰³. Elas, ao que queceran un pouquiño nas nosas mans, fundíanse como a neve, e ouviamolas realmente pero non as entendiamos porque era lingua bárbara. Non sendo unha algo grosiña, que frei Xoán fixera quecer nas súas mans, e fixo un son coma o das castañas que se botan á brasa sen estaren amoxetadas cando estoupan, facéndonos sobresaltar a todos co medo.

- Este era un disparo de falcón⁵⁰⁴, no seu tempo -dixo frei Xoán.

Panurgo pediulle a Pantagruel que lle dera máis, e Pantagruel respondeulle que dar palabras era acción dos namorados.

- Daquela vendédemas! -púxose Panurgo.

-É acción de avogados, vender palabras -respondeu Pantagruel- Antes venderíavos silencio, e ben máis caro, igual que algún día o vendeu Demóstenes mediante a súa diñeiraxina⁵⁰⁵.

⁵⁰¹ Herodoto fala dun pobo escita, os Arimaspos. Rabelais crea o nome dos Nefelibatos a partir do grego; viría sendo "os que camiñan sobre as nubes".

⁵⁰² Armaduras dos cabalos de combate.

⁵⁰³ Rabelais emprega no orixinal denominacións de cores usadas na heráldica como *goles*, *sinople*, *azur*, ou *area*. *Goles* sérvelle para facer un xogo de palabras posíbel só no francés do seu tempo (palabras de rexouba ou "picantes" / palabras vermellas / palabras de gorxa). Nós evocamos o dobre sentido traducindo por *palabras coloradas*, o que nos obriga a prescindir dos termos de heráldica.

⁵⁰⁴ Tipo de canón curto.

⁵⁰⁵ Rabelais toma de Erasmo o termo *argentangine* (en latín *argentanginam*) ao aludir á anécdota de Demóstenes que, subornado polo diñeiro dos embaixadores Milesios, pretextou unha anxina ou mal de gorxa falso, para non ter que falar e contradicilos.

Con todo, botou enriba da cuberta tres ou catro puñados. E puidemos ver palabras moi ferintes, palabras sanguentas (que -dicíanos o piloto- ás veces volvían ao lugar onde foran proferidas, mais era a gorxa cortada), palabras terroríficas e outras bastante desagradabeis á vista. Ao se fundiren elas todas xuntas, ouvimos *íii, íii, íii, iss, tic, tris, tras, birimbín, birimbán, frr, frrr, frrr, bú, bú, bú, bú, bú, bú. bú, bú, craccc, crac, trr, trr, trr, trrr, trrrrr, ón, ón, ón, ón, uuuuón, gog, magog*⁵⁰⁶ e non sei eu que outras palabras bárbaras. E el dicía que eran vocábulos do choque e mais do rinchar dos cabalos no momento de acometeren. Logo ouvimos outras grosas, e ao se desconxelaren botaban unhas un son como de tambores e pífaros, e outras como de claríns e trompetas. Podédesme crer que atopamos niso moito pracer. Eu quería gardar, conservadas en aceite como se fai coa neve e o lazo, e en palla ben limpiña, algunhas palabras coloradas, pero Pantagruel non o quixo, dicindo que é tolaría gardarmos aquilo que nunca precisamos e que sempre temos a man, como as palabras coloradas todos os bos e ledos pantagruelistas.

Aí Panurgo anoxou un pouquiño a frei Xoán e fíxoo poñerse fóra de si, porque lle colleu a palabra no momento que el non esperaba, e frei Xoán ameazouno con facer que se arrepentira do mesmo modo que se arrepentiu o comerciante ao lle vender o pano pola súa palabra ao nobre Patelín⁵⁰⁷. E, con collelo polos cornos como a un cuxo -se é que chegaba a casar- xa que el o collera pola palabra como a un home⁵⁰⁸. Panurgo fíxolle bulra ríndose del, e despois berrou dicindo:

-Prouguera a Deus que aquí, sen irmos máis adiante, tivera eu a palabra da divina Botella!

⁵⁰⁶ No Apocalipse, Gog e Magog simbolizan os poderes terrestres que se enfrentan no derradeiro combate co pobo de Deus.

⁵⁰⁷ Na *Farsa do avogado Patelín*, o comerciante, Guillaume Josseaulme, véndelle ao avogado Patelín unha peza de pano moi cara, deixándolla fiada. Despois arrepentírase, pois o avogado –que lle dera a súa palabra de lle pagar- non o fará.

⁵⁰⁸ Un aforismo de Dereito dicía: " As palabras atan os homes, as cordas os cornos dos touros".

CAPÍTULO 57

COMO PANTAGRUEL DESCEU Á MORADA DE MICER⁵⁰⁹ GÁSTER, PRIMEIRO MESTRE EN ARTES DO MUNDO

Naquel día, Pantagruel desceu nunha illa admirábel entre as outras todas, tanto a causa da súa configuración como do seu gobernador. A súa base era por todos os lados escabrosa, pedrosa, montuosa, infértil, desagradábel á vista, moi difícil para os pés e pouco menos inaccesíbel que o monte do Delfinado chamado dese xeito⁵¹⁰ por ter forma de cogumelo e non haber lembranza de que ninguén puidera ter subido a el non sendo Doyac, conductor da artillaría do rei Carlos VIII, que con enxeños milagrosos deu ascendido e atopou enriba un carneiro vello⁵¹¹. Vai adiviñar quen alí o levará! Algúns dixeron que sendo añiño novo fora levado por algunha águia ou bufo gran duque, e que se salvara entre a matogueira.

Remontando a dificultade da entrada, a poder de moito traballo e non sen suar, atopamos a parte de enriba do monte tan agradábel, tan fértil, tan salubre e deliciosa, que eu pensaba que fose o paraíso terrenal, pola situación do cal tanto discuten e laboran os bos teólogos⁵¹². Mais Pantagruel afirmábanos que era a morada de *Areté* (é dicir, Virtude) descrita por Hesíodo, sen prexuízo, con todo, de mellor opinión.

O gobernador desa illa era micer Gáster, primeiro mestre en artes deste mundo. Se coidades que o lume é o gran mestre das artes, como escribe Cicerón⁵¹³, enganádesvos e estades no erro porque Cicerón non o creu nunca. Se coidades que Mercurio foi o primeiro inventor das artes, como no pasado coidaban os nosos antigos druídas, marrades grandemente. É certa a sentenza do satírico⁵¹⁴ que di ser micer Gáster o mestre de todas as artes.

Con el residía en boa paz a bondadosa dama Penia⁵¹⁵, outramente chamada Laceira, nai das nove Musas, da que antigamente, en compañía de Poros, nos naceu Amor, o nobre meniño mediador do Ceo e a Terra, como testemuña Platón no *Symposio*

⁵⁰⁹ Empregamos o título honorífico *micér* (ao que aludimos xa na nota 47), propio da área lingüístico-cultural catalana, para traducir o termo *messere* que emprega o autor pois os dous termos proceden do italiano. Rabelais, podendo utilizar o francés *messire*, prefíre a forma máis ligada á área provenzal, á que el estivo vencellado pola súa estadía en Montpellier.

⁵¹⁰ O monte Aiguille, no macizo do Vercors, era coñecido como *a montaña inaccesíbel*.

⁵¹¹ Non foi Doyac -enxeñeiro que logrou facer franquear os Alpes á artillaría francesa- senón o capitán Antoine de Ville, e o que atopou foi un rebaño de gamuzas.

⁵¹² Algúns teólogos sostíñan que o paraíso existía nalgues na Terra e, baseándose nunha frase da Biblia, discutían pola súa ubicación.

⁵¹³ Cicerón o que fixo foi simplemente citar a opinión de Heráclito.

⁵¹⁴ O escritor latino Persio, autor de sátiras.

⁵¹⁵ Penia era a divindade que personificaba a pobreza, Poros a abundancia.

A este cabaleiroso rei, por forza tivemos que lle facer reverencia, xurar obediencia e render honores. Porque é imperativo, rigoroso, rotundo, duro, difícil e inflexibel. A el non se lle pode facer crer nada, facerlle reparar en nada, persuadilo de nada: non ouve miga. E, como os exipcios dicían que Harpócrates, deus do silencio (chamado en grego Sigalión), era *astomé*, é dicir sen boca, así Gáster foi creado sen orellas, igual que en Candía a efixie de Xúpiter non tiña orellas. Non fala máis que por señas. Pero ás súas señas todo o mundo obedece máis decontadiño que aos edictos dos pretores e os mandatos dos reis. Non admite retraso ningún nin demora ningunha ás súas ordes sumarias. Vós dicides que perante o ruxido do león se estremecen os animais todos do arredor, a saber, tan lonxe como a voz daquel pode ser ouvida. Está escrito. É certo. Eu vino. Pois eu certificovos que ao mandato de micer Gáster todo o ceo treme, toda a terra abala. O seu mandato está expresado: cómpre facelo sen retraso ou morrer.

O piloto contábanos como un día, seguindo o exemplo dos membros que conspiraron contra do Ventre, tal e como describe Esopo, todo o reino dos sómatos⁵¹⁶ conspirou contra del e conxurou para substraerse da súa obediencia. Pero moi axiña se resentiu, se arrepeniu e volveu ao seu servizo con toda humildade. Outramente perecían todos de fame negra.

En calquera compañía que el estea non hai que discutir a superioridade e preferencia: sempre el vai diante, fosen reis, emperadores e mesmo o papa. E no concilio de Basilea el pasou o primeiro, aínda que vos digan que o devandito concilio foi tumultuoso a causa das contendas e ambicións polos primeiros lugares⁵¹⁷.

Para o servir todo o mundo anda enleado, todo o mundo traballa. E mais tamén el, como recompensa, faille ao mundo o beneficio de inventar as artes todas, as máquinas todas, os oficios todos, os enxeños e sutilezas todos. Mesmo aos animais brutos lles aprende artes negadas pola Natureza. Os corvos, os gaios, os papagaios, e os estorniños volve el poetas -e as pegas poetisas- e lles aprende a proferir, falar e cantar a linguaxe humana. E todo pola tripa!

As águas, xerifaltes, falcóns, lagarteiros, miñatos, azores, gaviáns e buxarelos -paxaros esguiros, errantes, revoadores, rapiñeiros e salvaxes- el domestica e amansa de tal xeito que, abandonándoos en plena liberdade do ceo cando lle parece ben, tan alto como el queira, tanto tempo como lle praza, mantenos suspendidos, vagando, voando, planeando, facéndolle as beiras e cortexándoo por riba das nubes; e logo, de súpeto, fainos guindarse dende o ceo á terra. E todo pola tripa!

Os elefantes, os leóns, os rinocerontes, os osos, os cabalos e os cans el fai danzar, bailar, viravoltar, combater, nadar, agacharse, traer o que el quere, coller o que el quere. E todo pola tripa!

Os peixes, tanto de mar como de auga doce, baleas e monstros mariños, fai el saír do abismo fondo, bota os lobos fóra dos bosques, os osos fóra dos penedos, os raposos fóra dos tobos e as serpes lanza fóra da terra. E todo pola tripa!

Resumindo, é tan desmesurado que na súa rabia come a todos, animais e xentes, como se viu entre os vascóns cando Quinto Metelo estaba a asedialos durante as guerras sertorianas, entre os saguntinos asediados por Aníbal, entre os xudeus asediados polos romanos, e noutros seiscentos casos. E todo pola tripa!

⁵¹⁶ A Breve Declaración explica: "corpos, membros". Do grego *soma*, *sómatos*.

⁵¹⁷ O concilio de Basilea (1431-49), que depuxo o pontífice Euxenio IV e elixiu o antipapa Félix V, simboliza para os galicanos a resistencia ao poder papal.

Cando Penia, a súa rexenta, se pon en camiño, a calquera parte que ela vaia, todos os tribunais fican choídos, todos os edictos mudos, todas as ordenanzas inútiles. A ningunha lei está suxeita, de todas está exenta. Cada quen fuxe dela en todos os lugares, expóndose antes aos naufraxios do mar, escollendo antes atravesar lume, montes e furnas que ser atrapados por ela.

CAPÍTULO 58

CÓMO NA CORTE DO MESTRE DO ENXEÑO, PANTAGRUEL DETESTOU OS ENGASTRÍMITOS E OS GASTRÓLATRAS

Na corte deste gran mestre do enxeño, Pantagrueu dexergou dúas castes de persoas, servidores importunos e oficiosos de máis, os que tivo en gran aborrecemento. Os uns eran chamados engastrímitos, os outros gastrólatras⁵¹⁸.

Os engastrímitos diciáanse descendentes da antiga raza de Euricles⁵¹⁹, e sobre iso alegaban o testemuño de Aristófanes na comedia titulada *Os tabáns ou moscas avespas*. Polo que antigamente eran chamados Euricliáns, como escribe Platón, e mais Plutarco no libro *O cese dos oráculos*. Nos santos Decretos⁵²⁰ (26, *quaestio* 3), son chamados ventrílocuos, e así os denomina en lingua xónica Hipócrates (libro 5 das *Epidemias*) como xente que fala co ventre. Sófocles chámalos *Sternomantes*⁵²¹. Eran adiviñadores, encantadores e enganadores do pobo sinxelo que aparentaban falar e responderlles co ventre e non coa boca aos que lles preguntaban.

Tal era, arredor do ano 1513 do noso bendito Valedor, Xacoba Rodogine, italiana, muller de casa baixa⁵²². Do ventre dela temos ouvido moitas veces -e tamén o teñen ouvido infinitas xentes de Ferrara e outros lugares- a voz do espírito inmundo, de certo que baixa, feble e pequena, mais con todo ben articulada, clara e intelixíbel, cando, pola curiosidade dos ricos señores e príncipes da Galia Cisalpina⁵²³, ela era chamada. Eles, para tiraren toda dúbida de ficción e de fraude oculta, facíana porse enteiramente núa e facíanlle pechar a boca e o nariz. Este espírito maligno facíase chamar *Crechudo* ou *Cincinnátulo*⁵²⁴ e semellaba que lle apracía que o denominasen así. Cando o chamaban por este nome, respondía ao socato ás falas. Se lle preguntaban por casos presentes ou pasados, respondía pertinentemente sobre eles ata provocar a admiración do auditorio. Se por cousas futuras, mentía sempre, endexamáis dicía a verdade sobre elas. E moitas veces semellaba confesar a súa ignorancia, en lugar de responder, botando un gran peido ou moumeando algunhas palabras non intelixíbeis e de bárbara terminación.

Os gastrólatras, por outro lado, mantiñáanse arrechegados en grupos e bandas, algúns alegres, xeitosos e delicados, outros tristes, graves, severos e roñóns, e todos eles ociosos, sen faceren nada, sen traballaren miga, peso e carga inútil da terra, como dí Hesíodo⁵²⁵, temerosos (polo que se podía xulgar) de ofenderen o Ventre e de o adalgazaren. Polo demais, enmascarados, disfrazados e vestidos de maneira tan estraña que era un bonito espectáculo.

⁵¹⁸ Denominacións formadas a partir do grego; serían "os que falan co ventre" e mais "os adoradores do ventre".

⁵¹⁹ Adiviño ateniense que profetizaba falando co ventre.

⁵²⁰ Este é o Decreto de Graciano, non as Decretais.

⁵²¹ "Que adiviñan polo peito", explica a Breve Declaración.

⁵²² Rabelais toma esta historia, como outros puntos deste capítulo, do escritor italiano -tamén do século XVI- Celio Rodogino.

⁵²³ Repárese na denominación, que apoia a pretensión francesa ao dominio de Italia.

⁵²⁴ Denominación latina ("aquele que esta cuberto de pelo rizado") que Rabelais toma de Celio Rodogino, equivalente á de *Crechudo* que é aportada por el.

⁵²⁵ Non é Hesíodo o que di iso senón Homero.

Vós dicides, e está escrito por moitos sabios e antigos filósofos, que a industria⁵²⁶ da Natureza aparece maravillosamente na folganza que semella ter tomado ao formar as cunchas do mar, pois que tanta variedade se ve nelas, tantas figuras, tantas cores, tantos trazos e formas inimitabeis pola arte. Asegúrovos que no vestir destes gastrólatras que meten a cabeza na súa cuncha⁵²⁷ non vimos menor diversidade e disfraz. Todos eles tiñan a micer Gáster polo seu gran deus, adorábano como deus, facíanlle sacrificios como ao seu deus omnipotente, non recoñecían outro deus ca el, servíano, amábano máis ca todas as cousas, honrábano como seu deus. Vós teriades dito que mesmamente deles escribira o Santo Enviado (*Filipenses*, 3): "Hai moitos, dos que xa vos teño falado con frecuencia (e aínda arestora volo digo con bágoas nos ollos), inimigos da cruz de Cristo, dos que a morte será a súa consumación, dos que o Ventre é o deus".

Pantagruel comparábaos co cíclope Polifemo, que Eurípides fai falar como segue:

"Eu non ofrezco sacrificios senón a min (ningún aos deuses) e mais a este meu ventre, o máis grande de todos os deuses."

⁵²⁶ Naturalmente, a palabra *industria* ten o significado desa época ("enxeño").

⁵²⁷ Alusión á caperucha dos frades ou ao chapeu dos doutores, os teólogos.

CAPÍTULO 59

DA RIDÍCULA ESTATUA CHAMADA MANDUCO, E COMO E QUE COUSAS OFRECEN EN SACRIFICIO OS GASTRÓLATRAS AO SEU DEUS VENTRIPOTENTE

Estando nós a considerar, todos asombrados, a expresión e os acenos destes apoltronados gargantóns gastrólatras, ouvimos un sobranceiro son de campá, co que todos se aliñaron como para a batalla, cada quen pola súa función, grao e antigüidade. Así avanzaron cara a micer Gáster, seguindo a un mozo graxento e bandullán que enriba dunha longa vara ben dourada levaba unha estatuíña de madeira, mal tallada e pintada toscamente, tal e como a describen Plauto, Xuvenal e Pomponio Festo. En Lyon, polo entroido, chámanlle *Papacodias*, e eles dábanlle o nome de *Manduco*. Era unha figura monstruosa, ridícula, noxenta e aterradora para os rapaciños, cos ollos máis grandes que a barriga e a testa máis grosa que o resto do corpo todo, con amplas, voluminosas e horríbeis queixadas cheas de dentes, tanto enriba como embaixo, que, a poder dunha cordiña agachada no interior da vara dourada, facían bater unha contra outra chascando terriblemente, como en Metz fan co dragón de San Clemente.

En se achegando os gastrólatras, vin que ían seguidos por un gran número de gordos criados carregados de cestos, gueipos, foles, potes, saquitos e cazolas. Entón, conducidos por Manduco, cantando non sei que ditirambos, crepalócomos e epeinos⁵²⁸ ofrecíanlle ao seu deus, abrindo as súas cestas e cazolas⁵²⁹:

Hipocrás branco, coa tenriña torrada seca,
Pan albeiro,
Molete
Pan burgué,
Rosca,
Carbonadas de seis clases,
Cabritadas,
Lombos de vitela asada fríos, salpicados con pó de xenxibre,
Cuscús,
Coradas,
Guisos, nove especies,
Pastelóns de entrantes
Grasas sopas de prima⁵³⁰,
Sopas de lebre,
Sopas lionesas,
Repolos con cana de vaca,
Caldeiradas,

⁵²⁸ A Breve Declaración explica que os ditirambos, crepalócomos e epeinos son "cancións de borrachos en honor a Baco".

⁵²⁹ Non todos os nomes de alimentos, de receitas ou de animais da longa (e por veces heteroxénea) lista que Rabelais elabora foron identificados de xeito seguro. Así, por exemplo, o *pan burgué* podería ser pan de cidade (en principio de calidade inferior que o "da aldea"), a sopa *de lebre* podería ser unha sopa de pan, e *á real* (dos *anacos de boi*) podería ser unha receita.

⁵³⁰ As *sopas de prima* (a base de pan e queixo) tomábanse nos mosteiro á mañanciña.

Picarachas,

Beberaxe eterna polo medio, precedendo o bo e gorenteiro viño branco, seguindo o viño clarete e vermello fresco, quero dicir frío como o xelo, servido e ofrecido en grandes tazas de prata.

Despois ofrecían:

Androllas caparazonadas con mostarda fina,
Salchichas,
Linguas de vaca afumadas,
Salgaduras,
Soás con chícharos,
Estufados,
Botelos,
Chanfainas
Salchichóns,
Xamóns,
Cabezas de xabarín,
Caza salgada con nabos,
Tiras de fígado,
Olivas en salmoira,

Todo asociado con beberaxe sempiterna.

Despois enforaban pola gorxa:

Pás en allada,
Pastel en salsa quente,
Costeletas de porco encebouladas,
Capóns asados co seu pinga,
Pitos de ceba,
Mergos,
Cabritos,
Cáparos, Gamos,
Lebres, Lebrachos,
Perdices, Perdigueros,
Faisáns, Faisanciños,
Pavos, Paviños
Cegoñas, Cegoñiños.
Arceas, Arceolos,
Escribidores,
Galos, galiñas e polos de Indias,
Torcazas, Pombiños
Ranchos en mosto,
Parrulos en salsa branca,
Merlos, Rascóns,
Pitas da auga,
Alavancos,

Garzotes,
Cercetas,
Mergullóns,
Abetouros, Colledeiras,
Mazaricos,
Galiñolas,
Fochas con allos porros,
Paporrubios, Cabuxos,
Espiñazos de carneiro con alcaparras,
Anacos de boi á real,
Peitos de vitela,
Polas fervidas e capóns gordos en branco manxar⁵³¹
Galiñas do río,
Polos,
Coellos, Láparos,
Paspallases, Paspalletes,
Pombas, Pichóns,
Garzas, Garcetes,
Avetardas, Betardiñas,
Papuxas,
Pintadas,
Píllaras,
Gansos, Parrulos,
Tordos,
Patiños bravos,
Malvises,
Flamengos, Cisnes,
Cullereiros,
Aguanetas pequenas, Grous,
Biluricos
Zarrapicos,
Francolíns,
Rolas,
Cazapos,
Porco-espiños,
Piadeiras,

Viñada a oito polo medio.
E logo grandes

Pastelóns de caza,
De Cotovías,
De Leiróns,
De Veado,
De Cervato,

⁵³¹ O *branco manxar*, salsa a base de leite, azúcar a fariña de arroz,, acompaña a carne branca de ave.

De Pombas,
 De Gamuza,
 De Capóns,
 Pastelóns de torresmos,
 Pezuños de porco en baña
 Costradas,
 Zancos de Capón,
 Queixos,
 Pexegos de corbella⁵³²,
 Alcachofas,
 Pasteis de masa en folla,
 Cardos,
 Tiras de doce,
 Chulas,
 Tortas de dezaseis maneiras.
 Favos de mel⁵³³. Filloas.
 Doce de marmelo
 Leite callado,
 Claras a punto de neve,
 Mirobálanos⁵³⁴ confeitados,
 Xalea,
 Hipocrás tinto e vermello,
 Peperetes, Mazapáns,
 Tartas, vinte clases,
 Crema,
 Confeitados e marmeladas, setenta e oito tipos,
 Caramelos, cen cores,
 Leite mazado,
 Bolos con azucre fino,

Ao rabo ía a viñada, por medo ás esquinencias⁵³⁵.
Item torradas.

⁵³² A *corbella* é o cestiño no que se presenta a froita ou o pan na mesa.

⁵³³ É o que en Francia e Bélxica se coñece como *gaufre*.

⁵³⁴ Frutos de distintas plantas orixinarias da India ou de Exipto.

⁵³⁵ Inflamación das anxinas ou amigdalite. A palabra, que é a que emprega Rabelais, aínda se conserva en galego.

CAPÍTULO 6o

QUÉ SACRIFICIOS LLE OFRECEN OS GASTRÓLATRAS AO SEU DEUS NOS DÍAS SOLTOS DE VIXILIA

Vendo Pantagruel esta gandallada de sacrificadores e a multiplicidade dos seus sacrificios, alporizouse, e tería marchado se Epistemón non lle rogase ver o final desta farsa.

- E qué sacrifican estes loubáns ao seu deus ventripotente nos días soltos de vixilia? - preguntou el.

- Vóuvolo dicir -respondeu o piloto- Como entrante de mesa ofrécenlle⁵³⁶:

Caviar,
Botargas,
Manteiga fresca,
Puré de ervillas,
Espinacas,
Arengues brancos abalofados,
Arengues afumados,
Sardiñas,
Bocareus,
Bonitos en salmoira,
Caules amb olif⁵³⁷,
Fabas rustidas,
Cen variedades de ensaladas: de agrión, de lúpulo, de collón de bispo,⁵³⁸ de raponcios, de orellas de Xudas (é unha caste de fungos que medra nos sabugueiros vellos), de espárragos, de cabrinfolla, e tantas outras,
Salmóns salgados,
Eiroas salgadas,
Ostras en cuncha,

Aí cómpre beber, ou levábate o demo. Mais eles dan avío e non falta. Logo ofrécenlle:

Lampreas en salsa de hipocrás,

⁵³⁶ Esta abondosa lista de alimentos de vixilia está constituída fundamentalmente por peixes, crustáceos e moluscos. Algúns deles son de difícil tradución ben por seren característicos de zonas afastadas de nós (peixes dalgúns lagos da Saboia ou de Italia, por exemplo), ben por teren denominacións dialectais ou de difícil identificación, ou mesmo por apareceren únicamente na obra de Rabelais. Nos casos extremos adoptamos denominacións doutros peixes usadas en galego. As denominacións repetidas só con lixeiras variantes (como *mexillón* e *mixilón*,) encóntranse xa no orixinal.

⁵³⁷ Son, en provenzal, as "verzas con aceite" que xa apareceron no capítulo 32.

⁵³⁸ A denominación orixinal *couille d'evesque* ("collón" ou "carallo de bispo") identifícanos algúns especialistas como unha variedade de agrión, en canto que outros non están de acordo e pensan que se trata dunha creación rabelesí chea de retrans. De todos xeitos, denominacións máis ou menos semellantes existen en francés e noutras linguas. En galego temos unha orquidácea coñecida como *collón de can*, unha variedade de uva branca coñecida como *collón de gato*, un fatón coñecido como *collón do cura* e un peixe denominado *collón de rei*.

Barbos,
Barbadas,
Muxos,
Múxeles,
Raías,
Chocos,
Esturións,
Baleas,
Xardas,
Sabenlas
Sollas,
Ostras fritidas,
Zamburiñas,
Langostas,
Reos,
Escachos,
Troitas,
Fanchocas,
Fanecas,
Polbos,
Linguados,
Patruzas,
Corvinas,
Buraces,
Gobios,
Coruxos,
Lambercas,
Carpas,
Lucios,
Bizas,
Melgachos,
Ourizos,
Vellos,
Ortigas,
Cravudos,
Reis,
Emperadores,
Anxos,
Lampuxas,
Lorchos,
Lorchas,
Panchos,
Panchas,
Salmóns
Anduriños,
Golfiños,
Toniñas,

Rodaballos,
Ferreiros,
Lirpas,
Areeiros,
Mexillóns,
Lubrigantes,
Camaróns,
Escalos,
Bogas,
Tencas,
Zancados,
Bacallaos frescos,
Xibas,
Espiñentos,
Atúns,
Cadoces,
Cabezudos,
Cangrexos,
Ameixas
Cereixos,
Sete buratos,
Congros
Arroaces,
Robalizas
Sabogas,
Moreas
Pardellas,
Biscardos,
Anguías
Meixóns
Tortugas
Cobras, é dicir agullas bravas,
Douradas
Galiñas,
Percas,
Escamudos,
Carpíns,
Pateiros,
Cornachas,
Rás,

Devoradas estas viandas, se non bebía, a morte agardábao a dous pasos. Mais fornecíanlle axeitadamente. Logo sacrificábanlle:

Bacallaos salgados,
Lirios,

Ovos fritos, perdidos, afogados, estufados, arrastrados polas cinzas, botados pola cheminea, esborrachados, agres⁵³⁹, etc

Mixilóns,

Raións,

Curbelos,

Lucios escabechados,

e para cociñalos e dixerilos doadamente multiplicaban a viñada. Contra o final, ofrecíanlle:

Arroz,

Paínzo,

Afreitas,

Manteiga de améndoas,

Manteiga a punto de neve,

Pistachos,

Físticos⁵⁴⁰,

Figos,

Uvas,

Charouvías,

Papas millas,

Papas trigas,

Ameixas pasas,

Dátiles,

Noces,

Avelás,

Cenorias,

Alcachofras,

e perenne abrevamento polo medio.

Podédesme crer que non foi cousa deles se este Gaster, seu deus, non estivo adecuadamente, ricamente e en abundancia servido nestes sacrificios, mellor -de certo- que o ídolo de Heliogábalo, e mesmo mellor que o ídolo Bel en Babilonia baixo o rei Baltasar. Malia iso, Gaster confesaba non ser deus, senón pobre, vil e cativa criatura. E como o rei Antígono -o primeiro dese nome- respondeu a un tal Hermodoto (que nas súas poesías lle chamaba deus e fillo do Sol) dicindo: " O meu lasanóforo⁵⁴¹ négao" (o lasano era un cacho e penico axeitado para recibir os excrementos do ventre), así Gáster enviaba estes caroqueiros a ver a súa sela furada e a consideraren, filosofaren e enxergaren qué divinidad daban atopado na súa materia fecal.

⁵³⁹ Son, probabelmente, denominacións de distintas maneiras de preparar os ovos (fritos, grellados, cocidos ou fritos no vapor, cocidos nas brasas, revoltos, condimentados con vinagre, etc.)

⁵⁴⁰ Outra denominación dos pistachos, tirada do latín e usada polos boticarios.

⁵⁴¹ Palabra formada a partir do grego que denominaría o "porta-lasano" é dicir o oficial encargado do *lasano*.

CAPÍTULO 61

COMO GASTER INVENTOU OS MEDIOS DE TER E DE CONSERVAR O GRAN

Retirados estes diaños dos gastrólatras, Pantagrueu prestou atención ao aplicamento de Gáster, o nobre mestre das artes. Vós sabedes que por institución da Natureza foille adxudicado como provisión e alimento o pan, co seu compango, xunto coa benzón do ceo de que para atopar e gardar o pan nada lle había faltar⁵⁴².

Dende o comezo el inventou a arte fabril⁵⁴³ e a agricultura para cultivar a terra a fin de que producira gran. El inventou a arte militar e armas para defender o gran; a Medicina e a Astroloxía, coas Matemáticas necesarias, para gardar o gran a salvo durante moitos séculos e arredar as calamidades do aire, o derramo dos animais salvaxes e ladroízo dos rapiñeiros. El inventou os muíños de auga, de vento, de brazo e outros mil trebellos para moer o gran e reduci-lo a fariña, o formento para facer levedar a masa; o sal para lle dar sabor (pois decatouse de que ningunha cousa no mundo volvía aos humanos máis suxeitos ás enfermidades do que usaren pan sen levedar e sen salgar); o lume para cocelo, os reloxios e cadrantes para coñecer o tempo de cocción do pan, criatura do gran.

Aconteceu faltar o gran nun país: daquela el inventou a arte e maneira de o levar dunha bisbarra a outra. El, con gran invención, mesturou dúas especies de animais, asnos e éguas, para producir unha terceira, que chamamos mulos, bestas máis potentes, menos delicadas, máis duradeiras no labor que as outras. El inventou carros e carretos para o transportar máis doadamente. Se o mar ou os ríos impediron o carrexo, el inventou barcos, galeras e navíos (cousa que deixou pampos aos elementos) para navegar alén do mar e alén dos ríos e levar e transportar gran ás nacións estranxeiras, descoñecidas e moi afastadas.

Aconteceu despois certos anos que, ao cultivar a terra, non houbo chuvia a xeito no seu tempo, e o gran por falta dela ficaba na terra morto e perdido. Certos anos a chuvia foi excesiva e afogaba o gran. Outros, a saravia derramábao, os ventos desgranábano, a tempestade envirábao. El, xa antes da nosa chegada, inventara a arte e maneira de convocar a chuvia dos ceos, só con cortar unha herba, común nos prados mais coñecida por pouca xente, que el nos amosou. Eu supuña que fose aquela que, antigamente, en botando o pontífice xovial⁵⁴⁴ só unha ramiña dela na fonte Agria que está enriba do monte Licio, na Arcadia, no tempo da seca excitaba os vapores, dos vapores formábanse grosas nubes e, ao se disolveren estas en chuvia, regaban toda a rexión a pracer. Inventou a arte e maneira de suspender e deter a chuvia no aire e facela caír no mar. Inventou a arte e maneira de anular a sarabia, suprimir os ventos, e desviar a tempestade segundo a forma que usaban os metanenses de Trezenia⁵⁴⁵.

⁵⁴² Afirmación irónica, pois a tal benzón é a coñecida maldición bíblica "Gañarás o pan coa suor da túa fronte". O que non ha faltar, logo, para atopar e gardar o pan, son os traballos.

⁵⁴³ Da fabricación de ferramentas, útiles de ferro.

⁵⁴⁴ O sacerdote de Xúpiter.

⁵⁴⁵ Segundo Nicolás Leónico, compilador renacentista que lle serve de fonte a Rabelais neste capítulo, os habitantes desta vila da Argólida enterraban un galo branco despois de o teren paseado partido en dúas metades polas súas viñas.

Aconteceu outro infortunio. Os rapiñantes e os bandidos roubaban o pan e o gran no campo. Daquela el inventou a arte de construír vilas, fortalezas e castelos para encerralo e conservalo en seguranza. Aconteceu que, non atopando pan no campo, comprendeu que estaba encerrado dentro das vilas, fortalezas e castelos, e máis coidadosamente defendido e gardado polos habitantes do que non foron as mazáns de ouro das Hespérides. Daquela el inventou a arte e maneira de abater e demoler fortalezas e castelos con máquinas e tormentos bélicos⁵⁴⁶, carneiros, balistas e catapultas, das que nos mostrou o deseño, bastante mal comprendido polos enxeñeiros arquitectos discípulos de Vitrubio como nos confesou micer Philibert de l'Orme, gran arquitecto do rei Mexisto⁵⁴⁷. E cando aquelas non deron resultado, ao se interpor a maligna subtilidade e subtil malignidade dos fortificadores, inventou el recentemente canóns, serpentinas, culebrinas, bombardas e basiliscos⁵⁴⁸ que lanzan bolas de ferro, de chumbo e de bronce, máis pesadas que grosas bigornas, mediante un terrorífico composto de pó ante o que a mesma Natureza quedou pampa e confesouse vencida pola arte, desprezando o uso dos oxídracos, que a poder de raios, trebóns, sarabias, lóstregos e tempestades vencían e facían morrer ao socato os seus inimigos en pleno campo de batalla. Porque máis horríbel, máis espantoso, máis diabólico é, e máis xente macela, rompe, despedaza e mata, máis atorda o sentido dos humanos e máis murallas demole un disparo de basilisco do que non farían cen golpes de raio.

⁵⁴⁶ Calco do latín: "máquinas de guerra".

⁵⁴⁷ Mexisto (do grego "moi grande") é o nome que Rabelais lle dá a Francisco 1º. Philippe Delorme, arquitecto do rei, era familiar do cardeal Du Bellay e coñecera a Rabelais en Italia.

⁵⁴⁸ Diferentes tipos de canóns.

CAPÍTULO 62

COMO GASTER INVENTOU A ARTE E MANEIRA DE NON SER FERIDO NIN TOCADO POLOS CANONAZOS

Aconteceu que Gaster, ao retirar o gran das fortalezas, se viu asaltado polos inimigos, as súas fortalezas demolidas por esta triscacista⁵⁴⁹ e infernal máquina, o seu gran e o seu pan arrebatado e saqueado por forza titánica; entón inventou a arte e maneira non de conservar os seus parapeitos, bastións, murallas e defensas de tais canonadas senón de que as balas non os tocasen e ficasen de sócato paradas no aire, ou, en os tocando, non fixesen estrago nin nas defensas nin nos cidadáns que as defendían.

Xa el solucionara moi ben este inconveniente, e fíxonos a demostración. O sistema utilizouno despois Frontón⁵⁵⁰ e é arestora de uso corrente entre os leceres e exercicios honestos dos telemitas⁵⁵¹. Velaí a demostración, polo que de aquí en diante crede máis doadamente o que Plutarco asegura ter experimentado: se un rebaño de cabras escapase, correndo a todo coso, poñede unha arestiña de erinx⁵⁵² na gorxa dunha das que van atrás e no intre han parar todas.

Dentro dun falconete de bronce el puxo, enriba da pólvora de canón coidadosamente composta, descarregada do seu xofre e con alcanfor fino en competente proporción, unha bola de ferro ben calibrada e vintecatro trinquíños de ferro, uns redondos e esféricos, outros en forma de bágoa. Despois, tendo apuntado contra un seu escudeiro mozo como se lle quixese dar no estómago, a sesenta pasos de distancia, na metade do camiño entre o escudeiro e o falconete en liña recta, pendurou dunha corda, nunha trabe de madeira, unha ben grosa pedra siderita, é dicir ferreira, outramente chamada herculana, antigamente atopada en Ida, no país de Frixia, por un tal Magnes, como asegura Nicandro; nós vulgarmente chamámoslle imán. Despois, puxo lume no falconete pola boca do fogueiro⁵⁵³. Consumida a pólvora, aconteceu que, para evitar a vacuidade (que a Natureza non tolera; ficaría a máquina do universo -ceo, aire, terra e mar- reducida ao antigo caos antes de se producir vacuidade nalgún lugar do mundo), a bola e os trincos saíron lanzados para fóra impetuosamente pola gorxa do falconete a fin de que o aire penetrase na cámara deste, pois outramente entraría en vacuidade ao ser consumida de súpeto a pólvora polo lume. A bola e os trincos, lanzados así violentamente, semellaba que ían acadar o escudeiro, mais no momento de se achegaren á devandita pedra perderon a súa impetuosidade e ficaron todos no aire, flotando e dando voltas de arredor da pedra sen que ningún deles, por moito pulo que levase, dera ultrapasado ata o escudeiro.

⁵⁴⁹ "Tres veces moi má" explica a Breve Declaración.

⁵⁵⁰ Personaxe non identificado.

⁵⁵¹ Os moradores do mosteiro de Telema que Gargantúa manda construír ao remate da guerra picrocolina (cap. 52 a 58 de *Gargantúa*).

⁵⁵² Cardo corredor.

⁵⁵³ Lugar onde se introducía e se puña fogo á pólvora.

E mais inventou a arte e maneira de facer volver atrás as balas, revirándooas contra os inimigos, con igual furia e perigo con que fosen disparadas e co mesmo percorrido. Non atopaba difícil o caso, dado que a herba nomeada *Æthiopsis* abre todas as fechaduras que lle presentan, e que o peixe chamado Echeneis⁵⁵⁴, peixe tan feble, é quen de parar contra todos os ventos, e de reter en plena turboada, os máis fortes navíos que se atopen no mar, e que a carne deste peixe, conservada en sal, atrae o ouro para fóra dos pozos, por moi profundos que estes puidesen resultar para a sonda.

Dado que Demócrito escribe -e Teofrasto creuno e experimentouno- que existe unha herba que con só tocala fai saír fóra unha cuña de ferro afundida moi profundamente e con moita forza nun groso toro de madeira ben cernello; herba utilizada polos picos marzáns⁵⁵⁵ (vós chamádeslles petos verdeais) cando cunha maciza cuña de ferro lles entupen o buraco do seu niño, que eles adoitan enxeñosamente facer e escavar no interior do tronco das árbores fortes;

dado que os cervos e corzas profundamente feridos por disparo de dardos, frechas e farpas, se é que atopan a herba chamada dictamo⁵⁵⁶, frecuente en Candía, comen un pouco dela e ao socato as frechas lles saen fóra, sen lles quedar mal ningún; herba coa que Venus curou o seu benquerido fillo Eneas, ferido na coxa dereita cunha frecha disparada por Iuturna, a irmá de Turno;

dado que con só o cheiro que sae dos loureiros, figueiras e bois mariños é desviado o raio e nunca os acada⁵⁵⁷;

dado que coa simple ollada dun carneiro, os elefantes rabiosos recuperan o bo sentido; os touros furiosos e entolecidos en se achegando ás figueiras bravas, chamadas cabrafigos, amánsanse e fican como entalados e inmóbiles; a furia das víboras finda ao tocalas un ramallo de faia;

dado tamén que na illa de Samos, antes de que o templo de Xuno fose construído nela, Euforio escribe ter visto animais chamados néadas perante a voz dos cais a terra se afundía en cásmatas⁵⁵⁸ e en abismos;

dado igualmente que o sabugueiro medra máis canoro e máis apto para a música das flautas nos países onde o canto dos galos non fora ouvido, así como escribiron os antigos sabios, segundo a relación de Teofrasto, como se o canto dos galos atoutelase, amolecese e atrouxase a materia e o pau do sabugo; que igualmente en ouvindo ese canto, o león, animal de tan gran forza e constancia, se atordoa e consterna todo.

Eu sei que outros teñen comprendido este dito do sabugueiro bravo procedente de lugares tan afastados das vilas e aldeas que o canto dos galos non se daría ouvido neles. Sen dúbida, para flautas e outros instrumentos de música debe ser escollido e preferido aquel ao doméstico, que procede dos arredores das choupanas e casarellas.

⁵⁵⁴ Aínda que este peixe non é propiamente a rémora senón unha especie próxima, parece que é a aquela a quen se refiren os antigos (Plutarco, Plinio...) e mais Rabelais, que se inspira neles.

⁵⁵⁵ É o *picus viridis*, que os Romanos chamaban *picus Martius* por estar consagrado ao deus Marte.

⁵⁵⁶ É o *origanum creticum*.

⁵⁵⁷ O boi mariño é a foca. Segundo Suetonio e Plinio, Augusto vestía sempre unha pel de foca e Tiberio unha coroa de loureiro para se protexeren do raio.

⁵⁵⁸ Palabra formada a partir do grego χάσματα 'foxo'.

Outros entendérono dun xeito máis elevado, non ao pé da letra senón alegóricamente segundo o uso dos pitagóricos. Como, cando se dixo que a estatua de Mercurio non debe ser feita de calquera madeira indiferentemente, explican eles que Deus non debe ser adorado de maneira vulgar, senón de maneira escolleita e relixiosa.

Igualmente con este dito apréndennos que a xente sabia e estudiosa non debe adicarse á música trivial e vulgar, senón á celestial, divina, anxélica, máis escondida e traída de máis lonxe, a saber, dunha rexión na que non se ouve o canto dos galos. Porque así, querendo denotar un lugar arredado e pouco frecuentado, dicimos nós que nunca nel se ouviu cantar o galo.

CAPÍTULO 63

COMO, PERTO DA ILLA DE CANEF, PANTAGRUEL SE ADURMIÑO, E OS PROBLEMAS QUE LLE PROPUXERON

No outro día, seguindo a nosa rota en conversa miúda, chegamos á illa de Canef⁵⁵⁹, onde non puido arribar a nave de Pantagruel porque nos faltou o vento e o mar estivo en calma. Non vogabamos senón cos balancíns⁵⁶⁰, cambiando de estribor a babor e de babor a estribor aínda que levabamos engadidas ás velas as bonetas de arrastre⁵⁶¹. E viñamos cavilosos, coa cabeza feita un bombo e as notas máis altas da escala a bater nela, todos amuados e sen nos dicirmos palabra os uns aos outros.

Pantagruel, sostendo un heliodoro grego⁵⁶² na man, durmiñaba enriba dunha colchoneta ao final das escotillas. Tan afeito estaba, que durmía mellor cun libro que cun cabezal.

Epistemón ollaba polo seu astrolabio en que elevación estaba o polo.

Frei Xoán trasladárase á cociña, e no ascendente dos espetos e o horóscopo dos guisos consideraba que hora podía ser.

Panurgo coa lingua metida nunha cana de pantagruelión⁵⁶³ facía borbullas e gorgolexos.

Ximnasta afiaba mondadentes de lentisco.

Ponocrates soñaba soñando, facíase cóchegas para rir e rañaba a cachola cun dedo.

Carpalim, cunha casca de noz ferreña, facía un bonito, feitoño, ledó e harmonioso muíño de vento, con catro taboíñas de pau de ameneiro.

Eustenes movía os dedos enriba dunha culebrina moi longa como se fose un monocorde⁵⁶⁴.

Rizótomo, confeccionaba unha falchoca aveludada coa cuncha dunha tartaruga da bouza⁵⁶⁵.

Xenómano recompuña un farol vello con amallós de falcón paxareiro.

O noso piloto estaba a lles tirar da lingua aos seus mariñeiros, cando frei Xoán, volvendo da cabina, se decatou de que Pantagruel xa acordara. Entón, rompendo ese tan obstinado silencio, en voz ben alta, con gran alegría de espírito, preguntou:

- Maneira de levantar o tempo⁵⁶⁶ cando está en calma?

Panurgo secundou ao dereitiño, preguntando igualmente:

- Remedio contra o amúo?

⁵⁵⁹ En hebreu "hipocresía", segundo explica a Breve Declaración.

⁵⁶⁰ Cabo co que se manteñen horizontais as vergas ou se lles dá a inclinación desexada.

⁵⁶¹ Velas pequenas que se engaden para suplementar as grandes e activar a navegación cando o vento é frouxo.

⁵⁶² Había pouco que se publicara o *Teágenes e Cariclea*, de Heliodoro, e convertérase nun libro moi popular.

⁵⁶³ Ver nota 77.

⁵⁶⁴ Instrumento dunha corda só, tensada sobre unha caixa de resoancia.

⁵⁶⁵ De terra, logo, non do mar.

⁵⁶⁶ A expresión *levantar o tempo* ten actualmente en francés -como en galego- o sentido de "mellorar o tempo, deixar de chover e desaparecer as nubes, saír o sol" pero anteriormente tiña un uso mariñeiro no que esa *mellora* era en concreto comezar a soprar aire nun momento de calma total no que a falta de vento impedía ao barco navegar. Tamén a expresión significaba "beber", daí a ambigüidade da situación que aparecerá no capítulo 65.

Epistemón terciou co corazón ledó, preguntando:

- Maneira de urinar cando a persoa non ten ganas?

Ximnasta, pódose de pé, preguntou:

- Remedio contra o deslumbramento dos ollos?

Ponócrates, despois de refregar un pouquiño a fronte e de sacudir as orellas, preguntou:

- Maneira de non dormir coma un can?

- Agardade! -dixo Pantagruel- Polo decreto dos subtís filósofos peripatéticos ensínasenos que todos os problemas, todas as cuestións, todas as dúbidas que se propoñan deben ser certos, claros e intelixíbel. Que entendedes vós por "dormir coma un can"?

- Dormir en xexún, estando xa o sol no alto, como fan os cans -respondeu Ponócrates.

Rizótomo estaba engruñado no corredor. Entón, erguendo a testa e bocexando profundamente, de xeito que por simpatía natural excitou a todos os seus compañeiros a bocexaren tamén eles, preguntou:

- Remedio contra as oscitacións⁵⁶⁷ e os bocexos?

Xenómano, como iluminado polo farol que estaba a arranxar, preguntou:

- Maneira de equilibrar e igualar o peso da gaita do estómago, de xeito que non pande máis dun lado que do outro?

Carpalim, movendo o seu muiño, preguntou:

- Cantos movementos naturais preceden o momento no que se pode dicir que unha persoa ten fame?

Eustenes, sentindo o ruído, correu enriba da ponte e dende o cabrestante exclamou, preguntando:

- Por que está en maior perigo de morte o home mordido en xexún por unha serpe en xexún que despois de teren eles comido, tanto o home como a serpe? Por que a saliva do home en xexún é venenosa para todas as serpes e animais venenosos?

-Amigos -respondeu Pantagruel- a todas as dúbidas e cuestións propostas por vós correspóndelles unha única solución, e a todos eses síntomas e accidentes unha única medicina. A resposta havos ser prontamente exposta, non con longos ambaxes e discursos de palabras porque bandullo esfameado non ten orellas, non ouve miga. Seredes satisfeitos con señas, xestos e acenos e teredes resolución que vos contente. Como antigamente en Roma Tarquino o orgulloso, derradeiro rei dos romanos (ao dicir isto, Pantagruel tocou a corda da campaiña e frei Xoán correu ao dereitiño para a cociña), respondeu por señas ao seu fillo Sexto Tarquino que estaba na cidade dos gabinos e lle enviara expresamente un home para saber de que xeito podería dominalos totalmente e sometelos á completa obediencia. O devandito rei, desconfiando da fidelidade do mensaxeiro, non lle respondeu cousa ningunha, só o levou ao seu xardín privado e na súa vista e presenza cortou coa súa espada as altas cabezas das papoulas que alí había. Tornando sen resposta o mensaxeiro, e contándolle ao fillo o que vira facer a seu pai, foille doado entender por tais señas que lle aconsellaba cortar as cabezas dos principais da vila para mellor manter no deber e na obediencia total ao restante pobo miúdo.

⁵⁶⁷

Cultismo que traslada o latín *oscitatio* "bocexo".

CAPÍTULO 64

COMO PANTAGRUEL NON RESPONDEU AOS PROBLEMAS PROPOSTOS

Despois preguntou Pantagruel

- Que xente vive nesta belida illa de can⁵⁶⁸?

- Todos son -respondeu Xenómano- hipócritas, hidrópicos, rosarieiros, soinamoinas, santilorios, beatóns e ermitáns. Todos xente pobre que vive (como o ermitán de Lormont⁵⁶⁹, entre Blaye e Bordeaux) das esmolas que lles dan os viaxeiros.

- A fe que aí eu non vou! -dixo Panurgo- Se vou, que o demo me sobre no cú! Ermitáns, santilorios, soinamoinas, beatóns e hipócritas, por todos os díaños, apartáivos de aí! Aínda me lembro dos nosos gordos concilípetas de Chesil⁵⁷⁰! Que Belcebú e Astarot os teñan conciliado con Proserpina, tanta tempestade e tanto inferno nos fixeron eles padecer ao velos! Escoita, fai favor, Xenómano, meu valedoriño, meu capitanciño: estes hipócritas, ermitáns e manteigueiros son virxes ou casados? Hai xénero feminino? Riscaríanlle hipocritamente a marquiña hipócrita?

- Velaí de certo unha pregunta belida e leda! -dixo Pantagruel.

- Si, ho! -respondeu Xenómano- Alí hai belidas e ledas hipocritesas⁵⁷¹, soinamoinesas e ermitanesas, mulleres de moita relixión, e hai abundancia de pequenos hipocritachos, soinamoinachos e ermitanachos...

- Fóra con iso! -dixo frei Xoán interrompindo- De rapaz ermitán, de vello díaño. Apuntade este proverbio auténtico⁵⁷².

- ... Outramente, sen multiplicación da liñaxe, hai moito tempo que a illa de Canef estaría deserta e desolada.

Pantagruel envioulles por Ximnasta na barca a súa esmola: setenta e oito mil bonitos medios escudiños con linterna⁵⁷³. Despois preguntou:

- Que horas son?

- Pasan das nove -respondeu Epistemón.

⁵⁶⁸ Sen dúbida a illa é chamada deste xeito non só por significar 'hipócrita' en hebreu senón por Canef evocar o latín *canis*.

⁵⁶⁹ Personaxe non identificado.

⁵⁷⁰ Ver capítulo 17.

⁵⁷¹ Non existen en galego estes substantivos, que designarían mulleres ou femias de animais, nin os que seguen, que designarían fillos ou crías. Tampouco en francés os que Rabelais emprega no orixinal; el fabrica as palabras con sufixos que teñen aquel valor. Nós utilizamos sufixos galegos equivalentes.

⁵⁷² O verdadeiro refrán dicía "De rapaz anxiño, de vello díaño"; del faise eco -discrepando- Erasmo nun dos seus coloquios. Ao ser falso o refrán, o adxectivo *auténtico* que emprega Rabelais resulta manifestamente irónico, máxime cando o *auténtico* era un certificado da chancelaría papal que aseguraba a autenticidade das reliquias dos santos.

⁵⁷³ Moeda ficticia que Rabelais inventa sobre o modelo dos "escudos con sol". A rexouba refórzase pola ambigüidade do termo *linterna*.

- Boa hora para cear -dixo Pantagruel- Porque se achega a sagrada liña tan celebrada por Aristófanes na súa comedia titulada *As predicantes*⁵⁷⁴ e ela prodúcese cando a sombra é decempedal⁵⁷⁵. Antigamente, entre os persas, a hora de tomaren a refección só estaba prescrita para os reis; os demais todos tiñan como reloxo o apetito e o bandullo. De feito, en Plauto, certo parásito quéixase e ataca furiosamente aos inventores de reloxos e de cadrantes por ser cousa notoria que non hai reloxo máis certo que o bandullo. Dióxenes, preguntado a que hora debe o home alimentarse, respondeu: "O rico cando teña fame, o pobre cando teña con que". Con máis propiedade din os médicos que a hora canónica é:

*Erguerse ás cinco, xantar ás nove,
Cear ás cinco, deitarse ás nove*⁵⁷⁶.

A maxia do célebre rei Petosiris era diferente⁵⁷⁷.

Non rematara esta frase cando os oficiais de boca puxeron as mesas e aparadores, cubríronas con manteis recendentes, pratos, servilletas e saleiros e trouxeron picheis, cántaras, frascas, tazas, copas, píos e canados. Frei Xoán, axudado polos mordomos, pitanceiros, paneteiros, escanzóns, escudeiros trinchadores, copeiros e probadores, servíu catro tremendos pastelóns de xamón, tan grandes que me lembraron os catro bastións de Turín⁵⁷⁸. Santo Deus, moito se bebeu e se trouleou! Inda non tiñan a sobremesa cando o vento Oeste-Noroeste comezou a inchar as velas, panos, mouriscas⁵⁷⁹ e trinquetes. Polo que todos cantaron diversas cánticos en louvanza do Altísimo Deus dos Ceos.

Cando da froita, dixo Pantagruel:

- Reparade, amigos, se as vosas dúbidas non están plenamente resoltas.
- Eu xa non bocexo, grazas a Deus -dixo Rizótomo.
- Eu xa non durmo coma un can -dixo Ponócrates.
- Eu xa non teño os ollos deslumbrados - respondeu Ximnasta.
- Eu xa non estou en xexún -dixo Eustenes- En todo o día de hoxe poderáanse sentir protexidos da miña saliva⁵⁸⁰:

⁵⁷⁴ É *A asemblea das mulleres*.

⁵⁷⁵ Sombra decempedal é "a que cae sobre o décimo punto dun cadrante solar", explica a Breve Declaración.

⁵⁷⁶ Este proverbio popular remataba : *fai vivir anos noventa e nove*.

⁵⁷⁷ Petosiris, gran sacerdote exipcio de Thot, calculaba a lonxevidade partindo dos astros do zodíaco e sostiña que en Italia podía chegarse aos cento vintecatro anos.

⁵⁷⁸ Estes bastións foran construídos entre 1537 e 1542 baixo as ordes de Guillaume du Bellay, a quen Rabelais acompañara na súa misión en Italia e co que permanecera en Turín entre 1540 e 1542.

⁵⁷⁹ Puidera ser a denominación dun tipo de vela.

⁵⁸⁰ Para confeccionar esta longa lista de animais venenosos ou considerados tais, Rabelais utiliza basicamente o *Canon* de Avicena, que se usaba en versión latina nas facultades de Medicina. Tamén utiliza fontes da antigüidade grecolatina (Aristóteles, Hipócrates, Nicandro, Eliano, Plinio, Lucano, etc.) e medievais como Alberto o Magno. Moitos nomes son simples transposicións do árabe e do grego, que ás veces, por erros dos copistas, resultaron alterados. Por ese motivo, algúns permanecen sen ser identificados. Nós limitámonos en xeral -fóra dos casos dos animais que teñen nome coñecido na actualidade- a unha simple transposición, e, de ser necesario, modificamos a orde da lista para conservar a organización alfabética na letra inicial. Nalgúns casos existen animais que levan actualmente o mesmo nome pero que non son aqueles aos que se refire Rabelais. Figuran tamén na lista animais fantásticos coma o dragón, o basilisco, o catoblepas ou a manticora, réptil de corpo de león, rostro de home e rabo de escorpión.

Áspides,
Anfisbenas,
Anerudutas,
Abedesimóns,
Alhartafes,
Amobatas,
Apimaos,
Alhatrabáns,
Aractas,
Asterións,
Alcaratas,
Argas,
Acoros,
Arañas,
Ascalabos,
Atelabos,
Ascalabotes,
Basiliscos,
Boas,
Buprestes,
Bechas,
Crocodilos,
Catoblepas,
Cantáridas,
Cerastas,
Cans doentes,
Colotes,
Cicríodas,
Cafezates,
Cauharas,
Cóbregas,
Cuharsas,
Croniocolaptas,
Cencrinas,
Cocadrices,
Cinchas,
Dípsadas,
Domesas,
Drínadas,
Donosiñas íctidas,
Dragóns,
Elopes,
Enhídridas,
Escítalas,
Estelións,
Escorpenas,

Escorpións,
Escalavotíns,
Escincos,
Estufos,
Escolopendras,
Fanuisas,
Falanxios,
Galeotes,
Harmenas,
Handóns,
Hemorroides,
Iáculos
Iarrarías,
Ilicinas,
Icneumóns
Kesuduras,
Lebres mariñas,
Lagartos calcídicos,
Míopes,
Manticoras,
Moluros,
Miagros,
Musarañas,
Miliares,
Megalaunos,
Ptíadas,
Pórfiros,
Pareas,
Penfredóns,
Pitiocampos,
Pinchorras,
Quelhidras,
Quersidras,
Rutelas,
Rimorios,
Raguións,
Ragáns,
Sanguesugas
Salamandras,
Selsires,
Solófugas,
Sapos,
Sálfugas,
Solífugos,
Sepes,
Sabtinos,
Sepedóns,

Tarántulas,
Tírflopes,
Tetragnacias,
Teristais,
Víboras.

CAPÍTULO 65

COMO PANTAGRUEL FAI LEVANTAR O TEMPO COS SEUS DOMÉSTICOS

- En que categoría de animais venenosos incluídes a futura muller de Panurgo? -preguntou frei Xoán.

- Seica falas mal das mulleres, frade emperiquitado do cú pelado? -responden Panurgo.

- Polo boche cenománico!⁵⁸¹-dixo Epistemón- Escribe Eurípides, e pronúnciao Andrómaca, que contra todos os animais venenosos a inventiva dos homes e a instrución de Deus atopou benéfico remedio. Mais ata o de agora non se atopou remedio contra a mala muller.

- Ese bonitiño de Eurípides sempre falaricou contra as mulleres -dixo Panurgo- Tamén por vinganza divina rematou comesto polos cans, como expón Aristófanes⁵⁸². Sigamos. O que teña trunfos, que fale⁵⁸³.

- Agora hei urinar tanto como se queira -dixo Epistemón.

- Neste momento teño o estómago equilibradiño de a feito -dixo Xenómano- Xa non vai pandar máis dun lado ca do outro.

- Non preciso pan nin viño -dixo Carpalim- Non estou sedento nin esfameadiño.

- Xa non estou amuado -dixo Panurgo- Grazas a Deus e a vós. Estou gaio coma un papagaio, alegre coma unha corneta, ledado coma unha bolboreta. De certo, está escrito polo voso bonito Eurípides, e dío Sileno, memorábel bebedor:

*Toliño está e de siso non goza
aquele que en bebendo non se alboroza*

Sen falta debemos louvar cumpridamente ao bon Deus, noso Creador, Salvador e Conservador, que por medio deste bon pan, deste bon e fresco viño e destas boas viandas, cúranos de tais perturbacións, tanto do corpo como da alma, ademais do pracer e o deleite que sentimos ao comer e beber. Mais non respondedes á pregunta deste bon e venerábel frei Xoán cando preguntou pola maneira de levantar aire?

⁵⁸¹ Os cenomanos eran un pobo da Galia establecidos na rexión do actual Le Mans. O *boche* podería designar (como en galego) un tipo de morcela ou chofre feito cos liviáns. A expresión sería, logo: *Polo chofre de Le Mans!* Pero podería haber tamén nela unha alusión velada aos frades (a partir de *cenobio*) e mesmo á derradeira cea de Cristo, xa que todo este capítulo ten contido eucarístico expreso e remite a aquela pasaxe evanxélica.

⁵⁸² Non o autor teatral, senón un gramático bizantino autor dunha biografía de Eurípides.

⁵⁸³ Expresión tirada do xogo das cartas.

- Pois que con esta lixeira solución das dúbidas propostas vos contentades - dixo Pantagruel- tamén o eu fago. Noutro lugar e noutro momento habemos falar máis do asunto, se vos parece ben. Resta entón por resolver o que frei Xoán propuxo: a maneira de levantar o tempo. Seica non o fixemos satisfactoriamente? Mirade a grimpa⁵⁸⁴ da gavia. Mirade os asubíos das velas. Mirade qué tesos os estais, as relingas e as escotas. Ao nós levantarmos e movermos as tazas, igualmente se levantou o tempo por oculta simpatía. Así o ergueron Atlas e Hércules, se credes aos sabios mitoloxistas⁵⁸⁵. Pero eles erguérono medio grao de máis: Atlas para festexar mellor a Hércules, que o convidara, e Hércules por causa das sedes que pasara nos desertos de Libia...

- Éche boa! -dixo frei Xoán interrompindo a fala de Pantagruel- Sentínlle a varios venerabeis doutores que Chocalleiro, copeiro do voso bondadoso pai, aforra cada ano máis de mil oitocentas pipas de viño ao facer beber os visitantes e domésticos antes de que teñan sede.

- ... Porque -dixo Pantagruel continuando- como os camelos e os dromedarios beben na caravana pola sede pasada, presente e futura, así fixo Hércules. De sorte que, debido a este alzamento excesivo do tempo, sobreveulle ao ceo un novo movemento de oscilación e trepidación, tan controvertido e debatido polos tolos dos astrólogos.

- É o que dicimos cun proverbio moi corrente -dixo Panurgo:

*O mal tempo pasa e regresa o bon
en tanto que bebemos comendo xamón.*

- E ao nos alimentarmos e bebermos non só fixemos levantar o tempo -dixo Pantagruel- senón que tamén descargamos considerabelmente o navío. Non só da maneira que descargou Esopo o cesto (a saber, baleirando as vituallas) senón tamén librándonos do xexún. Pois igual que o corpo pesa máis morto que vivo, tamén o home en xexún está máis pegado á terra e pesa máis que cando se alimentou e bebeu. E non falan impropriamente aqueles que perante unha longa viaxe beben e almorzan á mañán e logo din: "Deste xeito han andar mellor os nosos cabalos". Seica non sabedes que antigamente os amicleos por riba de todos os deuses reverenciaban e adoraban ao nobre pai Baco e lle chamaban *Psila* en propia e conveniente denominación, que en lingua dórica significa "ás" ? Porque, igual que os paxaros coa axuda das súas ás voan alto no aire todos lixeiros, así coa axuda de Baco (o bon viño gorenteiro e delicioso) se elevan no alto os espíritos dos seres humanos e os seus corpos alégranse manifestamente e alixéiranse do que neles había de terreal.

⁵⁸⁴ Bandeirola, gallardete.

⁵⁸⁵ *O Tempo* era un termo empregado tamén para denominar *o Mundo, o Universo*, -igual que *o Século*, que aparece no capítulo 55- por iso agora Rabelais xoga co significado e co coñecido episodio mitolóxico no que Atlas axuda a Hércules a coller as mazás das Héspérides e este, no entanto, reléva o seu labor de soste no lombo a bóveda celeste.

CAPÍTULO 66

COMO PERTO DA ILLA DE GANABÍN, POR ORDE DE PANTAGRUEL, FORON SAUDADAS AS MUSAS

Continuando o bon vento e as ledas conversas, Pantagrue descubriu e dexergou ao lonxe unha terra montuosa, que mostrou a Xenómano, e preguntoulle:

- Estades a ver, aquí diante, a babor, ese penedo alto, de dúas lombas, que asemella tanto ao monte Parnaso da Fócida?

- Estou -respondeu Xenómano- É a illa de Ganabín⁵⁸⁶. Queredes baixar a ela?

- Non -dixo Pantagrue.

- Facedes ben -dixo Xenómano- Non hai alí cousa digna de ser vista. Os habitantes son todos ladróns e bandidos. Con todo, contra esa lomba da dereita atópase a fonte máis belida do mundo, e de arredor unha floresta moi extensa. Os vosos remeiros poderían aprovisionarse nela de auga e de leña.

- Velaí unhas falas ben asisadas! -dixo Panurgo- Oi, oi, oi!. Non baixemos nunca á terra de ladróns e bandidos. Asegúrovos que esta é precisamente cal eu vin algún día as illas de Sark e Herm⁵⁸⁷, entre Bretaña e Inglaterra, precisamente cal a Ponerópolis⁵⁸⁸ de Filipo na Tracia, illas dos piratas, ladróns, facinerosos, asasinados e criminais, todos eles descendentes directos dos das foxas da Conciergerie⁵⁸⁹. Suplícovos que non baixemos! Se non me facedes caso a min, facédello cando menos ao bon e sabio Xenómano. Polas espiñas todas da coroa! Son peores ca os caníbales! Comíannos viviños. Rógovos que non baixedes. Mellor vos había ser baixardes ao Averno. Escoitade! Deus me valla! Estou a ouvir a terrorífica badalada semellante á que en tempos tanxían os gascóns nas terras de Bordeus contra os gabeleiros e os alcabaleiros⁵⁹⁰, ou cántanme as orellas. Vámonos de esgueiras, ou! Plus ultra⁵⁹¹!

- Baixai! Baixai! -dixo frei Xoán- Veña, vamos alá! Así nunca habemos ter que pagar pousada. Vamos! Ímolos exterminar a todos. Baixemos!

- Arredemo!- dixo Panurgo- Este demo de frade, este frade de demo enrabiado non se teme a nada! É ousado como todos os díaños e non se preocupa dos outros. Parécelle que todo o mundo é frade coma el.

- Vaite con todos os millóns de díaños que che poidan anatomizar o cerebro e poñelo en carniña ben picada, lazarento verde⁵⁹²! -respondeu frei Xoán- Este demo de tolo é tan covarde e tan ruín que se esforrica a cada paso co mal raio do medo! Se tanta medrana sintes, non baixes ti! Queda aquí coa equipaxe, ou vaite agachar debaixo da saia de Proserpina⁵⁹³, no medio de todos os millóns de díaños.

⁵⁸⁶ "Ladróns en hebreu", di a Breve Declaración.

⁵⁸⁷ Illas anglo-normandas poboadas ao parecer por rapiñadores de naufraxios.

⁵⁸⁸ "Cidade dos malvados", explica a Breve Declaración.

⁵⁸⁹ A conserxaría do Palacio Real de París, prisión célebre por ser lugar de encerro de "herexes". As dúas *lombas* do monte que aparece nesta illa poderían ser a prisión da conserxaría e máis a adxacente do Châtelet (castelete), logo desaparecida e que hoxe se conserva como denominación da praza na que se atopaba (caso semellante ao da Bastilla).

⁵⁹⁰ En 1548, os campesiños da rexión da Aquitania revoltáranse contra os trabucos reais como a gabela (imposto sobre o sal). A rebelión foi duramente reprimida polo mariscal Montmorency que ordenou confiscar todas as campás coas que aqueles chamaran á revolta. V. nota nº 38.

⁵⁹¹ Alusión irónica á divisa de Carlos V.

⁵⁹² Sería un *lazarento* ou leproso cun grao da enfermidade moito máis profundo que o *lazarento branco*.

⁵⁹³ Proserpina era nos *misterios* medievais a nai dos demos.

Perante estas palabras, Panurgo esvaíuse da compañía e foise acubillar embaixo, dentro da sota, entre as codias, faragullas e rafas de pan.

- Estou sentindo na miña alma -dixo Pantagruel- unha premente retracción, como se fose unha voz ouvida de lonxe, que me di que non debemos baixar. Todas cantas veces teño sentido tal movemento, atopeime feliz refugando e abandonando a opción da que me eu arredaba; e mais, no caso contrario, igual de feliz me atopei ao seguir a opción á que el me empurraba. E nunca me arrepentin de o facer.

- É como o Dáimon de Sócrates -dixo Epistemón- tan celebrado entre os académicos⁵⁹⁴.

- Escoitade, daquela -dixo frei Xoán- En canto que os remeiros se aprovisionan de auga, Panurgo anda a remedar o lobo nas pallas. Queredes rir? Mandade poñer lume neste basilisco que vedes á beira do castelo de proa. Vai ser para saudar as musas deste monte Antiparnaso⁵⁹⁵. Tamén a pólvora se estraga dentro.

- Ben falado -respondeu Pantagruel- Mandádeme vir aquí o mestre-bombardeiro.

O bombardeiro presentouse de contadiño e Pantagruel ordenoulle que pegase lume no basilisco e que o tivese recargado con pólvora fresca en toda circunstancia. O que se fixo de inmediato. Os bombardeiros das outras naves, rambargos, galeóns e galeazas do convoi, á primeira descarga do basilisco que estaba na nave de Pantagruel, pegaron igualmente lume cada un nunha das súas grosas pezas cargadas. Podedes crer que se fixo un bo rebumbio.

⁵⁹⁴ Os discípulos de Platón.

⁵⁹⁵ Para algúns especialistas, esta sería unha alusión ás prisións devanditas, nas que estiveron presos artistas e intelectuais sospeitosos de herexía como o poeta Marot ou o humanista e editor Étienne Dolet, queimado finalmente na fogueira do Santo Oficio.

CAPÍTULO 67

COMO PANURGO SE ESFORRICOU POR RUÍN MEDO E PENSOU QUE O GATO RODILARDUS FOSE UN DEMACHIÑO

Panurgo, coma un carneiro atordado, sae da sota en cóis, vestido só cunha media calza nunha perna, coa barba toda enzoufallada de faragullas, e na man un gran gato martuxo⁵⁹⁶ aferrado á súa outra media calza. E, movendo o queixelo coma un macaco que se está a espiollar a cabeza, tremelicando e batendo os dentes, botouse cara a frei Xoán, que estaba sentado enriba da mesa de xarcias de estribor, e rogoulle devotamente que tivese piedade del e o mantivese a salvo co seu bracamarte, xurando por Papimanía que arestora acababa de ver todos os demos desencadeados.

-Escoita, meu amigo! -púxose- Meu irmán, meu pai espiritual! Os demos todos fixeron hoxe festa rachada! Nunca tal preparo dun banquete infernal viches! Ves o fume das cociñas do inferno? (Dicía isto amosando o fume da pólvora dos canonazos por riba das naves todas) Na túa vida nunca tantas almas condenadas viches! E sabes o que? Sonche tan dondiñas, tan rubechiñas e tan delicadiñas que mesmo dirías que son ambrosía dos demos. Eu ben coidei (Deus me perdoe!) que fosen almas inglesas, e pensei que nesta mañán os señores de Termes e De Essé saquearan e pillaran a illa dos Cabalos, a carón de Escocia, con todos os ingleses que a ocuparan⁵⁹⁷.

Frei Xoán, ao se el achegar, sentía non sei que cheiro diferente ao da pólvora de canón. Polo que tirou a Panurgo para fóra e viu que o seu cóis estaba todo merdento de cagarría fresca. A virtude retentora do nervio que regula o músculo chamado esfínter (que ven sendo o buraco do cú) desaparecera debido á vehemencia do medo que el tivera nas súas delirantes visións, e mais ao trebón dos tais canonazos que é moito máis terrorífico nas cámaras baixas que enriba da cuberta. Porque un dos síntomas e accidentes do medo é que por causa del se abre o portelo do compartimento no que se encontra retida a tempo a materia fecal.

⁵⁹⁶ De pel semellante á da martuxa ou marta.

⁵⁹⁷ En 1548 as tropas francesas enviadas por Henrique II en axuda dos escoceses tomaron a illa de Inch Keith, ou illa dos Cabalos, que fora ocupada polos ingleses.

O exemplo témolo en micer Pantolfo della Cassina⁵⁹⁸, sienés, que ao pasar en posta por Chambéry e baixar na casa do sabio pousadeiro Vinet⁵⁹⁹, colleu unha forcada na corte e despois dixo: *Da Roma in qua non son andato del corpo. Di grazia, piglia in mano questa forcha e mi fa paura.*⁶⁰⁰ Vinet fixo coa forcada algúns movementos de esgrima, coma quen que o quería ferir de mantenta. O sienés díxolle: *Se tu non fai altramente, tu non fai nulla. Però sforzati di adoperarli più guagliardamente*⁶⁰¹. Daquela Vinet deulle coa forcada tal cutifón entre o pescozo e os colares que tirou con el polo chan patas arriba. Despois, baballando e rindo a cachón díxolle: "Corpus Christi de Bayard! Isto chámase *Datum Camberiaci*"⁶⁰². Felizmente o sienés tiña as calzas tiradas, porque ao dereito ciscouse máis copiosamente do que darían feito nove búfalos e catorce arquiprestes de Ostia⁶⁰³. Finalmente o sienés deulle educadamente as grazas a Vinet e díxolle: *Io ti ringrazio, bel messere. Così facendo tu m'hai esparmiata la spesa d'un serviziale*⁶⁰⁴.

Outro exemplo no rei de Inglaterra Eduardo Quinto. Mestre François Villon, desterrado de Francia, retirárase onda el⁶⁰⁵. O rei acolléao con tal intimidade que non lle ocultaba nada dos menores asuntos da súa casa. Un día, estando a facer os seus mandados, amosoulle a Villon unha pintura das armas de Francia e díxolle: "Ves ti o respeito que lles teño aos teus reis franceses? Non teño o seu escudo senón neste escusado, ao carón da miña sela furada". "Santo Deus! -respondeulle Villon- Moi sabio, prudente, entendido e mirado pola vosa saúde sodes. E moi ben vos serve o voso douto médico Thomas Linacer. El, en vendo que, naturalmente, na vosa vellez andabades entalado do ventre e que diariamente tiñades que cantar no cú un boticario (quero dicir unha lavativa) poisque outramente non dabades aliviado, mandou competentemente que vos pintasen aquí e non noutro sitio ningún, as armas de Francia, con singular e virtuosa providencia. Porque só con velas sentides tal frúa⁶⁰⁶ e medo tan terríbel que ao dereito cagades tanto como dezaioito bonachos⁶⁰⁷ de Peonia. Se estiveran pintadas noutro lugar da vosa casa, na vosa cámara, na vosa sala, na vosa capela, nas vosas galerías ou noutra parte: Deus bendito! habiades esforricar todo dende o momento en que as derades visto. E eu coido que se por riba chegásedes a ter aquí pintada a gran oriflama de Francia, á vista dela habiades ciscar os boches do ventre polo ato. Pero ahamm! ahamm! e outro ahamm!

⁵⁹⁸ Non se sabe nada deste personaxe, posibelmente imaxinario.

⁵⁹⁹ Este Vinet parece que existiu realmente, e poida que Rabelais -que viviu na bisbarra- tivera parado algunha vez na súa casa.

⁶⁰⁰ "De Roma a aquí non fixen de corpo. Rógoche que pilles na man esta forcada e me poñas medo"

⁶⁰¹ "Se é que non fas doutro xeito, non fas nada. Esfórzate daquela en manexalo máis bravamente"

⁶⁰² "Dado en Chambéry", fórmula xurídica que acompañaba un documento, en cada caso variando -naturalmente- o nome da localidade.

⁶⁰³ O porto de Roma.

⁶⁰⁴ "Agradézochos, xentil señor. Facendo isto aforráchesme o gasto dunha lavativa".

⁶⁰⁵ Nova aparición de Villon, de quen xa dixemos na nota 175 que fôra desterrado de París aos 32 anos (en 1463) e dende aquela se perderan as súas pegadas. Dificilmente puido ser acollido na corte de Eduardo V, que comezou o seu reinado en 1483 á idade de 12 anos e foi asasinado poucos meses despois por orde de seu tío, o rexente. A mesma anécdota que agora protagoniza Villon circulaba xa dous séculos antes deste, atribuída ao xograr Hugo o Negro.

⁶⁰⁶ Medo.

⁶⁰⁷ Explica a *Breve Declaración*: "Animal de Peonia, da grandor dun touro pero máis reboludo. O cal, cazado e acurrado, cisca catro pasos, ou máis, de lonxe. Por tal medio, sálvase queimando co seu cisco o pelo dos cans que o perseguen"

*Son un parvo de París.
De París (Pontoise é nesa)
e pola corda dunha toesa
verá o meu colo o que o cú pesa.*⁶⁰⁸

Parvo, mal asisado, mal entendedor, entendín mal cando, vindo aquí convosco, me asombraba de que desagulletásedes as calzas na vosa cámara. De certo pensaba que a vosa sela furada se atopaba alí, detrás dos tapices ou ao carón do leito. Outramente, semellábame o caso moi incomprendíbel: desagulletarse na cámara para ir tan lonxe ao escusado de herdanza⁶⁰⁹. Seica non é o pensamento dun parvo? O caso ven determinado por outro motivo ben diferente Deus me valla! Facendo isto, faciades ben, quero dicir que mellor non poderiades. Desagulletade ben cedo, ben lonxe e ben desagulletadiño. Porque en entrando aquí, de non estardes desagulletado, ao verdes este escudo -reparade ben en todo, pardiola!- o fondo das vosas calzas había facer función de urinol, de penico, de bacía fecal e de sela furada."

Frei Xoán, entupindo o nariz coa man esquerda, mostráballe a Pantagruel co seu dedo índice da dereita a camisa de Panurgo. Pantagruel, ao velo tan nervioso, abalado, tremelicante, entolecido, esforricado e rabuñado polas poutas do célebre gato Rodilardus⁶¹⁰, non deu refreado a risa e díxolle:

- E logo, que queredes facer con ese gato?

- Con ese gato? -respondeu Panurgo- Que o demo me leve se eu non pensaba que fose un demachiño todo cheo de penuxe, que en tempos eu ripara ás agachadas da gran arca do Inferno utilizando como luvas unhas medias calzas. Dó demo o demo! Deixoume o pelexo todo regañado como follaco de millo!

Ao dicir isto tirou no chan co gato.

- Deus me valla! -dixo Pantagruel- Ídevos bañar e asear, acougade, collede unha camisa limpa e volveivos vestir!

- Seica dicides que teño medo? Nin chisca. Deus me asista! Son máis valente que se tragara tantas moscas como en París meten nos pastelóns entre a festa de San Xoán e a de Santos⁶¹¹. Ah, ah, ah! Ei! Que demo é isto? Chamádeslle foira, cerollo, lixo, merda, cisco, deposición, materia fecal, excremento, chicho, bosta, boleira, forrica, cagallón, escíbalo ou espírate⁶¹²? Eu coido que é azafrán de Hibernia⁶¹³! Ho, ho! Hi! Velaí! Azafrán de Hibernia! Bebamos!

⁶⁰⁸ Rabelais altera o célebre cuarteto (coñecido tamén como "A balada dos aforcados") que Villon, condenado a morte, escribiu como epitafio. Adaptado ao galego, o orixinal de Villon sería: *Eu son François, moito me pesa, / Nado en París, Pontoise é nesa / E pola corda dunha toesa / Verá o meu colo o que o cu pesa.*

⁶⁰⁹ Rabelais fai un xogo de palabras aludindo a unha figura xurídica (no orixinal *retrait lignagier*) que permitía a certos familiares recuperaren unha herencia vendida pagándolle ao comprador o mesmo prezo polo que el a mercara. É o dereito de *retracto*.

⁶¹⁰ O humanista italiano Calenzio escribiu en 1511 unha imitación da *Batracomiomaquia* co título de *De bello ranarum et murium*; o gato Rodilardus (roe-lardo, roe-touciño) é un dos protagonistas.

⁶¹¹ Segundo un dito popular, comer unha mosca volvía valente.

⁶¹² Diferentes denominacións, cultas e populares, de excrementos humanos ou animais. *Escíbalo e espírate* son dous cultismos procedentes do grego.

⁶¹³ Hibernia é o nome latino de Irlanda. Para algúns especialistas en Rabelais, como Gérard Defaux, o azafrán de Hibernia representaría un azafrán de má calidade xa que o bó é o do Levante; para outros, como Michael Screech, sería, polo contrario, o mellor que poida haber. En calquera caso, é ben lembrar

que o azafrán estaba considerado dende a antigüidade como unha panacea. Soporífico, afrodisíaco, preventor da bebedeira e xerador da risa, foi denominado polos alquimistas *ouro vexetal*.